

2002 INFORME

sobre a Situación Sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

2002 INFORME

sobre a Situación Sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

Edita

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

R/ Algalia de Abaixo, 24

Tel.: 981 541 601 ■ Fax: 981 541 610

15704 Santiago de Compostela

Realiza: DIFUX, S.L.

Depósito legal: C-2058-03

CERTIFICACIÓN

María Luisa Peña Cebreiro,

secretaria do Consello Galego de
Relacións Laborais

CERTIFICA

Que no Pleno extraordinario celebrado polo Consello Galego de Relacións Laborais o 16 de setembro de 2003 acordouse a publicación do Informe sobre a Situación Sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega en 2002, elaborado por:

por encargo do Consello Galego de
Relacións Laborais.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2003

PRESENTACIÓN

O Consello Galego de Relacións Laborais, cumprindo co mandato legal establecido na súa lei reguladora, vén a presentar un ano máis, o "Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega".

O aquí recollido é o froito do esforzo dun equipo de autores técnico e independente, que merece o meu recoñecemento e a miña noraboa. No mesmo senso compre subliñar o traballo de coordinación e impulso desenvolvido con gran eficacia e rigor polo persoal do Consello, que contribuíu de xeito decisivo á finalización desta publicación en datas máis axeitadas que en anos anteriores.

A calidade do traballo feito, as variables nel recollidas e o exhaustivo do seu tratamento, determinan que este informe veña a ser a plasmación documental e case completa da realidade social, económica e laboral da Galicia do 2002.

É o meu desexo, que os datos aquí recollidos coas súas luces e sombras sirvan para abrir un debate constructivo que nos permita aportar solucións e fórmulas imaxinativas que redunden na mellora do eido sociolaboral, e polo tanto, na mellora de Galicia no seu conxunto.

Pola miña banda, reiterar a vocación de utilidade da publicación presentada, o compromiso de mellora constante dos seus contidos e a intencionalidade de traballar arreo desde este intre na elaboración do informe do ano 2003.

Setembro de 2003

Demetrio Fernández López

Presidente do Consello Galego de
Relacións Laborais

2002 INFORME

sobre a Situación Sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega



COORDINACIÓN TÉCNICA E INFORMÁTICA

Eva María Camino Fernández

Ana Iglesias Pardo

Funcionarias do Consello Galego
de Relacións Laborais

COLABORACIÓN TÉCNICA

Sonia Ledo Vázquez

Pablo Sanchiño Otero

Estudiantes en prácticas da
Universidade de Santiago de Compostela,
en virtude do concerto co
Consello Social da Universidade



Autores



Carlos Domenech de Aspe

Inspector de Traballo e Seguridade Social



Francisco Veloso Cermeño

Interventor da Seguridade Social



Francisco Carballal Lugrís

Letrado da Xunta de Galicia



Manuel Roca Cendán

Catedrático de Tecnoloxía Administrativa



O capítulo 7, sobre a Negociación Colectiva, foi elaborado por

Carmen Cabanas Carlín e Lucía Ansedes Domínguez,

funcionarias do Consello Galego de Relacións Laborais



Capítulo 1

A economía galega no ano 2002

1.1. Crecemento económico	21
1.1.1. Contornos internacional e estatal	21
1.1.2. Crecemento económico galego	25
1.1.2.1. Crecemento do ano 2002.....	25
1.1.2.2. Crecemento económico a longo prazo	30
1.2. Crecemento económico e xeración de emprego	35
1.3. Comercio exterior	40
1.3.1. Comercio exterior galego e taxa de cobertura	40
1.3.2. Distribución por produtos e por estados	41
1.3.3. Comercio exterior e ampliación da UE	41
1.4. Evolución dos prezos, os salarios e o gasto	46
1.4.1. A inflación	46
1.4.2. Os salarios e outros custos laborais.....	48
1.4.3. O gasto	58

Capítulo 2

Estructura empresarial e política industrial

2.1. Introducción	59
2.2. Dimensión e forma xurídica das empresas.....	60
2.3. Análise de enquisas industriais e de opinións empresariais.....	71
2.3.1. Enquisas industriais de empresas e de produtos.....	71
2.3.2. Investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D)	75

2.3.3. Indicadores de alta tecnoloxía.....	83
2.3.4. As opinións dos empresarios	89
2.4. A empresa industrial pública: a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI).....	91
2.5. Política industrial. A aportación das administracións públicas.....	93
2.5.1. As actuacións da UE	93
2.5.2. A aportación da Administración Xeral do Estado.....	103
2.5.3. A aportación da Administración Autonómica	114
2.6. Estudio das maiores empresas con sede en Galicia	114
2.6.1. Introducción: Clasificación das maiores empresas	114
2.6.2. Evolución económica e financeira. Distribución sectorial.....	116
2.6.3. Distribución territorial	119
2.6.4. Trazos de competitividade.....	121
2.6.5. Xeración de emprego e esforzo na creación de emprego.....	121

Capítulo 3

Poboación activa, ocupada, parada e inactiva

3.1. Estudio das variables laborais. Cambio metodolóxico	131
3.1.1. A EPA 2002	131
3.1.2. Repercusión dos cambios metodolóxicos da EPA.....	133
3.1.3. Cuantificación do impacto da nova metodoloxía.....	133
3.1.4. Resumo das principais variables laborais	133
3.2. A poboación activa	139
3.2.1. Poboación activa e taxa de actividade	139
3.2.2. Distribución da poboación activa por sexos, sectores económicos, provincias e grupos de idade.....	142
3.3. A poboación ocupada	146
3.3.1. Poboación ocupada e taxa de ocupación.....	146
3.3.2. Distribución da poboación ocupada por sexos, sectores económicos, situación profesional, provincias e grupos de idade.....	150
3.4. O paro estimado.....	162
3.4.1. Poboación parada e taxa de paro.....	162
3.4.2. Distribución do paro por sectores económicos, sexos, tempo de busca de emprego, idades e provincias.....	168
3.5. O paro rexistrado.....	177
3.6. A poboación inactiva	187
3.7. A poboación discapacitada	191

Capítulo 4

Inicio da relación laboral

4.1. Inscripción de empresas e apertura de centros de traballo	193
4.1.1. Inscripcións de empresas.....	193
4.1.2. Apertura de centros de traballo	195
4.2. Afiliación e altas na Seguridade Social.....	196
4.2.1. Introducción.....	196
4.2.2. A evolución a medio prazo.....	199

4.2.3. Análise dos sete últimos anos	203
4.2.4. Traballadores afiliados por sexo e réxime	203
4.2.5. Traballadores afiliados por sector de actividade	204
4.2.6. Afiliacións e altas por comunidades autónomas	207
4.3. Estranxeiros	207
4.3.1. Emigración e inmigración	211

Capítulo 5

Contratación. Empresas de Trabajo Temporal e Economía Social

5.1. Introducción	215
5.2. Modalidades contractuais	221
5.2.1. Contrato de obra ou servicio determinado	221
5.2.2. Contrato eventual por circunstancias da produción	223
5.2.3. Contrato de interinidade	225
5.2.4. O contrato para a formación	227
5.2.5. Contrato de traballo en prácticas	231
5.2.6. Contratos indefinidos ordinarios	236
5.2.7. Contrato para o fomento da contratación indefinida	238
5.2.8. O contrato de relevo	242
5.3. Empresas de Trabajo Temporal	246
5.4. Economía Social	254

Capítulo 6

Formación Profesional Ocupacional e Continua

6.1. Metodoloxía	261
6.2. Formación Ocupacional: Informe da xestión en 2002	265
6.3. Formación Ocupacional	273
6.3.1. Programación da formación ocupacional	273
6.3.1.1. Plan FIP	274
6.3.1.2. Outras accións formativas	276
6.3.2. Os centros de formación profesional ocupacional	273
6.3.2.1. Centros colaboradores	274
6.3.2.2. Centros propios	279
6.3.3. Formación dos docentes de formación profesional ocupacional	279
6.3.3.1. Plan Autonómico de Formación de Formadores	279
6.3.4. Inserción Laboral	280
6.4. Formación Continua	284
6.5. Outras políticas activas de emprego. Balance de resultados 2002	290
6.5.1. Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral	291
6.5.2. Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego	292
6.5.3. Programa Labora: Xuventude con Experiencia	293
6.6. Escolas Obradoiro, Casas de Oficio, Obradoiros de Emprego e Unidades de Promoción e Desenvolvemento ...	294
6.7. Programas de Cooperación con Entidades Locais	295

Capítulo 7

A Negociación Colectiva

7.1. Metodoloxía	297
7.2. Consideracións xerais.....	298
7.3. Estructura da negociación colectiva	298
7.3.1. Ámbitos de aplicación	302
7.3.1.1. Funcional	302
7.3.1.2. Territorial	303
7.3.1.3. Temporal	303
7.3.1.4. Persoal	305
7.4. Réxime económico	308
7.4.1. Incremento salarial medio ponderado	308
7.4.2. Réxime de descolgue salarial	320
7.5. Tempo de traballo	321
7.5.1. A xornada laboral.....	321
7.5.2. Vacacións	325
7.5.3. Permisos.....	328
7.6. Outras cláusulas.....	329
7.6.1. Melloras sociais.....	330
7.6.2. Saúde laboral.....	331
7.6.3. Formación profesional	333
7.6.4. Desconto da cota sindical e crédito de horas sindicais	335
7.6.5. Contratación e emprego	337
A) Ingreso no traballo	337
B) Período de proba.....	337
C) Modalidade de contratos	338
D) Fomento do emprego	341
E) Garantías de emprego.....	342
7.6.6. Mobilidade xeográfica. Traslados e desprazamentos	344
7.6.7. Mobilidade funcional	345
7.6.8. Promoción e ascensos	346
7.6.9. Clasificación profesional.....	347
7.7. Outros temas obxecto de negociación	348
7.7.1. O absentismo. Incentivos ligados á asistencia.....	348
7.7.2. Réxime disciplinario.....	348
7.7.3. Cláusula sobre discriminación	348
7.7.4. Cláusula sobre o idioma	349
7.7.5. Cláusula de sometemento ó AGA	349

Capítulo 8

A sinistralidade laboral

8.1. Introducción	351
8.2. Distribución por gravidade e provincias.....	353
8.3. Distribución dos accidentes de traballo, en xornada de traballo, con baixa por sectores económicos	355

8.4. Distribución por actividades	357
8.5. Distribución por distintas variables	363
8.6. Exame específico dos accidentes mortais.....	372
8.7. Evolución da sinistralidade laboral	377
8.8. Accidentes de traballo con baixa e enfermidades profesionais, segundo a gravidade, por comunidades autónomas.	380
8.9. Índices de incidencia	381
8.10 Enfermidades profesionais	383

Capítulo 9

Conflictividade e medios de solución dos conflitos de traballo

9.1. Folgas	391
9.2. Conciliacións colectivas e individuais	396
9.3. Xestión do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA).....	406
9.4. Xulgados do Social.....	409
9.4.1. Por materias.....	410
9.4.2. Por provincias	412
9.5. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social.....	414

Capítulo 10

A regulación de emprego e o Fondo de Garantía Salarial

10.1. Introducción	421
10.2. Regulación de emprego.....	422
10.3. Causas dos expedientes	424
10.4. Actividades económicas afectadas.....	424
10.5. Evolución experimentada	426
10.6. O Fondo de Garantía Salarial	427

Capítulo 11

Protección social

11.1. Introducción	433
11.2. Pensións contributivas da Seguridade Social: aspectos xerais	436
11.3. Análise dos datos sobre as pensións do sistema	450
11.3.1. Pensións de xubilación	450
11.3.2. Pensións de invalidez permanente.....	452
11.3.3. Pensións de viuvez	454
11.3.4. Pensións de orfandade	457
11.3.5. Pensións en favor de familiares	458
11.4. Outras prestacións	460
11.4.1. Prestacións de incapacidade temporal	460
11.4.2. Prestacións de maternidade	460
11.4.3. Prestacións familiares por fillo a cargo	462
11.4.4. Prestacións por desemprego	464
11.5. Pensións de carácter non contributivo e asistencial	468

Capítulo 12

Eleccións Sindicais	477
----------------------------------	------------

Anexo

Emprego e investimento público.....	491
--	------------

1. Invetimentos e cadro de persoal da Administración do Estado en Galicia **491**
2. Invetimentos e cadros de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia..... **494**
3. Invetimentos e cadro de persoal da Administración Local en Galicia **509**
4. Invetimentos e cadro de persoal dos entes públicos e sociedades
estatais en Galicia **510**

Conclusións do equipo autor deste informe	515
--	------------

Índice de cadros	522
-------------------------------	------------



INFORME

1.1 Crecemento económico

Neste primeiro capítulo analizaremos a andaina económica galega no ano 2002 a través da análise de diversas variables macroeconómicas como o PIB, a renda, a balanza comercial ou o IPC.

No primeiro apartado achegáremosnos ó crecemento económico galego do pasado ano. Comezaremos pola situación nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer o marco xeral no que sitúa o decorrer económico de Galicia.

1.1.1 Contornos internacional e estatal

No ano 2002 a economía mundial presentou unha suba do PIB do 3,1%. A incerteza xeopolítica internacional (con importante repercusión no prezo do petróleo) e a inestabilidade nos mercados financeiros son factores que están pesando negativamente e que -xunto a outros- están traendo como consecuencia unha importante retracción do comercio mundial (que se recupera moi a modio desde que

no ano 2001 subiu tan só un 0'5%, o que supuxo o seu menor crecemento desde 1983).

No informe do pasado ano subliñabamos que o gran dinamismo económico que de 1992 a 2000 rexistrou a economía estadounidense non continuara en 2001, de xeito que é no segundo e terceiro trimestre (xa antes do atentado do 11-S) baixou o seu PIB e tecnicamente entrou en recesión, o que levou á Reserva federal a aprobar sucesivos recortes do prezo do diñeiro (once en total no ano 2001) ata deixalo no nivel máis baixo dos últimos corenta anos. No ano 2002 continuou a política monetaria expansiva, medraron moito os déficits (exterior e orzamentario) e a suba do PIB foi do 2'5% -bastante superior ó crecemento medio europeo-.

Se no ano 2001 a Unión Europea baixou á metade do ano anterior a súa taxa de crecemento económico e quedou nun 1'6%, en 2002 continuou o proceso de deterioro económico e subiu tan só un 1'1%. A "eurozona", pola súa banda, na que medrara o PIB nun 1'5% en 2001, fíxoo tan só un 0'9% en 2002. As bolsas europeas baixaron máis dun 50% respecto dos niveis da primavera de 2000 e a importante apreciación internacional do euro supuxo un claro freo ás exportacións e un estímulo ás importacións doutras áreas -aunque foi positivo para un maior control da inflación-.

Crecemento económico. OCDE ⁽¹⁾. 1998- 2002

■ Cadro 1.1

	Peso relativ(2)	1998	1999	2000	2001	2002
OCDE	100,0	109,6	113,0	117,4	118,3	120,1
OCDE Europa	40,9	108,2	110,8	115,0	116,4	117,5
Total UE	35,5	107,4	110,3	114,3	116,2	117,2
España	2,9	111,2	115,8	120,7	123,9	126,4
Alemaña	8,4	104,0	106,0	109,3	110,1	110,3
Francia	5,7	106,6	110,0	114,6	116,7	118,1
Italia	5,5	105,0	106,7	110,1	112,1	112,5
Holanda	1,6	111,6	116,1	119,9	121,5	121,8
Reino Unido	5,2	109,2	111,9	115,3	117,6	119,5
Dinamarca	0,6	108,2	111,0	114,1	115,8	117,6
Portugal	0,7	112,6	116,8	121,1	123,1	123,6
Austria	0,8	107,7	110,6	114,5	115,3	116,2
Suecia	0,8	107,6	112,2	117,3	118,5	120,4
Finlandia	0,5	115,9	119,9	126,5	127,3	129,4
Suíza	0,9	104,4	106,0	109,4	110,4	110,4
Noruega	0,5	112,6	113,8	116,4	118,2	119,5
EEUU	35,1	112,8	117,4	121,8	122,2	125,1
Canadá	3,2	110,3	116,2	121,5	123,3	127,4
Xapón	13,6	104,1	104,3	107,2	107,6	107,9
Australia	1,9	113,7	118,8	122,1	125,4	129,6

(1) PIB do ano 1995=100

(2) Porcentaxe do PIB sobre o PIB total da OCDE

Fonte: OCDE: "Main Economic Indicators"

A principal potencia económica destas dúas áreas (Alemaña) segue acusando a desaceleración con especial virulencia: se en 2001 crecera só un 0'6% (fronte ó 3% do ano anterior), en 2002 tan só medrou un 0'2% e quedou co peor rexistro na evolución do PIB desde 1993. Ademais, pechou o ano cun déficit público superior ó 3% do PIB (a maior porcentaxe desde o ano 1997) que como límite marca o Plan de Estabilidade. Alemaña entrou en recesión no último trimestre de 2001 (un trimestre despois que os estados Unidos), tras encadear dous trimestres consecutivos con descenso do PIB e en ningún dos trimestres de 2002 superou un 0'3% de suba do PIB. Outras economías europeas (como a británica) pecharon tamén o ano 2002 co menor crecemento económico do último decenio.

Xapón, despois da recesión do último semestre de 2001, consegue en 2002 un modesto 0'3% de crecemento, parece afastar a que sería a cuarta recesión do último decenio e mantén aínda claras presións deflacionistas.

Pola súa banda, as economías do sueste asiático rexistraron un importante crecemento; Corea, Taiwán ou Singapur quedaron por baixo do 8% que medrou a economía chinesa. En Sudamérica o importante deterioro da situación económico-social en Arxentina levou a que descendera un 10'9% o PIB do ano 2002; en Brasil houbo importantes turbulencias financeiras nos meses previos á chegada de Lula ó goberno e a depreciación do real potenciou notablemente as exportacións.

O cadro I.1 recolle os índices de crecemento económico do último quinquenio en dezasete estados da OCDE (así como na OCDE, na UE e máis nos estados europeos da OCDE). Sobrancea desde 1996 a suba acumulada do PIB de Australia (29'6%), Finlandia (29'4%), Canada (27'4%) e España (26'4%), moi por riba do crecemento económico no conxunto da OCDE (20'1%) e máis aínda do rexistrado nos países europeos da OCDE (17'5%) ou na UE (17'2%).

Dos estados analizados no cadro I.1, o menor crecemento no período 1996-2002 tiveron Xapón -que só medrou un 7'9% e segue actualmente no nivel do ano 2000-, Alemaña, Suíza e Italia -nos que a suba acumulada do PIB non chegou ó 13%-.

No cadro I.2 presentámo-las taxas de desemprego de vinte países da OCDE no último quinquenio. España segue a ser no ano 2002 o Estado con maior taxa de paro da OCDE e racha nese ano coa importante e continua redución da mesma nos anos anteriores (aunque certamente o fixera xa con menos intensidade no ano 2001). A taxa de desemprego española de 2002 (11'3%) supera nun 62% á media da OCDE e case nun 50% (48'7%) á da UE. Os estados que seguen a España en altas taxas de paro son os mesmos do ano anterior: Finlandia (9'1%) e Italia (9%). Os de menor taxa de desemprego seguen a ser Holanda, Luxemburgo e Suíza (todos por baixo do 3%).

No cadro I.3 recollémo-las taxas de crecemento interanual de diversos agregados macroeconómicos da Contabilidade Nacional de España (elaborada polo INE) para os anos 2001 e 2002. O PIB español de 2002 reflicte que continúa a desaceleración que comezou o ano anterior; xa que a taxa de crecemento (2%) foi a menor do último sexenio, quedou 0'7 puntos por baixo da do ano 2001 e dous puntos por baixo da rexistrada en 2000. Con todo -como vimos anteriormente- estivo moi por riba do crecemento económico na UE ou na "eurozona".

Nunha análise máis polo miúdo destacáremo-los seguintes puntos do decorrer económico español do último ano desde a *perspectiva da demanda*:

Taxas de desemprego ⁽¹⁾. OCDE. 1998-2002

■ Cadro 1.2

	1998	1999	2000	2001	2002
OCDE	6,9	6,7	6,3	6,5	6,9
OCDE Europa	9,2	8,9	8,5	8,3	8,5
Total UE	9,4	8,7	7,8	7,3	7,6
España	15,2	12,8	11,3	10,6	11,3
Alemaña	9,1	8,4	7,8	7,7	8,2
Francia	11,4	10,7	9,3	8,5	8,7
Italia	11,7	11,3	10,4	9,5	9,0
Países Baixos	3,8	3,2	2,8	2,4	2,7
Bélxica	9,3	8,6	6,9	6,7	7,3
Luxemburgo	2,7	2,4	2,3	2,0	2,4
Reino Unido	6,2	5,9	5,4	5,0	5,1
Irlanda	7,5	5,6	4,3	3,9	4,3
Dinamarca	4,9	4,8	4,4	4,3	4,5
Portugal	5,1	4,5	4,1	4,1	5,1
Austria	4,5	3,9	3,6	3,6	4,3
Suecia	8,2	6,7	5,6	4,9	4,9
Finlandia	11,4	10,2	9,7	9,1	9,1
Suíza	3,4	2,9	2,5	2,5	2,9
Noruega	3,2	3,2	3,4	3,6	3,9
EEUU	4,5	4,2	4,0	4,8	5,8
Canadá	8,3	7,6	6,8	7,2	7,6
Xapón	4,1	4,7	4,7	5,0	5,4
Australia	7,7	6,9	6,3	6,7	6,3

(1) En medias anuais

Fonte: OCDE: "Main Economic Indicators"

Evolución do PIB ⁽¹⁾. Perspectiva do gasto. España 2001-2002

■ Cadro 1.3

Operacións	Ano		2002			
	2001	2002	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV
Gasto en consumo final	2,6	2,3	2,7	2,2	2,0	2,3
Formación bruta de capital fixo	3,2	1,4	0,7	1,0	1,6	2,5
Variación de existencias ⁽²⁾	0,0	0,1	0,3	0,0	0,0	0,3
Demanda interna⁽²⁾	2,8	2,3	2,6	2,0	1,9	2,7
Exportación de bens e servicios	3,4	1,4	-2,9	-1,6	4,2	6,0
Importación de bens e servicios	3,5	2,2	-1,1	-1,7	4,2	7,4
PIB a prezos de mercado	2,7	2,0	2,0	2,0	1,8	2,1

(1) Variacións porcentuais interanuais a prezos constantes base 1995

(2) Aportación ó crecemento do PIB

Fonte: INE. Boletín trimestral de Conxuntura, I/2003

■ A demanda interna perdeu forza respecto do ano anterior: No tocante á súa composición, o cadro reflicte unha lixeira desaceleración do gasto en consumo final (que pasou do 2'6% ó 2'3%) e sobre todo da demanda de inversión (que baixou dun 3'2% a un 1'4%) como consecuencia sobre todo do importante decrecemento da inversión en bens de equipo (-4'1%).

■ No tocante ó sector exterior, tivo unha contribución á variación do PIB español do ano 2002 negativa (-0'3 puntos). Nun ano de clara revalorización do euro nos mercados internacionais, houbo unha importante redución da taxa de crecemento das exportacións (medraron só un 1'4%, dous puntos menos que no ano ante-

rior) e as importacións, pola súa banda, subiron en 2002 un 2'2% (1'3 puntos menos que en 2001) .

Examinando o cadro macroeconómico español desde a perspectiva da oferta (cadro 1.4) destacaremos no ano 2002 que se deu unha desaceleración en todas as ramas de actividade. Máis en detalle subliñaremos:

■ O signo negativo do PIB xerado polo sector agro-pesqueiro por segundo ano consecutivo.

■ A diminución do ritmo de crecemento das ramas industriais, de servizos e máis da construción (aunque esta segue a ser a rama de maior suba, cun 4'9% no ano 2002).

Evolución do PIB. Perspectiva da oferta. España. 2001-2002

■ Cadro 1.4

Operacións	Ano		2002			
	2001	2002	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	-3,1	-2,1	1,7	-0,9	-3,3	-5,7
Ramas industriais	1,4	1,0	-0,5	0,1	2,0	2,4
Construción	5,4	4,9	4,5	4,8	5,6	4,8
Ramas dos servizos	3,2	2,2	2,4	2,4	1,9	2,2
PIB a prezos de mercado	2,7	2,0	2,0	2,0	1,8	2,1

Fonte: INE. Boletín trimestral de Conxuntura, I/2003

1.1.2. Crecemento económico galego

Neste apartado estudiaremos, en primeiro lugar, o crecemento económico galego no ano 2002, desagregando o comportamento dos distintos sectores produtivos en Galicia e no estado. Despois analizaremos a evolución nun prazo máis longo da produción e a renda (globais e por habitante) nas distintas comunidades autónomas e remataremos comparando os datos galegos cos estatais e máis cos da UE.

1.1.2.1. Crecemento do ano 2002

A economía galega continuou a súa desaceleración no ano 2002 (como xa ocorreu nos dous anos anteriores). O seguimento da evolución do valor engadido bruto que figura no cadro 1.5 amosa que o ritmo de caída do VEB cortouse no último trimestre do ano. A taxa de crecemento interanual quedou , cos datos do IGE de fin de ano, no 1'8% (un punto menos que no mesmo período do ano anterior).

Entre os factores que contribuíron a esta ralentización subliñaremos a perda de vigor da actividade económica estatal e internacional, a caída da produción enerxética (visible no cadro) e a crise do sector agro-gandeiro (nun ano de fortísima redución do prezo dun produto tan sensible para Galicia coma o leite). Ademais, comezaron no tramo final do ano (afectando á comercialmente fundamental campaña do Nadal) as consecuencias derivadas do vertido do "Prestige", aínda que estimamos que os efectos medioambientais, socioeconómicos e laborais serán moito máis importantes nun prazo medio e longo.

Valor engadido bruto ⁽¹⁾ . Galicia. 2002
■ Cadro 1.5

	I T. 02	II T. 02	III T. 02	IV T. 02
Agricultura e Pesca	-0,1	1,5	3,8	-2,9
Energía	-3,4	-3,6	-6,0	-2,5
Industria	3,0	2,8	1,7	2,1
Construcción	4,4	2,6	2,0	3,5
Servicios de mercado	2,2	1,9	1,7	2,2
Servicios non de mercado	3,0	3,7	3,6	2,8
Non primario	2,4	2,1	1,6	2,1
Total	2,3	2,1	1,7	1,8

(1) Tasas de variación interanuais
Fonte: IGE

A comparanza do crecemento do valor engadido bruto xerado pola economía galega co crecemento estatal no ano 2002 pódono face-las persoas interesadas cos cadros 1.5 e 1.6 tanto globalmente coma por sectores para o conxunto do ano e para cada un dos trimestres. Globalmente, apréciase que a suba do VEB galego en 2002 foi inferior en catro décimas á estatal.

Valor engadido bruto ⁽¹⁾ . España. 2002
■ Cadro 1.6

	I T. 02	II T. 02	III T. 02	IV T. 02
Agricultura e Pesca	1,7	-0,9	-3,3	-5,7
Energía	7,8	8,9	8,4	8,0
Industria	-2,2	-1,7	0,7	1,2
Construcción	4,5	4,8	5,6	4,8
Servicios de mercado	2,2	2,1	1,5	1,0
Servicios non de mercado	3,3	3,4	3,5	3,9
Non primario	1,9	2,1	2,3	2,5
Total	1,9	1,9	2,0	2,2

(1) Tasas de variación interanuais
Fonte: INE

O cadro 1.7 recolle os datos dos crecementos do valor engadido bruto e máis da poboación por comunidades autónomas, segundo a "Fundación de las Cajas de Ahorro para la Investigación Económica y Social" (FUNCAS). Reflicte a perda de ritmo do crecemento económico tanto en Galicia como a nivel estatal no último bienio. Nas comunidades autónomas o crecemento económico no ano 2002 variou entre un 2'85% (Murcia) e un 0'24% (Balears); tódalas comunidades autónomas agás unha (Balears) tiveron no último ano un crecemento económico superior á media da Unión Europea e máis da OCDE.

■ Cadro 1.7

Crecemento económico (*) e variación da poboación.
Por comunidades autónomas. 2000-2002

	% Crecemento económico						% Variación da poboación		
	Total			Sectores non agrarios					
	2000	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002
Andalucía	5,15	3,78	2,40	5,19	4,11	2,56	0,54	0,87	0,88
Aragón	4,61	2,19	1,72	4,70	2,34	1,94	-0,13	0,81	1,55
Asturias	4,04	2,41	1,98	4,11	2,36	2,02	-0,33	-0,11	-0,25
Baleares	4,71	2,87	0,24	4,81	2,96	0,24	1,23	3,97	4,79
Canarias	4,14	2,91	1,66	4,37	3,10	1,77	1,08	3,79	3,67
Cantabria	4,65	3,42	1,78	4,79	3,56	1,85	-0,01	1,15	0,98
C. A Mancha	4,83	2,75	1,75	4,91	3,07	1,99	0,18	1,35	1,38
C. León	4,47	2,66	2,49	4,41	3,37	2,39	-0,32	0,00	0,14
Cataluña	4,61	2,72	2,32	4,56	2,78	2,27	0,16	1,62	2,62
C. Valenciana	5,15	4,07	2,15	5,33	4,14	2,21	0,43	1,99	3,07
Extremadura	5,77	2,42	1,86	4,64	2,68	1,84	-0,04	0,36	-0,13
Galicia	4,34	2,73	1,89	4,76	2,85	2,00	-0,27	0,04	0,12
Madrid	4,97	3,37	2,65	4,97	3,37	2,65	0,04	3,21	2,85
Murcia	5,09	3,07	2,85	5,51	3,22	3,00	0,76	3,57	3,13
Navarra	4,83	2,41	2,74	4,97	2,56	2,81	0,17	2,16	2,65
País Vasco	4,10	3,11	1,72	4,44	2,94	1,86	-0,20	0,13	0,30
A Ríoxa	4,77	2,62	1,93	4,87	2,90	2,21	0,09	2,36	4,02
Ceuta	4,02	2,54	2,12	4,04	2,56	2,12	0,58	0,60	-0,44
Melilla	4,03	2,68	1,99	4,03	2,69	1,98	0,58	3,81	2,99
España	4,76	3,12	2,19	4,82	3,25	2,25	0,21	1,53	1,81

(*) Medido pola variación do valor engadido bruto a prezos constantes

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2001, 2002 e 2003

Galicia, cun 1'89% de suba fronte ó 2'19% estatal, quedou no ano 2002 no posto duodécimo no ranking de crecemento económico das comunidades autónomas. O crecemento económico galego en 2002 dos sectores non agrarios (2%) superou nunha décima á suba xeral do VEB na nosa comunidade pero segue a estar por baixo do estatal (0'25 puntos no último ano).

Na clasificación por crecemento da poboación, Galicia quedou en décimo sexta posición, cunha suba do 0'12% fronte á media estatal do 1'81%); segundo a estimación de FUNCAS só tres comunidade autónomas tiveron un crecemento demográfico menor que Galicia no ano 2002 (Asturias, Extremadura e Ceuta). Cómpre insistir en que os países nos que a poboación medra menos -coma Galicia nos últimos anos- terán na evolución desta compoñente parte da explicación do mellor comportamento do PIB ou da renda por habitante en relación a outros de máis dinamismo demográfico, porque hai que lembrar que a evolución destas variables tan usadas para a medida da converxencia económica entre distintas sociedades está condicionada pola andaina de dúas magnitudes: o valor da produción xerada e máis a variación da poboación.

A perda de peso demográfico de Galicia no conxunto estatal a longo prazo foi obxecto de análise en anteriores informes (ós que remitimos ós interesados) e a evolución ano por ano na última década pode consultarse no cadro 3.1 deste mesmo informe. A igual evolución do PIB en Galicia e España, o PIB por habitante galego "converxerá" co estatal na medida en que, pola diferente dinámica demográfica, vai perdendo peso na poboación total española.

Matizado esto, presentamos no cadro 1.8 a clasificación das distintas comunidades autónomas no último ano en dous índices económicos relevantes para achegarnos á potencia económica dunha sociedade: o VEB e a renda familiar dispoñible (segundo o poder de compra). Observamos que nesas variables Galicia perde 0'3 puntos e un punto respectivamente ó comparalas cos valores medios estatais.

Os datos dese cadro son especialmente relevantes desde o punto de vista económico-social porque, se dunha banda amosan o crecemento económico real nunha sociedade, pola outra dan conta de canto varía a renda familiar dispoñible despois dun dobre axuste derivado das transferencias monetarias públicas netas (ó traveso do sistema impositivo e das prestacións da Seguridade Social) e máis da corrección dos prezos relativos dos bens e servizos.

A renda familiar dispoñible en paridade de poder de compra é a variable que amosa o volume das rendas percibidas polos fogares e institucións non lucrativas - excluídas as administracións públicas- residentes en cada comunidade autónoma,

Clasificación das comunidades autónomas por crecemento do VEB e da renda. 2002

■ Cadro 1.8

Crecemento VEB		Variación renda familiar bruta disp. (poder compra)	
Murcia	2,85	Cataluña	5,40
Navarra	2,74	Murcia	5,36
Madrid	2,65	Ceuta	5,30
Cast. e León	2,49	Asturias	5,22
Andalucía	2,40	Melilla	5,16
Cataluña	2,32	C. Valenciana	4,65
España	2,19	Andalucía	4,50
C. Valenciana	2,15	Baleares	4,30
Ceuta	2,12	País Vasco	4,09
Melilla	1,99	Cast. A Mancha	3,88
Asturias	1,98	España	3,87
A Rioxa	1,93	Navarra	3,76
Galicia	1,89	Extremadura	3,60
Extremadura	1,86	Madrid	3,28
Cantabria	1,78	Cast. e León	3,21
Cast. A Mancha	1,75	Galicia	2,89
País Vasco	1,72	A Rioxa	2,89
Aragón	1,72	Cantabria	2,76
Canarias	1,66	Aragón	1,69
Baleares	0,24	Canarias	-0,87

Datos en porcentaxe de variación respecto do ano anterior

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2001, 2002 e 2003

tendo en conta o nivel relativo do índice de prezos de consumo de cada unha das comunidades. Non só inclúe aportacións que proceden da vía da produción de bens e servizos (coma por exemplo as rendas salariais ou as rendas mixtas -traballo e capital- percibidas polos traballadores por conta propia) senón tamén as prestacións sociais e outras transferencias recibidas polos fogares e institucións non lucrativas. Cómpre lembrar que se exclúen para o seu cálculo as cotas da Seguridade Social e os impostos directos pagados polas familias.

O INE fai tamén a súa propia estimación anual do crecemento económico das comunidades autónomas ó traveso da "Contabilidad Regional de España", que está adaptada ó novo sistema metodolóxico instaurado no conxunto da UE. Os datos para o ano 2002 (cadro 1.9) reflicten que o PIB galego creceu un 1'9%, lixeiramente por baixo da media estatal (2'01%), nun ano en que as seis comunidades autónomas que acompañan a Galicia na "cola do pelotón" do desenvolvemento económico medraron por riba da media estatal: Andalucía (2'28%), Castela - A Mancha (2'13%), Castela e León (2'32%), Extremadura (2'17%) Murcia (2'82%) e Ceuta-Melilla (2'30%).

**Crecemento do PIB.
Por comunidades autónomas. 2002**

■ Cadro 1.9

Andalucía	2,28
Aragón	1,67
Asturias	1,64
Baleares	0,88
Canarias	1,88
Cantabria	1,88
C. A Mancha	2,13
C. León	2,32
Cataluña	1,96
Extremadura	2,17
Galicia	1,90
Madrid	2,00
Murcia	2,82
Navarra	2,78
País Vasco	1,66
A Ríoxa	1,80
C. Valenciana	1,97
Ceuta e Melilla	2,30
España	2,01

En porcentaxe sobre o ano anterior
Fonte: INE. Contabilidad Regional de España. 1995-2002

Sexa cos datos do INE ou cos da Fundación FUNCAS, parece clara a conclusión: Galicia non conseguiu no ano 2002 gañar peso na xeración do PIB estatal, senón que perdeu importancia na creación de riqueza no total español.

1.1.2.2 Crecemento económico a longo prazo

Para que a visión polo miúdo do decorrer anual que se realiza nun Informe destas características non nos faga perde-la perspectiva da tendencia temporal máis ampla na que esta se enxerta, presentamos neste epígrafe os datos de PIB e renda que permiten o seguimento -global e máis por habitante- nas distintas comunidades autónomas nun prazo máis longo.

A situación relativa de Galicia no conxunto do Estado mellora se en vez dos datos globais analizámo-los datos por habitante, polo comportamento demográfico máis expansivo no conxunto estatal que en Galicia. Para explicitar mellor ese efecto, pódese ver no Informe do pasado ano a evolución demográfica nas diversas comunidades autónomas desde 1995 a 1991 (que reflicte que Galicia foi a de maior descenso absoluto de poboación e porcentualmente terceira -cun 3'9% de diminución- tras Castela-León e Asturias) que agora complementaremos coa comparanza

Poboación total e variación da poboación. Por comunidades autónomas. 1991-2001.

■ Cadro 1.10

	Censo 2001	Censo 1991	Variación (%)
España	40.847.371	38.872.268	5,08
Andalucía	7.357.558	6.940.522	6,01
Aragón	1.204.215	1.188.817	1,29
Asturias	1.062.998	1.093.937	-2,82
Baleares	841.669	709.138	18,69
Canarias	1.694.477	1.493.784	13,43
Cantabria	535.131	527.326	1,48
Cast. e León	2.456.474	2.545.926	-3,51
Cast. a Mancha	1.760.516	1.658.446	6,15
Cataluña	6.343.110	6.059.494	4,68
C. Valenciana	4.162.776	3.857.234	7,92
Extremadura	1.058.503	1.061.852	-0,31
Galicia	2.695.880	2.731.669	-1,31
Madrid	5.423.384	4.947.555	9,62
Murcia	1.197.646	1.045.601	14,54
Navarra	555.829	519.227	7,04
País Vasco	2.082.587	2.104.041	-1,02
A Ríoxa	276.702	263.434	5,04
Ceuta	71.505	67.615	5,75
Melilla	66.411	56.000	17,33

Fonte: INE. Censos de poboación dos anos 1991 e 2001

intercensal 1991- 2001, ó publicarse no ano 2002 os datos do censo de poboación realizado nos últimos meses de 2001.

Os datos do cadro 1.10 reflicten o contraste entre a diminución da poboación galega entre os dous censos (-1'31%) e a importante suba media estatal (5'08%). As comunidades autónomas de maior porcentaxe de suba poboacional foron Baleares (18'7%) e Murcia (14'5%), mentres que Galicia quedou de antepenúltima nesa clasificación (só por diante de Asturias e Castela - León) e de penúltima na ordenación por crecemento en valor absoluto (só diminuíu máis a poboación total na comunidade autónoma de Castela - León).

Se desagregámo-los datos intercensais por provincias, constátase que entre as galegas tan só a da Coruña gañou poboación na década 1991-2001 (cun modesto 0'77%, moi por baixo do 5'08% estatal) e que a de Lugo está á cabeza das provincias de España -xunto coa de León- na porcentaxe de perda poboacional (-7%).

No cadro 1.11 presentámo-los datos por habitante de tres variables económicas, que permiten constatar que a posición relativa de Galicia mellorou de 1995 a 2002 nas tres: PIB (2'71 puntos), renda bruta (5'1 puntos) e renda bruta dispoñible segundo o poder de compra (6'01 puntos).

■ Cadro 1.11

Clasificación das comunidades autónomas por PIB e Renda por habitante 1995 e 2002

	PIB pm			Renta Bruta pm			Renta Familiar Bruta Dispoñible en poder de compra	
	1995	2002		1995	2002		1995	2002
Madrid	131,14	126,96	Madrid	135,88	129,62	Aragón	121,60	119,65
Baleares	136,31	125,30	Cataluña	124,07	123,71	Madrid	122,50	115,68
Cantabria	126,13	123,37	Navarra	126,03	122,31	País Vasco	106,88	112,72
Cataluña	122,02	122,36	País Vasco	115,91	121,90	Cataluña	114,40	112,61
País Vasco	114,65	113,71	Baleares	126,32	119,06	Navarra	114,53	109,82
A Rioxa	114,56	113,71	A Rioxa	114,24	111,68	A Rioxa	111,53	108,94
Aragón	108,00	106,65	Aragón	111,20	109,07	Cast. e León	99,15	108,74
C. Valenciana	101,62	101,21	España	100,00	100,00	Melilla	136,04	108,38
España	100,00	100,00	C. Valenciana	98,48	99,26	Ceuta	121,10	108,31
Cast. e León	91,82	94,58	Cast. e León	89,23	94,87	Baleares	114,93	105,94
Cantabria	91,66	91,27	Cantabria	92,83	93,23	España	100,00	100,00
Canarias	93,27	87,05	Asturias	85,42	86,96	C. Valenciana	96,98	98,74
Asturias	84,94	85,64	Galicia	80,60	85,70	Cantabria	99,68	97,50
Galicia	82,35	85,06	Melilla	113,67	83,34	Galicia	89,35	95,36
Cast. a Mancha	81,74	80,92	Canarias	91,35	80,98	Cast. a Mancha	95,38	94,17
Melilla	92,18	80,02	Cast. a Mancha	80,55	79,79	Asturias	90,45	94,15
Murcia	83,08	80,02	Ceuta	101,89	79,42	Extremadura	77,57	85,13
Ceuta	81,78	75,83	Murcia	81,89	78,59	Canarias	98,06	84,36
Andalucía	72,68	73,95	Andalucía	71,69	72,77	Andalucía	77,62	79,92
Extremadura	66,67	70,69	Extremadura	65,04	69,86	Murcia	83,58	79,75

Datos en porcentaxe sobre a media española (tomada como valor 100)
Fonte: FUNCAS

Centrándonos na suba acumulada do PIB desde 1995 nas distintas comunidades autónomas, moveuse entre un máximo do 32'21% en Murcia e un mínimo do 20'95% en Asturias. O dato de Galicia (25'86%) coloca á nosa comunidade en duodécima posición da clasificación de maior a menor crecemento económico.

Unha fonte alternativa ós datos ofrecidos por FUNCAS son os aportados polo INE na "Contabilidad Regional de España 1995-2002" (axeitada ó novo sistema metodolóxico instaurado no conxunto da UE). O cadro 1.12 reflicte que o PIB galego creceu nese período un 20'8%, case seis puntos por baixo da media estatal (26'4%) e só por riba de dúas comunidades autónomas (Castela-León e Asturias) que teñen unha renda por habitante superior á galega. Tamén poñen de manifesto que o aumento da xeración de PIB no período analizado foi especialmente alto en cinco comunidades que superaron o listón do 30%: Murcia, Extremadura, Andalucía, Ceuta e Madrid.

**Crecemento real do PIB por habitante.
Por comunidades autónomas. 1995-2002**

■ Cadro 1.12

	%
Andalucía	30,4
Aragón	21,5
Asturias	16,8
Baleares	26
Canarias	29,3
Cantabria	29,1
C. León	23,3
C.A Mancha	18,5
Cataluña	22,6
C. Valenciana	29
Extremadura	31,98
Galicia	20,8
Madrid	30,3
Murcia	32,6
Navarra	29,40
Pais Vasco	27,8
A Rioxa	24,4
Ceuta	30,8
Melilla	26,1
España	26,4

Fonte: INE. Contabilidad Regional de España. 1995-2002

No tocante ós datos por habitante, segundo o INE o PIB de Galicia colocaría á nosa comunidade en antepenúltima posición no ranking das autonomías no ano 2002, só por riba de Andalucía e Extremadura; tanto no período 1995-2002 coma no ano 2002 (véxase cadro 1.9) ambas comunidades presentaron un crecemento maior que o da economía galega.

Polo tanto, de acordo cos datos do INE non se produciu converxencia algunha de Galicia coa media estatal desde 1995 senón que se ampliou a diverxencia. A Consellería de Economía da Xunta de Galicia emitiu unha nota ó se faceren públicos os datos do INE sinalando a súa discrepancia cos mesmos (como xa fixera tamén no ano anterior).

O crecemento económico das distintas comunidades autónomas a máis longo prazo pódese ver no cadro 1.13, que procede dun estudio publicado en 2003 polo Instituto de Estudios Económicos e recolle a evolución de 1975 a 2000. Nese cuarto de século, as catro comunidades que menos medraron foron Asturias, País Vasco, Cantabria e Galicia mentres que as de maior crecemento económico foron Melilla, Murcia, A Ríoxa e Canarias.

**Crecemento do PIB.
Por comunidades autónomas. 1975-2000**

■ Cadro 1.13

	Total (%)	Media anual (%)
Melilla	128,0	3,35
Murcia	124,0	3,29
A Ríoxa	123,0	3,27
Canarias	121,2	3,23
Navarra	115,1	3,11
C. Valenciana	109,7	3,01
Andalucía	106,2	2,94
Extremadura	106,2	2,92
Ceuta	105,0	2,91
Baleares	101,2	2,84
C. A Mancha	94,2	2,69
España	93,7	2,68
Madrid	106,2	2,65
Aragón	90,2	2,65
Cataluña	105,3	2,61
C. León	105,3	2,60
Galicia	84,8	2,49
Cantabria	72,1	2,20
País Vasco	62,2	1,95
Asturias	44,9	1,49

Fonte: Instituto de Estudios Económicos

Ponse de manifesto, xa que logo, un claro desprazamento dos principais eixes espaciais de crecemento no estado en contra das comunidades da cornixa Cantábrica, que se viron fortemente afectadas no período analizado polo proceso de desindustrialización (fundamentalmente coas reconversións naval e siderúrxica) e por unha entrada na UE que non garantiu as cotas leiteiras necesarias para asegurala expansión do sector lácteo nin permitiu o libre acceso da flota pesqueira ós caladoiros comunitarios en igualdade coa dos outros estados.

O crecemento económico medio anual galego de 1975 a 2000 quedou dúas décimas por baixo do estatal e o crecemento acumulado nese período foi en Galicia nove puntos inferior ó estatal. Por provincias, sobrancearemos que a de Ourense foi a de menor crecemento económico en toda España.

O cadro 1.14 infórmanos da posición relativa en PIB por habitante das distintas comunidades autónomas de 1995 a 2002 respecto da media da Unión Europea, de acordo cos datos de FUNCAS. Cómpre subliñar que unha análise máis a fondo da converxencia real -que rebasa os obxectivos deste Informe- debería ter en conta tamén outros factores (como a taxa de paro ou o nivel de desenvolvemento tecnolóxico), o que certamente situaría a Galicia e a España nunha posición de maior diverxencia coa media da UE.

■ Cadro 1.14 **Converxencia do PIB por habitante das comunidades autónomas fronte a media da Unión Europea (EUR-15). 1995 e 2002**

	CCAA que superan o 100 por 100 da UE			CCAA que superan o 80 por 100 da UE			CCAA por debaixo do 80 por 100 da UE	
	2002	1995		2002	1995		2002	1995
Madrid	111,48	106,33	A Rioxa	99,84	93,71	Canarias	76,43	76,30
Baleares	110,01	111,50	Aragón	93,64	87,88	Asturias	75,20	69,48
Navarra	108,32	101,84	C. Valenciana	88,86	83,28	Galicia	74,68	67,36
Cataluña	107,43	99,80	Cast. e León	83,04	74,64	Cast. a Mancha	71,05	64,29
País Vasco	104,10	93,78	Cantabria	80,14	74,66	Melilla	70,35	75,68
			Media española	87,80	80,18	Murcia	69,57	67,94
						Ceuta	66,59	66,76
						Andalucía	64,93	62,15
						Extremadura	57,96	54,35

Media UE=100
Fonte: FUNCAS

No tocante á comparanza en PIB por habitante coa media da UE, obsérvase que España acurtou a diferenza en 7'62 puntos de 1995 ó ano 2002 e Galicia algo menos (en 7'32 puntos) pero porcentualmente foi superior o avance galego (10'86%) que a suba estatal (9'50%). Respecto do índice estatal dese cadro, Galicia segue a estar uns trece puntos por debaixo en 2002, tres décimas máis que en 1995.

Se realizámo-la comparanza en PIB por habitante cos datos da "Contabilidad Regional de España 1995-2002", España acurtou a diferenza co media da UE en seis puntos nese período (un 7'7%) e Galicia en tres puntos (4'76%).

¿Cal é a posición de Galicia e das outras comunidades autónomas no contorno da nova "Europa das rexións" na UE formada por vinteseite estados que está previsto exista no ano 2007?. A Comisión Europea ven de facer públicas a súa estimación de PIB por habitante (baseadas no sistema de contas SEC-95), para o período 1995-2000, segundo a cal das 266 rexións da UE-27:

■ As tres últimas comunidades do noso estado na clasificación son Galicia, Andalucía e Estremadura (tanto en 1995 como en 2000).

■ De 1995 a 2000 tódalas comunidades autónomas aumentaron o seu PIB por habitante relativo (no caso de Galicia pasou do 63'2% da media UE-15 ó 64'7%). Das seis comunidades con menor PIB por habitante (por orde de maior a menor: Murcia, Ceuta-Melilla, Castela-A Mancha, Galicia, Andalucía e Estremadura) Galicia foi a que tivo un menor avance (con 1'5 puntos) mentres que nas outras cinco comunidades o avance estivo entre 2'6 puntos (Castela- A Mancha) e 3'7 puntos (Estremadura).

■ Todas as comunidades autónomas agás unha (Galicia) melloraron a súa situación no ranking das 266 "rexións" da Europa dos vinte e sete estados: Galicia baixou tres postos e pasou do 196 ó 199, mentres que as outras comunidades cun grao de desenvolvemento económico baixo (Murcia, Ceuta-Melilla, Castela-A Mancha, Andalucía e Estremadura) subiron cando menos tres postos nesa clasificación (e en varios casos ata sete postos, coma Murcia ou Estremadura).

1.2 Crecemento económico e xeración de emprego

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable. Achegarémonos agora á análise de en que medida o crecemento económico se converteu nos últimos anos en xeración de emprego en Galicia. No apartado terceiro do capítulo 3 tratamos máis polo miúdo o comportamento do emprego en Galicia, desagregado por sexos, sectores económicos, ramas de actividade, grupos de idade, provincias, situación profesional, carácter temporal ou indefinido do contrato, tipo de xornada (a tempo parcial ou total), etc. Remitimos a ese epígrafe ós interesados en afondar nalgún deses aspectos da ocupación en Galicia.

Cos datos da Fundación FUNCAS vemos no cadro 1.15 a posición das distintas comunidades no ano 2002 en catro variables importantes na análise do mercado de traballo.

Vemos nas dúas primeiras columnas que o crecemento das poboacións galegas de 16 ou máis anos e máis activa foron moito menores que no conxunto estatal. A terceira columna reflicte a lixeira suba do emprego en Galicia, a un ritmo que non chegou á terceira parte da media estatal. ¿Por que adoita haber en Galicia nos últimos anos unha menor creación relativa de emprego que noutras comunidades autónomas ou na media estatal?. Como veremos máis polo miúdo nunha análise do emprego desagregada por sectores económicos neste mesmo epígrafe, a forte diminución do emprego agro-pesqueiro na nosa comunidade (que partía de niveis relativos máis altos que o conxunto estatal) é unha das causas importantes.

No tocante á suba do desemprego no último ano, a última columna do cadro explica a mala posición de Galicia, xa que é a maior de tódalas comunidades autónomas e supera en 4'6 puntos á suba do desemprego no conxunto do estado.

A andaina trimestral da ocupación en Galicia pódese facer cos datos do cadro 1.16, que recolle tamén a desagregación sectorial do emprego. Salienta a progresiva diminución ó longo do ano da porcentaxe de perda de emprego no sector prima-

rio da economía galega nos tres primeiros trimestres, ata chegar ó 5% de suba do mesmo no cuarto trimestre de 2002 respecto do mesmo período do ano anterior. A ocupación nos sectores non primarios, pola súa banda, subiu menos no segundo semestre do ano que no primeiro; no primeiro semestre sobranceou especialmente a xeración de emprego do sector secundario (industria e construción) pero a perda de folgos da construción fixo que no segundo semestre os servizos e a industria tiveran a maior taxa de variación interanual.

**Variación⁽¹⁾ do emprego e doutras magnitudes laborais.
Por comunidades autónomas. 2002**

■ Cadro 1.15

	Poboación			
	16 e máis anos	Activos	Ocupados	Parados
Andalucía	0,98	1,51	0,60	5,52
Aragón	1,71	1,91	1,64	6,25
Asturias	1,81	1,91	1,50	4,43
Baleares	5,60	5,72	5,66	6,59
Canarias	4,68	4,59	4,14	8,01
Cantabria	1,51	1,57	0,83	6,81
C. A Mancha	1,60	1,72	1,17	6,41
C. León	-0,08	0,14	-0,17	2,67
Cataluña	3,26	3,40	2,97	8,41
C. Valenciana	3,60	3,68	3,24	7,69
Extremadura	-0,22	-0,04	-0,44	2,15
Galicia	1,36	1,59	0,52	11,37
Madrid	2,72	2,96	2,43	8,99
Murcia	3,55	3,61	3,15	6,94
Navarra	2,59	2,68	2,36	7,78
País Vasco	0,32	0,36	-0,48	7,08
A Ríoxa	4,49	4,68	4,30	10,05
Ceuta	-1,69	-1,59	-1,84	-0,39
Melilla	3,38	3,20	2,64	6,40
España	2,17	2,43	1,89	6,80

(1) En porcentaxe.

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2002

**Evolución trimestral ⁽¹⁾ do emprego. Por sectores.
Galicia. 2002**

■ Cadro 1.16

	I T.	II T.	III T.	IV T.
Poboación activa	1,9	1,6	1,9	3,3
Emprego	0,4	1,1	0,4	1,7
Primario	-18,2	-15,2	-11,6	5,0
Emprego non primario	4,0	4,0	2,4	2,7
Industria	7,2	7,0	4,3	4,0
Construcción	10,7	5,0	0,6	-5,6
Servicios	1,5	2,7	2,1	4,3
Taxa de paro	13,4	11,9	11,4	12,0

(1) En taxas de variación interanuais (agás a taxa de paro, que reflicte o valor desta variable en cada trimestre)
Fonte: INE

O cadro 1.17 resume a creación de emprego en Galicia e España en valores absolutos e porcentuais na última década. Dado o importante cambio metodolóxico da EPA desde o ano 2002 (do que trataremos máis polo miúdo no epígrafe 3.1 deste Informe) presentamos separadamente os datos do período 1992-2001 e os do último ano. No primeiro período compróbase a que Galicia perdeu emprego neto mentres que en España creceu un 18% (máis de dous millóns de persoas ocupadas máis á volta dos nove anos analizados). No ano 2002, en cambio, a xeración porcentual de emprego foi moi semellante en Galicia e en España (superior en Galicia en tan só unha décima).

**Variación do emprego ⁽¹⁾.
Galicia/ España. 1992-2001/2002**

■ Cadro 1.17

	1992-2001		2002	
	En valor absoluto	En %	En valor absoluto	En %
Galicia	-19.800	-2,00	17.800	1,7
España	2.268.000	18,00	256.300	1,6

Elaboración propia

(1) Cos datos do 4º trimestre de cada ano

Fonte: INE

O cadro 1.18 presenta o seguimento anual da andaina no último sexenio dos crecementos económico e do emprego en Galicia e España. En España xerouse emprego neto tódolos anos e en Galicia en todos agás o 2001. Só en 2002 acadou Galicia unha taxa de suba do emprego maior que o estatal (aunque certamente ben lixeira: unha décima maior).

Obsérvase tamén nese cadro que agás no último bienio, a creación estatal de emprego foi cando menos do 3%, mentres que en Galicia esa porcentaxe só se acadou no bienio 1999-2000. Subliñaremos así mesmo que ata o ano 2001 Galicia

necesitou un crecemento económico superior ó 3% para crear emprego neto, mentres que o limiar de xeración de emprego baixou do 2% no ano 2002.

A maior dificultade de transforma-lo crecemento económico en xeración de emprego en Galicia explicitase co seguimento comparativo entre Galicia e España dos datos dese sexenio; compróbase que a diferenza en favor de España é maior na xeración de emprego que no crecemento económico (agás nos anos 2000 e 2002).

**Crecemento económico ⁽¹⁾ e xeración de emprego ⁽²⁾.
Galicia/ España. 1997-2002**



■ Cadro 1.18

	1997	1998	1999	2000	2001	2002
Galicia						
% crecemento económico	3,4	4,0	3,8	4,3	2,7	1,9
% variación emprego	0,7	2,1	3,1	3,6	-0,2	1,7
España						
% crecemento económico	3,8	4,6	4,2	4,8	3,1	2,2
% variación emprego	3,0	3,3	5,2	4,1	1,8	1,6

Elaboración propia

(1) Datos FUNCAS

(2) Datos do INE: EPA do 4º trimestre de cada ano



¿Houbo algún cambio importante nos anos 2000 e 2002 na estrutura do emprego para que Galicia conseguira nese ano a porcentaxe de xeración de emprego máis próxima á estatal de toda a década?. A desagregación por sectores económicos da variación da ocupación no último sexenio que ofrece o cadro 1.19 explicita que o principal factor diferencial neses anos foi a creación de emprego neto no sector agrario galego no ano 2000 (ou a súa menor redución en 2002).

■ Cadro 1.19

**Variación do emprego. Por sectores económicos.
Galicia. 1997-2002**

	1997-1996	1998-1997	1999-1998	2000-1999	2001-2000	2001-1996	2002-2001
Agricultura	-28,1	-6,1	-16,6	6,0	-24,5	-69,4	-1,8
Pesca	-2,7	-1,6	8,0	-1,3	-6,8	-4,4	-5,4
Subtotal sector agropesqueiro	-30,8	-7,7	-8,6	4,7	-31,3	-73,8	-7,2
Industria	5,8	15,4	0,6	12,4	11,5	45,7	8,4
Construcción	4,1	-2,8	12,3	6,0	9,9	29,5	-7,9
Servicios	27,1	13,9	24,1	11,5	7,7	84,3	24,5
Subtotal sect. non primarios	37,0	26,5	37,0	29,9	29,1	159,5	25,0
Total	6,2	18,8	28,4	34,6	-2,2	85,7	17,8

Elaboración propia

(1) En miles

Fuente: INE: EPA do 4º trimestre

Xa chamamos a atención no Informe do ano 2000 sobre o sorprendente do dato de contracción do emprego agro-pesqueiro, especialmente tendo en conta que por grupos de idade só se creou emprego nese sector no tramo de 55 e máis anos, e non hai que esquecer que estaban aplicándose xa programas da UE incentivos do abandono do emprego para as persoas que traballaban no agro das idades. No Informe do ano 1998 figura (no cadro 1.24) a evolución a longo prazo (1988-1998) do emprego agrario galego, que axuda enxerta-los datos do ano 2000 e 2002 na tendencia de caída intensa que presentou ata 1997 (e que tivo tamén en 2001).

A penúltima columna dese cadro reflicte que no período 1996-2001 os sectores non primarios xeraron 159.500 empregos, mentres que o sector primario destruíu 73.800. O sector servicios foi o principal motor desa suba da ocupación, xa que a súa creación de emprego superou á conxunta da industria e a construción en 9.300 empregos.

¿Cal foi ano por ano a variación do emprego diferenciada entre os sectores primario e non primarios na economía galega no último sexenio?:

■ En 1997 a suba nos sectores non primarios tivo un notable aumento (37.000 novos ocupados) e foi moi pouco menor a destrución de ocupación agro-pesqueira (30.800).

■ En 1998 a xeración de emprego neto dos sectores secundario e dos servizos (26.500) baixou algo pero diminuíu moito máis a perda de emprego agro-pesqueiro (7.700 persoas).

■ En 1999 a xeración de emprego nos sectores secundario e terciario voltou ó nivel de 1997 (37.000) pero desta volta a perda de emprego do sector primario foi moito menor que entón (8.600, pouco máis da cuarta parte que dous anos antes).

■ No ano 2000 a creación de emprego nos sectores non primarios foi de 29.900 (7.100 menos que no ano anterior) pero foi positiva a aportación do sector primario (4.700 empregos), o que permite continua-la traxectoria de suba da ocupación total galega do período analizado.

■ O emprego dos sectores non primarios presentou no ano 2001 un avance semellante ó do ano anterior, pero a fortísima destrución de emprego no sector primario nese ano (a maior do período 1996-2001 en termos absolutos e moi especialmente en termos relativos) non permitiu acadar unha suba da ocupación total en Galicia.

■ En 2002 o sector servizos volve a se-lo principal dinamizador do emprego galego (coma en 1997 e 1999) e o sector pesqueiro ten no ano que comezan os efectos económicos e ecolóxicos da marea negra do "Prestige" a segunda perda do sexenio agás o ano 1998. O mal comportamento da ocupación na construción provocou que o emprego dos sectores non primarios tivera a menor creación de postos de traballo do sexenio analizado.

1.3. Comercio exterior

1.3.1. Comercio exterior galego e taxa de cobertura

Na análise dos datos correspondentes a Galicia da balanza comercial española debemos sobrancea-la mellora do comercio exterior galego no último ano. As exportacións galegas subiron no ano 2002 un 2,4% e as importacións baixaron un 3,3%. O saldo comercial foi positivo: 391 millóns de euros.

No cadro 1.20 podemos aprecia-la evolución da taxa de cobertura no último quinquenio (con desagregación por trimestres no último ano). Nel destacaremos no ano 2002 que presentou una melloría espectacular no primeiro trimestre (despois xa dun cuatrienio de continuo ascenso) a taxa de cobertura (ou porcentaxe que representa o valor das exportacións sobre o das importacións), que se situou

■ Cadro 1.20

Taxa de cobertura.
Galicia 1998-2002

	1998	1999	2000	2001	2002			
					1 T.	2 T.	3 T.	4 T.
T. cob. (%)	86,3	90,1	93,4	98,9	112,3	107,4	104,1	94,5

Fonte: Dirección Territorial de Comercio en Galicia (sobre datos de ICEX/ESTACOM)

nun valor certamente histórico: 112'3. O decrecemento continuado nos outros tres trimestres fixo que no cuarto baixara de novo do nivel 100 (que é o que marca o equilibrio entre o valor das exportacións e o das importacións).

No cadro 1.21 podemos comproba-la importante suba do valor das exportacións galegas na última década, que fixo que se duplicara no último quinquenio e que no ano 2002 sexa un 472% maior que en 1992.

■ Cadro 1.21

**Evolución das exportacións.
Galicia. 1992-2002**

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002
Millóns de euros	1.660	2.547	2.919	3.460	4.228	4.876	5.347	6.011	8.299	9.271	9.496

Fonte: Secretaría de Estado de Comercio e Turismo

1.3.2. Distribución por produtos e por estados

Ben sabido é que unha das características do comercio exterior galego é o seu carácter intraindustrial: importan moitas mercancías os mesmos sectores que logo exportan os seus produtos. A notable importancia do comercio intraindustrial reflíctese no feito de que coinciden sete dos dez primeiros capítulos arancelarios nas exportacións e máis nas importacións.

En canto ás principais mercancías exportadas e importadas en Galicia prodúcese un grao de concentración sectorial moi elevado, xa que ó redor do 80% do comercio exterior galego se concentra en dez capítulos do arancel.

No cadro 1.22 presentámo-los dez capítulos principais das exportacións galegas no ano 2002. Constátase que -como en anos anteriores- a metade do valor das exportacións galegas pertencen ó capítulo automobilístico e os catro primeiros apartados concentran dous de cada tres euros das mercancías que Galicia vendeu no ano 2002 para fóra de España. Polo ritmo de crecemento do último ano, sobrancean dous apartados: "Prendas e complementos de vestir de punto" e "madeira e manufacturas de madeira" (ámbolos dous cunha suba superior ó 20%).

No tocante ás importacións (cadro 1.23), se no ano 2001 ó redor dun tercio do valor total das importacións se producía no sector automobilístico, este ano baixou seis puntos porcentuais (o que pode apuntar a unha menor dependencia do exterior da nosa industria automobilística, polo notable desenvolvemento da industria auxiliar na comarca viguesa). O grado de concentración dos catro primeiros capítulos importadores é moi alto (59'3%) pero -ó igual que no ano anterior- é inferior ó das exportacións (66'7%).

O aumento dos prezos internacionais dos produtos enerxéticos en 2002 fixo que o capítulo dos combustibles e aceites minerais ascenda un posto (do terceiro ó segundo), intercambiando a posición co capítulo que no pasado ano ocupaba o segundo lugar (o de "peixes, crustáceos e moluscos", que presentou unha impor-

Cadro 1.22
**Principais capítulos de exportación.
Galicia. 2002**

	Exportacións	Millóns de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos	4.769	50,2	3,4
2	Peixes, crustáceos e moluscos	752	7,9	4,7
3	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	490	5,2	11,1
4	Manufacturas de pedra, xeso e cemento	323	3,4	-1,2
5	Preparados de carne e de peixe	297	3,1	-13,7
6	Prendas e complementos de vestir de punto	271	2,9	20,4
7	Madeira e manufacturas da madeira	211	2,2	21,3
8	Navegación marítima e fluvial	205	2,2	—
9	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos	179	1,9	-18,6
10	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes	174	1,8	4,2
	Resto de produtos	1.826	19,2	-2,8
	Total exportacións	9.497	100,0	2,5

(1) Datos en porcentaxe de participación sobre o valor total das exportacións galegas

(2) Taxa de variación interanual

Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM

Cadro 1.23
**Principais capítulos de importación.
Galicia. 2002**

	Importacións	Millóns de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1	Automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos	2.532	27,8	-15,9
2	Combustibles minerais, aceites minerais	1.245	13,7	5,7
3	Peixes, crustáceos e moluscos	1.236	13,6	-7,0
4	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	383	4,2	33,9
5	Reactores nucleares, caldeiras e máquinas	360	4,0	8,1
6	Prendas e complementos de vestir de punto	336	3,7	23,1
7	Fundición, ferro e aceiro	309	3,4	26,6
8	Productos farmacéuticos	295	3,2	29,4
9	Madeira, carbón e manufacturas da madeira	270	3,0	-0,4
10	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes	147	1,6	-21,8
	Resto de produtos	1.993	21,9	-4,1
	Total	9.106	100,0	-3,3

(1) Datos en porcentaxe de participación sobre o valor total das importacións galegas

(2) Taxa de variación interanual

Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM

tante contracción no ano no que comezou o retraemento da demanda -especialmente importante na campaña de Nadal- tralo desastre ecolóxico e económico causado pola marea negra do "Prestige").

A distribución por estados do comercio exterior galego (cadro 1.24) constata que os dez primeiros estados clientes de Galicia son en 2002 os mesmos -e pola mesma orde, agás o cambio de posicións dos dous últimos- do ano anterior e concentran un 80'2% do valor total das nosas exportacións (os sete primeiros e o noveno son da Unión Europea). Máis da metade (54'2%) das exportacións van para Francia-Mónaco, Portugal e Reino Unido.

Nas importacións, pola súa banda, é menor a concentración territorial, anque case a metade do valor total (49'1%) seguen procedendo de Francia-Mónaco, Portugal,

Principais Estados clientes e provedores de Galicia. 2002

Cadro 1.24

Clientes				Provedores			
	Millóns de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾		Millóns de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1 Francia e Mónaco	2.397	25,2	-0,5	1 Francia e Mónaco	2.497	27,4	-19,0
2 Portugal	1.650	17,4	-1,6	2 Portugal	987	10,8	7,3
3 Reino Unido	1.106	11,6	3,0	3 Alemaña	517	5,7	11,2
4 Italia	767	8,1	3,8	4 Reino Unido	472	5,2	-6,7
5 Alemaña	636	6,7	-3,5	5 Italia	401	4,4	5,8
6 Bélxica	355	3,7	4,7	6 México	392	4,3	13,6
7 Países Baixos	275	2,9	-18,4	7 EE.UU.	288	3,2	-28,0
8 EE.UU.	191	2,0	-15,1	8 Arxentina	202	2,2	-33,3
9 Grecia	119	1,3	19,0	9 Rusia	200	2,2	—
10 Marrocos	118	1,2	11,3	10 Libia	191	2,1	—
Resto de países	1.883	19,8	17,5	Resto países	2.959	32,5	9,9
Total	9.497	100,0	2,5	Total	9.106	100,0	-3,3

Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM

(1) Datos en porcentaxe de participación sobre o total das exportacións ou das importacións de Galicia

(2) Taxa de variación interanual

Exportacións por áreas comerciais
Por comunidades autónomas. 2002

Cadro 1.25

	Países candidatos	Unión Europea	Resto do mundo
Andalucía	2,6	68,4	29,0
Aragón	4,3	80,8	14,9
Asturias	2,4	68,6	29,0
Baleares	1,4	66,0	32,6
Canarias	0,6	37,3	62,1
Cantabria	4,1	73,2	22,7
Castela e León	5,7	85,0	9,3
Castela-A Mancha	3,6	74,8	21,6
Cataluña	5,4	70,7	23,9
Com. Valenciana	5,0	66,0	29,0
Extremadura	1,1	86,7	12,2
Galicia	4,5	80,9	14,6
Madrid	2,9	67,3	29,8
Murcia	3,1	68,0	28,9
Navarra	9,7	75,3	15,0
País Vasco	4,8	69,3	25,9
A Rioxa	2,2	77,2	20,6
España	4,6	70,5	24,9

(1) En porcentaxe sobre o total de exportacións de cada comunidade autónoma (ou de España)

Fonte: CEPREDE (Centro de Predicción Económica)

Alemaña e o Reino Unido. Dos dez principais estados provedores, os cinco primeiros pertencen á Unión Europea e os cinco últimos non (destaca no último ano a entrada neste ranking de Rusia e Libia, debido ó importante crecemento do prezo dos produtos enerxéticos)

I.3.3. Comercio exterior e ampliación da UE

Un informe feito público no ano 2003 polo CEPREDE (Centro de Predicción Económica) estudia as repercusións previstas para cada unha das comunidades autónomas pola ampliación en dez estados da UE en maio de 2004 (en aplicación do Tratado de Atenas).

Segundo o informe deste organismo dependente da Cámara de Comercio de Madrid e máis da Fundación Universidade - Empresa, Galicia será a comunidade autónoma máis prexudicada por esa ampliación da UE. Xustifica esta previsión por:

■ A fonda dependencia nas exportacións galegas dos outros estados da UE (xa vista no epígrafe anterior é perceptible tamén no cadro I.26), en moitos casos en produtos que elaboran tamén cuns custos laborais moito menores -véxase cadro I.42- varios dos novos estados que entrarán na UE e que serán moito máis competitivos ó non ter barreira aduaneira algunha.

O cadro I.25 explicita que polo ranking de dependencia Galicia da UE das exportacións, Galicia é a terceira comunidade do estado (só ten por diante a Estremadura e Castela-León, que teñen en común con nós o feito de estar entre as comunidades cun desenvolvemento económico inferior á media estatal). E si isto foi moi positivo neste ano de revalorización do euro (porque non afectou ás

Importacións por áreas comerciais ⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2002

■ Cadro 1.26

	Países candidatos	Unión Europea	Resto do mundo
Andalucía	2,7	33,8	63,5
Aragón	6,5	82,1	11,4
Asturias	3,6	45,5	50,9
Baleares	1,2	52,1	46,7
Canarias	4,1	43,6	52,3
Cantabria	1,7	63,6	34,7
Castela e León	2,2	92,2	5,5
Castela-A Mancha	1,5	87,1	11,4
Cataluña	3,2	63,4	33,4
Com. Valenciana	4,3	57,7	38,0
Estremadura	1,4	91,5	7,1
Galicia	2,4	60,0	37,6
Madrid	2,6	71,0	26,4
Murcia	2,1	21,5	76,4
Navarra	5,3	80,2	14,5
País Vasco	3,0	63,3	33,7
A Ríoxa	1,7	80,8	17,5
España	3,1	63,6	33,3

(1) En porcentaxe sobre o total de importacións de cada comunidade autónoma (ou de España)
Fonte: CEPREDE (Centro de Predicción Económica)

nosas exportacións na "eurozona") pode non selo nos anos vindeiros, nos que parten de mellor posición as comunidades cunha maior diversificación xeográfica das súas exportacións (como Canarias, Baleares, Andalucía, Madrid ou Murcia).

■ O descenso -a medio prazo- da inversión estranxeira nas comunidades periféricas da UE-15 (como a galega) e o aumento da mesma nos novos estados (que adoitan ter custos laborais moito máis baixos e unha elevada produtividade).

■ As consecuencias negativas que pode ter para as comunidades menos desenvolvidas da UE-15 a reordenación dos fondos comunitarios de axuda ó seu desenvolvemento económico-social. Aínda no caso de seguir formando parte das "rexións" obxectivo I, parece evidente que as maiores axudas serán para as zonas xeográficas de menor renda por habitante (fundamentalmente as rexións dos estados que o ano vindeiro se incorporarán á UE).

Actualmente os dez estados que o próximo ano entrarán na UE representan un 4'5% das exportacións galegas e un 2'4% das nosas importacións (como se comproba nos cadros 1.25 e 1.26). Cómpre manter -ou aumentar- o fluxo exportador de Galicia cara estes dez estados, para procurar compensar na balanza comercial a posible perda de mercado na actual UE. O fluxo exportador galego actual cara este dez estados destaca sobre todo con Polonia e Malta.

1.4. Evolución dos prezos, os salarios e o gasto

1.4.1. A inflación

A taxa de inflación rexistrada en Galicia no ano 2002 (no que "debutou" o euro na circulación monetaria) superou á estatal en tres décimas e rexistrou un importante crecemento respecto da do ano anterior (1'7 puntos). A suba dos prezos no ano 2002 (véxase cadro 1.27) foi a maior desde 1995 en Galicia (e tamén en España) e volveu a estar moi por riba da previsión oficial e máis da suba media na Unión Europea.


En xaneiro de 2002 houbo un cambio de sistema (non tan só un cambio de base) no cálculo do IPC en España. Na introducción do novo "sistema de índices de prezos, base 2001" podemos sinalar dúas novidades especialmente relevantes:

■ A "cesta da compra" a partir da cal se calcula o IPC renovouse. A nova entrou en vigor en xaneiro de 2002 e obtívose a partir dos datos da Enquisa Continua de Orzamentos Familiares (do INE) en oito trimestres (do segundo de 1999 ó primeiro de 2001).

■ Cadro 1.27

Taxa de variación do IPC ⁽¹⁾ . Galicia/España. 1997-2002		1997	1998	1999	2000	2001	2002
Galicia		1,9	1,4	3,2	3,7	2,6	4,3
España		2,0	1,4	2,9	4,0	2,7	4,0

(1) De decembro a decembro
Fonte: INE



■ Introducíronse novidades no xeito de calcula-lo IPC (como por exemplo incluí-las rebaixas) e máis na clasificación en grupos (que pasaron a ser doce e non oito como no IPC Base 1992, por esixencias de harmonización comunitaria).

A inflación subxacente (que é a que non ten en conta o comportamento dos prezos dos produtos enerxéticos e máis dos alimentos non elaborados) quedou medio punto por riba da suba do IPC xeral (xa que foi dun 3'5% na media estatal).

A información do cadro anterior complementarémola coa que figura no cadro I.28, que ofrece a desagregación en doce grupos de gasto da suba xeral de prezos; obsérvase nel que o comportamento dos prezos -en Galicia e no estado- no pasado ano foi descendente tan só nas comunicacións mentres que os dous grupos máis inflacionistas (por riba do 5%) foron: "Hoteis, cafés, restaurantes" e "Vestido e calzado". Cómpre subliñar que en oito dos doce grupos de gasto subiron os prezos en Galicia máis que na media española.

■ Cadro 1.28

**Taxas de variación dos grupos de gasto do IPC⁽¹⁾.
Galicia/ España. 2002**

	Aliment.	Bebidas	Vestido	Vivenda	Enxoval	Medicina	Transp.	Comun.	Cultura	Ensino	Hostal.	Outros
Galicia	4,8	4,7	5,8	3,2	3,0	3,7	4,9	-5,3	2,1	4,9	5,7	3,5
España	4,6	4,6	5,3	2,9	2,4	2,6	5,0	-5,1	1,8	4,7	5,8	3,9

(1) De decembro de 2001 a decembro de 2002
Fonte: INE

**IPC. Por provincias.
Galicia. 2002**

■ **Cadro 1.29**

	Índice ⁽¹⁾
A Coruña	106,4
Lugo	106,5
Ourense	105,1
Pontevedra	106,0
Galicia	106,1

(1) Base 2001=100
Fonte: INE

O cadro 1.29 reflicte a desagregación por provincias no último ano do índice xeral de prezos. En 2002 as provincias nos que o IPC quedou situado nun valor maior foron Lugo e A Coruña.

No tocante á evolución do IPC en Galicia e España no ano 2002 desagregada por grupos de gasto, o cadro 1.30 explicita que os valores extremos foron os de comunicacións (o único que baixou) e vestido-calzado (o único que superou o valor 110). As persoas interesadas na desagregación por grupos de gasto e provincias no último ano teñen os datos á súa disposición no cadro 1.31.

**IPC por grupos de gasto ⁽¹⁾.
Galicia e España. 2002**

■ **Cadro 1.30**

Grupos de gasto	Galicia	España
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	107,0	106,9
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	106,0	106,9
3. Vestido e calzado	116,5	113,5
4. Vivenda	103,2	103,2
5. Enxoval	104,0	103,3
6. Medicina	105,1	103,3
7. Transportes	102,6	102,6
8. Comunicacións	93,7	93,8
9. Ocio e cultura	103,4	103,2
10. Ensino	107,4	107,1
11. Hoteis, cafés e restaurantes	107,2	107,0
12. Outros	104,6	105,0
Total	106,1	105,5

(1) Base 2001=100
Fonte: INE

**Taxa de variación dos grupos de gasto do IPC (1).
Por provincias. Galicia. 2002**

■ Cadro 1.31

Grupos de gasto	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	5,5	4,7	3,8	4,3
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	5,4	3,4	4,0	4,8
3. Vestido e calzado	5,5	6,9	4,6	6,2
4. Vivenda	3,6	1,7	3,2	3,5
5. Enxoval	3,8	2,5	2,5	2,4
6. Medicina	3,3	5,4	2,0	4,0
7. Transportes	5,3	4,9	5,1	4,5
8. Comunicacóns	-5,1	-5,9	-5,5	-5,2
9. Ocio e cultura	1,5	4,4	2,3	2,0
10. Ensino	5,3	4,6	5,3	4,4
11. Hoteis, cafés e restaurantes	5,8	6,4	5,7	5,4
12. Outros	3,0	2,1	2,8	4,9

(1) Decembro de 2002 sobre decembro de 2001
Fonte: INE

I.4.2. Os salarios e outros custos laborais

Desde 1963 ate o ano 2000 o INE veu publicando trimestralmente a Enquisa de Salarios na Industria e nos Servicios, que recollía a ganancia media mensual dos traballadores dos sectores non primarios. Esta "clásica" da información estatística española foi substituída polo Índice de Custos Laborais, que ampliou o ámbito do estudo ó incluír tamén custos laborais diferentes dos salariais (como as cotizacións á Seguridade Social ou as indemnizacións por despido). O ICL é unha operación estatística continua, de periodicidade trimestral, que forma parte dos euroindicadores que Eurostat solicitou ós países da área euro co obxectivo de medi-la potencial converxencia dos custos laborais nos estados membros. Por iso, unha das súas posibles aplicacións será a de permitir actualizar anualmente a Encuesta de Coste Laboral que se realiza cada catro anos nos estados da UE.

O cadro I.32 recolle o índice de custos laborais en Galicia (e máis no conxunto do estado) no último trienio (con desagregación por trimestres para o ano 2002). Cos datos medios de 2002 compróbase que en Galicia o custo laboral foi un 87'6% do custo medio estatal (e nese ano o crecemento en Galicia foi inferior en tres décimas ó estatal). As comunidades de maiores custos laborais son Madrid, País Vasco e Navarra; as de máis baixos custos salariais son Murcia, Canarias e Estremadura.

Tamén podemos ver nese mesmo cadro que en 2002 o custo salarial galego é o 87'1% do estatal e "outros custos" o 88'8%. Cómpre sinalar que se entende por:

■ **Custo laboral:** O custo total que ten o empregador pola utilización do factor traballo. Inclúe o custo salarial e máis outros custos.

■ **Custo salarial:** Abrangue tódalas remuneracións brutas (en efectivo ou en especie) realizadas ás persoas traballadoras por conta allea.

■ **Outros custos:** Inclúen por unha parte as percepcións non salariais (como os pagos por incapacidade temporal, desemprego, indemnizacións por despedimento, traslado ou finalización do contrato, quebranto de moeda, desgaste de ferramentas ou prendas de traballo, gastos de locomoción ou dietas de viaxe...) e por outra

**Índice de custos laborais ⁽¹⁾
Galicia/ España. 2000-2002**

■ **Cadro 1.32**

Ano (media anual) ou trimestre		España	Galicia
A) Total			
2000		1.757,87	1.533,60
2001		1.830,89	1.610,95
2002		1.911,28	1.673,69
2002	I	1.824,70	1.592,93
	II	1.902,20	1.648,00
	III	1.874,12	1.662,92
	IV	2.044,09	1.790,90
B) Salarial			
2000		1.326,41	1.150,63
2001		1.372,37	1.198,53
2002		1.425,37	1.242,07
2002	I	1.346,71	1.165,20
	II	1.418,57	1.215,36
	III	1.387,77	1.235,71
	IV	1.548,43	1.352,01
C) Outros custos			
2000		431,46	382,97
2001		458,52	412,42
2002		485,91	431,62
2002	I	477,99	427,73
	II	483,63	432,64
	III	486,35	427,21
	IV	495,66	438,89

(1) Datos en euros
Fonte: INE

Custo laboral total. Por comunidades autónomas. España. 2002

■ Cadro 1.33

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice	Taxa ⁽¹⁾	Euros	Índice	Taxa ⁽¹⁾
España	2.044,09	116,3	4,6	14,60	116,2	4,1
Andalucía	1.894,75	118,1	5,5	13,54	119,2	5,5
Aragón	2.051,37	118,5	4,8	15,07	119,3	4,1
Asturias	2.015,98	114,8	5,7	14,87	114,9	5,7
Baleares	1.858,80	118,6	4,2	13,30	122,9	3,7
Canarias	1.692,69	112,5	4,2	12,01	113,9	4,3
Cantabria	1.884,38	113,8	2,4	13,68	115,5	1,2
Castela e León	1.909,51	114,7	3,3	13,93	116,5	3,8
Castela-A Mancha	1.729,96	113,5	3,2	12,13	114,5	2,6
Cataluña	2.173,51	118,0	5,7	15,67	117,1	5,3
Com. Valenciana	1.834,92	115,7	3,5	13,00	115,1	3,0
Extremadura	1.679,71	116,3	2,7	12,22	118,9	3,6
Galicia	1.790,90	116,8	4,3	12,72	118,4	5,1
Madrid	2.383,55	114,5	3,9	16,47	112,7	2,1
Murcia	1.690,52	116,4	5,0	12,16	115,4	4,6
Navarra	2.308,07	119,3	5,2	17,27	121,5	5,6
País Vasco	2.380,43	115,8	5,7	17,75	115,4	6,5
A Rioxa	1.896,29	114,2	3,0	13,55	114,6	2,8

(1) Porcentaxe de variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior
 Datos do 4º trimestre de 2002. Base ano 2000
 Fonte: INE. Índice de Custos Laborais

parte as cotizacións obrigatorias do empregador en favor dos seus empregados á Seguridade Social.

O cadro 1.33 permite realiza-la comparanza entre os custos laborais (por traballador ou ben por hora efectiva) no ano 2002 (menores ámbolos dous en Galicia que na media estatal), a súa variación no último ano e máis o índice de cada comunidade autónoma á volta do trienio 2000-2003. Nos dous custos laborais comprobamos que a suba no último trienio foi maior en Galicia que en España (especialmente por hora efectiva), mentres que a variación do ano 2002 foi maior en Galicia que en España por hora efectiva (e ocorreu ó revés por persoa traballadora e mes).

O custo por hora efectiva traballada, en Galicia é un 87'1% da media estatal. No último ano subiu un 5'1% en Galicia (un punto por riba da media estatal), 0'8 puntos máis que a variación do custo laboral por persoa (debido ó descenso do número de horas traballadas, caso contrario do ocorrido a nivel estatal).

Nesa mesma enquisa (a de custos laborais) recóllense datos relativos ás horas efectivas de traballo en cada comunidade autónoma. Madrid, Canarias e Castela-A Mancha son as de máis horas efectivas en 2002 (no ano anterior Galicia era a segunda, ocupando o posto actual de Canarias), mentres que Navarra, País Vasco e Extremadura son as que teñen menos horas efectivas de traballo.

A desagregación para os sectores productivos non primarios do índice de custos laborais de Galicia e España reflicte que o maior índice é o da industria e o menor o da construción nos dous ámbitos espaciais analizados.

Custo salarial. Por comunidades autónomas. España. 2002

■ Cadro 1.34

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice	Taxa ⁽¹⁾	Euros	Índice	Taxa ⁽¹⁾
España	1.548,43	116,7	3,9	11,06	116,8	3,5
Andalucía	1.435,06	118,7	5,4	10,26	120,0	5,6
Aragón	1.550,85	119,9	4,2	11,39	120,7	3,5
Asturias	1.492,20	114,5	5,0	11,01	114,7	5,1
Baleares	1.410,79	119,8	3,7	10,09	124,1	3,2
Canarias	1.261,68	111,4	3,8	8,95	112,7	3,9
Cantabria	1.418,15	115,2	1,9	10,30	116,9	0,8
Castela e León	1.444,73	116,8	3,0	10,54	118,6	3,4
Castela-A Mancha	1.307,22	114,7	3,1	9,16	115,7	2,5
Cataluña	1.647,51	117,9	4,4	11,88	117,2	4,0
Com. Valenciana	1.374,95	116,6	2,8	9,74	116,0	2,3
Extremadura	1.275,20	117,7	2,8	9,28	120,2	3,7
Galicia	1.352,01	117,5	3,8	9,60	119,1	4,6
Madrid	1.825,90	114,5	3,2	12,61	112,6	1,4
Murcia	1.261,21	117,1	5,1	9,07	116,1	4,6
Navarra	1.757,78	121,2	5,0	13,15	123,5	5,4
País Vasco	1.810,94	116,9	5,2	13,50	116,5	6,0
A Rioja	1.431,83	115,5	3,5	10,23	115,9	3,2

(1) Porcentaxe de variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior

Datos do 4º trimestre de 2002. Base ano 2000

Fonte: INE. Índice de Custos Laborais

Os cadros 1.34 e 1.35 detallan (para que poidan afondar no seu estudio as persoas interesadas) os valores en cada comunidade autónoma do custo salarial e de "outros custos" (por traballador e máis por hora efectiva nos dous casos), coas variacións do último ano e máis o índice de cada un tomando como base o valor do ano 2000 de cada unha das variables:

O cadro 1.36 presenta as horas da xornada laboral nas distintas comunidades autónomas, coa diferenciación entre tempos completo e parcial. En cada un deles distínguese entre as horas pactadas, as efectivas e as non traballadas calquera que sexa o motivo (festas, vacacións, incapacidade laboral, maternidade, absentismo, conflictividade laboral, etc). Sobrancearemos que, respecto da media estatal, en Galicia son algo maiores os valores das horas pactadas e máis das efectivas, mentres que son lixeiramente menores as horas non traballadas.

Dos cadros 1.37 ó 1.40 recolleemos información procedente da Encuesta de Coste Laboral cos datos do ano 2000. Esta é a cuarta operación estatística desta natureza que se realiza en España (as anteriores tiñan como referencia os anos 1988, 1992 e 1996); realízase en cumprimento do Regulamento da UE relativo á obriga estatal de ter unha enquisa de custo da man de obra que proporcione resultados para os distintos sectores económicos (nos niveis estatal e "rexional"). Por realizarse de acordo con definicións comúns e metodoloxías harmonizadas na UE, permite unha estricta comparabilidade do custo laboral entre os citados ámbitos territoriais.

Outros custos. Por comunidades autónomas. España. 2002

■ Cadro 1.35

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice	Taxa ⁽¹⁾	Euros	Índice	Taxa ⁽¹⁾
España	495,66	114,8	6,6	3,54	114,6	6,3
Andalucía	459,69	116,1	5,8	3,28	116,7	5,5
Aragón	500,52	114,6	6,8	3,68	115,4	6,1
Asturias	523,78	115,8	7,7	3,86	115,6	7,5
Baleares	448,01	115,2	5,9	3,21	119,3	5,2
Canarias	431,01	116,0	5,4	3,06	117,7	5,2
Cantabria	466,23	109,9	3,7	3,38	111,6	2,4
Castela e León	464,78	108,7	4,4	3,39	110,4	5,0
Castela-A Mancha	422,74	109,8	3,8	2,97	111,2	3,1
Cataluña	526,00	118,1	9,9	3,79	117,0	9,5
Com. Valenciana	459,97	113,2	5,6	3,26	112,8	5,2
Extremadura	404,51	112,3	2,4	2,94	114,8	3,2
Galicia	438,89	114,6	5,9	3,12	116,4	6,8
Madrid	557,65	114,7	6,0	3,86	113,2	4,3
Murcia	429,31	114,3	4,8	3,09	113,2	4,7
Navarra	550,29	113,6	5,9	4,12	115,7	6,5
País Vasco	569,49	112,3	7,3	4,25	112,1	8,4
A Ríoxa	464,46	110,4	1,6	3,32	111,0	1,5

(1) Porcentaxe de variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior

Datos do 4º trimestre de 2002. Base ano 2000

Fonte: INE. Índice de Custos Laborais

■ Cadro 1.36

Xornada laboral. Por comunidades autónomas.
España. 2002

	Horas por traballador e mes								
	Total traballadores			Tempo completo			Tempo parcial		
	Horas pactadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas pactadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas pactadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
España	159,3	140,0	20,2	169,8	149,1	21,7	84,6	74,8	10,0
Andalucía	157,8	139,9	18,5	168,7	149,6	19,8	87,9	77,9	10,2
Aragón	157,6	136,1	22,5	169,6	146,5	24,3	73,5	64,0	9,7
Asturias	157,5	135,6	22,9	168,1	144,2	25,0	81,3	73,3	8,1
Baleares	160,0	139,8	20,7	171,0	149,2	22,3	82,7	73,6	9,2
Canarias	161,7	141,0	21,2	172,1	150,0	22,5	85,2	73,9	11,3
Cantabria	159,0	137,7	22,8	169,3	146,5	24,5	80,9	71,4	9,6
Castela e León	157,6	137,1	21,3	169,4	147,0	23,3	74,9	67,6	7,7
Castela-A Mancha	160,9	142,7	18,6	170,2	150,7	19,9	80,7	73,3	7,5
Cataluña	159,1	138,7	21,5	170,2	148,4	23,0	85,4	74,2	11,5
Com. Valenciana	160,6	141,1	20,3	170,8	149,8	21,8	86,5	77,7	9,2
Extremadura	157,2	137,4	20,0	170,2	148,3	22,1	76,1	69,0	7,2
Galicia	159,9	140,8	20,0	169,8	149,3	21,5	83,1	74,7	8,5
Madrid	161,7	144,7	18,0	170,3	152,5	18,9	89,4	79,1	10,6
Murcia	158,3	139,0	19,9	170,2	149,4	21,5	91,8	81,1	11,3
Navarra	155,1	133,7	22,6	166,3	143,0	24,6	75,8	67,7	8,3
País Vasco	155,4	134,1	22,4	166,4	143,3	24,2	77,9	69,1	9,2
A Ríoxa	159,1	140,0	19,9	170,6	150,1	21,4	80,7	71,3	9,5

Datos do 4º trimestre de 2002. Base ano 2000

Fonte: INE. Índice de Custos Laborais

**Custo laboral⁽¹⁾ por comunidades autónomas.
Tódalas actividades e industria. 2000**

■ Cadro 1.37

	Tódalas actividades	Industria
España	23.183,45	26.331,93
Andalucía	20.781,75	24.330,84
Aragón	22.581,11	25.012,80
Asturias	23.827,67	29.348,56
Baleares	20.867,28	21.386,30
Canarias	19.744,02	22.187,18
Cantabria	22.633,58	27.824,69
Castela e León	21.938,53	26.484,49
Castela-A Mancha	19.293,18	18.789,06
Cataluña	24.569,70	27.992,64
Com. Valenciana	20.139,70	21.294,25
Estremadura	18.615,57	20.128,63
Galicia	20.285,65	22.073,72
Madrid	27.174,24	33.246,29
Murcia	18.464,17	18.494,67
Navarra	25.307,02	28.230,45
País Vasco	27.273,14	31.384,59
A Ríoxa	20.761,93	21.828,24
Ceuta e Melilla	20.416,87	21.819,05

(1) En euros por traballador e ano. Período de referencia ano 2000
Fonte: INE. Enquisa de Custo Laboral

O cadro 1.37 reflicte que globalmente o custo laboral en Galicia é o 87'5% do estatal, superando tan só o de catro comunidades autónomas (Canarias, Castela-A Mancha, Estremadura e Murcia). Se nos centramos no custo laboral no sector industrial, o galego supón unha porcentaxe sensiblemente inferior ó estatal (83'8%) que na comparanza global visto nas liñas anteriores, pero o máis amplo abano salarial entre as comunidades na industria fai que, pese a ese descenso de 3'5 puntos, haxa sete comunidades das que figuran nese cadro cun custo laboral inferior ó noso (Baleares, Castela-A Mancha, C. Valenciana, Estremadura, Murcia, A Ríoxa e Ceuta-Melilla).

O cadro 1.38 proporciona para cada comunidade o importe en euros por traballador e ano dos cinco compoñentes principais do custo laboral (ou "custo bruto" ou "custo laboral bruto") mentres que o 1.39 explicita a estrutura porcentual de cada un deses compoñentes respecto do custo laboral. Sobrancearemos como dato máis relevante na comparanza Galicia-España a pequena porcentaxe que no custo laboral representan en Galicia as indemnizacións por despedimento (nese apartado a media estatal supera nun 78% e o da Comunidade de Madrid nun 156% ó valor galego).

■ Cadro 1.38

**Custo laboral ⁽¹⁾ e os seus principais compoñentes.
Por comunidades autónomas. 2000**

	Custo bruto	Soldos e salarios	Cotizacións Seg. Social	Cotizacións voluntarias	Prestacións sociais	Indemnización por despedimento
España	23.183,45	17.158,56	4.984,50	160,78	302,49	280,59
Andalucía	20.781,75	15.272,21	4.637,43	101,97	254,17	231,62
Aragón	22.581,11	16.617,62	5.088,41	113,42	300,72	188,47
Asturias	23.827,67	17.546,46	5.439,38	167,70	337,71	95,50
Baleares	20.867,28	15.589,50	4.590,47	87,94	262,56	105,84
Canarias	19.744,02	14.390,69	4.303,77	177,23	265,35	201,04
Cantabria	22.633,58	16.606,73	5.071,80	135,71	351,71	229,49
Castela e León	21.938,53	16.027,06	4.901,40	184,78	325,51	228,44
Castela-A Mancha	19.293,18	14.147,35	4.346,80	148,85	248,03	222,31
Cataluña	24.569,70	18.243,24	5.220,15	160,69	276,83	373,79
Com. Valenciana	20.139,71	14.828,25	4.523,41	139,89	240,41	176,02
Extremadura	18.615,57	13.806,03	4.181,38	87,28	237,68	112,24
Galicia	20.285,65	14.967,12	4.562,73	129,99	251,90	137,72
Madrid	27.174,24	20.353,41	5.367,28	228,91	337,92	471,60
Murcia	18.464,17	13.777,03	4.176,05	66,28	245,67	77,08
Navarra	25.307,02	18.651,03	5.691,14	187,64	338,46	183,84
País Vasco	27.273,14	20.047,03	5.911,50	206,70	586,36	229,70
A Ríoxa	20.761,93	15.322,76	4.761,17	123,56	219,83	150,43
Ceuta e Melilla	20.416,87	15.049,46	4.517,24	48,94	342,07	199,84

(1) En euros por traballador e ano. Período de referencia ano 2000
Fonte: INE. Enquisa de Custo Laboral

■ Cadro 1.39

**Custo laboral e os seus principais compoñentes ⁽¹⁾.
Por comunidades autónomas. 2000**

	Custo bruto	Soldos e salarios	Cotizacións Seg. Social	Cotizacións voluntarias	Prestacións sociais	Indemnización por despedimento
España	100,00	74,01	21,50	0,69	1,30	1,21
Andalucía	100,00	73,49	22,31	0,49	1,22	1,11
Aragón	100,00	73,59	22,53	0,50	1,33	0,83
Asturias	100,00	73,64	22,83	0,70	1,42	0,40
Baleares	100,00	74,71	22,00	0,42	1,26	0,51
Canarias	100,00	72,89	21,80	0,90	1,34	1,02
Cantabria	100,00	73,37	22,41	0,60	1,55	1,01
Castela e León	100,00	73,05	22,34	0,84	1,48	1,04
Castela-A Mancha	100,00	73,33	22,53	0,77	1,29	1,15
Cataluña	100,00	74,25	21,25	0,65	1,13	1,52
Com. Valenciana	100,00	73,63	22,46	0,69	1,19	0,87
Extremadura	100,00	74,16	22,46	0,47	1,28	0,60
Galicia	100,00	73,78	22,49	0,64	1,24	0,68
Madrid	100,00	74,90	19,75	0,84	1,24	1,74
Murcia	100,00	74,61	22,62	0,36	1,33	0,42
Navarra	100,00	73,70	22,49	0,74	1,34	0,73
País Vasco	100,00	73,50	21,68	0,76	2,15	0,84
A Ríoxa	100,00	73,80	22,93	0,60	1,06	0,72
Ceuta e Melilla	100,00	73,71	22,13	0,24	1,68	0,98

(1) Estructura porcentual sobre o custo laboral bruto
Fonte: INE. Enquisa de Custo Laboral

■ Cadro 1.40

Custo laboral e os seus compoñentes ⁽¹⁾. Por tamaño do cadro do persoal.
Galicia/ España.2000.

	Galicia				Espana			
	Total	1 a 49	50 a 199	200 e máis	Total	1 a 49	50 a 199	200 e máis
Custo bruto	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Soldos e salarios	73,78	74,28	72,73	73,91	74,01	74,80	73,70	73,52
Cotizacións obrigatorias á S.Social	22,49	23,03	22,70	21,79	21,50	22,25	21,80	20,68
Cotizacións voluntarias	0,64	0,35	0,56	0,99	0,69	0,27	0,59	1,11
Prestacións sociais directas	1,24	0,52	1,35	1,94	1,30	0,58	0,91	2,15
Indemnizacións por despedimento	0,68	0,70	1,06	0,42	1,21	1,10	1,64	1,05
Gastos en formación profesional	0,30	0,19	0,45	0,33	0,41	0,22	0,40	0,58
Gastos en transporte	0,07	0,04	0,09	0,08	0,09	0,04	0,09	0,12
Gastos de carácter social	0,10	0,06	0,13	0,12	0,11	0,05	0,09	0,18
Pagos compensatorios	0,49	0,63	0,61	0,27	0,43	0,51	0,50	0,32
Outros gastos	0,21	0,20	0,32	0,14	0,24	0,19	0,27	0,27
Subvencións	1,22	1,80	1,00	0,74	1,05	1,36	1,08	0,77
Custo neto	98,78	98,20	99,00	99,26	98,95	98,64	98,92	99,23

(1) Estructura porcentual sobre o custo laboral bruto

Fonte: INE. Enquisa de Custo Laboral

A desagregación en tres tramos por tamaño da cadro de persoal da empresa do custo laboral e os seus compoñentes para Galicia e España presentámola no cadro I.40, para permitir ás persoas interesadas que afonden neste tema.

No cadro I.41 recolleemos un cadro procedente da nova Encuesta anual de coste laboral, que se elabora a partir dun cuestionario anexo ó do Índice de custos labo-

■ Cadro 1.41

Custo laboral ⁽¹⁾ e os seus principais compoñentes.
Por comunidades autónomas. 2001

	Custo bruto ou laboral	Soldos e salarios	Cotizacións obrigatorias Seg. Social	Cotizacións voluntarias	Prestacións sociais directas	Resto custos ⁽²⁾	Subvencións e deducións	Custo neto ⁽³⁾
Espana	22.493,21	16.471,22	5.101,41	143,09	220,82	556,67	198,81	22.294,40
Andalucía	20.408,21	14.946,25	4.743,00	99,35	161,05	458,56	183,84	20.226,37
Aragón	22.315,10	16.197,08	5.160,18	100,52	177,27	680,05	223,73	22.091,37
Asturias	22.400,08	16.116,97	5.371,11	157,26	244,05	510,69	195,41	22.204,67
Baleares	19.967,79	14.689,13	4.681,56	89,45	165,04	342,61	167,54	19.800,25
Canarias	18.701,40	13.681,22	4.374,72	104,87	150,91	389,68	139,50	18.561,90
Cantabria	20.995,42	15.157,57	5.027,31	124,61	262,46	423,47	168,54	20.826,88
Castela e León	21.349,52	15.376,82	4.934,10	249,41	251,83	537,36	193,12	21.156,40
Castela-A Mancha	19.180,97	13.976,88	4.493,79	139,42	184,95	385,93	137,13	19.043,84
Cataluña	23.637,97	17.443,48	5.347,17	129,48	194,30	523,54	214,23	23.423,74
Com. Valenciana	20.412,53	14.853,71	4.786,89	89,79	148,57	533,57	192,96	20.219,57
Extremadura	18.385,46	13.486,94	4.289,73	101,47	152,46	354,86	177,04	18.208,42
Galicia	19.859,45	14.383,71	4.650,24	122,28	293,17	410,05	194,54	19.664,91
Madrid	26.755,90	19.743,25	5.574,15	229,06	327,55	881,89	196,03	26.559,87
Murcia	18.308,52	13.211,08	4.343,85	56,44	243,13	454,02	171,41	18.137,11
Navarra	24.546,37	17.966,61	5.832,21	116,64	154,41	476,50	287,21	24.259,16
País Vasco	26.174,98	19.112,40	6.041,43	184,57	302,11	534,47	283,92	25.891,06
A Rioxa	21.091,78	15.226,37	5.032,98	152,45	168,53	511,45	253,43	20.838,35

(1) En euros por traballador e ano

(2) Outros custos inclúe indemnizacións por despedimento, gastos en formación profesional, gastos en transporte, gastos de carácter social, indemnizacións fin de contrato, pagos compensatorios, axudas de custo e gastos de viaxe e outros gastos

(3) É o custo bruto menos as subvencións (nas cotizacións á Seguridade Social, á contratación, á formación profesional) e as deducións fiscais

Fonte: INE. Enquisa anual de custo laboral. 2001

rais (ICL), co obxecto de completar os datos que no ICL se obteñen trimestralmente cunha perspectiva anual dos mesmos. A información da enquisa anual 2001 recolleuse de setembro a decembro de 2002 e explicita que o maior custo laboral correspondeu ás comunidades autónomas de Madrid, País Vasco, Navarra, Cataluña e Asturias, mentres que o menor custo laboral tiverono Murcia, Extremadura, Canarias, Castela-A Mancha e Galicia. A análise en detalle do cadro permite a comparanza entre comunidades dos diversos compoñentes do custo laboral; deles só sobrancearemos que Galicia ten as prestacións sociais directas relativas maiores e é a terceira comunidade polo importe absoluto das mesmas, tras Madrid e o País Vasco (as prestacións sociais directas defínense nesta enquisa como os pagos que o empregador fai directamente ó traballador -ou á súa familia- para asistilo en determinadas circunstancias; son pagos que derivan por exemplo da incapacidade temporal -tanto na fase en que está só a cargo do empregador coma cando se complementa o pago da Seguridade Social-, asistencia familiar, asistencia médica, minusvalía, invalidez, etc).

Xa no Informe do pasado ano sinalabamos que incluso tendo en conta que Galicia ten un índice de prezos inferior ó promedio español (do 95'86% no ano 2001) queda claro que a maior diferenza do noso nivel salarial medio co estatal -en comparanza co diferencial dos prezos- explicita que o poder adquisitivo dos asalariados galegos queda moi por baixo do promedio estatal (concretamente, o nivel salarial dos galegos debería aumentar nun 12'87% para iguala-lo seu poder de compra co do promedio español).

No tocante á comparanza con outros estados da Unión Europea, a Enquisa de Custo Laboral realízase cuatrienalmente co obxectivo de estima-lo custo do factor traballo nos distintos estados da UE (incluíndo os custos non salariais). No cadro

Custo laboral por hora en industria e en servizos. Unión Europea. 2000

■ Cadro 1.42

Unión Europea	Euros/ hora traballada	Incorporación á UE no ano 2004	Euros/ hora traballada
Media UE (15)	22,70		
Suecia	28,56	Chipre	10,74
Dinamarca	27,10	Eslovenia	8,98
Alemaña	26,54	Polonia	4,48
Francia	24,39	República Checa	3,90
Luxemburgo	24,23	Hungría	3,83
Reino Unido	23,85	Eslovaquia	3,06
Austria	23,60	Estonia	3,03
Holanda	22,99	Lituania	2,71
Finlandia	22,13	Letonia	2,42
Irlanda	17,34		
España	14,22		
Grecia	10,40		
Portugal	8,13		

Fonte: Eurostat

1.42 recollémo-los datos presentados hai moi poucos meses por Eurostat (a oficina estatística da UE) relativos ó custo laboral por hora na industria e nos servizos no ano 2000. Compróbase que España é un dos estados co menor custo laboral (que representa un 62'64% da media UE-15), só por diante de Grecia e Portugal (Eurostat proporcionou só os valores de 13 estados; faltan os de Bélxica e Italia)). Se en cambio facémo-la comparanza do dato español coa media dos estados que entrarán na UE en maio de 2004 (Eurostat non facilitou o dato de Malta), o custo laboral español triplicao -e mesmo o quintuplica nalgún caso, coma Lituania e Letonia).

O custo laboral por hora en Galicia era nese mesmo ó redor do 60% da media da UE e inferior á metade do de Suecia, Dinamarca ou Alemania, anque superior a calquera dos estados que entrarán na UE no ano 2004 (cuadruplicando o custo laboral por hora de Letonia, Lituania, Estonia ou Eslovaquia).

Cómpre non esquecer ó estudar o custo laboral que este é unha media estatística do que cobran os asalariados, pero que un dos importantes condicionantes dos ingresos de moitos fogares é o importe do salario mínimo interprofesional (non só para os que o perciben directamente como contraprestación do seu traballo senón tamén para aqueles que reciben ingresos sociais que están directamente vencellados co SMI). Remitimos ás persoas interesadas ó Informe do pasado ano, no que recollíamo-lo importe do SMI nos nove estados da UE nos que está regulado, para comprobar que o salario mínimo español (e máis galego) está entre os máis baixos (só por diante de Portugal e Grecia) e que non chega á metade do de Reino Unido, Francia, Bélxica, Holanda ou Luxemburgo. A diferenza de prezos con eses cinco estados non se achega -nin moito menos- ó diferencial dos salarios mínimos, polo que o poder adquisitivo do SMI español (e galego) queda moi por baixo do deses países. Un estudio de Eurostat sobre este tema sinala que, tendo en conta a compra dun mesmo grupo de produtos, os españois deben desembolsar máis do 20% do SMI (o dobre que na media da UE) e só Portugal debe desembolsar unha porcentaxe maior do SMI na compra desa "cesta de produtos".

No relativo ó SMI por hora efectiva traballada en distintos estados da Unión Europea, nese mesmo Informe recóllese que o dato español (ou galego) non chega á terceira parte da media da UE (é o 31'9%), porcentaxe que ven pouco ten que ver coa porcentaxe do PIB por habitante de Galicia (64%) ou España (82%) respecto da media da UE. Cómpre, pois, un esforzo de aproximación do noso SMI á media da UE, para corrixir unha clara inxustiza histórica e ir logrando unha auténtica "converxencia" neste aspecto social no que tampouco se utiliza esa palabra.

A comparanza da evolución do salario mínimo interprofesional e do índice de prezos ó consumo en Galicia na última década reflicte que só en tres anos (1996, 1997 e 1998) a suba do SMI foi maior que o da inflación. Entre os sete anos en que o SMI subiu menos que os prezos atópanse todos os do último cuatrienio.

No capítulo 7 deste Informe figura a suba salarial establecida na negociación colectiva en Galicia e no conxunto do Estado nos últimos anos; consideramos que a súa visión pode ser interesante para complementa-lo visto neste epígrafe.

1.4.3 O Gasto

Os salarios -estudiados no epígrafe anterior- son a fonte principal de renda dos fogares, polo que o seu nivel é un condicionante importante do consumo ou aforo que van realizar as persoas que residen neles. Con todo, cómpre nos esquecer a importancia relativa das outras fontes de renda (capital, rendas mixtas, prestacións sociais...).

O coñecemento da estrutura do gasto por produtos é fundamental para a configuración actualizada da "cesta da compra" que se toma como base para o seguimento mensual dos prezos dos bens e servizos. A Enquisa continua de orzamentos familiares vai recollendo trimestralmente o gasto medio por persoa nas diferentes comunidades autónomas.

No cadro 1.43 recollémo-los datos do gasto medio por persoa nas distintas comunidades no último bienio, que reflicten a menor contía do mesmo en Galicia (foi o 93'91% do gasto medio estatal no cuarto trimestre de 2002); cómpre subliñar que esa porcentaxe subiu tres puntos respecto no mesmo período do ano anterior debido a que a suba do gasto medio por persoa en Galicia (5'5%) case triplicou á media estatal (1'9%).

■ Cadro 1.43

Gasto medio por persoa. Por comunidades autónomas.
2001-2002

	Total gasto		Alimentos bebidas e tabaco		Resto	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002
Andalucía	1.588,30	1.654,70	337,23	385,37	1.251,07	1.269,33
Aragón	1.862,89	1.982,22	404,63	410,87	1.458,26	1.571,35
Asturias	1.815,86	1.784,13	370,24	385,20	1.445,61	1.398,93
Baleares	1.993,51	2.081,78	305,35	372,45	1.688,16	1.709,33
Canarias	1.658,46	1.657,71	323,41	411,94	1.335,05	1.245,77
Cantabria	2.018,62	2.177,78	420,93	500,75	1.597,69	1.617,03
Castela e León	1.655,79	1.773,39	335,18	422,04	1.320,60	1.351,35
Castela-A Mancha	1.460,76	1.506,54	318,53	378,71	1.142,23	1.127,83
Cataluña	1.911,77	1.873,80	400,36	406,90	1.511,40	1.466,90
Com. Valenciana	1.702,54	1.727,67	341,69	373,29	1.360,84	1.354,38
Extremadura	1.374,46	1.435,76	346,57	352,59	1.027,89	1.083,17
Galicia	1.609,26	1.697,43	382,75	406,76	1.226,51	1.290,67
Madrid	2.103,64	2.085,21	385,59	370,46	1.718,05	1.714,75
Murcia	1.696,51	1.715,81	400,25	409,87	1.296,26	1.305,94
Navarra	2.057,14	2.047,89	360,51	338,99	1.696,63	1.708,90
País Vasco	2.008,91	2.083,81	423,91	418,98	1.585,00	1.664,83
A Ríoxa	1.924,70	1.822,75	423,71	413,13	1.500,99	1.409,62
Ceuta e Melilla	1.840,15	1.461,10	348,30	297,57	1.491,85	1.163,53
España	1.703,40	1.806,69	365,85	390,37	1.407,55	1.416,32

Datos en euros

Fonte: INE. Enquisas Continuas de Orzamentos Familiares (gasto de consumo dos fogares)

2.1. Introducción

No capítulo anterior estudíamo—la realidade macroeconómica galega do ano 2002; neste ímonos centrar na estrutura e na dinámica do tecido productivo de Galicia e máis na política industrial das diferentes administracións públicas.

Primeiramente, achegarémonos á dimensión das empresas galegas (en aspectos como o número de empregados, e a distribución por provincias baseándonos fundamentalmente en datos obtidos do INE (DIRCE) e da Tesourería Xeral da Seguridade Social. Trataremos tamén neste epígrafe do crecemento do número de empresas galegas e da forma xurídica que adoptan.

No apartado seguinte analizaremos—las enquisas industriais (de empresas e de produtos), a enquisa de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), a de indicadores de alta tecnoloxía e as opinións dos empresarios galegos sobre diversas variables da actividade productiva.

Despois abordarémolo estudio do sector público empresarial en Galicia, analizando a súa relevancia en emprego e investimentos. Por último, referirémonos á política industrial en Galicia, contemplada desde unha triple perspectiva: da Unión Europea, da Administración Central e da Administración Autonómica.

Por último, centrarémonos nas maiores empresas que teñen a sede en Galicia, tratando da súa evolución económico-financeira, da distribución sectorial e territorial, dos trazos de competitividade e da creación de emprego.

2.2. Dimensión e forma xurídica das empresas

Neste apartado achegarémonos, en primeiro lugar, á estrutura do tecido productivo galego a través do estudio da dimensión das empresas galegas segundo o número de traballadores e os sectores de actividade, de acordo coa información subministrada polo Directorio Central de Empresas (DIRCE). Incluiremos tamén datos destas mesmas variables para as comunidades autónomas e o conxunto estatal, co fin de facilitar a comparanza entre a nosa comunidade autónoma e o total de España.

En segundo lugar, analizaremos a información que sobre as empresas galegas proporciona a Seguridade Social por estratos de asalariados e provincias.

En terceiro lugar achegarémonos ás empresas con domicilio social en Galicia de maior dimensión por facturación e emprego. Esta información complementarémola coa das vendas e o emprego das grandes empresas industriais españolas con significativa presenza productiva en Galicia e máis das principais empresas industriais nas que o principal establecemento en España está situado en Galicia.

Nos informes de anos anteriores víñanse ofrecendo os datos de números de empresas máis a súa distribución por actividades económicas e número de traballadores tomando como referencia a información subministrada pola Tesourería Xeral da Seguridade Social que a contemplaba desde a perspectiva dos códigos de contas das empresas inscritas no Réxime Xeral da Seguridade Social.

A partir de 1995 introdúcese no informe a información do Directorio Central de Empresas (DIRCE) do INE que combina, na elaboración das estatísticas de empresas, os datos da Seguridade Social cós procedentes das retencións do IRPF, o imposto de actividades económicas e os de Rexistro Mercantil, sometidos a un itinerario de tratamentos de depuración, harmonizacións e integración có obxecto de chegar ós datos máis fiables posibles.

Vista a importancia, fiabilidade e a utilización da fonte de DIRCE a efectos internacionais, en particular nos datos que se subministran a EUROSTAT, considérase preciso facer un cambio na exposición de datos deste epígrafe da dimensión das empresas, presentando en primeiro lugar os correspondentes ó DIRCE, pero mantendo neste caso (cadro 2.8) a información que subministra a Seguridade Social que ofrece un concepto de empresa distinto e máis limitado.

O DIRCE é un proxecto que ven a desenvolver o INE desde 1989 e que a partir de 1995 ofrece datos máis precisos sobre o número de empresas por comunidade autónoma e provincial e a distribución das mesmas desde o punto de vista xurídico, por estratos de asalariados e por actividade económica.

Como xa apuntamos anteriormente o concepto de empresa é amplo e comprende tamén as que non dispoñan de asalariados, empregando como fontes primarias os datos da cotizacións da Seguridade Social, IRPF, Imposto de Actividades Económicas, inscrición no Rexistro Mercantil. Os datos do DIRCE refírense á situación a día 1 de

xaneiro de cada ano e compre ter en conta que non inclúe os datos das empresas dos sectores agrario e pesqueiro nin os servicios administrativos das administracións públicas (aunque si as empresas públicas).

O cadro 2.1 recolle a distribución por sectores económicos e comunidades autónomas das empresas que figuran no DIRCE ó comezo do ano 2002. A Comunidade Autónoma de Cataluña é a que maior número de empresas acolle, atendendo ó emprazamento da súa sede central, representando as máis de cincocentas mil ó 19% do total español. O segundo lugar ocúpao Andalucía con o 14,7%, seguida da Comunidade Autónoma de Madrid cun 14,2% e a Valenciana cun 10,6%.

■ Cadro 2.1

Distribución das empresas. Por sectores económicos e comunidades autónomas. 2001-2002

	Sector económico									
	Total		Industria		Construcción		Comercio		Resto de servicios	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
España	2.645.317	2.710.400	244.262	247.779	314.705	336.075	796.690	796.647	1.289.660	1.329.899
Andalucía	384.086	398.302	30.860	31.569	34.174	37.247	134.492	136.251	184.560	193.235
Aragón	80.586	81.533	8.403	8.443	11.005	11.536	23.103	22.801	38.075	38.753
Asturias	65.301	63.209	4.572	4.362	7.794	7.811	20.279	19.075	32.656	31.961
Baleares	71.424	73.358	5.327	5.342	11.456	12.240	18.552	18.589	36.089	37.187
Canarias	108.619	113.165	6.128	6.338	11.198	12.343	34.463	34.791	56.830	59.693
Cantabria	32.288	33.017	2.354	2.391	4.207	4.468	9.411	9.442	16.316	16.716
Cast. e León	147.775	147.496	12.839	12.875	21.750	22.330	45.799	44.706	67.387	67.585
Cast. A Mancha	100.804	100.492	12.634	12.621	15.354	16.193	33.010	31.839	39.806	39.839
Cataluña	494.153	515.173	54.164	55.943	60.910	64.827	138.906	141.479	240.173	252.924
C. Valenciana	281.932	288.408	31.263	31.526	31.834	34.673	88.702	88.016	130.133	134.193
Extremadura	47.765	57.419	4.129	5.074	5.619	7.402	16.900	20.284	21.117	24.659
Galicia	167.732	165.726	14.838	14.799	21.626	22.614	53.732	52.217	77.536	76.096
Madrid	377.785	384.638	26.937	26.828	40.974	43.080	94.386	93.512	215.488	221.218
Murcia	69.865	72.547	7.145	7.297	8.617	9.305	23.337	23.582	30.766	32.363
Navarra	36.606	37.333	3.752	3.896	5.396	5.580	10.086	10.140	17.372	17.717
País Vasco	152.722	152.211	15.885	15.413	19.875	21.349	42.308	40.713	74.654	74.736
A Rioxa	18.985	19.499	2.868	2.890	2.454	2.613	5.831	5.904	7.832	8.092
Ceuta e Melilla	6.889	6.874	164	172	462	464	3.393	3.306	2.870	2.932

Fonte: INE. DIRCE

Galicia representa a quinta comunidade por número de empresas con 165.726 no ano 2002. Case a metade das empresas (45,92% en Galicia e 49,07% no total estatal) pertencen ó sector “resto de servicios”, no que figuran as empresas do sector de servicios diferentes das comerciais. Case a terceira parte do total das empresas son do espectro do comercio (31,51% en Galicia e 29,39% no total estatal). Conxuntamente, as empresas do sector servicios supoñen un 77,42% do total en Galicia e un 78,46% en España.

O crecemento no número de empresas ó longo de 2001 foi no total do Estado do 2,42%, sendo destacable en Cataluña 4,25% e Andalucía o 3,7%. En Galicia decreceu moi lixeiramente pasando das 167.732 do primeiro de xaneiro do 2001 as 165.726 da mesma data do 2002.

■ Cadro 2.2

Distribución das empresas. Por provincias. Galicia/España. 1995-2002

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	% G/E
1995	61.647	19.678	19.085	46.980	147.390	2.301.559	6,4
1996	63.865	20.254	19.779	48.597	152.495	2.384.711	6,4
1997	64.946	20.545	20.076	49.494	155.061	2.438.830	6,4
1998	66.313	20.945	20.370	50.955	158.583	2.474.690	6,4
1999	63.167	21.267	20.598	52.013	157.045	2.518.801	6,2
2000	69.381	21.825	20.959	53.907	166.072	2.595.392	6,4
2001	70.021	21.865	21.136	54.710	167.732	2.645.317	6,3
2002	66.276	21.942	21.215	56.293	165.726	2.710.400	6,1

Elaboración propia
Fonte: INE.DIRCE

No cadro 2.2. presentámo-la distribución das empresas en Galicia —con desglose provincial— e máis no Estado. Galicia ten a primeiros do ano 2002 un 6,1% do total estatal de empresas que figuran do DIRCE, porcentaxe que baixou en dous décimas con respecto ó ano anterior se ben mantívose practicamente invariable ó

■ Cadro 2.3

Distribución das empresas. Por condición xurídica e provincias. Galicia. 1999-2002

	Total empresas	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de respons. limitada	Sociedades colectivas	Sociedades comandit- arias	Comunidades de bens	Sociedades cooperativas	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos e outros
A Coruña										
1999	63.167	44.018	1.767	13.067	13	0	830	398	2.993	81
2000	69.381	47.820	1.825	14.735	12	0	845	418	3.628	98
2001	70.021	47.115	1.817	15.861	10	1	841	421	3.849	106
2002	66.276	43.244	1.757	16.195	7	1	813	403	3.771	85
Lugo										
1999	21.267	15.810	293	3.864	1	0	1.012	166	90	31
2000	21.825	15.962	312	4.140	1	0	1.077	168	134	31
2001	21.865	15.710	314	4.347	0	0	1.140	179	143	32
2002	21.942	15.559	300	4.548	0	0	1.175	179	149	32
Ourense										
1999	20.598	14.939	502	4.053	1	0	221	125	724	33
2000	20.959	14.972	493	4.293	1	0	229	137	799	35
2001	21.136	14.815	498	4.564	1	0	241	148	832	37
2002	21.215	14.655	485	4.784	1	0	254	143	856	37
Pontev.										
1999	52.013	34.017	1.492	13.794	3	0	1.670	222	747	68
2000	53.907	34.563	1.488	14.809	2	0	1.810	235	930	70
2001	54.710	34.160	1.506	15.803	3	0	1.900	248	1.020	70
2002	56.293	34.573	1.507	16.750	3	0	1.982	281	1.127	70
Galicia										
1999	157.045	108.784	4.054	34.778	18	0	3.733	911	4.554	213
2000	166.072	113.317	4.118	37.977	16	0	3.961	958	5.491	234
2001	167.732	111.800	4.135	40.575	14	1	4.122	996	5.844	245
2002	165.726	108.031	4.049	42.277	11	1	4.224	1.006	5.903	224
España										
1999	2.518.801	1.647.699	133.410	559.483	579	118	71.809	23.110	77.263	5.330
2000	2.595.392	1.662.679	131.079	612.374	548	127	73.511	23.456	86.070	5.548
2001	2.645.317	1.651.265	129.349	667.441	503	127	75.503	24.210	91.386	5.533
2002	2.710.400	1.662.183	126.529	716.542	471	117	76.631	24.867	97.501	5.559

Elaboración propia
Fonte: INE.DIRCE

■ Cadro 2.4

Distribución das empresas. Por estrato de asalariados e provincias.
Galicia/España. 1999-2002

		Sen asalariados	Con asalariados	de 1 a 2 asalariados	de 3 a 5	de 6 a 9	de 10 a 19	de 20 a 49	de 50 a 99	de 100 a 199	de 200 a 499	de 500 a 999	de 1.000 a 4.999	de 5.000 ou máis asalariados
A Coruña	1999	34.778	28.389	16.932	5.795	2.484	1.803	1.014	210	85	49	12	5	0
	2000	38.822	30.559	18.104	6.299	2.662	1.939	1.120	249	110	54	17	5	0
	2001	38.084	31.937	18.807	6.606	2.966	1.982	1.116	252	129	58	15	5	1
	2002	34.388	31.888	18.542	6.728	2.976	2.031	1.134	258	135	55	16	11	2
Lugo	1999	11.666	9.601	6.146	2.008	725	463	209	30	15	4	1	0	0
	2000	11.733	10.092	6.385	2.148	796	489	218	34	18	3	0	1	0
	2001	11.293	10.572	6.712	2.219	861	498	222	38	18	3	1	0	0
	2002	11.094	10.848	6.842	2.285	890	514	252	39	19	6	1	0	0
Ourense	1999	11.768	8.830	5.509	1.811	709	492	213	66	14	10	5	1	0
	2000	11.788	9.171	5.654	1.921	752	497	254	60	16	12	4	1	0
	2001	11.528	9.608	6.001	1.934	844	502	229	64	17	11	5	1	0
	2002	11.377	9.838	6.141	1.967	881	507	242	63	22	9	5	1	0
Pontevedra	1999	26.560	25.453	14.898	5.397	2.265	1.624	921	205	87	43	10	2	1
	2000	27.245	26.662	15.330	5.735	2.454	1.735	1.043	211	94	45	11	3	1
	2001	26.789	27.921	15.967	5.981	2.759	1.800	1.019	240	90	50	7	7	1
	2002	27.137	29.156	16.681	6.297	2.848	1.837	1.083	247	93	56	7	6	1
Galicia	1999	84.772	72.273	43.485	15.011	6.183	4.382	2.357	511	201	106	28	8	1
	2000	89.588	76.484	45.473	16.103	6.664	4.660	2.635	554	238	114	32	10	1
	2001	87.694	80.038	47.487	16.740	7.430	4.782	2.586	594	254	122	28	13	2
	2002	83.996	81.730	48.206	17.277	7.595	4.889	2.711	607	269	126	29	18	3
España	1999	1.388.116	1.130.685	648.771	235.131	101.717	79.423	45.639	11.348	4.826	2.740	663	362	65
	2000	1.417.221	1.178.171	666.054	246.660	108.534	85.259	49.855	12.362	5.373	2.910	697	396	71
	2001	1.408.792	1.236.525	692.964	259.764	126.050	86.308	48.205	12.953	5.867	3.180	744	418	72
	2002	1.425.332	1.285.068	716.914	271.764	131.666	89.840	50.595	13.468	6.190	3.276	815	466	74

Elaboración propia
Fonte: INE.DIRCE

longo do septenio de existencia desta fonte estatística —só en 1999 e en 2002 foi algo menor—. A provincia da Coruña concentra no último ano o 40% das empresas galegas e a de Pontevedra o 33,97% polo que tres de cada catro empresas galegas pertencen a unha desas provincias.

O descenso do número de empresas de Galicia en 2002 debeuse á diminución operada na provincia da Coruña, na que baixan en 3.745, mentres que no resto das provincias galegas sube o seu número, moi lixeiramente en Lugo e Ourense e con maior forza en Pontevedra.

No cadro 2.3 podemos ver a distribución nas provincias galegas —e nos totais galego e español— do número de empresas segundo a condición xurídica no último cuatrienio. En Galicia o maior aumento absoluto no ano 2002 foi o do grupo das de responsabilidade limitada, en 1.702, incrementándose tamén as comunidades de bens, as sociedades cooperativas e as asociacións, diminuindo en troques as de per-

soas físicas —en 3.769—, as sociedades anónimas —en 86— e en menor medida as colectivas e os organismos autónomos.

No tocante á estrutura empresarial galega por condición xurídica no ano 2002, a empresa propiedade dunha persoa física segue a se-la fórmula maioritaria, escóllena un 65,19% das empresas galegas, seguida da sociedade limitada (25,51% das empresas). Esta última segue subindo a súa porcentaxe (no último ano en case dous puntos).

No cadro 2.4 ofrecémo-la distribución das empresas por estrato de asalariados nas provincias galegas —e nos totais galego e máis estatal— no último cuadrienio. Máis da metade das empresas galegas (50,68%) non teñen asalariados e o 58,98% das que teñen algún só contan con un ou dous empregados.

Nas empresas sen asalariados, Galicia representa o 5,89% do total español no ano 2002 (tres décimas menos que no ano anterior). Nas empresas con asalariados, o peso relativo de Galicia no total estatal é maior nas empresas de menos asalariados e vaise facendo sempre máis pequeno a medida que sobe o estrato de empregados ata o nivel dos 5.000 empregados, salvo no de 1.000 a 4.999 no que sobe moi lixeiramente con respecto ó estrato anterior.

A porcentaxe de Galicia no total estatal de empresas é no último ano do 6,72% no estrato de 1 ou 2 asalariados, 6,36% nas de 3 a 5 asalariados, 5,77% nas de 6 a 9, 5,44% nas de 10 a 19, 5,36% nas de 20 a 49, 4,51% nas de 50 a 99, 4,35% nas de 100 a 199, 3,85% nas de 200 a 499 asalariados, 3,56% nas de 500 a 999. Nas empresas de 1.000 a 4.999 asalariados esa porcentaxe representa 3,86% e nas que superan os 5.000 asalariados é do 4,05%.

Se centrámo-la análise nas empresas de 500 ou máis empregados sobrancea o dato de que en Galicia no ano 2002 hai 50 empresas (cinco máis que no ano anterior) e no total do Estado 1.355 (121 empresas máis que no ano anterior), polo que as empresas de Galicia supoñen agora o 3,69% do total de España (unha décima máis que no ano anterior, pero moi por baixo da porcentaxe antes vista para o total de empresas: 6,10%). Se contemplamos só as empresas de 1.000 ou máis empregados, en Galicia hai 21 —tralo forte aumento das empresas de entre 1.000 e 4.999 experimentado no ano 2002— e no Estado hai 540, polo que a porcentaxe galega no conxunto español neste estrato empresarial sobe ó 3,89%.

O cadro 2.5 explicita a porcentaxe de empresas que teñen asalariados nos últimos oito anos tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Esa porcentaxe en Galicia supera en case dous puntos no ano 2002 á porcentaxe estatal, medrando máis no último ano en Galicia que no conxunto do Estado.

Unha información máis polo miúdo das empresas con asalariados é a que figura no cadro 2.6, que recolle a porcentaxe de empresas por estrato de asalariados en Galicia e no Estado no último quinquenio. Compróbase que no ano 2002 só nos primeiro estratos —de un a dous asalariados— as empresas galegas superan en porcentaxe ás do total do Estado, nas de tres a cinco a porcentaxe e a mesma e vaise abrindo a diferenza relativa a prol de España nos catro estratos seguintes a medida que vai subindo o tamaño do cadro de persoal.


A distribución das empresas por actividade principal —segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas— e estrato de asalariados presentámola para Galicia no ano 2002 no cadro 2.7. O epígrafe 52 (comercio polo miúdo, sen incluír o de vehículos de motor e a reparación de aparellos domésticos ou efectos perso-

**Porcentaxe de empresas que teñen asalariados.
Galicia/España. 1995-2002**

■ Cadro 2.5

	Galicia	España
1995	41,0	42,4
1996	41,6	42,5
1997	43,3	43,3
1998	44,4	43,8
1999	46,0	44,9
2000	46,1	45,4
2001	47,7	46,7
2002	49,3	47,4

Fonte: DIRCE



ais) concentra o 20,77% do total de empresas galegas que figuran no DIRCE; séguelnle en importancia numérica o epígrafe 45 (construcción) cun 13,65% do total e o epígrafe 55 (Hostalería) cunha porcentaxe do 12,26 %. Os tres apartados citados concentran case a metade do total de empresas galegas (46,68%); na comparación co ano anterior, aumenta a porcentaxe da construción, como nos dous anos anteriores e diminúen as do comercio polo miúdo e maila hostalería.

■ Cadro 2.6


**Porcentaxe de empresas. Por estrato de asalariados⁽¹⁾.
Galicia/España. 1998-2002**

	Galicia						España					
	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis
1998	60,8	20,7	5,4	6,0	3,1	1,1	57,8	20,8	9,1	6,8	3,8	1,7
1999	60,1	20,8	8,6	6,1	3,3	1,1	57,4	20,8	9,0	7,0	4,0	1,8
2000	59,5	21,1	8,7	6,1	3,4	1,2	56,6	20,9	9,2	7,2	4,2	1,9
2001	59,3	20,9	9,3	6,0	3,2	1,3	56,0	21,0	10,2	7,0	3,9	1,9
2002	59,0	21,1	9,3	6,0	3,3	1,3	55,8	21,1	10,2	7,0	3,9	1,7

Elaboración propia, a partir dos datos do DIRCE

⁽¹⁾ Calculado sobre o total de empresas que teñen algún asalariado

Porcentaxe de empresas por estrato de asalariados en 2002



Se centrámola análise nas empresas **galegas sen asalariados**, os tres epígrafes citados supoñen no ano 2002 unha porcentaxe lixeiramente menor (47,32%) e o peso relativo de cada un deles varía notablemente respecto ó visto anteriormente, xa que o comercio polo miúdo (no que hai que lembrar que non se inclúen as actividades antes mencionadas) perde un pouco de peso acadando o 24,33% do total, a hostalería tamén diminúe lixeiramente (12,37%) e a construción aumenta a súa participación no total galego (que pasa a ser dun 10,62%).

Se queremos centra-la análise nas empresas galegas **con asalariados** do ano 2002, os datos deste cadro 2.7 permiten ós interesados realizar un estudio polo miúdo do número de empresas correspondentes ás diversas actividades económicas do CNAE —ata a subdivisión en dous díxitos— para os once estratos de asalariados recollidos no DIRCE.

O cadro 2.8 contempla o número total e por tramos de traballadores en alta das empresas inscritas no Réxime Xeral e no da Minería do Carbón da Seguridade Social en cada unha das provincias galegas, no total de Galicia e no total de España, agrupando nunha única entidade —empresa— tódalas contas de cotización co mesmo número de identificación fiscal, co fin de acadar na estatística un concepto de empresa que se corresponda có xurídico. A provincia da Coruña agrupa o 40,94% das empresas inscritas e noutro polo cuantitativo a de Ourense comprende o 12,51%. As 77.669 empresas que desde esta perspectiva operan en 2002 en Galicia representan o 6,52% do total español. As empresas de un e dous traballadores son as máis numerosas en Galicia e en cada unha das provincias da comunidade e representan con respecto o total nacional o 6,77%, unha porcentaxe máis elevada que o total de empresas; por outra banda as de máis de 1.000 traballadores constitúen só o 5,47 do total de España.

■ Cadro 2.7

Distribución das empresas segundo estrato de asalariados.
Por actividade principal. Galicia. 2001-2002

	Total		Sen asalariados		De 1 a 2 asalariados	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002
10. Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	2	2	0	0	0	0
11. Extracción de crús de petróleo e gas natural, actividades dos servizos relacionados coas explotacións petrolíferas e de gas, agás activ. de prospección	4	4	1	1	2	1
13. Extracción de minerais metálicos	6	7	2	1	2	3
14. Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	354	416	85	86	88	88
15. Industria de produtos alimenticios e bebidas	2.566	2.767	990	943	830	822
16. Industria do tabaco	0	0	0	0	0	0
17. Industria téxtil	411	441	210	207	77	82
18. Industria da confección e da peletería	1.197	1.391	438	415	189	205
19. Preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe; artigos de albartería, talabartería e zapatería	62	63	33	28	8	14
20. Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	1.753	1.806	612	564	560	551
21. Industria do papel	39	50	4	7	9	9
22. Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	876	875	330	280	296	304
23. Coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	0	0	0	0	0	0
24. Industria química	153	173	63	51	40	48
25. Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	170	212	62	63	41	42
26. Fabricación de produtos de minerais non metálicos	885	1.059	223	198	228	237
27. Metalurxia	57	75	15	15	14	15
28. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	2.102	2.289	655	623	680	682
29. Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	472	549	161	158	128	130
30. Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	38	36	21	19	11	11
31. Fabricación de maquinaria e material electrónico	104	133	32	31	19	23
32. Fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparatos de radio, televisión e comunicacións	15	20	5	5	2	2
33. Fabricación de equipo e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	313	305	183	158	91	99
34. Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	88	138	28	34	24	24
35. Fabricación doutro material de transporte	260	379	72	78	65	65
36. Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	1.401	1.444	572	556	501	503
37. Reciclaxe	1	3	0	0	0	0
40. Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	133	152	59	67	28	34
41. Captación, depuración e distribución de auga	6	11	1	2	2	2
45. Construción	20.956	22.614	8.512	8.922	6.477	6.751
50. Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor	5.280	5.351	1.611	1.582	2.118	2.088
51. Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	12.469	12.443	5.760	5.472	3.580	3.556
52. Comercio polo miúdo, agás ó comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos	35.388	34.423	21.789	20.440	9.938	10.066
55. Hostalería	20.985	20.320	11.286	10.388	6.869	6.879
60. Transporte terrestre; transporte por tuberías	11.928	12.081	7.558	7.451	3.119	3.157
61. Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	30	41	10	14	2	4
62. Transporte aéreo e espacial	3	3	0	0	0	1
63. Actividades anexas ós transportes; actividades de axencias de viaxes	876	935	315	297	267	283
64. Correos e telecomunicacións	229	242	108	111	60	52
65. Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	21	32	8	9	6	3
66. Seguros e plans de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria	29	29	11	9	7	8
67. Actividades auxiliares á intermediación financeira	2.931	2.933	1.965	1.955	786	812
70. Actividades inmobiliarias	4.343	4.609	2.662	2.732	1.238	1.428
71. Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e aparellos domésticos	774	820	377	404	276	279
72. Actividades informáticas	696	755	432	439	157	184
73. Investigación e desenvolvemento	572	482	520	429	40	35
74. Outras actividades empresariais	16.430	16.207	11.053	10.545	3.426	3.458
80. Educación	2.693	2.701	1.386	1.242	508	471
85. Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	5.475	5.073	3.380	2.976	1.435	1.318
90. Actividades de saneamento público	146	197	66	88	38	49
91. Actividades asociativas	387	445	32	31	250	275
92. Actividades recreativas, culturais e deportivas	2.634	2.794	1.250	1.271	886	926
93. Actividades diversas de servizos persoais	5.392	5.397	2.746	2.599	2.069	2.127
Galicia	164.135	165.726	87.694	83.996	47.487	48.206

Fonte: INE. DIRCE

	De 3 a 5 asalariados		De 6 a 9 asalariados		De 10 a 19 asalariados	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002
10. Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	0	0	0	0	0	0
11. Extracción de crús de petróleo e gas natural, actividades dos servizos relacionados coas explotacións petrolíferas e de gas, agás activ. de prospección	0	0	1	1	0	0
13. Extracción de minerais metálicos	1	1	1	1	0	0
14. Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	75	86	50	46	56	57
15. Industria de produtos alimenticios e bebidas	376	407	223	242	147	159
16. Industria do tabaco	0	0	0	0	0	0
17. Industria téxtil	53	50	37	29	34	26
18. Industria da confección e da peletería	150	155	158	126	262	265
19. Preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe; artigos de albartería, talabartería e zapatería	12	6	4	5	5	7
20. Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	284	305	169	141	128	137
21. Industria do papel	6	5	11	10	9	10
22. Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	132	138	77	71	41	46
23. Coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	0	0	0	0	0	0
24. Industria química	22	22	13	13	15	18
25. Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	27	25	12	14	28	25
26. Fabricación de produtos de minerais non metálicos	188	197	112	106	134	152
27. Metalurxia	8	9	9	8	11	12
28. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	402	414	204	205	161	180
29. Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	90	72	46	62	47	54
30. Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	5	6	1	0	0	0
31. Fabricación de maquinaria e material electrónico	18	20	21	20	14	17
32. Fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparatos de radio, televisión e comunicacións	3	2	0	1	5	3
33. Fabricación de equipo e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	26	24	7	8	6	10
34. Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	12	16	12	11	12	14
35. Fabricación doutro material de transporte	46	51	40	43	37	39
36. Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	192	199	71	73	65	61
37. Reciclaxe	0	0	1	1	0	1
40. Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	19	23	13	11	14	12
41. Captación, depuración e distribución de auga	0	0	3	3	0	0
45. Construción	3.183	3.366	1.579	1.618	1.205	1.234
50. Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor	948	939	393	379	210	211
51. Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	1.713	1.726	917	916	499	496
52. Comercio polo miúdo, agás ó comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos	2.561	2.591	818	889	282	283
55. Hostalería	1.966	2.030	692	732	172	180
60. Transporte terrestre; transporte por tuberías	725	785	333	338	193	207
61. Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	3	6	5	5	10	9
62. Transporte aéreo e espacial	2	1	1	0	0	1
63. Actividades anexas ós transportes; actividades de axencias de viaxes	168	164	73	71	53	57
64. Correos e telecomunicacións	25	27	20	19	16	17
65. Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	4	5	0	0	3	3
66. Seguros e plans de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria	2	4	4	4	5	2
67. Actividades auxiliares á intermediación financeira	133	120	39	37	8	7
70. Actividades inmobiliarias	287	305	102	88	54	44
71. Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e aparellos domésticos	68	72	35	30	18	15
72. Actividades informáticas	61	73	26	28	20	11
73. Investigación e desenvolvemento	7	8	2	3	3	4
74. Outras actividades empresariais	1.155	1.202	463	484	333	337
80. Educación	373	361	218	231	208	190
85. Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	419	414	149	173	92	92
90. Actividades de saneamento público	20	25	11	11	11	13
91. Actividades asociativas	64	69	20	25	21	27
92. Actividades recreativas, culturais e deportivas	274	280	118	135	106	115
93. Actividades diversas de servizos persoais	432	481	116	128	29	29
Galicia	16.740	17.277	7.430	7.595	4.782	4.889

Fonte: INE. DIRCE

	20 a 49 asal.		50 a 99 asal.		100 a 199 asal.		200 a 499 asal.	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
10. Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	0	0	0	0	1	1	1	1
11. Extracción de crús de petróleo e gas natural, actividades dos servizos relacionados coas explotacións petrolíferas e de gas, agás activ. de prospección	0	0	0	0	0	0	0	0
13. Extracción de minerais metálicos	1	1	0	0	0	0	0	0
14. Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	40	39	11	10	2	4	0	0
15. Industria de produtos alimenticios e bebidas	106	114	28	28	34	33	14	15
16. Industria do tabaco	0	0	0	0	0	0	0	0
17. Industria téxtil	31	35	8	6	3	3	2	3
18. Industria da confección e da peletería	164	176	37	38	10	5	2	2
19. Preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe; artigos de albartería, talabartería e zapatería	2	2	1	1	0	0	0	0
20. Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	84	80	14	16	7	8	3	3
21. Industria do papel	6	6	3	3	0	0	0	0
22. Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	23	23	6	6	6	6	1	0
23. Coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	0	0	0	0	0	0	0	0
24. Industria química	13	11	9	9	0	1	2	0
25. Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	25	26	8	9	4	4	3	4
26. Fabricación de produtos de minerais non metálicos	122	113	31	35	12	16	4	4
27. Metalurxia	5	10	1	1	2	3	2	2
28. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	123	137	31	32	13	12	2	4
29. Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	53	52	14	14	4	6	2	1
30. Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	0	0	0	0	0	0	0	0
31. Fabricación de maquinaria e material electrónico	11	15	5	4	4	3	1	0
32. Fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparatos de radio, televisión e comunicacións	3	3	0	1	2	2	1	1
33. Fabricación de equipo e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	5	6	0	0	0	0	0	0
34. Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	22	20	4	6	3	4	6	7
35. Fabricación doutro material de transporte	62	69	28	27	7	4	3	3
36. Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	36	39	7	7	4	6	0	0
37. Reciclaxe	0	1	0	0	0	0	0	0
40. Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	2	2	3	3	0	0	1	0
41. Captación, depuración e distribución de auga	2	2	0	1	1	1	1	0
45. Construción	522	557	98	104	36	48	12	11
50. Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor	122	125	25	24	2	3	1	0
51. Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	244	239	34	33	12	8	4	4
52. Comercio polo miúdo, agás ó comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos	110	108	15	20	11	12	5	6
55. Hostalería	72	83	16	18	6	6	5	3
60. Transporte terrestre; transporte por tuberías	111	121	15	16	4	1	4	4
61. Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	3	2	0	0	1	1	0	0
62. Transporte aéreo e espacial	0	0	0	0	0	0	0	0
63. Actividades anexas ós transportes; actividades de axencias de viaxes	31	32	13	14	5	6	6	11
64. Correos e telecomunicacións	9	10	1	3	3	2	1	1
65. Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	1	1	3	2	1	2	1	1
66. Seguros e plans de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria	0	1	1	0	1	1	0	0
67. Actividades auxiliares á intermediación financeira	1	2	0	0	0	0	0	0
70. Actividades inmobiliarias	5	12	2	0	0	0	0	0
71. Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e aparellos domésticos	12	17	2	3	0	0	0	0
72. Actividades informáticas	6	11	3	6	2	2	0	0
73. Investigación e desenvolvemento	1	3	0	0	0	0	0	0
74. Outras actividades empresariais	89	100	34	36	20	23	12	14
80. Educación	160	159	47	36	4	7	3	3
85. Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	61	64	16	15	13	11	7	8
90. Actividades de saneamento público	7	8	0	1	0	2	0	0
91. Actividades asociativas	8	7	4	3	4	4	3	4
92. Actividades recreativas, culturais e deportivas	45	40	13	11	10	8	6	5
93. Actividades diversas de servizos persoais	25	27	3	5	0	0	1	1
Galicia	2.586	2.711	594	607	254	269	122	126

Fonte: INE, DIRCE

	500 a 999 asal.		1.000 a 4.999 asal.		5.000 ou + asal.	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002
10. Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	0	0	0	0	0	0
11. Extracción de crús de petróleo e gas natural, actividades dos servizos relacionados coas explotacións petrolíferas e de gas, agás activ. de prospección	0	0	0	0	0	0
13. Extracción de minerais metálicos	0	0	0	0	0	0
14. Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	0	0	0	0	0	0
15. Industria de produtos alimenticios e bebidas	4	4	0	0	0	0
16. Industria do tabaco	0	0	0	0	0	0
17. Industria téxtil	0	0	0	0	0	0
18. Industria da confección e da peletería	3	3	1	1	0	0
19. Preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe; artigos de albartería, talabartería e zapatería	0	0	0	0	0	0
20. Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	1	1	0	0	0	0
21. Industria do papel	0	0	0	0	0	0
22. Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0	1	0	0	0	0
23. Coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	0	0	0	0	0	0
24. Industria química	0	0	0	0	0	0
25. Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	0	0	0	0	0	0
26. Fabricación de produtos de minerais non metálicos	1	1	0	0	0	0
27. Metalurxia	0	0	0	0	0	0
28. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	0	0	0	0	0	0
29. Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	0	0	0	0	0	0
30. Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	0	0	0	0	0	0
31. Fabricación de maquinaria e material electrónico	0	0	0	0	0	0
32. Fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparatos de radio, televisión e comunicacións	0	0	0	0	0	0
33. Fabricación de equipo e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	0	0	0	0	0	0
34. Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	0	0	1	1	1	1
35. Fabricación doutro material de transporte	0	0	0	0	0	0
36. Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	0	0	0	0	0	0
37. Reciclaxe	0	0	0	0	0	0
40. Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	0	0	0	0	0	0
41. Captación, depuración e distribución de auga	0	0	0	0	0	0
45. Construción	1	2	1	1	0	0
50. Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor	0	1	0	0	0	0
51. Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	3	3	0	0	0	0
52. Comercio polo miúdo, agás ó comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos	3	1	3	6	1	1
55. Hostalería	0	1	0	0	0	1
60. Transporte terrestre; transporte por tuberías	0	0	0	0	0	0
61. Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	0	0	0	0	0	0
62. Transporte aéreo e espacial	0	0	0	0	0	0
63. Actividades anexas ós transportes; actividades de axencias de viaxes	1	0	0	0	0	0
64. Correos e telecomunicacións	0	0	0	0	0	0
65. Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	4	3	3	3	0	0
66. Seguros e plans de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria	0	0	0	0	0	0
67. Actividades auxiliares á intermediación financeira	0	0	0	0	0	0
70. Actividades inmobiliarias	0	0	0	0	0	0
71. Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e aparellos domésticos	0	0	0	0	0	0
72. Actividades informáticas	1	1	0	0	0	0
73. Investigación e desenvolvemento	0	0	0	0	0	0
74. Outras actividades empresariais	5	5	2	3	0	0
80. Educación	0	0	1	1	0	0
85. Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	0	1	1	1	0	0
90. Actividades de saneamento público	0	0	0	0	0	0
91. Actividades asociativas	0	0	0	0	0	0
92. Actividades recreativas, culturais e deportivas	1	2	0	1	0	0
93. Actividades diversas de servizos persoais	0	0	0	0	0	0
Galicia	28	30	13	18	2	3

Fonte: INE. DIRCE

■ Cadro 2.8

Empresas. Por número de traballadores.
Galicia/España. 2000-2002

		De 1 a 2 trab.	De 3 a 5 trab.	De 6 a 9 trab.	De 10 a 25 trab.	De 26 a 49 trab.	De 50 a 249 rab.	De 250 a 499 trab.	De 500 a 999 trab.	1.000 e máis trab.	Total
A Coruña	2000	16.579	6.670	2.810	2.704	823	533	44	21	14	30.198
	2001	17.043	6.941	2.916	2.820	852	558	51	23	16	31.220
	2002	17.338	7.109	2.967	2.857	839	597	49	26	15	31.797
Lugo	2000	6.015	2.321	876	777	184	120	8	5	3	10.309
	2001	6.185	2.359	919	777	195	128	11	5	3	10.582
	2002	6.312	2.389	959	803	194	135	8	5	3	10.808
Ourense	2000	5.354	1.993	847	736	184	115	10	8	2	9.249
	2001	5.522	2.073	897	780	192	130	14	6	3	9.617
	2002	5.548	2.135	915	761	207	132	12	7	2	9.719
Pontevedra	2000	13.960	5.841	2.615	2.429	754	438	42	9	12	26.100
	2001	14.510	6.197	2.683	2.576	776	463	41	12	11	27.269
	2002	15.141	6.321	2.821	2.659	811	468	44	12	12	28.289
Galicia	2000	40.693	16.138	6.865	6.259	1.834	1.174	82	53	40	73.138
	2001	41.926	16.889	7.103	6.544	1.904	1.229	100	52	43	75.790
	2002	43.029	17.208	7.349	6.672	1.938	1.279	102	49	43	77.669
España	2000	599.114	241.584	109.304	107.438	32.197	21.065	2.022	928	726	1.114.378
	2001	616.171	251.923	113.973	111.477	33.358	21.921	2.122	959	774	1.152.678
	2002	635.402	262.014	117.614	114.873	34.201	22.451	2.153	973	786	1.190.467

A suma do número de empresas por provincia non coincide necesariamente co total de Galicia, por canto unha mesma empresa pode ter centros de traballo en máis dunha provincia

Só comprende empresas inscritas no Réxime Xeral ou no da Minería do Carbón

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Anuario 2000, 2001 e 2002

2.3. Análise de enquisas industriais e de opinións empresariais

Neste epígrafe referirémonos, primeiramente, ós últimos datos que sobre o noso sector industrial figuran en diversas enquisas industriais (de empresas e máis de produtos) que nos últimos anos vén realizando o INE; despois achegarémonos á posición galega nas enquisas sobre investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico e sobre indicadores de alta tecnoloxía nas empresas (ámbalas dúas tamén do INE) e por último analizaremos a situación das empresas industriais galegas nunha perspectiva conxuntural, segundo a Enquisa de Opinións Empresariais.

2.3.1. Enquisas industriais de empresas e de produtos

A Enquisa Industrial de Empresas proporciona unha información interesante para o estudo das características dos distintos sectores da actividade industrial —nos niveis estatal e autonómico— e intégrase no proxecto europeo de estatísticas estruturais das empresas.

No cadro 2.9 podemos ver que nas cinco variables analizadas o peso relativo de Galicia sobre o total estatal no ano 2001 estivo no intervalo do 5% ó 6,1%, sendo o máis baixo o de gastos de persoal e o máis alto o das horas traballadas, pero sem-

■ Cadro 2.9

Evolución do peso de Galicia no total estatal nas principais variables da industria. 1995-2001

	Persoas ocupadas	Horas traballadas	Cifra de negocios	Gastos de persoal	Gastos de explotación
1995	5,6	5,6	5,6	4,8	5,4
1996	5,6	5,6	5,5	4,9	5,4
1997	5,8	5,7	5,5	4,9	5,6
1998	6,1	6,1	5,7	5,1	5,8
1999	5,8	5,9	6,1	5,0	6,1
2000	5,8	6,1	6,3	5,0	6,3
2001	6,0	6,1	5,8	5,0	5,8

Elaboración propia

(1) Datos en porcentaxe de Galicia sobre o total de España

Fonte: INE. (Enquisa Industrial de Empresas)

pre menor có peso relativo de Galicia no total estatal en poboación: (6,6%). Agás nos gastos de persoal, esas variables quedan algo por riba do nivel que acada o noso PIB no conxunto do Estado (5,6%).

Ese mesmo cadro permite unha visión dinámica da participación de Galicia no total estatal nesas cinco variables da industria de 1995 a 2001. Subliñarémo—los seguintes aspectos:

■ No último ano sobe a importancia relativa de Galicia no conxunto estatal só nunha variable (persoas ocupadas), mantense constante en dúas (horas traballadas e gastos de persoal) e baixa sensiblemente —medio punto— nas outras dúas (cifra de negocios e gastos de explotación). A única variable que non se move ó redor do 6% do total estatal, é a dos gastos de persoal.

■ Na análise comparativa dos datos de 1995 e 2001, aumenta a participación galega no total español nas cinco variables, facéndoo con especial intensidade nas horas traballadas.

No cadro 2.10 presentámo—la desagregación por agrupacións de actividade dos datos desas cinco variables en Galicia, para permitir a quen o desexe afondar no estudio da nosa estrutura industrial.

A Enquisa Industrial de Productos, pola súa banda, proporciona datos desde 1993, ano no que comeza España o proceso de adaptación ó Regulamento PRODCOM (PRODucción COMunitaria) relativo á harmonización das estatísticas sobre a produción industrial nos países da UE; inclúe unha lista de produtos industriais de xeito harmonizado coa clasificación que se fai a efectos de comercio exterior na UE (para facilita—la comparación de datos de produción industrial cos obtidos nas estatísticas de comercio exterior). Cómpre non esquecer á hora de extraer conclusións dos datos que a lista de produtos PRODCOM non inclúe, por exemplo, a extracción de carbón, o refinado de petróleo ou a produción e distribución de electricidade —actividades certamente importantes no tecido industrial galego—.

O cadro 2.11 recolle o valor da produción comercializada polas distintas comunidades autónomas en 2001. Sobrancea a concentración xeográfica en cinco comunidades (Cataluña, C. Valenciana, País Vasco, Madrid e Andalucía) que axuntan dúas terceiras partes do importe total das vendas do estado. Galicia ocupa a sétima posición (despois das cinco comunidades citadas e máis a de Castela-A Mancha).

■ Cadro 2.10

A industria galega. Principais variables⁽¹⁾.
Por agrupacións de actividade. 2001

	Persoas ocupadas	Horas traballadas	Cifra de negocios	Gastos de persoal	Gastos de explotación
Industrias extractivas, enerxía e auga	9.146	15.821	4.827.332	299.603	4.253.782
Alimentación, bebidas e tabaco	27.422	48.243	4.879.102	480.914	4.703.944
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	23.745	42.398	1.429.727	308.002	1.368.046
Madeira e cortiza	12.029	21.734	1.383.065	200.532	1.344.615
Papel, edición e artes gráficas	5.982	10.730	709.138	143.913	636.941
Industria química	2.478	4.324	749.034	85.941	700.087
Caucho e materias plásticas	4.935	8.797	712.123	110.433	659.103
Productos minerais non metálicos diversos	13.675	24.358	1.126.667	259.679	1.070.178
Metalurxia e fabricación de prod. metálicos	19.807	34.896	2.482.186	428.432	2.246.264
Maquinaria e equipo mecánico	7.307	13.058	652.328	184.245	653.333
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	4.787	8.532	554.265	104.073	517.863
Material de transporte	26.078	46.246	5.981.522	753.471	6.031.941
Industrias manufactureiras diversas	4.664	8.191	248.027	71.506	227.808
Total industria galega	162.055	287.328	25.734.516	3.430.744	24.413.905

Elaboración propia

⁽¹⁾ En miles de euros as tres últimas variables; en miles as horas traballadas

Fonte: INE. (Enquisa Industrial de Empresas)

Valor da produción comercializada⁽¹⁾.
Por comunidades autónomas. 2001

■ Cadro 2.11

	Miles de euros	%
Andalucía	26.636.830	9,0
Aragón	12.887.204	4,3
Asturias	6.600.994	2,2
Baleares	1.325.161	0,4
Canarias	3.822.723	1,3
Cantabria	4.073.973	1,4
C. León	19.706.851	6,6
C. A Mancha	10.853.255	3,7
Cataluña	78.618.218	26,5
C. Valenciana	33.172.133	11,2
Extremadura	1.798.123	0,6
Galicia	18.590.302	6,3
Madrid	28.081.389	9,5
Murcia	6.737.016	2,3
Navarra	10.640.920	3,6
País Vasco	29.744.297	10,0
A Ríoxa	3.531.511	1,2
España	296.820.900	100,0

Elaboración propia

⁽¹⁾ Lista de productos PRODCOM (PRODUCCIÓN COMunitaria)

Fonte: INE. (Enquisa Industrial de Productos)

A visión dinámica a longo prazo da participación galega na produción comercializada —da lista de produtos PRODCOM— no conxunto do estado figura no cadro 2.12; coa suba continuada do último cuadrienio (a un ritmo de tres décimas por ano agás no último, en que subiu dúas) Galicia obtén a maior porcentaxe da serie, sete décimas por riba da nosa participación na xeración do PIB estatal (e tres décimas por baixo do noso peso poboacional relativo).

Evolución do peso de Galicia no total estatal da produción comercializada ⁽¹⁾. 1995-2001

■ Cadro 2.12

	% Galicia / España
1995	5,2
1996	5,3
1997	5,2
1998	5,5
1999	5,8
2000	6,1
2001	6,3

Elaboración propia.

⁽¹⁾ Lista de produtos PRODCOM (PRODUCCIÓN COMUNITARIA)

Fonte: INE. (Enquisa Industrial de Produtos)

O cadro 2.13 amosa máis polo miúdo a composición interna desa produción comercializada, xa que presenta a desagregación por agrupacións da participación de Galicia no total de España. Dúas agrupacións seguen a destacar moi especial-

Sectorización por grandes agrupacións ⁽¹⁾. % Galicia/España. 1999-2001

■ Cadro 2.13

CNAE	1999	2000	2001
15-16 Alimentación, bebidas e tabaco	6,3	6,5	6,8
17-18 Têxtil e confección	6,6	7,1	7,5
19 Coiro e calzado	0,4	0,4	0,4
20 Madeira e cortiza	17,3	17,2	16,3
21-22 Papel, artes gráficas e edición	2,6	2,8	2,7
23.2-24 Refino de petróleo e químicas	3,5	3,8	4,2
25 Manufacturas de caucho e plástico	4,1	4,1	4,3
26 Produtos minerais non metálicos	4,8	4,6	4,8
27 Producción, 1ª transformación e fundición de metais	6,9	7,1	7,4
28 Produtos metálicos	4,1	4,3	4,8
29-30-33 Maquinaria e equipo, óptica e similares	2,3	2,1	2,4
31-32 Material eléctrico e electrónico	4,1	3,8	5,3
34-35 Material de transporte	10,9	12,2	12,1
36 Outras industrias manufactureiras	2,1	2,2	2,9
Total Industria	5,8	6,1	6,3

Elaboración propia

⁽¹⁾ Lista de produtos PRODCOM (PRODUCCIÓN COMUNITARIA)

Fonte: INE. (Enquisa Industrial de Produtos).

mente no ano 2001 na nosa comunidade: madeira-cortiza (16,3%) e material de transporte (12,1%); se en cambio analizámo—los sectores da industria galega de menor peso en relación co total estatal —lembrando que só entran no cómputo os do listado PRODCOM— vese que en catro non chegan ó 3%: coiro-calzado (0,4%), papel, artes gráficas e edición (2,7%), maquinaria e equipo, óptica e similares (2,4%) e outras industrias manufactureiras (2,9%).

No cadro 2.14 presentámo—la desagregación por grandes agrupacións do valor da produción comercializada galega. Constatase que dúas agrupacións (material de transporte e alimentación, bebidas e tabaco) concentran a metade do valor da produción comercializada de Galicia (2,20 puntos menos que no ano anterior; debido ó descenso do apartado de transporte) dos produtos da lista PRODCOM.

**Valor da produción comercializada⁽¹⁾.
Por grandes agrupacións. Galicia. 2000-2001**

■ Cadro 2.14

CNAE		2000		2001	
		Miles euros	%	Miles euros	%
15-16	Alimentación, bebidas e tabaco	551.761	18,9	3.685.774	19,8
17-18	Téxtil e confección	153.101	5,2	1.007.161	5,4
19	Coiro e calzado	2.686	0,1	17.807	0,1
20	Madeira e cortiza	149.633	5,1	886.633	4,8
21-22	Papel, artes gráficas e edición	82.848	2,8	488.486	2,6
23.2-24	Refino de petróleo e químicas	261.871	9,0	1.697.273	9,1
25	Manufacturas de caucho e plástico	80.386	2,8	538.446	2,9
26	Productos minerais non metálicos	130.553	4,5	885.611	4,8
27	Producción, 1ª transfor. e fundición de metais	199.915	6,8	1.244.079	6,7
28	Productos metálicos	130.901	4,5	945.883	5,1
29-30-33	Maquinaria e equipo, óptica e similares	78.887	2,7	559.145	3,0
31-32	Material eléctrico e electrónico	89.686	3,1	730.998	3,9
34-35	Material de transporte	973.136	33,3	5.613.981	30,2
36	Otras industrias manufactureiras	33.184	1,1	289.025	1,6
Total Galicia		2.918.549	100,0	18.590.302	100,0

Elaboración propia

(1) Lista de productos PRODCOM (PRODucción COMunitaria)

Fonte: INE. (Enquisa Industrial de Productos)

2.3.2. Investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I + D)

A investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico (I+D) abrangue un conxunto de traballos de carácter creativo emprendidos co fin de incrementa—los coñecementos nunha rama ou actividade determinada, así como a aplicabilidade desa suma de coñecementos á mellora dos xa existentes. Sen dúbidas é un factor clave á hora de posibilita—la converxencia real cos países máis desenvolvidos, que como veremos neste mesmo apartado presentan valores moi por riba dos existentes en España (e especialmente dos de Galicia).

O cadro 2.15 permítenos unha visión por comunidades autónomas para o ano 2001 dos gastos internos totais e máis do persoal —subdividido en total e en inves-

■ Cadro 2.15

Gastos internos totais e persoal en I + D. Por comunidades autónomas. 2001

	Gastos internos totais		Persoal en equivalencia a dedicación plena (EDP)			
	Miles de euros	%	Total persoal (EDP)		Investigadores (EDP)	
			Miles de euros	%	Miles de euros	%
Andalucía	538.332	8,6	14.785,3	11,8	10.816,6	13,5
Aragón	139.582	2,2	3.466,4	2,8	2.096,4	2,6
Asturias	99.022	1,6	2.560,6	2,0	2.037,0	2,5
Baleares	38.404	0,6	759,5	0,6	565,8	0,7
Canarias	136.692	2,2	3.336,6	2,7	2.765,5	3,5
Cantabria	46.314	0,7	991,4	0,8	714,5	0,9
C. León	295.943	4,8	6.534,7	5,2	4.988,0	6,2
C. A Mancha	72.211	1,2	1.534,4	1,2	953,2	1,2
Cataluña	1.333.896	21,4	26.037,0	20,7	14.653,5	18,3
C. Valenciana	446.565	7,2	9.961,7	7,9	6.263,5	7,8
Extremadura	66.294	1,1	1.400,0	1,1	1.136,7	1,4
Galicia	240.265	3,9	5.937,1	4,7	4.253,8	5,3
Madrid	1.974.212	31,7	33.368,5	26,5	19.774,6	24,7
Murcia	100.989	1,6	2.351,6	1,9	1.442,5	1,8
Navarra	114.065	1,8	2.556,7	2,0	1.656,4	2,1
País Vasco	561.104	9,0	9.560,3	7,6	5.563,3	6,9
A Ríoxa	23.268	0,4	608,1	0,5	399,3	0,5
España	6.227.158	100	125.749,9	100	80.080,6	100

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico)

tigadores—. Apréciase que o gasto interno total de Galicia (3,9% do total estatal) está moi por baixo da porcentaxe que lle correspondería pola poboación ou polo PIB no total español; no tocante ó total de persoal e ó persoal investigador, Galicia mellora a porcentaxe do gasto en I+D, especialmente no tocante ó persoal estritamente investigador —aínda quedando por baixo dos pesos relativos poboacional e máis de xeración de riqueza de Galicia en España—.

A alta concentración espacial do gasto interno total nas actividades de I+D en dúas comunidades autónomas evidénciase ó constatar que Cataluña e Madrid representan máis da metade (o 53,1%) do total estatal. No total de persoal o seu peso conxunto é algo inferior á metade do conxunto de España (47,2%), e no persoal investigador o 43%.

O cadro 2.16 permítenos face-lo seguimento da evolución na década dos noventa (e comezo da seguinte) do gasto en I+D en Galicia e máis España. Anque a suba relativa da primeira metade dos anos noventa foi moi superior en Galicia que no total estatal (e permitiulle a Galicia pasar do 2,26% de 1991 ó 3,33% de 1995 no total español), estancouse desde entón ó redor desa porcentaxe ata o ano 1999. A forte suba de 2000 e a de 2001 fan que quede cerca do 4%, co valor máis alto do período analizado.

O valor absoluto do gasto en I+D dunha comunidade autónoma non é representativo dabondo do esforzo en investigación e desenvolvemento tecnolóxico da mesma, xa que o seu valor en relación co seu peso económico pode ser moi distinto. Por iso recolleemos no cadro 2.17 a porcentaxe do gasto en I+D respecto do PIB nas distintas comunidades autónomas de 1997 a 2001. O dato galego de 2001 supón un 72,9% da porcentaxe media estatal, case dez puntos máis que en 1997

**Evolución dos gastos internos en I+D.
% Galicia/España. 1991-2001**

■ **Cadro 2.16**

1991	2,26
1992	3,11
1993	2,79
1994	2,57
1995	3,33
1996	3,20
1997	3,52
1998	3,24
1999	3,30
2000	3,70
2001	3,86

Elaboración propia

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D))

■ **Cadro 2.17**

**Porcentaxe de gastos en I+D respecto ó PIB a prezos de mercado⁽¹⁾.
Por comunidades autónomas. 1997-2001**

	1997	1998	1999	2000	2001
Andalucía	0,60	0,66	0,62	0,66	0,61
Aragón	0,53	0,71	0,76	0,70	0,69
Asturias	0,53	0,56	0,58	0,83	0,67
Baleares	0,22	0,28	0,25	0,24	0,25
Canarias	0,43	0,51	0,46	0,49	0,53
Cantabria	0,58	0,84	0,59	0,46	0,55
Catela e León	0,52	0,52	0,62	0,64	0,80
Castela A Mancha	0,52	0,48	0,33	0,56	0,32
Cataluña	0,94	1,09	1,06	1,11	1,10
Comunidade Valenciana	0,56	0,62	0,61	0,73	0,70
Estremadura	0,39	0,43	0,39	0,54	0,59
Galicia	0,52	0,53	0,54	0,64	0,70
Madrid	1,56	1,61	1,63	1,67	1,75
Murcia	0,52	0,56	0,64	0,73	0,65
Navarra	0,73	0,84	0,95	0,90	1,03
País Vasco	1,15	1,24	1,15	1,18	1,38
A Rioxa	0,38	0,50	0,48	0,61	0,49
España	0,82	0,89	0,88	0,94	0,96

(1) Só os datos do ano 1997 son definitivos

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D))

(63,4%). Anque reflicte unha diverxencia notable de Galicia nesta variable (un 27% por baixo da media española, moito maior que a existente en variables coma o PIB ou a renda) non debemos esquecer que no último bienio se deu un proceso de achegamento moi intenso (cun avance de 11,5 puntos).

No cadro 2.18 recollémo-lo reparto sectorial do gasto en I+D en Galicia e España no último bienio, datos que complementamos cos da participación porcentual galega no total español en cada un deses sectores no último quinquenio (cadro 2.19). Sobrancea o alto —e crecente— valor do ensino superior e o baixísimo —e practicamente estable— valor do gasto empresarial galego en I+D.

Gastos por sectores en I+D. Galicia e España. 2000-2001

■ Cadro 2.18

	Galicia		España	
	2000	2001	2000	2001
1) Empresas	67,2	66,0	3.069,0	3.261,0
2) Administración pública	35,9	37,1	904,8	989,0
3) Ensino superior	105,2	136,0	1.693,9	1.925,4
4) Institucións privadas sen fins lucrativos	1,1	1,2	51,3	51,8
Total	209,4	240,3	5.719,0	6.227,2

En millóns de euros

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D))

Porcentaxe de gasto en I+D. Por sectores. Galicia/España. 1997-2001

■ Cadro 2.19

	1997	1998	1999	2000	2001
1) Empresas	1,9	2,0	1,9	2,2	2,0
2) Administración pública	4,3	3,8	3,7	4,0	3,8
3) Ensino superior	5,7	5,2	5,6	6,2	7,0
4) Institucións privadas sen fins lucrativos	0,2	0,1	0,1	2,1	2,3
Total	3,5	3,2	3,3	3,7	3,9

En miles de euros

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D))

A desagregación sectorial do gasto e máis do persoal que traballa en I+D nas distintas comunidades autónomas podemos velo nos cadros 2.20 ó 2.23. No primeiro vese o baixísimo peso en I+D en Galicia (2% do gasto estatal) das empresas. No segundo, o da administración pública (que ten unha porcentaxe de gasto similar ó do total de gasto en I+D das diferentes institucións). No terceiro figuran os datos no ensino superior (é o único no que o peso porcentual de Galicia supera ó que temos en PIB e en poboación). Por último, nas institucións privadas sen fins de lucro, as porcentaxes galegas volven a ser moi baixas (aunque non tanto como no apartado das empresas).

Xa no Informe do pasado ano chamabamos a atención sobre a importante “diversión” do noso tecido productivo que supón que o gasto executado polas empresas en Galicia en I+D quedase no ano 2000 no 32,09%, mentres que a media estatal era o 53,66% e a da UE o 66,5%; cómpre un esforzo empresarial que vaia posibilitando a nosa converxencia tecnolóxica co noso contorno.

■ Cadro 2.20

Gasto interno total⁽¹⁾ e persoal en I + D no sector empresas. Por comunidades autónomas. 2001

	Gastos internos totais		Persoal en equivalencia a dedicación plena (EDP)			
	Miles de euros	%	Total persoal (EDP)		Investigadores (EDP)	
				%		%
Andalucía	149.510	4,6	2.616,7	5,6	763,1	4,0
Aragón	74.627	2,3	1.445,1	3,1	487,7	2,6
Asturias	41.525	1,3	385,6	0,8	162,8	0,9
Baleares	4.058	0,1	91,8	0,2	32,0	0,2
Canarias	31.456	1,0	307,5	0,7	138,5	0,7
Cantabria	18.376	0,6	273,4	0,6	91,2	0,5
C. León	157.727	4,8	1.708,6	3,7	986,7	5,2
C. A Mancha	26.678	0,8	453,0	1,0	216,0	1,1
Cataluña	891.456	27,3	13.490,7	29,0	4.679,5	24,7
C. Valenciana	122.060	3,7	2.632,5	5,7	958,1	5,1
Extremadura	6.443	0,2	81,7	0,2	30,2	0,2
Galicia	65.996	2,0	1.127,1	2,4	349,4	1,8
Madrid	1.095.530	33,6	12.927,9	27,8	6.146,0	32,4
Murcia	47.558	1,5	629,0	1,4	189,4	1,0
Navarra	79.936	2,5	1.256,7	2,7	482,7	2,5
País Vasco	434.301	13,3	6.821,1	14,7	3.190,7	16,8
A Rioxa	13.793	0,4	216,1	0,5	55,2	0,3
España	3.261.030	100,0	46.464,5	100,0	18.959,2	100,0

(1) En miles de euros

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico)

■ Cadro 2.21
**Gasto interno total⁽¹⁾ e persoal en I + D no sector administracións públicas.
Por comunidades autónomas. 2001**

	Gastos internos totais		Persoal en equivalencia a dedicación plena (EDP)			
	Miles de euros	%	Total persoal (EDP)		Investigadores (EDP)	
				%		%
Andalucía	119.113	12,0	3.058,2	13,0	1.715,6	12,9
Aragón	24.381	2,5	728,1	3,1	419,7	3,1
Asturias	16.702	1,7	416,4	1,8	193,2	1,4
Baleares	7.775	0,8	172,3	0,7	117,4	0,9
Canarias	31.039	3,1	600,1	2,6	385,4	2,9
Cantabria	10.149	1,0	145,9	0,6	108,2	0,8
C. León	20.219	2,0	463,7	2,0	275,7	2,1
C. A Mancha	10.871	1,1	207,4	0,9	96,2	0,7
Cataluña	103.590	10,5	2.690,3	11,5	1.874,6	14,0
C. Valenciana	47.039	4,8	1.220,2	5,2	834,5	6,3
Extremadura	13.698	1,4	257,1	1,1	94,8	0,7
Galicia	37.114	3,8	947,8	4,0	469,1	3,5
Madrid	510.605	51,6	11.537,8	49,2	6.202,9	46,5
Murcia	15.151	1,5	529,2	2,3	203,9	1,5
Navarra	961	0,1	42,9	0,2	38,9	0,3
País Vasco	18.801	1,9	382,5	1,6	275,6	2,1
A Ríoxa	1.801	0,2	67,6	0,3	39,5	0,3
España	989.009	100,0	23.467,5	100,0	13.345,2	100,0

(1) En miles de euros

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico)

■ Cadro 2.22
**Gasto interno total⁽¹⁾ e persoal en I + D no sector ensino superior.
Por comunidades autónomas. 2001**

	Gastos internos totais		Persoal en equivalencia a dedicación plena (EDP)			
	Miles de euros	%	Total persoal (EDP)		Investigadores (EDP)	
				%		%
Andalucía	269.030	14,0	9.081,2	16,6	8.322,2	17,7
Aragón	37.486	1,9	1.271,4	2,3	1.187,0	2,5
Asturias	40.735	2,1	1.756,2	3,2	1.679,6	3,6
Baleares	26.462	1,4	491,0	0,9	414,0	0,9
Canarias	74.197	3,9	2.429,0	4,4	2.241,6	4,8
Cantabria	16.375	0,9	500,1	0,9	458,6	1,0
C. León	116.785	6,1	4.334,9	7,9	3.717,1	7,9
C. A Mancha	34.164	1,8	871,9	1,6	639,7	1,4
Cataluña	331.241	17,2	9.611,0	17,6	7.936,8	16,9
C. Valenciana	273.379	14,2	6.006,5	11,0	4.430,9	9,4
Extremadura	46.141	2,4	1.061,0	1,9	1.011,5	2,2
Galicia	135.965	7,1	3.834,3	7,0	3.408,4	7,3
Madrid	343.839	17,9	8.353,4	15,3	7.007,4	14,9
Murcia	38.280	2,0	1.193,4	2,2	1.049,2	2,2
Navarra	33.072	1,7	1.248,4	2,3	1.131,4	2,4
País Vasco	100.581	5,2	2.256,7	4,1	2.025,9	4,3
A Ríoxa	7.627	0,4	322,4	0,6	302,6	0,6
España	1.925.359	100,0	54.622,8	100,0	46.963,9	100,0

(1) En miles de euros

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico).

■ Cadro 2.23

Gasto interno total⁽¹⁾ e persoal en I + D no sector institucións privadas sen fins de lucro. Por comunidades autónomas. 2001

	Gastos internos totais		Persoal en equivalencia a dedicación plena (EDP)			
	Miles de euros	%	Total persoal (EDP)		Investigadores (EDP)	
				%		%
Andalucía	678	1,3	29,2	2,4	15,7	1,9
Aragón	3.088	6,0	21,8	1,8	2,0	0,2
Asturias	60	0,1	2,4	0,2	1,4	0,2
Baleares	109	0,2	4,4	0,4	2,4	0,3
Canarias	—	—	—	—	—	—
Cantabria	1.414	2,7	72,0	6,0	56,5	7,0
C. León	1.212	2,3	27,5	2,3	8,5	1,0
C. A Mancha	498	1,0	2,1	0,2	1,3	0,2
Cataluña	7.607	14,7	245,0	20,5	162,6	20,0
C. Valenciana	4.087	7,9	102,5	8,6	40,0	4,9
Extremadura	12	0,0	0,2	0,0	0,2	0,0
Galicia	1.190	2,3	27,9	2,3	26,9	3,3
Madrid	24.238	46,8	549,4	46,0	418,3	51,5
Murcia	—	—	—	—	—	—
Navarra	96	0,2	8,7	0,7	3,4	0,4
País Vasco	7.421	14,3	100,0	8,4	71,1	8,8
A Rioxa	48	0,1	2,0	0,2	2,0	0,2
España	51.758	100,0	1.195,1	100,0	812,3	100,0

(1) En miles de euros

Fonte: INE. (Estatística sobre as actividades en Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico).

Segundo coas comparanzas internacionais, recolleemos no cadro 2.24 as porcentaxes de gasto en I+D en relación co PIB en Galicia e nos estados da OCDE. A comparación reflicte claramente o importante desfase dos recursos destinados a I+D en Galicia (e en España, anque en menor grao) en relación ás medias da UE e —sobre todo— ó conxunto da OCDE. España estaba no ano 2000 xusto na metade da porcentaxe media da UE e no 42% da media da OCDE polo gasto en I+D en relación co PIB. Nese mesmo ano esas porcentaxes eran para Galicia do 34% e do 28,6% respectivamente, mostra dunha importante (anque decrecente) diverxencia nesta importante variable coas medias da UE ou da OCDE. A falla dos datos do ano 2001 para a UE ou a OCDE nesta fonte nos impide avaliar a posición relativa de Galicia ou España nese ano, pero as persoas interesadas poden face-la comparación da evolución con respecto a algúns estados concretos dos que si se dispoñen de datos nesa fonte estatística.

O cadro 2.25 proporciona unha información semellante ó anterior, pero referida ó persoal que traballa en I+D. Tamén sobrancean os valores baixos (en comparación coa media da UE) de España e —sobre todo— de Galicia, anque cómpre subliñar que houbo no último bienio un importante recorte deses diferenciais. Complementamos este cadro co 2.26, que —aínda coa falla de datos na fonte para moitos estados— achéganos á importancia cuantitativa das mulleres no traballo en I+D (en España superan lixeiramente a terceira parte do total das persoas que traballan nestas actividades).

**Porcentaxe do gasto en I+D respecto do PIB
nos estados da OCDE e en Galicia. 1999-2001**

■ **Cadro 2.24**

	1999	2000	2001
Australia	-	1,53	-
Austria	1,86	1,86	1,91
Bélxica	1,96	-	-
Canadá	1,79	1,82	1,94
República Checa	1,24	1,33	1,31
Dinamarca	2,09	-	-
Finlandia	3,22	3,37	-
Francia	2,18	2,18	2,20
Alemaña	2,44	2,49	2,53
Grecia	0,67	-	-
Hungría	0,69	0,80	-
Islandia	2,37	2,73	2,90
Irlanda	1,21	-	-
Italia	1,04	1,07	-
Xapón	2,94	2,98	-
Corea do Sur	2,47	2,65	-
México	0,43	-	-
Países Baixos	2,02	1,97	-
Nova Zelandia	1,03	-	-
Noruega	1,65	-	1,46
Polonia	0,75	0,70	0,67
Portugal	0,76	-	-
República Eslovaca	0,66	0,67	0,65
España (*)	0,88	0,94	0,96
Suecia	3,78	-	-
Suíza	-	2,64	-
Turquía	0,63	0,64	-
Reino Unido	1,88	1,85	-
Estados Unidos	2,65	2,72	2,82
OCDE	2,20	2,24	-
Galicia (*)	0,54	0,64	0,70
UE	1,86	1,88	-

Elaboración propia

Fonte: OCDE. Base de datos MSTI. Maio 2002

Fonte: INE

**Persoal en I+D (en equivalencia a dedicación plena) respecto da poboación
activa nos estados da OCDE. 1999-2001**

■ **Cadro 2.25**

	1999	2000	2001
Australia	9,9	-	9,8
Austria	8,1	-	-
Bélxica	10,7	11,3	-
Canadá	9,0	8,9	-
República Checa	4,4	4,6	4,7
Dinamarca	-	12,4	-
Finlandia	18,4	19,6	20,2
Francia	11,9	11,9	12,3
Alemaña	11,5	11,9	12,1
Grecia	-	5,9	-
Hungría	5,1	5,2	5,7
Islandia	14,9	15,3	-
Irlanda	7,2	7,3	-
Italia	6,3	6,1	6,3
Xapón	13,6	13,6	13,3
Corea do Sur	6,0	6,4	6,3
México	1,0	1,0	-
Países Baixos	11,0	10,9	11,2
Nova Zelanda	-	6,9	-
Noruega	-	10,9	-
Polonia	4,9	4,8	4,5
Portugal	-	4,1	-
República Eslovaca	6,5	5,8	5,8
España (*)	5,7	5,9	6,8
Suecia	-	15,2	-
Suiza	-	-	13,0
Turquía	1,0	1,0	1,2
Reino Unido	-	-	-
Estados Unidos	-	-	-
OCDE	-	-	-
Galicia	4,0	4,9	5,2
UE	9,6	9,9	10,1

Fonte: OCDE. Base de datos MSTI. Maio 2002

Fonte: INE

2.3.3. Indicadores de alta tecnoloxía

Se se considera a tecnoloxía como o stock de coñecementos que permite producir novos produtos e procesos, a alta tecnoloxía caracterízase por unha rápida renovación de coñecementos, moi superior a outras tecnoloxías, e polo seu grao de complexidade (que esixe un continuo esforzo en investigación e unha sólida base tecnolóxica). A efectos estatísticos, a definición de alta tecnoloxía realízase ó traveso dunha enumeración exhaustiva das ramas de actividade (enfoque sectorial) e máis dos produtos (enfoque por produtos) que se consideran nese momento de alto contido tecnolóxico.

Cadro 2.26
Mulleres en I + D nos estados da OCDE. 1999-2001

	Mulleres investigadoras			Mulleres como % do total de investigadores		
	1999	2000	2001	1999	2000	2001
Australia	-	-	-	-	-	-
Austria	-	-	-	-	-	-
Bélxica	-	-	-	-	-	-
Canadá	-	-	-	-	-	-
República Checa	7.528	7.055	7.133	30,3	27,0	26,8
Dinamarca	7.348	-	-	26,1	-	-
Finlandia	12.355	12.904	-	28,6	28,5	-
Francia	-	58.124	-	-	27,5	-
Alemaña	-	-	-	-	-	-
Grecia	12.103	-	-	41,0	-	-
Hungría	7.554	9.537	-	30,7	34,2	-
Islandia	912	-	-	34,1	-	-
Irlanda	-	-	-	-	-	-
Italia	26.334	27.908	-	26,8	27,9	-
Xapón	-	-	-	-	-	-
Corea do Sur	13.009	16.385	-	9,7	10,2	-
México	-	-	-	-	-	-
Países Baixos	-	-	-	-	-	-
Nova Zelandia	-	-	-	-	-	-
Noruega	8.615	-	-	27,8	-	-
Polonia	-	33.572	-	-	38,1	-
Portugal	12.231	-	-	43,1	-	-
República Eslovaca	-	-	-	-	-	-
España (*)	38.099	-	49.664	32,7	-	35,4
Suecia	-	-	-	-	-	-
Suíza	-	7.035	-	-	-	-
Turquía	19.317	23.173	-	33,3	34,3	-
Reino Unido	-	-	-	-	-	-
Estados Unidos	-	-	-	-	-	-
OCDE	-	-	-	-	-	-
UE	-	-	-	-	-	-

Fonte: OCDE. Base de datos MSTI. Maio 2002

Fonte: INE

O INE presentou hai moi poucos meses o primeiro dos seus estudos encol dos Indicadores de alta tecnoloxía, con datos referidos ó ano 2000. Para determina-lo listado de actividades e de produtos de alta tecnoloxía, partiu dos traballos metodolóxicos desenvolvidos pola OCDE nesta materia, e da súa adaptación no ámbito europeo por parte de Eurostat.

O cadro 2.27 amosa a produción dos sectores manufactureiros de alta e media-alta tecnoloxía nas distintas comunidades autónomas. A participación galega no total estatal é do 4,6% no número de empresas, do 6,6% na cifra de negocios, do 6% na venda de produtos e do 5% na xeración de valor engadido.

A diferenciación para Galicia entre os sectores manufactureiros de tecnoloxía alta e os de tecnoloxía media-alta figura no cadro 2.28, que ofrece ademais os datos desagregados para cada un dos cinco apartados en que se divide cada un dos cita-

**Producción nos sectores manufactureiros de Alta e Media-Alta Tecnoloxía.
Por comunidades autónomas⁽¹⁾. 2000**

■ **Cadro 2.27**

	Nº empresas	Cifra negocios ⁽²⁾	Venta productos ⁽²⁾	Valor engadido ⁽²⁾
Andalucía	1.796	6.882,2	5.653,0	1.812,2
Aragón	983	9.344,2	7.368,6	1.643,0
Asturias	335	1.188,8	882,0	369,8
Baleares	290	293,9	200,1	79,9
Canarias	340	279,5	137,8	118,2
Cantabria	160	1.625,5	1.402,0	493,1
C. León	700	8.941,4	8.463,5	1.605,0
C. A Mancha	588	2.272,5	1.918,3	541,4
Cataluña	7.226	47.166,4	37.595,8	11.268,0
C. Valenciana	3.045	10.471,5	8.665,6	2.339,7
Extremadura	134	179,4	152,9	54,3
Galicia	1.028	9.470,3	6.697,1	1.672,4
Madrid	2.788	23.683,6	15.413,8	5.862,0
Murcia	733	1.469,6	1.338,6	516,0
Navarra	360	6.017,9	5.609,9	1.370,2
País Vasco	1.704	12.386,7	10.193,7	3.423,4
A Ríoxa	163	554,7	522,0	166,3
España	22.373	142.228,1	112.214,7	33.334,9

⁽¹⁾ Para a distribución por comunidades do número de empresas asignouse cada empresa á comunidade autónoma onde reside a súa sede social. As outras variables, distribúense segundo o criterio de rexionalización, en función da ubicación dos establecementos de cada empresa

⁽²⁾ En millóns de euros

Fonte: INE. Indicadores de alta tecnoloxía

■ **Cadro 2.28**

**Producción nos sectores manufactureiros de Alta e Media-Alta Tecnoloxía.
Por ramas de actividade e comunidades autónomas⁽¹⁾. 2000**

Sectores	Nº empresas	Cifra negocios ⁽²⁾	Venta productos ⁽²⁾	Valor engadido ⁽²⁾
Sectores manufactureiros de tecnoloxía alta	92	290.132	197.877	85.434
Industria farmacéutica	7	164.692	80.796	45.024
Maquinaria de oficina e material informático	9	2.910	1.675	342
Aparatos de radio, TV e comunicación	10	80.562	78.204	23.628
Instrumentos médicos, de precisión, óptica e relojería	62	38.543	33.777	15.085
Outras actividades	4	3.425	3.425	1.355
Sectores manufactureiros de tecnoloxía media-alta	936	9.180.166	6.499.188	1.586.988
Industria química agás industria farmacéutica	95	564.988	477.048	129.106
Maquinaria e equipos	339	458.998	303.866	159.780
Maquinaria e aparatos eléctricos	170	579.732	377.769	161.670
Industria automóbil	84	6.643.080	4.545.635	877.317
Outro material de transporte	248	933.368	794.870	259.115
Total	1.028	9.470.298	6.697.065	1.672.422

⁽¹⁾ Para a distribución por comunidades do número de empresas asignouse cada empresa á comunidade autónoma onde reside a súa sede social. As outras variables, distribúense segundo o criterio de rexionalización, en función da ubicación dos establecementos de cada empresa

⁽²⁾ En millóns de euros

Fonte: INE. Indicadores de alta tecnoloxía

Cadro 2.29
**Cifra de negocios no sector de servicios de Alta Tecnoloxía.
Por comunidades autónomas. 2000**

	Correos e telecomunicacións (división 64)	Actividades informáticas (división 72)	Investigación e desenvolvemento (división 73)	Total
Andalucía, Ceuta e Melilla	2.102.267	376.641	35.343	2.514.251
Aragón	447.911	101.359	12.018	561.288
Asturias	328.184	73.774	5.182	407.140
Baleares	473.510	49.651	1.320	524.481
Canarias	289.418	111.901	6.579	407.898
Cantabria	166.142	24.638	63	190.843
Castela e León	874.193	65.969	14.595	954.757
Castela A Mancha	501.921	39.563	5.881	547.365
Cataluña	2.832.689	2.401.672	187.356	5.421.717
C. Valenciana	1.413.544	398.190	34.776	1.846.510
Extremadura	270.380	24.727	906	296.013
Galicia	836.574	107.600	8.945	953.119
Madrid	10.999.484	6.456.004	294.407	17.749.895
Murcia	274.457	38.992	4.307	317.756
Navarra	204.147	34.040	7.091	245.278
País Vasco	1.060.181	613.917	177.988	1.852.086
A Ríoxa	87.979	14.887	799	103.665
España	23.162.981	10.933.525	797.556	34.894.062

Datos en miles de euros

Fonte: INE. Indicadores de alta tecnoloxía

Cadro 2.30
**Ocupados nos sectores de servicios de Alta e Media-Alta Tecnoloxía.
Por comunidades autónomas. 2000**

	Sectores manuf. Alta e Media-Alta Tecnoloxía	Servicios de Alta Tecnoloxía	Sectores de Alta e Media-Alta Tecnoloxía	Total ocupados
Andalucía	54,8	35,4	90,2	2.287,2
Aragón	49,9	6,8	56,7	469,5
Asturias	13,1	5,7	18,8	351,4
Baleares	3,5	6,3	9,8	351,0
Canarias	5,2	9,1	14,3	666,1
Cantabria	14,2	2,0	16,2	191,2
C. León	50,9	16,0	66,9	900,0
C. A Mancha	14,0	7,9	21,9	614,9
Cataluña	257,0	70,8	327,8	2.712,8
C. Valenciana	63,6	27,5	91,1	1.644,1
Extremadura	1,8	3,7	5,5	347,1
Galicia	46,0	12,8	58,8	1.035,4
Madrid	142,4	133,3	275,7	2.143,3
Murcia	8,1	4,4	12,5	427,7
Navarra	30,7	3,1	33,8	234,8
País Vasco	81,1	18,8	99,9	842,1
A Ríoxa	5,4	1,3	6,7	106,1
Ceuta e Melilla	0,1	0,8	0,9	45,1
España	841,8	365,7	1.207,5	15.369,8

Datos en miles

Fonte: INE. Indicadores de alta tecnoloxía

**Proporción de ocupados nos sectores de Alta e Media-Alta Tecnoloxía.
Por idade, sexo e comunidades autónomas. 2000**

■ **Cadro 2.31**

	Sectores manuf. Alta e Media-Alta Tecnoloxía	Servicios de Alta Tecnoloxía	Sectores de Alta e Media-Alta Tecnoloxía
Ocupados	5,5	2,4	7,9
Por idade			
De 16 a 34 anos	5,7	3,0	8,8
De 35 a 44 anos	4,6	2,2	6,8
De 45 e máis anos	5,9	1,6	7,5
Por sexo			
Homes	6,9	2,4	9,3
Mulleres	3,0	2,3	5,3
Por comunidade autónoma			
Andalucía	2,4	1,5	3,9
Aragón	10,6	1,4	12,1
Asturias	3,7	1,6	5,4
Baleares	1,0	1,8	2,8
Canarias	0,8	1,4	2,1
Cantabria	7,4	1,0	8,5
Catela e León	5,7	1,8	7,4
Castela A Mancha	2,3	1,3	3,6
Cataluña	9,5	2,6	12,1
Comunidade Valenciana	3,9	1,7	5,5
Extremadura	0,5	1,1	1,6
Galicia	4,4	1,2	5,7
Madrid	6,6	6,2	12,9
Murcia	1,9	1,0	2,9
Navarra	13,1	1,3	14,4
País Vasco	9,6	2,2	11,9
A Ríoxa	5,1	1,2	6,3
Ceuta e Melilla	0,2	1,8	2,0

Datos en porcentaxe respecto do total de ocupados
Fonte: INE. Indicadores de alta tecnoloxía

dos sectores manufactureiros. Sobrancea a escasa participación relativa do sector de alta tecnoloxía en comparanza co de tecnoloxía media-alta nas catro variables analizadas.

O cadro 2.29 amosa o volume de negocios no sector de servicios de alta tecnoloxía nas distintas comunidades autónomas. A participación galega no total estatal é do 3,6% na división 64, de tan só un 0,98% na división 72 (actividades informáticas) e dun 1,1% na división 73. Globalmente, Galicia ten unha porcentaxe do 2,7% na cifra de negocios estatal nos servicios de alta tecnoloxía.

O cadro 2.30 presenta a ocupación nos sectores de servicios de alta e media-alta tecnoloxía nas distintas comunidades autónomas. O cadro 2.31 que proporciona desagregadamente diferentes porcentaxes de ocupados nos sectores de alta e media-alta tecnoloxía en relación co emprego total (con detalle por sexos, idades e comunidades autónomas).

Cadro 2.32
Gasto⁽¹⁾ en actividades de innovación nos sectores de Alta e Media-Alta Tecnoloxía. Por comunidades autónomas. 2000

	Sector manufacturero		Servicios de alta tecnoloxía	Total sectores de Alta e Media-Alta Tecnoloxía	Total do sector empresarial
	Tecnoloxía alta	Tecnoloxía media-alta			
Andalucía	85.688	120.970	97.533	304.191	634.056
Aragón	26.670	275.868	14.124	316.662	489.097
Asturias	4.301	21.751	5.548	31.600	153.559
Baleares	258	6.221	5.267	11.746	44.286
Canarias	711	1.601	20.456	22.768	111.851
Cantabria	4.459	35.383	2.077	41.919	118.459
C. León	13.062	131.186	44.041	188.289	391.327
C. A Mancha	16.453	27.787	56.557	100.797	254.848
Cataluña	342.721	781.437	193.170	1.317.328	2.751.103
C. Valenciana	24.420	120.615	71.177	216.212	808.924
Extremadura	796	308	13.814	14.918	40.860
Galicia	9.198	211.184	25.237	245.619	418.963
Madrid	713.537	111.258	603.457	1.428.252	2.636.979
Murcia	2.267	42.434	8.935	53.636	152.137
Navarra	1.838	60.370	16.457	78.665	174.265
País Vasco	119.251	191.005	159.344	469.600	922.989
A Rioxa	1.580	18.625	8.105	28.310	70.555
España	1.367.210	2.158.003	1.345.299	4.870.512	10.174.258

⁽¹⁾ En miles de euros

Fonte: INE. Indicadores de alta tecnoloxía

Proporción do gasto⁽¹⁾ en actividades de innovación nos sectores de Alta e Media-Alta Tecnoloxía. Por comunidades autónomas. 2000
Cadro 2.33

	Sector manufacturero		Servicios de alta tecnoloxía	Total sectores de Alta e Media-Alta Tecnoloxía
	Tecnoloxía alta	Tecnoloxía media-alta		
Andalucía	13,5	19,1	15,4	48,0
Aragón	5,5	56,4	2,9	64,7
Asturias	2,8	14,2	3,6	20,6
Baleares	0,6	14,0	11,9	26,5
Canarias	0,6	1,4	18,3	20,4
Cantabria	3,8	29,9	1,8	35,4
C. León	3,3	33,5	11,3	48,1
C. A Mancha	6,5	10,9	22,2	39,6
Cataluña	12,5	28,4	7,0	47,9
C. Valenciana	3,0	14,9	8,8	26,7
Extremadura	1,9	0,8	33,8	36,5
Galicia	2,2	50,4	6,0	58,6
Madrid	27,1	4,2	22,9	54,2
Murcia	1,5	27,9	5,9	35,3
Navarra	1,1	34,6	9,4	45,1
País Vasco	12,9	20,7	17,3	50,9
A Rioxa	2,2	26,4	11,5	40,1
España	13,4	21,2	13,2	47,9

(1) Porcentaxe sobre o total de gasto en inmigración

Fonte: INE. Indicadores de alta tecnoloxía

O gasto en actividades de innovación nos sectores de alta e media-alta tecnoloxía, así como a proporción que representa en relación ó total de gasto en innovación de cada comunidade pódese ver nos cadros 2.32 e 2.33. Sobrancearemos a baixa porcentaxe do sector manufactureiro de alta tecnoloxía e a alta porcentaxe do sector manufactureiro de tecnoloxía media-alta na nosa comunidade en proporción á estatal.

O total do gasto en actividades de I+D interna nos sectores de alta e media-alta tecnoloxía, así como a proporción que o mesmo representa en relación ó total de gasto de cada comunidade pódese ver nos cadros 2.34 e 2.35. Sobrancearemos a baixa porcentaxe do sector manufactureiro de alta tecnoloxía na nosa comunidade (7,7%) en relación coa estatal (23,9%) e alta porcentaxe do sector manufactureiro de tecnoloxía media-alta de Galicia (47%) en comparanza coa media española (24,1%).

■ Cadro 2.34

Gasto⁽¹⁾ en actividades de I+D interna nos sectores de Alta e Media-Alta Tecnoloxía. Por comunidades autónomas. 2000

	Sector manufactureiro		Servicios de alta tecnoloxía	Total sectores de Alta e Media-Alta Tecnoloxía	Total do sector empresarial
	Tecnoloxía alta	Tecnoloxía media-alta			
Andalucía	31.403	66.556	41.798	139.757	177.431
Aragón	17.241	37.946	9.286	64.473	75.725
Asturias	3.170	8.457	3.517	15.144	56.352
Baleares	80	0	3.870	3.950	4.274
Canarias	0	0	17.200	17.200	25.594
Cantabria	307	3.144	1.265	4.716	8.993
C. León	5.568	29.225	40.528	75.321	92.347
C. A Mancha	5.841	11.926	50.960	68.727	76.478
Cataluña	222.202	298.851	107.226	628.279	850.192
C. Valenciana	12.382	60.143	47.480	120.005	181.831
Extremadura	360	0	10.195	10.555	14.946
Galicia	5.187	31.604	18.787	55.578	67.230
Madrid	372.174	56.342	319.577	748.093	954.488
Murcia	1.323	17.057	6.527	24.907	45.165
Navarra	1.136	39.631	14.777	55.544	61.814
País Vasco	54.017	75.002	146.203	275.222	359.375
A Ríoxa	313	4.490	5.647	10.450	16.761
España	732.704	740.374	844.843	2.317.921	3.068.996

⁽¹⁾ En miles de euros

Fonte: INE. Indicadores de alta tecnoloxía

2.3.4. As opinións dos empresarios

O cadro 2.36 recolle resumidamente as impresións dos empresarios galegos encol dalgunhas variables no conxunto do sector industrial —sen entrar a distinguir entre bens de investimento, intermedios ou de consumo— nos últimos anos. Analizamos a continuación separadamente os cinco apartados dese cadro, que procede da Enquisa de Conxuntura Industrial que elabora o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía:

Proporción do gasto⁽¹⁾ en actividades de I+D interna nos sectores de Alta e Media-Alta Tecnoloxía. Por comunidades autónomas. 2000

■ Cadro 2.35

	Sector manufactureiro		Servicios de alta tecnoloxía	Total sectores de Alta e Media-Alta Tecnoloxía
	Tecnoloxía alta	Tecnoloxía media-alta		
Andalucía	17,7	37,5	23,6	78,8
Aragón	22,8	50,1	12,3	85,1
Asturias	5,6	15,0	6,2	26,9
Baleares	1,9	0,0	90,5	92,4
Canarias	0,0	0,0	67,2	67,2
Cantabria	3,4	35,0	14,1	52,4
C. León	6,0	31,6	43,9	81,6
C. A Mancha	7,6	15,6	66,6	89,9
Cataluña	26,1	35,2	12,6	73,9
C. Valenciana	6,8	33,1	26,1	66,0
Extremadura	2,4	0,0	68,2	70,6
Galicia	7,7	47,0	27,9	82,7
Madrid	39,0	5,9	33,5	78,4
Murcia	2,9	37,8	14,5	55,1
Navarra	1,8	64,1	23,9	89,9
País Vasco	15,0	20,9	40,7	76,6
A Ríoxa	1,9	26,8	33,7	62,3
España	23,9	24,1	27,5	75,5

⁽¹⁾ En porcentaxe de gasto en cada comunidade
Fonte: INE. Indicadores de alta tecnoloxía

1) A previsión de **utilización da capacidade productiva** total da industria estivo no cuarto trimestre do último ano no 81,6% e queda na mellor posición do período analizado.

2) No tocante á demanda, a variable “**carteira de pedimentos**” amosa a diferenza existente entre a porcentaxe de respostas que indicaron que era elevada e as que sinalaron que era débil. En decembro do ano 2002 queda na mellor posición do último cuatrienio.

3) En canto ós **stocks de produtos rematados**, as respostas da enquisa constatan a diferenza entre a porcentaxe de respostas que sinalan que o nivel é excesivo e as que sinalan que é insuficiente. A positiva evolución desta variable no último ano sitúaa na mellor posición do período analizado.

4) A **tendencia da produción** representa a diferenza porcentual entre os que responden que aumentará e os que responden que diminuírá. No cadro comprobamos que este índice mellorou notablemente no último ano, pero queda cunha das peores posicións do período analizado.

5) A **previsión empresarial da tendencia do emprego** tamén mellorou no cuarto trimestre do ano 2002 respecto do mesmo período do ano anterior, pero queda cun dos peores valores do período estudado.

■ **Cadro 2.36****Opinións empresariais. Total sector industrial (sen construción). Galicia. 1996-2002**

Total sector industrial	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002
Grao utilización actual (%)	61,1	70,3	75,8	73,8	75,2	76,5	81,6
Carteira de pedimentos	-15,0	-11,0	10,0	4,0	-5,0	-8,0	7,0
Stocks da produción	9,0	-2,0	12,0	-2,0	5,0	-3,0	-14,0
Tendencia da produción	7,0	5,0	17,0	22,0	-8,0	-39,0	-12,0
Tendencia do emprego	-19,0	-1,0	3,0	-2,0	-6,0	-27,0	-14,0

⁽¹⁾ Datos do 4º trimestre nestas dúas variables. Nas outras tres, datos do mes de decembro
 Fonte: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Enquisa de Conxuntura Industrial

2.4. A empresa industrial pública: a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI)

A raíz da promulgación do Real decreto-lei 5/1995, do 16 de xuño, a industria pública española nucleada neses momentos en torno ó Instituto Nacional de Industria (INI) e o Instituto Nacional de Hidrocarburos (INH) reestrúcturase, agrupándose en dous entes as distintas empresas dependentes ou controladas polo Ministerio de Industria e Enerxía:

■ A Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), á que se lle asignan as participacións dos grupos Teneo, SA e Repsol, SA, rexida polo dereito privado, sen aval do Estado, e que goza do beneficio da consolidación fiscal nas operacións de endebedamento; ten, ademais, como unha das súas principais obrigacións a de amortizar-la débeda do ex-INI, vía dividendos, endebedamento e desinvestimentos.

■ A Axencia Industrial do Estado (AIE), á que se adxudica, polo seu valor contable, a carteira de titularidade directa, maioritaria, igualitaria ou minoritaria das entidades mercantís, suxeitas a plans de reestructuración ou reconversión industrial. A esta Axencia non se lle concede ningunha capacidade de endebedamento e carece do beneficio de consolidación fiscal, se ben as empresas en reconversión serán as únicas que poidan percibir aportacións do Estado.

O 28 de xuño de 1996 o goberno aprobou o “programa de modernización do sector público empresarial do Estado”, que deseña un plan de privatizacións de empresas públicas, que aprofundando na política de alleación de activos patrimoniais públicos que xa viña desenvolvéndose anteriormente, contempla a venda das empresas públicas rendibles, incluídas as dependentes do Ministerio de Economía e Facenda.

No trienio 1996-1999 producíronse operacións privatizadoras en empresas públicas industriais e de servizos con implantación en Galicia: Argentaria, Telefónica, o grupo Repsol, Retevisión, Auxini, ENDESA, Tabacalera, Gas Natural, Elcano, Barreras, INESPAL, Santa Bárbara, Indra ou Red Eléctrica, e en 2000 e os primeiros meses de 2001 os de Iberia, Enatcar e ENCE, ás que seguirá Autopistas del Atlántico no 2002, quedándose o Estado co control daquelas que poden ter problemas para privatizarse por cuestións sociais ou estratéxicas, aínda que non se descarta o seu pase a mans privadas, como as da División Naval e Bazán agrupadas no novo grupo Izar.

En todo caso, o que si é certo é que o cadro da empresa pública en España, e polo tanto en Galicia, experimentou un importante cambio nestes últimos anos, espe-

cialmente a partir de 1997-1998, diminuindo, substancialmente, as empresas participadas polo Estado, quedando reducido a un pequeno grupo con capital público, formado polas que arrastran un déficit empresarial considerable.

O Decreto-lei 15/1997, do 15 de setembro, reagrupa de novo o sector público, disolvendo a AIE e integrando as súas sociedades na SEPI, facendo esta fronte ó paulatino equilibrio financeiro do sector; cunha aportación de recursos de 900.000 millóns de pesetas —resultante das privatizacións— durante os dous primeiros anos e desvinculando o mantemento das empresas públicas dos Orzamentos Xerais do Estado, cun efecto importante na redución do déficit público para o cumprimento dos criterios de Maastricht.

A SEPI é polo tanto a sociedade estatal que agrupa na actualidade ás empresas públicas industriais, acollendo tamén algunha das empresas que pertencían á Dirección Xeral de Patrimonio, tales como Efe, ALYCESA, CETARSA, Transmediterránea, EMGRISA, ENAUSA —matriz de Autopistas del Atlántico—, EXPASA, MAYASA e a Sociedade Estatal de Participacións Patrimoniais, coa intención na maioría dos casos de prepara-la súa futura privatización.

No anexo deste informe contéplanse os datos de investimentos e persoal dos entes públicos e sociedades estatais, clasificados de acordo coa distribución que establece a Lei de orzamentos xerais do Estado.

As características e tendencias que apuntabamos en anteriores informes, con respecto ós investimentos e ó cadro de persoal das empresas públicas dependentes do ex Ministerio de Industria e Enerxía —hoxe do de Facenda—, e que se agrupan na SEPI continúan en 2002; como se reflicte nos cadros 17 e 18 do anexo, quedando reducidas na súa vertente industrial a Izar xa que as restantes son empresas doutros sectores productivos.

Os investimentos da SEPI representan un montante total de 88 millóns 370 mil euros (cadro A.17) curiosamente maior que o dos últimos anos, a pesar de continua-la privatización das empresas, debido ó aumento substancial das inversións en Bazán-Izar e en ENA, pero cun enorme descenso con respecto a anos anteriores ó deixar de computarse, xa en 1997, as inversións de Endesa e do grupo Repsol —preto de 9.611 millóns de ptas. en 1997— que foron as empresas industriais con maior capacidade inversora en Galicia. ENA, con 45 millóns 670 mil euros de inversión en 2002 constitúe a empresa pública que maior volume de recursos inverte en Galicia. Bazán e a División de Construcción Naval (DCN) agrupadas na nova empresa Izar inverte 42 millóns setecentos mil euros en Galicia (cadro A.17). A provincia da Coruña, con 65 millóns 510 mil euros, xunto á de Pontevedra, con 22 millóns 860 mil euros, absorben a totalidade da inversión das empresas da SEPI na Comunidade Autónoma Galega xa que tanto en Lugo como en Ourense non se produce inversión ningunha durante 2002.

Os efectivos de persoal das empresas públicas en Galicia, agrupadas na SEPI, ascenden a 4.177 en 2002 (cadro A.18), fronte os 4.200 da mesma entidade en 2001. O descenso do emprego público industrial prodúcese con respecto ó ano anterior pola lixeira diminución de cadro de persoal en Izar e a desaparición de Transmediterránea, computándose non obstante a incorporación do persoal dunha empresa que se incorpora de novo ó grupo Cofivacasa con trece traballadores na Coruña. A provincia da Coruña, con 4.059 empregados, concentra o volume máis importante, Pontevedra mantén 118, todos eles de Audasa, mentres que en Lugo e Ourense

como xa ocorrera nos dous anos pasados no ten presenza a empresa pública industrial ó non dispor de ningún traballador nas súas delimitacións provinciais.

Tódalas empresas públicas industriais con sede en Galicia experimentan unha diminución apreciable de traballadores nestes dez últimos anos, pasándose, no seu conxunto, de 14.067 traballadores en 1993 ós 4.177 do ano que analizamos. O novo grupo Izar con 3.828 empregados é o que absorbe un maior número de man de obra.

2.5. Política industrial.

A aportación das administracións públicas

Examinaremos, dentro deste apartado, o conxunto das intervencións máis importantes das distintas administracións públicas no ámbito industrial e empresarial, co obxecto de ter unha visión de carácter xeral das principais liñas de actuación que marcan as políticas públicas en Galicia.

Hai que ter, non obstante, moi en conta que a política macroeconómica ten un papel decisivo sobre a actividade industrial: o control da inflación, a redución do déficit público e a estabilidade monetaria constitúen factores fundamentais para a incentivación e boa marcha das industrias e, xunto co investimento público e o impulso das reformas estruturais, inciden dunha maneira decisiva no comportamento empresarial.

2.5.1. As actuacións da UE

O Cumio de Maastricht de 7 de febreiro de 1992, coa reforma do artigo 130 do Tratado da UE, marca o inicio da nova estratexia en materia industrial e de emprego previndo un marco de relacións entre administracións públicas rexido polo principio de subsidiaridade, a potenciación da instrumentación de accións de I+D, políticas de infraestruturas a escala europea, formación profesional e incluso a posibilidade de utilización de medidas específicas, a aprobar por unanimidade, destinadas a acelerar a adaptación da industria ós cambios estruturais, creando un contorno favorable á iniciativa, desenvolvemento e cooperación entre as empresas, e a favorecer unha explotación do potencial industrial das políticas de innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

O Tratado de Amsterdam de 17 de xuño de 1997 inclúe no Tratado Constitutivo da Unión Europea un capítulo sobre emprego, en paralelo ás disposicións relativas á Unión Económica e Monetaria. Cada país continúa a ser dono da súa política, pero a situará no contexto dunha estratexia coordinada de toda a comunidade. O Tratado fixa para os gobernos da Unión o compromiso de:

- Orienta-las súas políticas de emprego en consonancia coa política económica da comunidade.
- Promover unha man de obra cualificada con poder de adaptación, así como mercados de traballo que poidan reaccionar axiña ante os cambios económicos.

Así mesmo, crea un sistema de vixilancia multilateral das políticas de emprego nacionais, e un Comité de Emprego que asistirá ás institucións neste traballo.

A estratexia coordinada para o emprego levarase á práctica do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar, os xefes de Estado e de Goberno examinarán a situación do emprego.

b) O Consello, por maioría cualificada, a proposta da Comisión e previa consulta ó Parlamento Europeo, ó Comité Económico e Social, e ó Comité das Rexións, elaborará as liñas directrices para os Estados membros.

c) Ó final do ano, o Consello examinará a aplicación das liñas directrices e, se o estima oportuno, formulará recomendacións para os Estados membros.

O Consello e a Comisión remitirán un informe anual conxunto ós xefes de Estado e de Goberno, que examinarán as novas orientacións a seguir:

d) Finalmente, prevense medidas de estímulo para financiamento de proxectos piloto en temas de emprego.

Transcorridos dous anos con ocasión do Cume de Lisboa —marzo de 2000— valórouse positivamente o proceso iniciado en Amsterdam, e acolleuse como obxectivo prioritario a loita contra o desemprego, marcándose como meta conseguilo pleno emprego na Unión Europea para o 2010, combinando para isto reformas estruturais ambiciosas coa potenciación das novas tecnoloxías, facendo especial fincapé no acceso das escolas a Internet e a formación a curto prazo do profesorado nas novas tecnoloxías.

A pesar do descenso da actividade económica como consecuencia dos atentados do 11 de setembro de 2001, no Consello da Unión Europea de Sevilla —21 e 22 de xuño de 2002— se aposta pola reactivación do crecemento, reafírmase na adhesión do Pacto de Estabilidade e Crecemento e o saneamento das finanzas públicas e mantense en vigor os obxectivos estratéxicos alcanzados en Lisboa. Así mesmo, tanto no Cumio de Copenhague de decembro de 2002, que aproba a ampliación a vinte e cinco Estados para o 1 de maio de 2004, como o recente Consello de Bruxelas do 20 e 21 de marzo de 2003 ratifican cunha serie de orientacións e medidas específicas os obxectivos de Lisboa.

As actuacións da UE en Galicia —catalogada como rexión obxectivo nº 1— lévanse a cabo a través do transvase de importantes cantidades de diñeiro para o desenvolvemento rexional, das que a maioría dedícanse a infraestruturas de carácter básico; ditas cantidades canalízanse a través dos chamados fondos estruturais para a redución dos desequilibrios rexionais: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER); o Fondo Social Europeo (FSE); o Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA); e o Instrumento para Financiamento e Organización da Pesca (IFOP). Xunto a eles, e creado no Tratado de Maastricht para os estados membros que non superan o 90% da media comunitaria do PIB por habitante (Irlanda, Grecia, Portugal e España), o Fondo de Cohesión financia proxectos de infraestrutura de transporte e medio ambiente.

• Marco de Apoio Comunitario de Galicia para o período 2000-2006.

O período de programación, actualmente en curso: o marco orzamentario para o período 2000-2006 foi aprobado nas grandes cifras para o conxunto da Unión, pola Comisión no Cume de Berlín en marzo de 1999 consagrando o criterio do emprego como un dos básicos para o reparto de recursos e incluíndo fondos específicos “instrumentos de preadhesión” para os países que teñen prevista a súa entrada na UE. Tras intentos dalgúns membros para a súa abolición, mantívose o Fondo de Cohesión,

■ Cadro 2.37

Grado de execución do Programa Operativo de Galicia a 31-12-2002

Beneficiario/ Medida	Programado 2000-2006	Executado a 31/12/2002	%
1.1 Apoio a empresas industriais, comerciais e de servizos (FEDER)	196.800.003,00	40.307.127,81	20,48
1.2 Mellora da transformación e comercialización dos produtos agrícolas (FEOGA-O)	196.122.665,00	32.139.184,73	16,39
1.3 Provisión e adecuación de espazos produtivos e de servizos ás empresas (FEDER)	49.415.850,00	10.407.287,97	21,06
1.7 Promoción do capital organizativo das empresas (FEDER)	10.560.000,00	719.618,55	6,81
1.8 Favorecer a xeración de nova actividade que permita a creación de emprego (FSE)	23.057.789,00	4.456.245,00	19,33
Total eixe: 1 Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido productivo	475.956.307,00	88.029.464,06	18,50
2.1 Apoiar invest. en capital humano ámbito da invest., ciencia e tecnol. e transf. (FSE)	31.328.205,00	10.928.043,87	34,88
2.2 Proxectos de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico (FEDER)	42.986.661,00	16.425.939,20	38,21
2.3 Equipamento científico-tecnolóxico (FEDER)	3.453.337,00	2.853.935,01	82,64
2.5 Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos (FEDER)	12.040.004,00	8.893.418,30	73,87
2.6 Grandes instalacións (FEDER)	12.680.001,00	8.927.608,13	70,41
2.7 Sociedade da información (FEDER)	69.084.821,00	21.653.907,49	31,34
Total eixe: 2 Soc. do coñecemento (I+D, sociedade da información)	171.573.029,00	69.682.852,00	40,61
3.1 Abastecemento de auga á poboación e ás actividades económicas (FEDER)	70.557.259,00	17.829.982,08	25,27
3.2 Mellora da eficacia das infraestruturas existentes e da utilización da auga (FEDER)	10.218.769,00	1.221.536,19	11,95
3.3 Saneamento e depuración de augas residuais (FEDER)	178.994.043,00	33.509.935,40	18,72
3.4 Xestión integral dos residuos urbanos e industriais tratados (FEDER)	11.862.499,00	785.569,18	6,62
3.5 Actuacións medioambientais en costas (FEDER)	86.021.962,00	21.157.637,08	24,60
3.6 Protección e rexeneración do contorno natural (FEDER)	163.439.101,00	12.242.204,89	7,49
3.7 Vixilancia, control e redución da contaminación ambiental (FEDER)	6.733.330,00	2.876.564,96	42,72
3.8 Rexeneración de solos e de espazos (FEDER)	4.586.668,00	1.698.165,30	37,02
3.9 Silvicultura (FEOGA-O)	111.344.614,00	31.953.690,60	28,70
3.10 Accións medioambientais derivadas da conservación da paisaxe e a economía agraria (FEOGA-O)	177.338.467,00	52.892.876,85	29,83
Total eixe: 3 Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos	821.096.712,00	176.168.162,53	21,46
41.1 Construción, reforma e equipamento de centros educativos e de formación (FEDER)	74.857.141,00	43.320.823,27	57,87
41.12 Fomentar acceso de todos ensino FP e extensión, na FP base e na FP específica (FSE)	167.602.456,00	77.182.419,75	46,05
41.13 Desenvolver novas modalidades de oferta en FP inicial/regrada (FSE)	13.061.438,00	5.974.518,84	45,74
41.14 Promover mecanismos de integración e mellora da eficiencia dos subsistemas de FP (FSE)	22.787.261,00	5.264.784,95	23,10
41.15 Proporc. Alternat. Educat. enfocadas ó mercado de traballo ás persoas que non superen o ensino obrigat. (FSE)	23.185.548,00	13.119.647,20	56,59
Total eixe: 41 Reforzo da educación técnico-profesional	301.493.844,00	144.862.194,01	48,05
42.6 Ofrecer ós desempregados posibilidades de inserción no mercado laboral (FSE)	84.764.430,00	33.066.418,15	39,01
42.7 Combater paro prolong. mediante accións de reinserc. laboral desempreg. longa duración (FSE)	4.813.438,00	2.557.108,30	53,12
42.8 Ofrecer vías de inserción profesional ós xoves (FSE)	33.694.043,00	16.276.829,36	48,31
Total eixe: 42 Inserción e reinserción ocupacional dos desempregados	123.271.911,00	51.900.355,81	42,10
43.2 Asegurar a actualización do nivel de competencias dos traballadores (FSE)	18.991.013,00	3.547.148,28	18,68
43.3 Soster a consolidación do emprego existente (FSE)	38.507.486,00	20.619.583,66	53,55
Total eixe: 43 Reforzo na estabilidade no emprego	57.498.499,00	24.166.731,94	42,03
44.10 Apoiar a inserción das persoas discapacitadas no mercado laboral (FSE)	7.445.433,00	2.227.291,25	29,91
44.11 Propoñer oportunidades de integrac. ós colectivos en risco de exclus. do merc. de traballo (FSE)	31.820.692,00	8.104.526,04	25,47
Total eixe: 44 Integración mercado traballo persoas con dificultades	39.266.125,00	10.331.817,29	26,31
45.16 Mellorar a empregabilidade das mulleres (FSE)	16.730.187,00	3.063.560,25	18,31
45.17 Fomentar a actividade empresarial das mulleres (FSE)	11.817.997,00	1.392.201,87	11,78
45.18 Combater segregac. horizontal e vertical e a discrimin. salarial e favorec. Conciliac. vida famil. e labor. (FSE)	4.400.436,00	678.226,41	15,41
Total eixe: 45 Partic. Mulleres no mercado traballo	32.948.620,00	5.133.988,53	15,58
5.1 Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas (FEDER)	1.647.287,00	1.576.766,55	95,72
5.2 Mellora dos sistemas de transportes urbanos (FEDER)	9.590.959,00	2.500.166,92	26,07
5.3 Infraestrutura e equipamentos colectivos en municipios menores de 20.000 habitantes (FEDER)	52.442.103,00	25.669.595,01	48,95
5.6 Apoio ás iniciativas locais que contribúan á xeración de emprego (FSE)	19.260.346,00	4.078.666,71	21,18
5.7 Infraestruturas turísticas e culturais (FEDER)	22.171.225,00	11.815.253,56	53,29
5.8 Conservación e rehabilitación do patrimonio histórico-artístico e cultura (FEDER)	74.296.290,00	25.143.325,80	33,84
5.9 Infraestruturas e equipamentos sociais e sanitarios (FEDER)	74.564.951,00	33.912.524,36	45,48
Total eixe: 5 Desenvolvemento local e urbano	253.973.161,00	104.696.298,91	41,22
6.1 Estradas e autovías (FEDER)	956.162.855,00	228.939.571,78	23,94
6.2 Autoestradas (FEDER)	106.309.087,00	93.992.119,11	88,41
6.3 Ferrocarrís (FEDER)	681.948.616,00	126.092.899,24	18,49
6.4 Portos (FEDER)	293.825.450,00	54.242.685,20	18,46
6.5 Aeroportos (FEDER)	26.770.000,00	4.465.339,76	16,68
6.6 Sistemas de transportes multimodais e centros de transporte (FEDER)	13.078.581,00	1.656.675,63	12,67
6.8 Redes de distribución de enerxía (FEDER)	156.255.557,00	32.894.205,27	21,05
6.9 Enerxías renovables, eficacia e aforro enerxét. agás actuac. contempl. na medida 6-10 (FEDER)	77.207.279,00	20.303.146,20	26,30
Total eixe: 6 Redes de transporte e enerxía	2.311.557.425,00	562.586.642,19	24,34
7.2 Desenvolvemento e mellora das infraestruturas de apoio (FEOGA-O)	147.278.667,00	66.395.795,40	45,08
7.5 Desenvolvemento endóxeno de zonas rurais, relativo ás actividades agrarias (FEOGA-O)	55.680.594,00	0,00	0,00
7.7 Formación agraria en territor., colectivos e contidos que non queden cubert. nos progr. FSE (FEOGA-O)	9.279.998,00	1.631.104,66	17,58
7.8 Prestac. de servic. ás explotac. agrarias, comercializ. product. agrarios de calidade e enxeñ. fin. (FEOGA-O)	279.158.668,00	47.961.714,38	17,18
Total eixe: 7 Agricultura e desenvolvemento rural	491.397.927,00	115.988.614,44	23,60
9.1 Asistencia técnica FEDER	4.562.502,00	562.896,50	12,34
9.2 Asistencia técnica FSE	2.387.665,00	3.174,80	0,13
9.3 Asistencia técnica FEOGA-O	4.704.001,00	0,00	0,00
Total eixe: 9 Asistencia técnica	11.654.168,00	566.071,30	4,86
Total	5.091.687.728,00	1.354.113.193,01	26,59

Datos en miles de euros
Fonte: Ministerio de Economía

pero endurecéanse os seus controis; en concreto, os beneficiarios que accederon ó euro perderano instantaneamente se incumpren o pacto de estabilidade, incorrendo nun déficit superior ó tres por cento do PIB fixado no Tratado de Maastricht.

A Galicia como Marco de Apoio Comunitario (MCA) correspondeulle para o período 2000-2006 a cantidade de 5.407,7 millóns de euros —899.766 millóns de pta— o 13,7% do total do financiamento comunitario para as rexións obxectivo nº 1 de España.

• Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006

No cadro 2.37 explíctase por axente xestor e medida o grao de execución do **programa operativo integrado de Galicia 2000-2006** a 31 de decembro de 2002. Do total programado para todo o período: case 5.092 millóns de euros executouse a 31-12-2002 algo máis de 1.354 millóns de euros que representa un 26,59% do total. O eixe nº 6: redes de transporte e enerxía financiada polo Feder con máis de 2.311 millóns de euros é o de maior contía económica, nel intégranse as partidas correspondentes a estradas, autoestradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de enerxía etc.; ó fin de 2002 o gasto executado elévase a preto de 562.587 millóns de euros que correspóndese co 24,34% do total da inversión prevista neste eixe. Como pode apreciarse o subeixe de autoestradas estaba xa ó 88,41% a 31-12-2002, mentres que os subeixes de sistemas de transporte multimodais, aeroportos, portos e ferrocarrís tiñan unha execución baixa que en ningún deles chegaba ó 20%.

O eixe nº 3: Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos é o seguinte en importancia económica cunha dotación total do programa de preto de 821 millóns 97 mil euros, dos que executáronse ó fin de 2002 algo máis de 176 millóns 168 mil euros, que representa ó 21,46%. Como pode apreciarse comprende actuacións de abastecemento de augas, saneamento e depuración de augas residuais, xestión de residuos urbanos, etc.; o subeixe de vixilancia, control e redución da contaminación ambiental é o que unha maior porcentaxe de execución acadou neste eixe.

Os eixes 41, 42 e 43: Reforzo da educación técnico-profesional; inserción e reinserción ocupacional dos desempregados e reforzo na estabilidade no emprego acadan un grao de execución superior cada un deles ó 40%, mentres que os correspondentes a Asistencia Técnica (9), Mulleres no mercado de traballo (45), e Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido productivo non chegan cada un deles ó 20%.

Fóra do Marco Comunitario de Apoio a Comunidade Galega percibe tamén financiamento das **iniciativas comunitarias**:

■ Interreg III financiado polo FEDER, contempla accións no ámbito da cooperación transfronteiriza, cunha dotación prevista nos anos 2000 a 2006 para o subprograma Galicia/Norte de Portugal de 276,9 millóns de euros —46.072 millóns de pta—.

■ Urban II financiado polo FEDER está destinado á revitalización das cidades e barrios urbanos degradados, afectará soamente a Ourense (casco histórico).

■ Equal financiado polo FSE, previsto para promocionar novos métodos de loita contra as discriminacións e desigualdades en relación co mercado de traballo.

■ Leader financiado polo FEOGA, destinado a promover o desenvolvemento rural.

■ Cadro 2.38

Fondo de cohesión. Invetimentos financiados a executar en Galicia. 1996-2000

Grupos de proxectos	Administra. executora	Investimento financiado				
		1996	1997	1998	1999	2000
		Consolidación da flota galega(NEAFC)		626.423	4.666.261
		Axudas complementarias ó sector pesqueiro	3.606.073		
		Medidas socioeconómicas (a familias)	809.046	963.915	963.268
		Compensación por paralización. Temporal a familias			2.177.381
721 B	Desenvolvemento sostenible da explotación de recursos marinos	Desenvolvemento da acuicultura e dos cultivos marinos	9.149.123	13.090.603	13.081.765
722 A	Transf., conserv., e comercialización de produtos marinos	Axudas a empresas de transf. e comercia. de produtos da pesca e acuicul.	22.997.644	30.628.118	33.787.778
722 B	Promoción de produtos pesqueiros e				
722C	Equipamentos Pesqueiros	Promoción de produtos e inves. de mercado	433.414	567.614	
		Convenio co Ente Público Portos de Galicia	74.063		
723 A	Reestruct. e renovación da flota pesqueira	Equipamentos Públicos dos Portos pesqueiros	1.733.667	2.000.493	2.141.935
		Reestruct. e Renovación da flota pesqueira	21.092.790	29.324.372	32.016.413
		Plan de Renovación da Flota Pesqueira Artesanal	1.803.036	2.702.301	
		Convenio IGAPE: renovación da flota	267.751	238.001	208.251
		Accións sobre a Pesca Costeira Artesanal (familias)	2.427.127	2.698.971	2.697.149
752 A	Servicios ás actividades marítimas	Programa de creación de infraestruct. turístico-culturais nos portos	450.759	330.557	
		Axudas á creación de empresas de servizos no mar	210.354	210.354	
		Axudas á creación de escolas de navegación de lecer	36.061		
		Axudas a empresas de servizos vinculadas ó mar			270.000
		Desenvolvemento turístico			210.000
		Total		78.264.432	90.108.346

Datos en euros

Inclúe tamén o IFOP

Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da C. A. Galega

■ Cadro 2.57

Subvencións e axudas da Consellería de Medio Ambiente (capítulo VII).
Galicia. 2000-2002

	Programa	Concepto	2000	2001	2002
342 A	Protección e mellora do medio ambiente (1)	Acción de fomento de riquezas piscícolas e cinexética	8.703		
		Axudas a empresas privadas	510.860		
		Medidas compensatorias no contorno dos espazos protexidos		444.749	725.367
		Subvencións en materia de medio ambiente industrial	961.619	907.528	
422 C	Prevención e defensa contra incendios forestais (Plan Forestal de Galicia)(2)	Subvención empresas privadas por investimentos de prevención de incendios	985.660	985.660	505.563
614 C	Orden, reestruc. fomento e desenvolvemento do sector forestal (Plan Forestal de Galicia)	Axudas empresas privadas para a creación e mellora de masas forestais	20.183.790	22.714.399	15.482.707
731 A	Mellora da estrutura forestal e 1ª transformación	Axudas para a creación e mellora das masas forestais	13.895.400	13.222.266	15.573.324
		Mellora da competitividade (empresas privadas)	706.189	601.012	
		Total	37.252.221	38.875.614	32.286.961

Datos en miles de euros

(1) Só comprende subvencións a empresas, non a corporacións locais

Fonte: Xunta de Galicia. Orzamentos xerais da C. A. Galega

2.6. Estudio das maiores empresas con sede en Galicia

2.6.1. Introdución: Clasificación das maiores empresas

En epígrafes anteriores deste mesmo capítulo referímonos á estrutura empresarial galega e máis á política industrial en Galicia (contemplada dende unha triple perspectiva: da Administración Autonómica, da Administración Central e da Unión Europea). Pecharemos o capítulo cun epígrafe que non abranguerá tódalas empresas de Galicia senón que focalizaremos unha parte moi importante: as maiores empresas con sede social en Galicia.

Farémolo da man de: “ARDÁN GALICIA 2003/10.000 Empresas. Directorio e informe económico, financeiro e da competitividade”, estudio que contén datos moi valiosos para o estudio das sociedades con sede en Galicia que tiveron ingresos superiores ós 375.000 euros no exercicio 2001; a periodicidade anual da súa publicación permite o seguimento continuo da andaina dunha parte fundamental do tecido empresarial galego. Malia iso, cómpre non esquecer ó utilizar estes datos que aunque tamén utiliza outras fontes (como as propias empresas ou as empresas certificadoras de calidade) a súa fonte básica vén dada polas contas anuais e os informes de xestión que as sociedades depositan nos rexistros mercantís antes do 31 de xullo de cada ano.

Xa que logo, non inclúe os datos das empresas ás que a lexislación exige da obrigatoriedade de presenta-las súas contas nos rexistros mercantís; tamén poden non figurar os de empresas que non depositaron as súas contas nos rexistros, ou ben as depositaron fóra de prazo ou con algún defecto de forma. Ademais recolle só datos de sociedades que teñen a súa sede social en Galicia e non inclúe as financeiras. Como resumo, podemos dicir que “ARDÁN GALICIA 2003...” recolle as 10.000 sociedades privadas non bancarias con sede social en Galicia que cumpriron as obrigas rexistrais e facturaron máis de 375.000 euros no exercicio 2001.

En ARDÁN están rexistradas máis de 30.000 empresas galegas. A metodoloxía de “ARDÁN GALICIA 2003...” segue en gran medida a aplicada pola Central de Balances do Banco de España; a mostra seleccionada para este estudio foi de 9.515 empresas por razóns metodolóxicas, xa que para preservar a súa homoxeneidade analizouse o mesmo conxunto de empresas nun período de tempo determinado (concretamente, integráronse empresas con datos consecutivos en tres anos e cunha facturación no ano 2001 superior a 375.000 euros).

No cadro 2.58 presentámo-las 50 empresas que, segundo os datos do Servicio de Información ARDÁN superaron en 2001 —último ano con datos dispoñibles desta fonte— os 90 millóns de euros de facturación. Das que encabezan a clasificación subliñarémolo descenso da facturación (nun 10%) de PEUGEOT CITROËN e, un ano máis, o importante crecemento das empresas do Grupo INDITEX: a propia Inditex (20%), Zara España (17%), Pull and Bear España (34%), Goa-Invest (15%), Stradivarius (21%) ou Grupo Massimo Dutti (28%).

Debido ás limitacións sinaladas en parágrafos anteriores deste mesmo epígrafe, é fácil detectar na clasificación do cadro 2.58 ausencias de empresas con peso importante no tecido productivo galego, como Unión Fenosa, Repsol-YPF, Grupo Alcoa,

■ Cadro 2.58

Clasificación de empresas, por facturación. Galicia. 2000-2001

Empresa			Actividade	Localidade	Facturación ⁽¹⁾		
2000	2001				2000	2001	% Variación
1	1	Citroën Hispania, SA	Automób., carroc. vehíc.turís.	Vigo	5.979.574.700	5.379.653.498	-10
2	2	FCC Construcción, SA	Contratistas xerais	A Coruña	1.754.445.999	2.091.246.998	19
4	3	Industria de Diseño Textil, SA	Confeccións de dona e nena	Arteixo	1.182.654.394	1.416.036.998	20
3	4	ACS, Proyectos, Obras y Construcción, SA	Construccións pesadas	A Coruña	1.212.151.263	1.404.518.998	16
5	5	Zara España, SA	Confeccións en xeral	Arteixo	801.890.970	939.497.578	17
6	6	Gallega de Distribuidores Aliment., SA	Comestibles e productos relac.	Betanzos	417.189.607	478.813.079	15
8	7	Prosegur Compañía de Seguridad, SA	Servicios de seguridade, detect.	Vigo	334.240.862	414.974.818	24
18	8	Astrazeneca Farmacéutica Spain, SA	Especialidades farmacéuticas	O Porriño	153.314.425	409.121.002	167
10	9	Constructora San José, SA	Contratistas xerais	Pontevedra	309.916.003	389.666.997	29
7	10	Financiera Maderera, SA	Taboleiros de madeira (aglomerado)	Santiago	393.832.083	386.571.058	-2
9	11	Centros de Distribución Vegon, SA	Comestibles e productos relac.	Vigo	324.114.427	373.331.068	15
11	12	Fadesa Inmobiliaria, SA	Promotores de obras	A Coruña	277.360.709	315.977.606	14
13	13	Metalúrgica Galaica, SA	Fundición de aceiro	Narón	202.230.218	262.586.870	30
12	14	Distribuciones Froiz, SA	Tendas mercancías en xeral	Poio	225.885.092	252.997.734	12
14	15	Grupo Massimo Dutti, SA	Confeccións en xeral	Arteixo	191.239.936	244.393.435	28
50	16	Leche Celta, SA	Leite líquido e iogurtes	Pontedeume	80.136.382	215.476.915	169
19	17	Pull & Bear España, SA	Confeccións en xeral	Arteixo	153.208.912	205.470.989	34
15	18	GNK Indugasa, SA	Recambios e pezas de motor	Vigo	171.527.983	197.517.231	15
16	19	Hijos de J. Barreras, SA	Constr. e reparación de buques	Vigo	161.762.408	174.215.379	8
28	20	Bershka BSK España, SA	Confeccións en xeral	Arteixo	125.526.054	167.439.292	33
30	21	Tempe, Sa	Calzados	Arteixo	120.994.296	161.893.435	34
17	22	Pescanova, SA	Peixes e mariscos	Redondela	157.582.297	159.651.906	1
20	23	Jealsa Rianxeira, SA	Conserv. peixe e mariscos	Boiro	149.965.971	158.384.143	6
25	24	Faurecia Sistemas de Escape España, SA	Recambios e pezas de motor	Vigo	138.107.828	155.242.911	12
21	25	Supermercados Claudio, SA	Tendas mercancías en xeral	Betanzos	147.665.897	154.423.515	5
22	26	Megasa Siderurxia, SL	Fundición de aceiro	Narón	143.584.106	150.054.680	5
38	27	Marfrío, Sa	Peixes e mariscos	Vigo	102.962.076	146.200.335	42
24	28	Saprogal, SA	Aliment. prep. para animais	A Coruña	139.100.002	145.364.003	5
29	29	Vego Supermercados, SA	Tendas mercancías en xeral	Vigo	122.458.795	144.843.791	18
27	30	Industrias Frigoríficas del Louro, SA	Carne, empaq., embut., matadoiro	O Porriño	126.549.710	143.729.280	14
51	31	Soluziona Consultoría y Tecnología, SL	Servicios comerciais	A Coruña	79.950.002	137.875.999	72
34	32	Lactalis Iberia, SA	Productos lacteos	Vilalba	108.632.289	136.121.615	25
33	33	Goa-Invest, SA	Contratistas xerais	Arteixo	114.745.219	132.432.813	15
36	34	Autoservicios Familia, SA	Tendas mercancías en xeral	A Coruña	105.796.149	131.107.455	24
31	35	Coop. Farmacéutica Gallega COFAGA, SCL	Droguería, perfum. e farmacia	A Coruña	119.095.182	126.912.048	7
35	36	Norte Forestal, SA	Madeiras e chapas	Pontevedra	108.381.522	121.372.772	12
23	37	Luis Calvo Sanz, SA	Peixes e mariscos	Carballo	140.203.172	111.574.267	-20
37	38	Almacenes Casan, SA	Tendas mercancías en xeral	Betanzos	105.272.283	111.034.300	5
40	39	Leite Río, SL	Leite líquido e iogurtes	Láncara	90.606.151	107.920.853	19
65	40	Construcciones Paraño, SA	Construccións pesadas	Ourense	71.324.360	107.370.903	51
46	41	Adolfo Domínguez, SA	Prod. fabricados de text.	S. Cibrao das Viñas	83.296.708	106.536.902	28
39	42	Bebidas Gaseosas del Noroeste, SA	Beb. refresc. non alcoh. e auga	A Coruña	92.857.560	103.709.801	12
61	43	Cementos Cosmos, SA	Cemento	Vigo	72.698.755	101.168.602	39
45	44	Calvo Conservas, SL	Conserv. peixe e mariscos	Carballo	83.763.748	100.905.359	20
41	45	Ibérica de Congelados, SA	Alimentos conxelados	Vigo	90.568.660	100.826.037	11
43	46	Feiraco, SCL	Leite líquido e iogurtes	Negreira	89.976.398	99.769.338	11
42	47	Mercash Sar, SL	Comestibles e productos relac.	A Coruña	90.352.446	98.723.979	9
32	48	Pescanova Alimentación, SA	Alimentos conxelados	Redondela	116.749.877	96.092.111	-18
49	49	Abastecimientos Lacteos Gallegos, SL	Productos lacteos	Pontedeume	80.188.580	93.539.450	17
59	50	Stradivarius España, Sa	Confeccións en xeral	Arteixo	75.080.668	90.783.521	21

⁽¹⁾ En euros.

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/ 10.000 empresas. Directorio e informe económico, financeiro e da competitividade.

El Corte Inglés, Banco Pastor, Endesa, Iberdrola, Caixa Galicia, Carrefour, Izar ou Caixanova. Así mesmo, consideramos que, por coherencia cunha das condicións do estudio de “ARDÁN GALICIA 2003...” (ter a sede social en Galicia) non deberían figurar nesta clasificación algunhas empresas que si se incluíron (mesmo dúas delas nas catro primeiras posicións: FCC e mais ACS) xa que pensamos que desvirtúa a clasificación.

2.6.2. Evolución económica e financeira. Distribución sectorial

Se en vez de centrarnos só nas principais grandes empresas galegas (como fixemos ó remate do anterior epígrafe) temos en conta o estudio económico-financeiro e da competitividade que figura en ARDÁN GALICIA 2003 para as 9.515 empresas galegas das que teñen datos dos últimos tres anos analizados (1999 a 2001) e a súa facturación superou no ano 2001 os 375.000 euros, podemos extraer algúns puntos básicos que nos poden achegar ó comportamento global do sector empresarial galego no exercicio 2001.

1) O valor engadido bruto ó custo dos factores tivo no ano 2001 unha suba importante (13,34%), bastante superior á dos ingresos de explotación (9,65%). O crecemento da primeira das magnitudes foi bastante maior que o obtido no exercicio anterior, mentres que o da segunda foi bastante menor.

2) Subiron en 2001 os gastos financeiros das empresas (nun 13,78%) e o fixeron moito menos que no ano anterior (case a terceira parte) pola importante diminución das taxas de interese nos mercados financeiros e tamén como resultado dalgunhas políticas financeiras das empresas.

3) Os gastos de persoal subiron en 2001 un 13,40% (porcentaxe semellante á do ano anterior, e practicamente coincidente coa suba porcentual do valor engadido bruto ó custo dos factores).

4) O resultado empresarial das actividades ordinarias tivo un aumento no ano 2001 do 13,42% (tres puntos maior que o do ano anterior).

5) O crecemento medio do emprego (nas empresas das que se fixo un seguimento no último trienio que compoñen a mostra utilizada no capítulo de emprego do estudio de ARDÁN) foi dun 4,67%, porcentaxe claramente inferior ás de suba dos ingresos de explotación, do valor engadido bruto, dos gastos financeiros, e de persoal ou dos beneficios empresariais (computados polo resultado das actividades ordinarias).

Vistas resumidamente as liñas básicas que caracterizaron o percorrer económico-financeiro das empresas galegas que figuran no estudio de Ardán, entraremos a continuación nunha análise máis desagregada, nun dobre senso: desde a perspectiva dos diversos sectores empresariais e máis desde a vertente territorial, co desglose por provincias e comarcas do tecido empresarial de Galicia.

No tocante á relevancia dos grandes sectores da actividade económica, o cadro 2.59 permítenos ollar a estrutura global da actividade empresarial galega recollida en “ARDÁN GALICIA 2003...”; cómpre subliñar que os ingresos presentan a perspectiva do volume de negocio das empresas, o valor engadido bruto o da riqueza xerada polas mesmas, e o número de empresas nos achega á maior ou menor fragmentación de cada sector.

■ Cadro 2.59

Os grandes sectores de Galicia. 2001


	Nº empresas	%	Ingresos(1)	%	VEB cf.(1)	%
Agricultura, silvicultura e gandería	77	0,81	147,54	0,34	34,29	0,40
Construcción	1.878	19,74	5.016,37	11,55	1.336,15	15,74
Detalistas	1.439	15,12	5.802,49	13,36	1.019,68	12,01
Fabricantes	1.869	19,64	16.394,25	37,74	3.216,53	37,88
Maioristas	2.179	22,90	11.075,07	25,50	985,08	11,60
Minería	121	1,27	437,80	1,01	232,69	2,74
Pesca	221	2,32	577,36	1,33	211,06	2,49
Servicios	1.086	11,41	2.079,13	4,79	882,40	10,39
Transportes, comunicacións e serv. públicos	645	6,78	1.907,46	4,39	573,27	6,75
Total	9.515	100,00	43.437,47	100,00	8.491,14	100,00

(1) Datos en millóns de euros

Base: mostra homoxénea con datos en 1999, 2000 e 2001 de 9.515 empresas

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e Informe económico, financeiro e da competitividade

Os grandes sectores polo nº de empresas



Compróbase que os maioristas, a construción e os fabricantes son, por esta orde, os principais por número de empresas, e que por valor engadido sobrancean moi especialmente os fabricantes e a construción (conxuntamente concentran máis da metade da xeración de valor engadido). No tocante ó sector agrario, o pequeno tamaño da maioría das explotacións agrarias, o feito de que case sempre a titularidade sexa dunha persoa física e mailo carácter cooperativo de varias das de maior tamaño fan que este sector teña un pequeno peso nesta clasificación (e en xeral en todo o estudo de ARDÁN).

Facendo unha maior desagregación, distínguense no cadro 2.60 os quince principais sectores empresariais clasificados por maior xeración de valor engadido.

Sobrancea na xeración de riqueza (e aínda máis na de ingresos) o sector de “fabricación de automóviles e carrocerías de vehículos de turismo”, que con 16 empre-

■ Cadro 2.60

Principais sectores empresariais. Por Valor Engadido Bruto. Galicia. 2001

Sector	Actividade	Nº empresas	Ingresos ⁽¹⁾	VEB cf. ⁽¹⁾
1. Automóbiles, carrocerías vehículos de turismo	Fabricantes	16	5.428,76	696,49
2. Contratistas xerais	Construcción	759	2.080,97	518,49
3. Confeccións en xeral	Detallistas	55	1.745,89	494,72
4. Promotores de obras	Construcción	337	1.111,87	262,58
5. Productos diversos fabricados de téxtiles	Fabricantes	115	951,36	208,55
6. Peixes	Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	190	490,49	186,17
7. Recambios e pezas de motor	Fabricantes	14	484,96	159,84
8. Construcción e reparación de buques	Fabricantes	101	595,05	159,33
9. Transporte de mercadorías por estrada	Transportes, comunic.serv. públicos	289	563,57	154,90
10. Conservas de peixe e froitos do mar	Fabricantes	51	875,98	135,24
11. Confeccións para dona e nena	Maioristas	14	1.432,26	131,91
12. Servicios comerciais diversos	Servicios	108	396,65	130,62
13. Construccións pesadas	Construcción	58	627,81	127,66
14. Instalacións eléctricas	Construcción	206	349,23	123,70
15. Taboleiros de madeira (aglomerados)	Fabricantes	11	602,51	112,11

⁽¹⁾ Datos en millóns de euros

Base: mostra homoxénea con datos en 1999, 2000 e 2001 de 9.515 empresas

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e Informe económico, financeiro, e da competitividade

sas (0,17% do total da mostra de ARDÁN) concentra un 8,2% da xeración de riqueza e un 12,50% dos ingresos das 9.515 empresas estudadas.

A comparanza das empresas pertencentes ó conxunto dos quince sectores recollidos neste cadro (2.60) co total de empresas obxecto da investigación de ARDÁN (9.515) reflicte que sendo un 24,42% de empresas xeraron en 2001 un 42,42% do valor engadido bruto e un 40,83% dos ingresos de explotación.

Este mesmo cadro tamén permite ás persoas interesadas afondar no estudio da estrutura sectorial das maiores empresas con sede social en Galicia (se é moi concentrada ou moi espallada, etc.) tendo en conta as tres variables que alí se presentan.

Sectores máis dinámicos en xeración de ingresos de explotación⁽¹⁾ no período 1999-2001

■ Cadro 2.61

Sector			Diferencia	Taxa variación %
	1999	2001	2001-1999	2001/1999
1. Fabric. automóbiles e carrocerías para turismos	4.669,53	5.428,76	759,23	16,26
2. Contratistas xerais	1.490,22	2.080,97	590,75	39,64
3. Detallistas de confeccións en xeral	1.160,99	1.745,89	584,90	50,38
4. Maioristas de confeccións para dona e nena	949,22	1.432,26	483,04	50,89
5. Promotores de obras	719,34	1.111,87	392,52	54,57
6. Maioristas de peixes e mariscos	1.659,38	2.025,31	365,93	22,05
7. Maioristas de comestibles e produtos relacionados	1.152,40	1.485,85	333,45	28,94
8. Fabricantes de especialidades farmacéuticas	121,04	418,70	297,66	245,93
9. Fabricantes de produtos de téxtiles diversos	735,56	951,36	215,80	29,34
10. Servicios comerciais diversos	242,52	396,65	154,13	63,55

⁽¹⁾ Datos en millóns de euros

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e Informe económico, financeiro, e da competitividade

Así, por exemplo, algúns sectores deste ranking —como o do automóbil, o de confeccións para señora ou nena e o de taboleiros de madeira— están moi concentrados nunhas poucas empresas, mentres que ocorre o contrario en sectores como: contratistas xerais, promotores de obras ou transporte de mercadorías por estrada.

Ademais dos aspectos estruturais que acabamos de ver na análise sincrónica dos sectores empresariais do cadro 2.60, cómpre unha análise diacrónica. O cadro 2.61 recolle esa visión dinámica, coa presentación dos dez sectores empresariais de maior crecemento absoluto dos ingresos de explotación de 1999 a 2001. Destacaremos os seguintes aspectos:

■ O sector automobilístico foi o de maior suba absoluta dos ingresos nese bienio (seguido dos contratistas xerais e dos detallistas de confeccións en xeral).

■ Na análise porcentual sobrancea o forte crecemento do único sector que superou a suba do 100% nese bienio: o de fabricantes de especialidades farmacéuticas (245,93%).

Unha análise dinámica semellante a esta podemos facela tendo en conta a suba da xeración de valor engadido no último bienio. Nese caso resulta que:

■ O sector de “fabricación de automóviles...” perde a primeira posición que ocupaba no estudo de ARDÁN do ano anterior e está agora no cuarto posto (despois de rexistrar no bienio analizado a menor suba porcentual dos dez sectores empresariais recollidos no cadro).

■ Na suba porcentual do valor engadido do bienio sobrancea o sector de fabricantes de especialidades farmacéuticas (121,998%), seguido do de servizos comerciais diversos (79,96%).

2.6.3. Distribución territorial

No tocante á distribución espacial, os datos de ARDÁN recollidos no cadro 2.62 reflicten a distribución empresarial por provincias: A Coruña e Pontevedra concentran no ano 2001 case o 90% dos ingresos e do valor engadido (87,13% e 86,97% respectivamente), mentres que en número de empresas a concentración resulta uns dez puntos menor (77,72%). A utilización dunha fonte alternativa baseada na totalidade das empresas de Galicia (DIRCE, do INE) constata no reparto provincial do tecido empresarial galego dese ano un grao de concentración na Coruña e Pontevedra (77,17% do total galego) practicamente igual que cos datos de ARDÁN.

■ Cadro 2.62

Distribución provincial das empresas, ingresos e valor engadido bruto. Galicia. 2001

	Nº empresas	%	Ingresos 2001	%	VEB cf.	%
A Coruña	3.676	38,63	18.332,80	42,21	3.853,94	45,39
Lugo	1.073	11,28	2.816,87	6,48	503,30	5,93
Ourense	1.047	11,00	2.773,63	6,39	603,65	7,11
Pontevedra	3.719	39,09	19.514,17	44,92	3.530,25	41,58
Totais	9.515	100,00	43.437,47	100,00	8.491,14	100,00

(1) Datos en millóns de euros

Base: mostra homoxénea con datos de 9.515 empresas

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e Informe económico, financeiro, e da competitividade

■ Cadro 2.63

Principais sectores empresariais segundo o VEB. Por provincias. Galicia. 2001

Sector	Galicia	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
		Valor	%	Valor	%	Valor	%	Valor	%
1. Fabr. automóviles e carrocerías para vehículos de turismo									
Nº empresas	16,00	6,00	37,50	3,00	18,75	3,00	18,75	4,00	25,00
Ingresos	5.428,76	23,28	0,43	8,43	0,16	4,57	0,08	5.392,48	99,33
VEB cf.	696,49	4,22	0,61	2,56	0,37	1,14	0,16	688,57	98,86
2. Contratistas xerais									
Nº empresas	759,00	269	35,44	88,00	11,59	101,00	13,31	301,00	39,66
Ingresos	2.080,97	791,70	38,04	156,90	7,54	209,67	10,08	922,70	44,34
VEB cf.	518,49	188,12	36,28	40,40	7,79	46,22	8,91	243,75	41,01
3. Detallistas confeccións en xeral									
Nº empresas	55,00	21,00	38,18	5,00	9,09	13,00	23,64	16,00	29,09
Ingresos	1.745,89	1.709,29	97,90	4,35	0,25	16,94	0,97	15,30	0,88
VEB cf.	494,72	486,90	98,42	1,38	0,28	3,25	0,66	3,18	0,64
4. Promotores de obras									
Nº empresas	337,00	153,00	45,40	24,00	7,12	35,00	10,39	125,00	37,09
Ingresos	1.111,87	735,61	66,16	33,15	2,98	50,08	4,50	293,03	26,35
VEB cf.	262,58	185,83	70,77	5,29	2,01	10,88	4,15	60,58	23,07
5. Fabrica. de productos téxtiles diversos									
Nº empresas	115,00	68,00	59,13	1,00	0,87	14,00	12,17	32,00	27,83
Ingresos	951,36	673,83	70,83	2,84	0,30	206,92	21,75	67,78	7,12
VEB cf.	208,55	128,00	61,37	0,17	0,08	62,40	29,92	17,99	8,62
6. Peixes (Agric., silvic., gandería e pesca)									
Nº empresas	190,00	47,00	24,74	28,00	14,74	—	—	115,00	60,53
Ingresos	490,49	101,97	20,79	37,25	7,59	—	—	351,27	71,62
VEB cf.	186,17	42,55	22,86	21,85	11,74	—	—	121,76	65,41
7. Recambios e pezas de motor (fabricantes)									
Nº empresas	14,00	2,00	14,29	—	—	1,00	7,14	11,00	78,57
Ingresos	484,96	1,39	0,29	—	—	1,17	0,24	482,41	99,47
VEB cf.	159,84	0,79	0,49	—	—	0,46	0,29	158,59	99,22

⁽¹⁾ A porcentaxe de participación calculouse sobre o sector galego correspondente

⁽²⁾ O dato de ingresos e valor engadido está en millóns de euros

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e informe económico, financeiro e da competitividade

O cadro 2.63 recolle a distribución provincial dos sete sectores empresariais de máis xeración de valor engadido bruto no conxunto da economía galega, e permite ós interesados aprofundar na análise cun nivel de desagregación provincial desde unha triple perspectiva —valor engadido, ingresos e número de empresas—.

Os datos dunha distribución territorialmente máis desagregada das actividades empresariais (por comarcas) poden verse do cadro 2.64 ó 2.66; fano os dous primeiros dende unha perspectiva estática e o terceiro dende unha vertente dinámica.

O cadro 2.64 recolle as dez comarcas principais na clasificación pola importancia da súa xeración de riqueza: as comarcas de Vigo e A Coruña concentran en 2001 un 39,37% do total de empresas estudadas e a súa importancia relativa no total galego é moito maior aínda en termos de ingresos (57,29%) ou de xeración de valor engadido (58%).

No cadro 2.65 podemos ver os tres sectores empresariais máis importantes do tecido productivo de cada unha das dez comarcas de maior valor engadido bruto;

Clasificación das comarcas⁽¹⁾ por valor engadido xerado. 2001

■ Cadro 2.64

Comarcas	Empresas		Ingresos ⁽²⁾		VEB cf. ⁽²⁾	
	nº	%	euros	%	euros	%
A Coruña	1.763	18,53	10.615,93	24,44	2.465,06	29,03
Vigo	1.983	20,84	14.268,46	32,85	2.459,77	28,97
Santiago	604	6,35	2.376,70	5,47	492,33	5,80
Pontevedra	444	4,67	2.102,83	4,84	389,55	4,59
Ourense	636	6,68	1.908,53	4,39	384,94	4,53
Lugo	497	5,22	1.279,62	2,95	257,06	3,03
Ferrol	323	3,39	1.304,78	3,00	256,91	3,03
O Salnés	430	4,52	1.025,67	2,36	212,49	2,50
A Barbanza	211	2,22	900,34	2,07	149,88	1,77
O Morrazo	222	2,33	610,58	1,41	143,21	1,69

⁽¹⁾ As comarcas están configuradas de acordo co establecido pola Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia

⁽²⁾ Datos en millóns de euros (en ingresos e VEB). Mostra de 9.515 empresas

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e informe económico, financeiro e da competitividade

ese cadro permite ós interesados nunha análise espacialmente máis desagregada afondar no estudio do número de empresas, volume de ingresos ou valor engadido dos principais sectores empresariais desas comarcas.

O cadro 2.66, pola súa parte, explicita que, nunha visión dinámica, as comarcas da Coruña e Vigo son, obviamente, as de maior crecemento absoluto —con gran diferencia— do valor engadido bruto no bienio estudado. En valores porcentuais destacan especialmente Deza, A Coruña e Pontevedra (as tres que creceron por riba do 30% de 1999 a 2001).

Na comparanza coa clasificación estática vista antes no cadro 2.64, destaca na análise dinámica do cadro 2.66 a desaparición dunha comarca (Ferrol) e a aparición doutra (Deza) que tivo un maior dinamismo na xeración do VEB no bienio analizado.

2.6.4. Trazos de competitividade

Os datos de ARDÁN GALICIA 2003 permítennos, como andamos a ver, ademais da perspectiva sincrónica que nos achega ó coñecemento da realidade empresarial galega no ano 2001 (por facturación, emprego, valor engadido, número de empresas, etc.), unha perspectiva diacrónica, que amosa a evolución temporal dos agregados analizados e complementa a “foto fixa” que a anterior perspectiva proporciona.

Na vertente dinámica presenta gran interese o estudio dos trazos de competitividade empresarial ó longo do tempo. Ademais das empresas “gacela” ou as “de alto rendemento” inclúense outros trazos diferenciadores vencellados con propiedades competitivas das empresas que se basean en investigacións desenvolvidas desde ARDÁN: as empresas de elevada xeración de riqueza e as de alta produtividade dos recursos humanos.

Cadro 2.65
Estructura empresarial das 10 comarcas de maior VEB de Galicia. 2001

Sector	Nº empresas	%	Ingresos (1)	%	VEB cf. (1)	%
1)A CORUÑA						
1 Detallistas de confeccións en xeral	15	0,85	1.704,12	16,05	485,63	19,70
2 Promotores de obras	91	5,16	593,32	5,59	160,95	6,53
3 Maioristas de confeccións de dona e nena	2	0,11	1.416,68	13,34	129,90	5,27
2)VIGO						
1 Fabric. automóviles e carrocerías para vehíc. turismo	3	0,15	5.390,46	37,78	687,81	27,96
2 Fabricantes de recambios e pezas de motor	11	0,55	482,41	3,38	158,59	6,45
3 Construcción e reparación de buques	56	2,82	481,12	3,37	119,67	4,87
3)SANTIAGO						
1 Fabric. de taboleiros de madeira (aglomerados)	1	0,17	386,57	16,27	66,13	13,43
2 Contratistas xerais	37	6,13	141,62	5,96	35,42	7,20
3 Producción e servizos eléctricos	8	1,32	36,39	1,53	31,71	6,44
4)PONTEVEDRA						
1 Contratistas xerais	53	11,94	518,87	24,67	118,15	30,33
2 Tendas de mercadorías en xeral	8	1,80	344,47	16,38	42,27	10,85
3 Construcións pesadas	4	0,90	89,24	4,24	20,22	5,19
5)OURENSE						
1 Fabricación de produtos de téxtis diversos	10	1,57	173,49	9,09	54,88	14,26
2 Contratistas xerais	51	8,02	151,44	7,94	30,54	7,93
3 Construcións pesadas	6	0,94	137,96	7,23	23,97	6,23
6)LUGO						
1 Producción e servizos eléctricos	3	0,60	56,12	4,39	17,03	6,62
2 Servizos de seguridade, detectives	2	0,40	21,77	1,70	15,74	6,12
3 Contratistas xerais	38	7,65	59,70	4,67	15,71	6,11
7)FERROL						
1 Fundición de aceiro	2	0,62	412,64	31,63	64,38	25,06
2 Fabricación de artigos plásticos diversos	2	0,62	43,28	3,32	13,46	5,24
3 Fabricantes de estruturas de metal	7	2,17	23,00	1,76	11,57	4,50
8)O SALNÉS						
1 Contratistas xerais	46	10,70	80,23	7,82	25,48	11,99
2 Hoteis	21	4,88	32,78	3,20	17,99	8,47
3 Fabric. de conservas de peixe e froitos do mar	13	3,02	91,94	8,96	16,67	7,85
9)A BARBANZA						
1 Fabric. de conservas de peixes e froitos do mar	8	3,79	289,45	32,15	41,57	27,74
2 Fabric. peixes e pdtos do mar frescos e conxelados	6	2,84	154,28	17,14	23,48	15,67
3 Extracción pesqueira	20	9,48	29,19	3,24	13,39	8,93
10)O MORRAZO						
1 Extracción pesqueira	41	18,47	103,23	16,91	50,07	34,97
2 Construcción e reparación de buques	17	7,66	48,10	7,88	16,63	11,61
3 Cargas e descargas marítimas	4	1,80	14,95	2,45	10,32	7,20

(1) Datos en millóns de euros. As porcentaxes calcúlanse sobre o total da comarca estudada.

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e informe económico, financeiro e da competitividade.

Estúdiáanse tamén en “ARDAN GALICIA 2003...” varios trazos que non se consideran diferenciadores na competitividade empresarial —aunque poden axudar— como a empresa con certificación de calidade ou a empresa exportadora. Os catro trazos sinalados no anterior parágrafo denomínanse no estudo de ARDÁN “cualificadores” mentres que ós outros chámanselle “indicadores”.

Comarcas máis dinámicas en creación de valor engadido ⁽¹⁾. Galicia. 1999-2001

■ Cadro 2.66

Comarcas	VEB cf. 1999	VEB cf. 2001	Diferencia 2001-1999	Taxa variación 2001/1999
A Coruña	1.821,14	2.465,06	643,92	35,36
Vigo	2.000,08	2.459,77	459,70	22,98
Pontevedra	295,00	389,55	94,55	32,05
Ourense	314,09	384,94	70,85	22,56
Santiago	429,50	492,33	62,83	14,63
Lugo	207,39	257,06	49,67	23,95
O Salnés	182,18	212,49	30,30	16,63
Deza	62,19	89,81	27,62	44,42
A Barbanza	123,38	149,88	26,50	21,48
O Morrazo	116,96	143,21	26,25	22,44

⁽¹⁾ Datos en millóns de euros

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e informe económico, financeiro e da competitividade

Os cualificadores están baseados en investigacións realizadas en ARDÁN e fan referencia a aspectos críticos da competitividade empresarial e responden, claramente, a características diferenciadoras vencelladas con propiedades competitivas das empresas. Os indicadores, pola contra, non presupoñen de antemán unha característica diferenciadora na competitividade empresarial, anque poden axudar a conseguila.

Comezarémo-lo achegamento á perspectiva dinámica do tecido productivo galego de 1999 a 2001, coma en anteriores Informes, co estudio da evolución das **empresas “gacela”** de Galicia nese período. ARDÁN contén unha sección dedicada ó seguimento destas empresas co obxectivo de que se poida comprobar separadamente o conxunto de empresas de crecemento grande e constante do seu volume de facturación (por empresa gacela enténdese en ARDÁN aquela que medra de xeito continuado durante polo menos tres anos seguidos por riba do 25% anual).

Cumpren esta condición no último trienio estudado 477 empresas, o que supón unha diminución de 31 empresas respecto do anterior estudio e de 92 empresas respecto do de hai dous anos; este descenso está relacionado co menor crecemento económico do bienio 2000-2001 respecto dos anos anteriores, dentro do contexto xeral de ralentización económica en España e no contorno internacional que xa estudiamos no capítulo I deste Informe Sociolaboral.

Como media anual os ingresos das empresas “gacela” de 1999 a 2001 medraron un 55,67%, sendo inferior o avance no ano 2000 (52,56%) que en 2001 (58,84%). Nese bienio case dúas de cada tres gacelas (321 empresas, un 67,30%) duplicaron —cando menos— o seu volume de negocio, e un 8,39% das gacelas multiplicaron por 5 ou máis os seus ingresos nese bienio.

O gran dinamismo empresarial das gacelas reflíctese tamén no campo da creación de emprego. Segundo os estudos levados a cabo sobre este tema polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, as “gacelas” —representando normalmente entre o 3 e o 4% das empresas analizadas, anque dependendo da fase do ciclo económico se pode amplia-lo abano ate o 5 ou 6% por riba e ate o 2% por baixo— xeraron ó redor do 70% dos novos empregos no eido empresarial galego (segundo a obra de J. Cabanelas e A. Baamonde: “Las empresas Gacela de Galicia”).

No cadro 2.67 presentámo-los “grandes sectores” nos que se localizan as gacelas; sobrancean, por esta orde, a construción, os maioristas e os fabricantes, que conxuntamente concentran o 62,9% das empresas (igual que no estudo de ARDÁN do ano anterior).

Distribución sectorial das empresas gacela. Galicia. 1999-2001

■ Cadro 2.67

Gran sector	Nº empresas	%
Construcción	132	27,7
Mayoristas	86	18,0
Fabricantes	82	17,2
Servicios	55	11,5
Detallistas	48	10,1
Transportes, comunicacións e servicios públicos	47	9,9
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	17	3,6
Minería	10	2,1
Total	477	100

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e informe económico, financeiro e da competitividade

A relación individualizada das 477 empresas gacela pode velas a persoa interesada en “ARDÁN GALICIA 2003...”. Subliñaremos pola súa importantísima porcentaxe de suba porcentual do volume de negocio no bienio 2000-2001 a Zara Loxística (844,06%) e Estaleiros Armon Vigo (491,76%).

No tocante ás **empresas de alto rendemento**, dicir primeiramente que son aquelas que teñen unha rendibilidade económica media non inferior ó 25% nun período de tres anos, sempre e cando en ningún ano a súa rendibilidade económica baixe do 15% (a rendibilidade económica é a relación entre o resultado económico e os activos medios empregados para a súa consecución).

Sobre a mostra de 9.515 empresas estudadas de 1999 a 2001, un total de 248 (cinco menos que no estudo de ARDÁN do ano anterior) son consideradas empresas de alto rendemento (un 2,61% do total); delas, máis da metade (51,20%) están concentradas en dous grandes sectores (servicios e fabricantes).

Ordenadas as empresas de alto rendemento polos seus ingresos de explotación do ano 2001, entre as doce primeiras da clasificación sobranceamos que se atopan cinco empresas do Grupo INDITEX: Zara (que encabeza o ranking), Comditel (nº 4), Zintura (nº 6), Kiddy´s Class (nº 7) e Hampton (nº 11). Tamén subliñaremos que nesa ducia están dúas empresas do Grupo ZELTIA: Zelnova (nº 8) e Xylazel (nº 12), así como dúas empresas da industria auxiliar do automóbil: GKN Indugasa (nº 2) e Copo Ibérica (nº 5). No cadro 2.68 recollémo-lo listado das sete primeiras empresas desa clasificación.

As **empresas de máis elevada xeración de riqueza** defínense como aquelas que, tendo signo positivo de 1999 a 2001 o seu E.V.A. —siglas de *economic value added*— este fose maior de 150.000 euros en 1999 e subira polo menos un 10% nos tres anos do estudo (1999, 2000 e 2001).

■ Cadro 2.68

Principais empresas de alto rendemento. Galicia. 1999-2001

Empresa	Sector	Ingresos (en euros)	Rentabilidade económica (%)			
		2001	1999	2000	2001	Media
1. Zara España, SA	Confeccións en xeral	939.497.578	23,43	32,83	37,62	31,29
2. GNK Indugasa, SA	Recambios e pezas de motor	197.517.231	27,63	22,07	26,75	25,48
3. SGL Carbón, SA	Suministros eléctricos	80.240.808	28,88	39,36	26,67	31,64
4. Comditel, SA	Productos téxtiles	62.156.642	25,34	28,80	32,62	28,92
5. Copo Ibérica, SA	Recambios e pezas de motor	51.136.760	27,37	27,06	27,63	27,35
6. Zintura, SA	Productos fabricados de téxtiles	46.364.388	26,95	29,17	31,10	29,07
7. Kiddy's Class España, SA	Confeccións en xeral	39.903.862	27,41	30,17	27,11	28,23

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e Informe económico, financeiro e da competitividade

O feito de que non se escolla no Directorio Ardán o valor engadido bruto para a medida da riqueza xerada polas empresas galegas neste caso senón o EVA, débese a que este último ten en conta tamén o custo dos recursos propios necesarios para o funcionamento empresarial; xa que logo, desconta do resultado empresarial os impostos e o custo dos recursos —tanto alleos como propios, recollendo entre os últimos o custo de oportunidade dos recursos propios—.

Cumpren as condicións antes sinaladas 56 empresas (catro menos que no ano anterior e 10 menos que hai dous anos). Máis da metade (55,4%) concéntranse no grupo dos fabricantes, e dentro del sobresaen as seguintes actividades: productos elaborados con téxtiles, prendas exteriores de punto, licores e máis os alimentos preparados para animais. No cadro 2.69 presentamos as quince primeiras empresas, ordenadas polo EVA creado no ano 2001.

■ Cadro 2.69

Principais empresas xeradoras de riqueza. Galicia. 1999-2001

Empresa	Sector	EVA (Economic Value added)			Taxas de variación (%)	
		1999	2000	2001	00/99	01/00
1. Zara España, SA	Confeccións en xeral	47.515.558	68.607.482	86.390.110	44,39	25,92
2. Cementos Cosmos, SA	Cemento	7.221.312	13.312.736	23.855.000	84,35	79,19
3. Construcciones San José, SA	Contratistas xerais	8.246.601	11.040.184	12.552.153	76,74	13,70
4. Pull & Bear España, SA	Confeccións en xeral	6.534.773	8.924.565	12.077.503	36,57	35,33
5. Bershka BSK España, SA	Confeccións en xeral	2.105.409	2.567.486	8.140.401	21,95	217,06
6. Kiddy's Class España, SA	Confeccións en xeral	2.824.591	3.398.478	4.325.804	20,32	27,29
7. Viza Automoción, SA	Recamb. e pezas de motor	2.417.178	3.141.490	4.295.814	29,97	36,74
8. Aluminios Cortizo, SA	Laminado e extrus. de alum.	1.451.770	2.441.107	3.991.268	68,15	63,50
9. Nutrimentos Deza, SA	Alim. preparados para animais	1.011.073	1.587.433	3.020.560	57,00	90,28
10. Artabra, SA	Alim. preparados para animais	842.607	1.349.032	2.999.712	60,10	122,36
11. Sistemas Energéticos Muras, SA	Electr. e outros serv. combinados	733.700	1.131.518	2.956.552	54,22	161,29
12. Hampton, SA	Productos fabricados de téxtiles	1.372.775	1.711.658	2.876.499	24,69	68,05
13. Zintura, SA	Productos fabricados de téxtiles	1.547.087	2.055.195	2.695.175	32,84	31,14
14. Caamaño Sistemas metálicos, SL	Traballos de carpintería metálica	1.386.338	2.273.839	2.627.072	64,02	15,53
15. Norcontrol, SA	Laboratorios para probas comerciais	1.622.336	2.272.025	2.571.934	40,05	13,20

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e Informe económico, financeiro e da competitividade

As **empresas de alta produtividade dos recursos humanos** defínense en ARDÁN como aquelas que en tres anos seguidos obteñen un valor engadido bruto por empregado que cumpre dúas condicións: Está entre o 25% das mellores empresas do seu sector e medra por riba do 10% cada un dos tres anos. Hai que ter en conta que pode haber disfuncións neste cálculo debido a que o número de empregados son os que declara cada empresa, e non equivalen a empregados a tempo completo-ano (de xeito que nunha empresa de maior contratación a tempo parcial, a produtividade dos recursos humanos será —a igual xeración de valor engadido bruto— maior que noutra na que teña máis peso a contratación a tempo completo, aunque esto non se detecte aquí).

Só 123 empresas (tres máis que no estudio do ano anterior) considéranse de alta produtividade dos recursos humanos; delas, algo máis da metade (51,20%) pertencen á construción ou ós maioristas (sobrancean neste último apartado os maioristas de peixes e mariscos, de abastecementos industriais e de materiais para a construción). O cadro 2.70 recolle as oito primeiras empresas de alta produtividade que figuran na clasificación das 123 empresas (ordenada pola importancia dos seus ingresos de explotación).

■ **Cadro 2.70** Principais empresas de alta produtividade dos recursos humanos. Galicia. 1999-2001

Empresa	Sector	Ingresos 2001	VEB cf./empleado			Taxas variación %	
			1999	2000	2001	00/99	01/00
1. Hijos de J. Barreras, SA	Fabricantes	174.215.379	48.765	58.806	96.564	20,59	64,21
2. Soluziona Consultora y Tecnología, SL	Servicios	137.875.999	40.860	49.011	62.837	19,95	28,21
3. Aluminios Cortizo, SA	Fabricantes	83.726.131	30.763	39.191	49.191	27,40	25,52
4. Hijos de Rivera, SA	Fabricantes	68.678.591	82.855	94.545	110.420	14,11	16,79
5. Puerto de Celeiro, SA	Maioristas	53.451.847	40.239	54.280	68.023	34,89	25,32
6. Inturasa Pérez Rumbao, SA	Detallistas	46.994.988	26.453	32.959	36.518	24,59	10,80
7. Zintura, SA	Fabricantes	46.364.388	70.101	77.168	87.979	10,08	14,01
8. Galfrió, SA	Maioristas	43.318.603	64.083	84.361	100.204	31,64	18,78

⁽¹⁾ En euros

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e Informe económico, financeiro e da competitividade

Distribución sectorial das empresas con certificación de calidade. Galicia. 2001

■ **Cadro 2.71**

Gran sector	Nº empresas	%
Fabricantes	189	47,6
Construcción	56	14,1
Transportes, comunicacións e servicios públicos	54	13,6
Maioristas	53	13,4
Servicios	24	6,0
Detallistas	17	4,3
Minería	3	0,8
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	1	0,3
Total	397	100,0

Fonte: ARDÁN Galicia 2003/10.000 Empresas. Directorio e informe económico, financeiro e da competitividade

No tocante ás **empresas con certificación da calidade**, das 397 empresas “certificadas” (oito máis que no estudo de ARDÁN do ano anterior), máis da metade (50,9%) son da provincia de Pontevedra, mentres que conxuntamente Lugo e Ourense teñen tan só un 11,8% do total. O cadro 2.71 amosa que case a metade das empresas con certificación de calidade detectadas nesa mostra de Galicia (48,1%) son do sector de fabricación.

2.6.5. Xeración de emprego e esforzo na creación de emprego

Tamén figuran en “ARDÁN GALICIA 2003...” datos que reflicten a evolución anual do emprego de 1999 a 2001 daquelas empresas que ademais de estar na súa base de datos declaran o número de empregados para tódolos anos do trienio analizado. Co fin de conseguir cálculos coherentes, tan só se tivo en conta neste apartado do estudo de ARDÁN o dato do número de persoas empregadas das empresas que, ademais de declaralo na súa Memoria para cada un dos tres anos ós que se refire o estudo, ofrecían certo grao de fiabilidade (é dicir, na relación entre gastos de persoal e número de empregados rexeitáronse os valores que resultaron incoherentes). A mostra final despois de feita esa “depuración” constou de 6.594 empresas.

O cadro 2.72 amosa a distribución do emprego por estrato de empregados e número de empresas; téñase en conta á hora de extraer conclusións que, dado que tódalas empresas estudadas superan os 375.000 euros de facturación, hai, loxicamente, unha clara tendencia a sub-representar ás empresas de poucos asalariados, en relación con outras fontes utilizadas no comezo deste mesmo capítulo (o DIRCE —do INE— e a Seguridade Social). O 76,30% do emprego concéntrase no 29,74% de empresas que teñen 20 ou máis empregados e máis do 90% de empregos (91,51%) están nas empresas de máis de 10 traballadores.

■ Cadro 2.72

Estructura empresarial ⁽¹⁾. Por tramos de cadro de persoal. Galicia. 1999-2001

Nº empregados por empresa	Empresas						Empregados					
	1999	%	2000	%	2001	%	1999	%	2000	%	2001	%
De 1 a 2	455	6,90	357	5,41	335	5,08	738	0,48	590	0,36	566	0,33
De 3 a 5	1.193	18,09	1.101	16,70	1.032	15,65	4.812	3,13	4.492	2,72	4.181	2,42
De 6 a 9	1.386	21,02	1.357	20,58	1.337	20,28	10.234	6,66	10.069	6,10	9.929	5,74
De 10 a 19	1.762	26,72	1.890	28,66	1.929	29,25	23.938	15,59	25.688	15,55	26.303	15,21
De 20 ou máis	1.798	27,27	1.889	28,65	1.961	29,74	113.864	74,14	124.351	75,28	131.929	76,30
Totais	6.594	100,00	6.594	100,00	6.594	100,00	153.586	100,00	165.190	100,00	172.908	100,00

⁽¹⁾ Co fin de conseguir cálculos coherentes, soamente se tivo en conta o dato do número de empregados daquelas empresas que, ademais de declaralo na súa memoria para todos e cada un dos anos ós que se refire o estudo, ofrecían certo grao de fiabilidade (é dicir, na relación Gastos de persoal / nº empregados rexéitanse aqueles valores que resulten incoherentes). a mostra final despois da depuración consta de 6.594 empresas para o período de análise.

Fonte: ARDÁN Galicia, 2003/10.000 Empresas. Directorio e informe económico, financeiro e da competitividade

Seguindo coa perspectiva dinámica, ofrecemos no cadro 2.73 distintas “ratios” que teñen relación co emprego nas empresas obxecto de estudo no último trienio analizado. Dicar primeiramente —para unha máis fácil comprensión do cadro— que os ingresos de explotación son os ingresos xerados pola actividade normal da empresa; ó dividilos entre os empregados, obtense a primeira “ratio” do cadro, que recolle a produtividade do traballo. O valor engadido bruto ó custo dos factores é o resultado de lle restar ós ingresos de explotación os consumos de explotación e outros gastos de explotación. Os gastos de persoal inclúen os salarios e as cargas sociais; o custo medio do emprego, pola súa banda, é o resultado de dividi-los gastos de persoal entre os empregados da empresa.

Obsérvase que as catro “ratios” —os ingresos por empregado, o valor engadido por empregado, o custo medio do emprego e os gastos de persoal sobre os ingresos de explotación reflicten unha tendencia crecente nese bienio, aunque certamente se dá con menor intensidade nos gastos de persoal sobre os ingresos de explotación (que mesmo baixa lixeiramente a súa porcentaxe no ano 2001).

“Ratios” vencelladas coa produtividade do traballo. Galicia. 1999-2001

■ Cadro 2.73

	1999	2000	2001
Ingresos explotac./empregado*	91.231	94.656	101.610
VEB cf./empregado*	21.422	22.346	23.890
Gtos. persoal/ingresos expl.	16,51%	17,00%	16,96%
Custo medio do emprego*	14.944	15.843	16.873

* En euros.

(1) Co fin de conseguir cálculos coherentes, soamente se tivo en conta o dato do número de empregados daquelas empresas que, ademais de declaralo na súa memoria para todos e cada un dos anos ós que se refire o estudo, ofrecían un certo grao de fiabilidade (é dicir, na relación Gastos / nº empregados rexéitanse aqueles valores que resulten incoherentes). A mostra final despois da depuración consta de 6.594 empresas para o período de análise.

Fonte: ARDÁN Galicia, 2003/10.000 Empresas. Directorio e informe económico, financeiro e da competitividade.

Seguindo coa mesma mostra de empresas, podemos achegarnos ó emprego total en cada ano e máis ás taxas de crecemento anual —de 1999 a 2001— dos vinte-cinco sectores empresariais que xeraron no último ano estudiado un maior emprego en termos absolutos. O cadro 2.74 reflicte que:

■ No ano 2001 destacou un sector pola súa creación de emprego en termos absolutos (con máis de 1.000 novos empregos netos): o dos “detallistas de confección en xeral”.

■ Pola suba porcentual de creación de emprego nese ano sobranceou moi especialmente o sector de “escavacións e cimentacións” (21,17%).

■ No conxunto das 6.594 empresas analizadas, a porcentaxe de crecemento do emprego no ano 2001 (4,67%) foi moito menor que no estudo de ARDÁN do ano anterior (7,56%) ou de dous anos antes (8,52%), mostra da maior dificultade da xeración de emprego nas maiores empresas con sede social en Galicia no actual momento de ralentización do crecemento económico.

■ Cadro 2.74

Sectores con maior crecemento absoluto de emprego. Galicia. 1999-2001

Sector	Empregados				Taxa crecemento	
	1999	2000	2001	Diferencia 01-00	00-99	01-00
1. Detallistas de confeccións en xeral	8.358	10.535	11.995	1.460	26,05	13,86
2. Axencias de emprego provisional	1.991	2.189	2.578	389	9,94	17,77
3. Fabricantes de pdtos. realizados con textís diversos	3.980	4.505	4.837	332	13,19	7,37
4. Servicios comerciais diversos	1.784	2.211	2.489	278	23,93	12,57
5. Instalacións eléctricas	3.168	3.461	3.737	276	9,25	7,97
6. Contratistas xerais	11.053	11.463	11.732	269	3,71	2,35
7. Transporte de mercadorías por estrada	3.017	3.306	3.558	252	9,58	7,62
8. Conservas de pescado e froitos do mar	3.068	3.418	3.659	241	11,41	7,05
9. Fabricantes de recambios e pezas do motor	1.889	2.192	2.418	226	16,04	10,31
10. Extracción pesqueira	3.271	3.123	3.299	176	-4,52	5,64
11. Fabricación de estruturas de metal	1.302	1.352	1.516	164	3,84	12,13
12. Traballos de carpintería metálica	1.942	2.130	2.282	152	9,68	7,14
13. Tendas de comestibles	1.434	1.657	1.797	140	15,55	8,45
14. Fabricación de artigos de plásticos diversos	1.703	1.768	1.902	134	3,82	7,58
15. Maioristas de comestibles e pdtos. relacionados diversos	1.495	1.604	1.737	133	7,29	8,29
16. Laboratorios para probas comerciais	960	1.361	1.491	130	41,77	9,55
17. Fabric. de de pescados e pdtos. do mar frescos e conx.	2.177	2.181	2.297	116	0,18	5,32
18. Maioristas de madeiras e chapas	1.229	1.337	1.453	116	8,79	8,68
19. Detallistas diversos	1.077	1.157	1.273	116	7,43	10,03
20. Excavacións e cimentación	533	529	641	112	-0,75	21,17
21. Concesionarios de automóbiles novos e usados	2.176	2.257	2.366	109	3,72	4,83
22. Contratistas especializados diversos	1.036	1.140	1.247	107	10,04	9,39
23. Fabricantes de taboleiros de madeira (aglomerados)	1.480	1.502	1.607	105	1,49	6,99
24. Promotores de obras	1.499	1.687	1.784	97	12,54	5,75
25. Fabricados de planchas metal (calderería)	631	806	900	94	27,73	11,66
Total da mostra de 6.594 empresas de Galicia	153.586	165.190	172.908	7.718	7,56	4,67

⁽¹⁾ Co fin de conseguir cálculos coherentes, soamente se tivo en conta o dato do número de empregados daquelas empresas que, ademais de declaralo na súa memoria para todos e cada un dos anos a que se refire o estudo, ofrecían certo grao de fiabilidade (é dicir, na relación Gastos de persoal / nº empregados rexéitanse aqueles valores que resulten incoherentes). A mostra final despois da depuración consta de 6.594 empresas para o período de análise.

Fonte: ARDÁN Galicia, 2003/10.000 Empresas. Directorio e informe económico, financeiro e da competitividade.

■ Cadro 2.75
**Esforzo en xeración de emprego nos sectores con maior
crecemento do emprego. Galicia. 1999-2001**

Sector	Crecemento de gastos de persoal (%)		Esforzo destinado a xerar emprego (%)	
	2000/1999	2001/2000	2000/1999	2001/2000
1. Detallistas de confeccións en xeral	25,04	16,31	22,44	12,14
2. Axencias de emprego provisional	11,88	20,47	9,28	16,31
3. Fabricantes de pdtos. realizados con tex. diversos	14,90	10,85	12,30	6,69
4. Servicios comerciais diversos	34,91	34,58	32,31	30,41
5. Instalacións eléctricas	16,12	13,27	13,51	9,11
6. Contratistas xerais	8,84	8,77	6,23	4,61
7. Transporte de mercadorías por estrada	13,75	12,26	11,15	8,10
8. Conservas de peixe e marisco	16,98	9,81	14,38	5,65
9. Fabricantes de recambios e pezas de motor	21,94	12,25	19,34	8,09
10. Extracción pesqueira	12,82	11,00	10,21	6,84
11. Fabricantes de estruturas de metal	21,38	20,42	18,77	16,25
12. Traballos de carpintería metálica	15,59	17,81	12,98	13,65
13. Tendas de comestibles	19,29	16,33	16,68	12,17
14. Fabricación de artigos plásticos diversos	6,32	15,89	3,72	11,72
15. Maioristas de comestibles e pdtos. relacionados diversos	14,38	15,01	11,78	10,84
16. Laboratorios para probas comerciais	55,70	20,75	53,09	16,58
17. Fabric. de peixes e pdtos. do mar frescos e conxelados	5,12	11,97	2,51	7,81
18. Maioristas de madeiras e chapas	14,40	13,82	11,80	9,65
19. Detallistas diversos	18,24	16,86	15,64	12,70
20. Excavacións e cimentos	0,08	22,56	2,53	18,39
21. Concesionarios de automóviles novos e usados	9,64	9,47	7,03	5,30
22. Contratistas especializados diversos	-0,24	14,10	2,84	9,93
23. Fabricantes de taboleiros de madeira (aglomerados)	-0,03	7,75	2,64	3,58
24. Promotores de obras	11,62	16,68	9,02	12,52
25. Fabricados de planchas de metal (calderería)	23,83	22,14	21,23	17,98

Fonte: ARDÁN Galicia, 2003/10.000 Empresas. Directorio e informe económico, financeiro e da competitividade.

Rematamos cunha aproximación indirecta que se realiza en “ARDÁN GALICIA 2003...” ó esforzo de creación de emprego nas maiores empresas con sede social en Galicia. Defínese como esforzo dedicado á xeración de emprego polas empresas a taxa de crecemento dos gastos de persoal (deducidas as cargas sociais) menos a taxa de crecemento dos salarios. O cadro 2.75 reflicte que no ano 2001:

■ Sobrancean polo maior esforzo na creación de emprego os seguintes sectores: servicios comerciais diversos, excavacións e cimentacións, fabricantes de pranchas de metal (caldeirería).

■ Os de menor esforzo en xeración de emprego foron os seguintes sectores: fabricantes de taboleiros de madeira, contratistas xerais e concesionarios de automóviles.

POBOACIÓN ACTIVA, OCUPADA,
PARADA E INACTIVA

3

3.1. Estudio das variables laborais. Cambio metodolóxico

Neste capítulo analizáremo-lo comportamento das variables básicas do mercado laboral galego no último ano, e enxertarémolas nun contorno temporal máis amplo, para avaliar mellor a súa evolución. Cómpre subliñar, no tocante á EPA, que o importante cambio metodolóxico do ano 2002 introduce diferencias grandes á hora de avaliar os datos das diversas magnitudes do mercado laboral respecto dos anos anteriores; a partir de xaneiro de 2002 houbo cambios en profundidade na EPA que comentaremos agora porque afectan de cheo ó período estudado neste Informe.

3.1.1. A EPA-2002

No ano 2002 o INE introduciu modificacións moi importantes na enquisa de poboación activa, que afectaron ós aspectos metodolóxicos relativos ás definicións das variables e ó proceso de cálculo dos resultados. Concretamente, os cambios a partir da enquisa realizada no primeiro trimestre de 2002 foron os seguintes:

1.- Pasan a usarse as novas proxeccións de poboación do INE, que teñen en conta o importante incremento de poboación desde a segunda metade da década dos noventa debido ó aumento da inmigración (e do retorno de emigrantes); a poboación estranxeira "con papeis" triplicouse en España de 1995 a 2002 (cunha suba absoluta próxima ás 900.000 persoas). Consecuentemente, o INE revisou as proxeccións que viña utilizando (que tiñan como punto de partida o Censo de Poboación de 1991).

2.- Incorpórase un cambio técnico (reponderación dos factores de elevación) que quere corrixir máis axeitadamente a falla de resposta dalgúns colectivos á enquisa. A EPA é unha enquisa dirixida ós fogares e o INE atopa dificultades sobre todo para entrevistar a aqueles formados por unha soa persoa ou por unha parella na que os dous membros traballan, xa que é máis difícil contactar con eles; pese ás medidas que se toman para afrontar este problema (como a repetición das visitas dos entrevistadores ou as chamadas telefónicas) a EPA tende a sobrerrepresentar a poboación de maior idade (que adoita estar máis nos fogares).

Para que a enquisa reflecta ben o peso que cada grupo de idade ten na poboación introduciuse unha mellora técnica coñecida como "reponderación dos factores de elevación". Esta reponderación dos factores de elevación do deseño da enquisa está prevista no artigo 3.5 do Regulamento 577/1998, do Consello da Unión Europea, do 9 de marzo de 1998.

3.- Vén regulamentado pola Oficina Estatística da Unión Europea (Eurostat) e consiste en que se aplica a nova definición de persoa desempregada, establecida no Regulamento (CE) N° 1897/2000 da Comisión Europea, de 7 de setembro de 2000. Esta nova definición segue a recoller nas liñas fundamentais a definición de desemprego establecida pola OIT pero prodúcese un importante cambio na interpretación de que se entende por "busca activa de emprego", xa que o novo Regulamento establece especificamente instrucións que sinalan que se consideran métodos de busca activa de emprego, nas catro semanas anteriores á entrevista, os seguintes:

- Estar en contacto cunha oficina pública de emprego có fin de atopar traballo, calquera que sexa a parte que tome a iniciativa (e establécese que a renovación da inscrición como desempregado por razóns puramente administrativas non é busca activa de emprego).
- Estar en contacto, co obxectivo de atopar traballo, cunha oficina privada (empresa especializada en contratación, oficina de emprego temporal, etc).
- Enviar a candidatura na busca de emprego directamente ós empregadores.
- Indagar a través de relacións persoais, por mediación de sindicatos, etc.
- Anunciarse ou responder a anuncios de xornais.
- Participar nunha proba, concurso ou entrevista, no marco dun procedemento de contratación.
- Buscar terreos, local ou material.
- Realizar xestións para obter permisos, licencias ou recursos financeiros.

Galicia (e España en xeral) vese moi afectada por estes novos requisitos porque, ate agora, a simple inscrición nunha oficina pública de emprego como demandante

de emprego, válida por tres meses, era requisito suficiente para considerar desempregada a esa persoa. A partir de xaneiro de 2002, de acordo co visto anteriormente, esíxese que cumpra algún dos nove requisitos alí sinalados (son os do Regulamento 1897/2000). Vale tamén si a persoa se inscribe despois dun período de emprego ou inactividade, se informa sobre posibles ofertas de emprego ou recibe unha proposta de traballo da oficina de emprego.

3.1.2 Repercusión dos cambios metodolóxicos da EPA

■ Unha consecuencia moi importante dun dos cambios metodolóxicos da EPA no ano 2002 (as novas proxeccións de poboación) conleva unha suba da poboación utilizada na EPA, polo que sube tamén o valor absoluto de tódalas variables do mercado laboral (poboación de 16 ou máis anos, ocupados, parados e inactivos). As taxas (de actividade, emprego ou paro) practicamente non se ven afectadas por este factor, debido a que se incrementan nunha proporción semellante numerador e denominador da fórmula que se usa para calculalas.

○ INE cuantificou o incremento da poboación en idade de traballar (16 ou máis anos) no conxunto de España nun 2,5%, anque afecta menos a algunhas comunidades (como Extremadura, Aragón ou as dúas Castelas) e moito máis a outras (como Canarias ou Baleares); Galicia está nun lugar intermedio.

■ Outro cambio (a reponderación dos factores de elevación da enquisa) fixo que a poboación en idade de traballar presente variacións importantes nos grupos de idade de 25 a 54 anos (que sube a súa representación na enquisa dun 49,3% a un 52,7%) e de 55 ou máis anos (que baixa a representación na EPA do 35,3% ó 31,7%). Como consecuencia, modifícanse outros resultados relevantes desta enquisa; en particular aumenta o número de persoas ocupadas -debido a que hai unha maior proporción de ocupados no grupo de idade de 25 a 54 anos, que agora gaña peso na enquisa-.

○ INE estimou o efecto conxunto dos dous últimos cambios metodolóxicos analizados nos parágrafos anteriores (as novas proxeccións de poboación ocupada e a reponderación dos factores de elevación) nunha suba do emprego en España no ano 2001 superior ó millón de persoas ocupadas e en Galicia de 85.000 persoas.

■ A variación dos requisitos para considerar desempregada a unha persoa trouxo como consecuencia que unha parte das persoas que se consideraban desempregadas pasan a considerarse inactivas. Co obxecto de poder cuantifica-lo impacto do cambio na definición de persoa desempregada, o INE no ano 2001 modificou os cuestionarios da enquisa para poder rexistra-los datos tanto coa antiga como coa nova definición pero os cuestionarios anteriores ó ano 2001 non incluían o matiz sobre si a busca de emprego era ou non activa, polo que non é posible determinar para o ano 2000 -ou calquera dos anteriores- que cifras de desemprego tería dado a EPA no caso de se ter usado a nova definición de persoa desempregada.

Os datos do bienio 2001-2002 son, pois, perfectamente comparables cando se toman os datos de 2001 coa nova metodoloxía EPA-2002, cousa que ocorre neste Informe sempre que poñemos exclusivamente os datos dese bienio (neste capítulo nos cadros: 5, 7, 14, 16, 24, 25, 27, 28, 29, 31, 32, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 57, 58, 59 e 60).

Como resumo, o impacto conxunto dos tres cambios da EPA son realmente importantes, como avaliou o propio INE. Co fin de paliar -na medida do posible- a ruptura das series da EPA, este organismo proporcionou unha corrección dos microdatos de tal xeito que os resultados podan ser comparables no cuarto de século: 1976-2001. Non obstante, estas series históricas non se puideron corrixir do efecto inducido polo cambio na definición de desemprego e polo tanto séguese a producir unha ruptura das series de actividade, paro e inactividade dende o primeiro trimestre do ano 2001, que cómpre ter moi en conta á hora de sacar conclusións na análise das estatísticas destas variables laborais para medio ou longo prazo que se inclúen neste Informe Sociolaboral de Galicia.

3.1.3 Cuantificación do impacto da nova metodoloxía

O INE realizou unha cuantificación da medición do impacto dos cambios metodolóxicos nas principais variables laborais para cada un dos trimestres do ano 2001, tanto no conxunto do Estado como en cada unha das comunidades autónomas. Presentamos a continuación os datos para Galicia e o conxunto do Estado (este último entre parénteses) no cuarto trimestre de 2001:

- poboación de 16 ou máis anos: + 34.300 (+825.400)
- poboación activa: + 61.100 (+932.500)
- poboación ocupada: + 84.900 (+ 1.254.100)
- poboación desempregada: -23.800 (-321.600)
- taxa de actividade: + 1,9 (+ 1,5)
- taxa de emprego: +3,0 (+ 2,6)
- taxa de paro: -2,7 (-2,5)

Como se pode apreciar, nas variables en termos absolutos a repercusión é especialmente importante na poboación ocupada (supoñendo máis de un millón empregados máis no total español). Das taxas, a variación é maior en Galicia que no termo medio estatal; das tres taxas é especialmente intenso o cambio na suba da de emprego e a diminución da de paro.

3.1.4. Resumo das principais variables laborais

Como nos Informes dos anos anteriores, comezaremos o estudo do mercado de traballo en Galicia co resumo da evolución xeral da última década en Galicia e España de distintas variables nas que logo afondaremos na nosa análise ó longo deste mesmo capítulo: A poboación de 16 ou máis anos, a activa, a ocupada, a parada e a inactiva. O cadro 3.1 amosa esa evolución; polo cambio de metodoloxía da EPA hai que ser moi cauteloso na comparanza dos datos do ano 2002 do cadro cos dos anos anteriores. Sobrancearemo-los seguintes puntos:

- A poboación total de Galicia presenta na última década un menor dinamismo que no total estatal e baixou lixeiramente mentres que a estatal subiu en algo máis de dous millóns de persoas. A porcentaxe de participación da poboación galega na total de España, xa que logo, é bastante menor no ano 2002 (6,54%) que en 1993 (7%).

■ **Cadro 3.1**

**Evolución das variables básicas do mercado de traballo.
Galicia/España. 1993-2002**

	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002
Poboación total										
Galicia	2.785,9	2.812,9	2.825,0	2.742,6	2.731,0	2.724,4	2.730,3	2.731,9	2.732,9	2.737,4
España	39.790,9	40.230,3	40.460,1	39.669,4	39.806,0	39.852,7	40.202,2	40.499,8	41.116,8	41.837,9
Poboación de 16 e máis anos										
Galicia	2.297,4	2.290,6	2.283,7	2.293,4	2.305,6	2.315,6	2.323,0	2.328,3	2.331,2	2.376,0
España	31.374,7	31.685,6	31.996,8	32.215,2	32.420,2	32.600,5	32.752,0	32.876,1	32.974,5	34.060,9
Activos										
Galicia	1.163,6	1.121,1	1.115,1	1.112,3	1.095,9	1.114,0	1.135,5	1.151,4	1.135,2	1.235,7
España	15.405,8	15.468,5	15.722,0	16.035,4	16.207,3	16.305,0	16.603,5	16.912,6	17.080,3	18.495,4
Ocupados										
Galicia	944,4	908,8	914,1	899,4	905,6	924,4	952,7	987,4	985,1	1.087,8
España	11.723,5	11.770,0	12.142,7	12.543,6	12.914,6	13.342,1	14.041,5	14.610,8	14.866,9	16.377,3
Paro estimado										
Galicia	219,2	212,3	201,0	212,9	190,4	189,6	182,8	164,0	150,1	147,9
España	3.682,3	3.698,4	3.579,3	3.491,8	3.292,7	2.963,4	2.562,0	2.301,8	2.213,4	2.118,2
Paro rexistrado										
Galicia	201,7	196,1	185,1	175,6	170,7	152,8	142,4	142,2	138,4	151,0
España	2.705,8	2.556,8	2.376,9	2.216,1	2.075,6	1.785,7	1.613,8	1.556,4	1.574,8	1.688,0
Inactivos										
Galicia	1.124,6	1.160,1	1.159,5	1.172,9	1.199,9	1.196,6	1.181,1	1.172,0	1.194,7	1.140,3
España	15.810,5	16.054,4	16.106,6	16.027,8	16.067,9	16.196,1	16.039,9	15.900,4	15.872,3	15.565,5

Datos en miles do 4º trimestre agás os de paro rexistrado (que son do mes de decembro) e os da poboación total (que son sempre dunha data entre xaneiro e xuño)

Fonte: INE, INEM e Fundación FIES (esta última para a poboación total de 1997)

■ A poboación galega de 16 e máis anos presenta no último ano un novo aumento (que ven sumarse á suba continua do quinquenio anterior), que en termos relativos é menor que a suba estatal.

O aumento aparente en Galicia da poboación que ten a idade mínima de traballar no último ano é de 44.800 persoas, pero a maioría (34.300) está xustificado polo cambio metodolóxico da EPA, polo que a suba real é de 10.500 persoas. Aplicando a mesma depuración nos datos estatais, a suba real do ano 2002 é de 261.000 persoas.

Unha análise semellante deben facer as persoas que desexen avaliar neste cadro a suba (en Galicia ou España) das poboacións activa, ocupada, paro estimado e inactiva). A nosa análise cos datos adaptados á nova metodoloxía para cada unha destas variables aparece no epígrafe correspondente ó estudio detallado de cada unha delas.

Detéctase na análise da década un descenso da participación de Galicia no total de España: na poboación de 16 ou máis anos de 1992 a 2001 Galicia pasou de representar-lo 7,35% do total español ó 7,07%.

■ A poboación activa galega no ano 2002 representa unha participación no total estatal do 6,68% (mentres que en 1993 era do 7,55%).

■ A poboación ocupada de Galicia baixou fortemente a súa porcentaxe de participación na última década. Se en 1993 Galicia tiña o 8,06 % dos ocupados, no 2002 baixou ó 6,64%.

■ O paro estimado pola EPA de Galicia en proporción ó estatal subiu nun punto no conxunto do período analizado. En 2002 é o 6,95% do total estatal, mentres que era do 5,95% en 1993.


■ O paro rexistrado galego no ano 2.002 (que evidentemente non se ve afectado polo cambio metodolóxico da EPA, xa que son datos procedentes dun rexistro administrativo, non dunha enquisa do INE) aumenta por primeira vez na década analizada, rachando coa traxectoria ininterrompidamente descendente que presentaba desde 1994.

Evolución das variables básicas do mercado de traballo. Por sexos. Galicia. 1997-2002

Cadro 3.2

		Homes	Mulleres
Poboación de 16 e máis anos	1997	1.099,0	1.206,6
	1998	1.085,6	1.230,0
	1999	1.095,5	1.227,5
	2000	1.107,0	1.221,3
	2001	1.103,6	1.227,7
	2002	1.133,6	1.242,4
Poboación activa	1997	644,1	451,8
	1998	644,9	469,1
	1999	652,3	483,2
	2000	662,7	488,6
	2001	651,0	484,2
	2002	712,4	523,2
Poboación ocupada	1997	556,4	349,2
	1998	565,1	359,3
	1999	579,8	372,9
	2000	595,0	392,4
	2001	587,2	397,9
	2002	655,6	432,2
Paro estimado	1997	87,7	102,7
	1998	79,8	109,8
	1999	72,5	110,3
	2000	67,8	96,3
	2001	63,9	86,3
	2002	56,8	91,1
Poboación inactiva	1997	445,2	754,8
	1998	435,7	760,9
	1999	436,8	744,3
	2000	439,3	732,7
	2001	451,2	743,5
	2002	421,2	719,2

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)



No conxunto estatal sube en 2002 por segundo ano consecutivo o paro computado polo INEM, que xa rachara en 2001 coa traxectoria descendente que se daba desde 1994.

Na análise do total da década analizada, se en 1993 Galicia representaba o 7,45% do paro rexistrado no total do Estado, en 2002 a porcentaxe é superior nun punto e medio: 8,95%.

■ A poboación inactiva galega subiu lixeiramente na última década en proporción ó total español. Galicia ten en 2002 o 7,33% da poboación inactiva española, mentres que en 1993 a participación no total estatal era do 7,11%.

No cadro 3.2 podemos aprecia-lo comportamento por sexos das variables básicas do mercado de traballo galego no último sexenio; a súa análise permite ás persoas interesadas afondar na evolución diferenciada para homes e mulleres. Anque na poboación que ten a idade mínima de traballar en Galicia hai máis mulleres que homes, a súa presenza nas poboacións activa e máis ocupada segue a ser notablemente inferior (especialmente na segunda). En cambio, é moito maior o número de mulleres que de homes nas poboacións desempregada e máis inactiva.

No cadro 3.3 presentámo-los datos por provincias das principais variables do mercado de traballo galego do último cuatrienio, que permite (coas cautelas que o cambio metodolóxico da EPA-2002 impón) realizar ás persoas interesadas unha análise da distribución territorial das mesmas. Complementámolo coa desagregación por sexos e provincias para o último ano que recolle o cadro 3.4 .

**Evolución da poboación de 16 e máis anos. Ocupados, parados e inactivos.
Por provincias. Galicia. 1999-2002**

■ **Cadro 3.3**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Poboación de 16 e máis anos						
	1999	947,2	316,3	297,1	762,4	2.323,0
	2000	951,0	315,0	296,5	765,8	2.328,3
	2001	953,7	313,4	295,5	768,6	2.331,2
	2002	969,0	316,9	303,7	786,4	2.376,0
Activos	Total					
	1999	457,1	153,7	135,5	389,2	1.135,5
	2000	453,6	156,4	139,3	402,1	1.151,4
	2001	462,2	147,4	137,3	388,4	1.135,3
	2002	508,7	155,4	146,3	425,3	1.235,7
Ocupados	1999	389,5	133,4	109,1	320,6	952,6
	2000	391,0	139,3	117,8	339,2	987,3
	2001	399,2	132,0	120,4	333,4	985,0
	2002	445,1	142,9	134,2	365,6	1.087,8
Parados	Total					
	1999	67,6	20,3	26,4	68,6	182,9
	2000	62,5	17,2	21,5	62,8	164,0
	2001	62,9	15,4	16,9	55,0	150,2
	2002	63,7	12,5	12,0	59,7	147,9
Buscan 1º emprego	1999	18,7	6,9	7,2	18,4	51,2
	2000	16,4	3,3	5,9	13,8	39,4
	2001	16,5	4,0	4,1	9,8	34,4
	2002	16,0	2,1	1,9	11,4	31,4
Inactivos	1999	487,4	161,5	161,4	370,8	1.181,1
	2000	495,9	156,7	157,1	362,2	1.171,9
	2001	491,3	165,6	158,0	379,7	1.194,6
	2002	460,3	161,5	157,4	361,1	1.140,3

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

■ **Cadro 3.4**

**Poboación de 16 e máis anos segundo a súa relación coa actividade económica.
Por sexos e provincias. Galicia. 2002**

		Poboación de 16 e máis anos	Activos				Inactivos
			Total	Ocupados	Parados		
					Total	1º Emprego	
A Coruña	Homes	466,5	297,5	271,3	26,2	4,6	168,9
	Mulleres	502,6	211,2	173,7	37,5	11,4	291,4
Lugo	Homes	152,3	88,9	84,3	4,6	0,8	63,4
	Mulleres	164,6	66,5	58,6	8,0	1,4	98,0
Ourense	Homes	147,3	83,0	77,2	5,8	0,9	64,3
	Mulleres	156,4	63,3	57,0	6,2	1,0	93,1
Pontevedra	Homes	367,5	243,1	222,7	20,3	2,7	124,5
	Mulleres	418,9	182,3	142,9	39,4	8,8	236,7
Galicia	Homes	1.133,6	712,5	655,5	56,9	9,0	421,1
	Mulleres	1.242,5	1.765,8	432,2	91,1	22,6	719,2

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

3.2. A poboación activa

Neste apartado afondaremos no estudio da poboación activa galega, analizando primeiramente a evolución da taxa de actividade e despois o comportamento da poboación activa por sexos, por sectores económicos, por grupos de idade e por provincias.

3.2.1. Poboación activa e taxa de actividade

Comezarémo-lo estudio da poboación activa coa presentación da súa distribución por comunidades autónomas no último cuadrienio. O cadro 3.5 reflicte que todas as comunidades aumentaron a súa poboación activa no cuarto trimestre de 2002 en comparanza co mesmo período de 2001 (coa excepción das cidades autónomas de Ceuta - Melilla). A maior suba absoluta tivérona Andalucía, Cataluña e C. Valenciana, mentres que a maior suba relativa presentárona Estremadura (8,2%), Asturias e Baleares (6,7% nos dous casos). En Galicia subiu un 3,3%, seis décimas por riba do termo medio español.

■ Cadro 3.5

Poboación activa. Por comunidades autónomas. 2001-2002⁽¹⁾

	Valores absolutos (en miles)			Distribución porcentual			Variacións anuais			
	2001	2001	2002	2001	2001	2002	Absolutas (miles)		En %	
							2001	2002	2001	2002
Andalucía	3145	3038,4	3132,5	17,0	16,9	16,9	126,8	94,1	4,2	3,1
Aragón	509,7	494,5	512,3	2,8	2,7	2,8	1,4	17,8	0,3	3,6
Asturias	423,3	393,5	419,8	2,3	2,2	2,3	-1,1	26,3	-0,3	6,7
Baleares	383,6	380,6	406,2	2,1	2,1	2,2	4,9	25,6	1,3	6,7
Canarias	832,5	814,9	843,5	4,5	4,5	4,6	48,2	28,6	6,1	3,5
Cantabria	240,4	231,5	235,2	1,3	1,3	1,3	13,7	3,7	6,0	1,6
C. A Mancha	724,1	699,7	726,1	3,9	3,9	3,9	14,7	26,4	2,1	3,8
C. León	1054,8	1027,1	1043,3	5,7	5,7	5,6	5,1	16,2	0,5	1,6
Cataluña	3034,4	3024,4	3082,7	16,4	16,8	16,7	33,9	58,3	1,1	1,9
C. Valenciana	1959	1933,7	1980,3	10,6	10,7	10,7	48,2	46,6	2,5	2,4
Estremadura	457,4	414,8	448,8	2,5	2,3	2,4	-7,8	34,0	-1,7	8,2
Galicia	1232,6	1196,3	1235,7	6,7	6,6	6,7	8,2	39,4	0,7	3,3
Madrid	2555,8	2478,3	2503,5	13,8	13,8	13,5	86,1	25,2	3,5	1
Murcia	504,9	494,9	517,8	2,7	2,7	2,8	2,3	22,9	0,5	4,6
Navarra	253,1	248,8	251,4	1,4	1,4	1,4	-0,1	2,6	0,0	1
País Vasco	983,6	972,9	986,9	5,3	5,4	5,3	14,4	14	1,5	1,4
A Rioja	120,6	117,1	118,4	0,7	0,7	0,6	3,3	1,3	2,8	1,1
Ceuta e Melilla	60,9	51,4	51,1	0,3	0,3	0,3	2,7	-0,3	4,6	-0,6
España	18475,8	18012,8	18495,4	100	100	100	404,7	482,6	2,2	2,7

(1) Os datos correspóndense coas series históricas do cuarto trimestre segundo a nova metodoloxía EPA-2002 (os do ano 2001 obtivéronse sen aplicar e aplicando a nova definición de paro, datos sen negra e con negra, respectivamente).

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Coyuntura Laboral Nº 64.


A taxa de actividade recolle, como é ben sabido, a porcentaxe de persoas activas respecto da poboación de dezaseis e máis anos. Nos Informes de anos anteriores xa salientabámo-la clara tendencia decrecente que presenta na análise a longo prazo a taxa de actividade galega e tamén que esta taxa se sitúa moi por baixo do nivel medio da OCDE ou da Unión Europea. A análise da evolución na última década en Galicia e España (cadro 3.6) reflicte que a taxa de actividade global galega subiu máis lixeiramente que a española na última década (cómpre que non se esqueza á hora da análise que o cambio metodolóxico da EPA en 2002 supón unha suba de 1,9 puntos en Galicia e de 1,5 puntos en España respecto da taxa de actividade do último trimestre do ano anterior).

Evolución da taxa de actividade. Global e por sexos. Galicia/España. 1993-2002

■ Cadro 3.6

	Total	Homes	Mulleres
Galicia			
1993	50,6	62,2	40,1
1994	48,9	60,7	38,4
1995	48,8	59,9	38,8
1996	48,5	59,3	38,6
1997	47,5	58,6	37,5
1998	48,1	59,4	38,1
1999	48,9	59,6	39,4
2000	49,4	59,9	40,0
2001	48,7	59,0	39,4
2002	52,0	62,9	42,1
España			
1993	49,1	64,0	35,2
1994	48,8	62,7	35,8
1995	49,1	62,8	36,5
1996	49,8	63,2	37,2
1997	50,0	63,1	37,8
1998	50,0	63,1	37,9
1999	50,7	63,3	39,1
2000	51,4	63,9	39,9
2001	51,8	64,2	40,4
2002	54,3	67,0	42,3

Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)



A taxa de actividade feminina estatal superou en 2001 por vez primeira á galega, cousa que segue ocorrendo en 2002 pero cun diferencial moito menor (de só dúas décimas).

Por comunidades autónomas, as taxas de actividade tiveron un abano no último trimestre do ano 2002 que foi do máximo de Baleares (59,2%) ó mínimo de Asturias (45,5%); o maior crecemento nese ano da taxa de actividade produciuse en Estremadura (3,5 puntos) e o único descenso deuse en Ceuta-Melilla (-0,9 puntos). A suba da taxa de actividade galega despois de corrixido o efecto do cambio metodolóxico da EPA (1,4 puntos) foi superior ó termo medio estatal (un punto). O cadro 3.7 reflicte os datos do último bienio para cada unha das comunidades - incluíndo os datos de 2001 coa vella e máis coa nova metodoloxía da EPA, o que permite unha análise máis polo miúdo para as persoas interesadas nel.

Taxas de actividade. Por comunidades autónomas. 2001-2002⁽¹⁾

■ Cadro 3.7

				Variacións anuais	
				En puntos porcentuais	
	2001	2001	2002	2001	2002
Andalucía	53,1	51,3	52,5	1,6	1,2
Aragón	51,2	49,6	51,5	0,2	1,9
Asturias	45,8	42,6	45,5	-0,2	2,9
Baleares	57,1	56,7	59,2	-0,7	2,5
Canarias	58,0	56,8	57,3	1,8	0,5
Cantabria	52,9	50,9	51,5	2,8	0,6
C. A Mancha	51,0	49,3	50,8	0,7	1,5
C. León	50,0	48,6	49,5	0,3	0,9
Cataluña	57,6	57,4	58,2	0,2	0,8
C. Valenciana	56,9	56,1	56,8	0,6	0,7
Estremadura	51,7	46,9	50,4	-1,2	3,5
Galicia	52,1	50,6	52,0	0,0	1,4
Madrid	58,1	56,3	56,3	1,3	0,0
Murcia	54,6	53,5	55,3	-0,5	1,8
Navarra	55,6	54,7	55,0	-0,3	0,3
País Vasco	55,1	54,5	55,2	0,7	0,7
A Rioxa	53,1	51,5	51,8	1,0	0,3
Ceuta e Melilla	55,6	46,9	46,1	1,6	-0,9
España	54,7	53,3	54,3	0,7	1,0

(1) Os datos correspóndense coas series históricas do cuarto trimestre segundo a nova metodoloxía EPA-2002 (os do ano 2001 obtivéronse sen aplicar e aplicando a nova definición de paro, datos sen negra e con negra, respectivamente).

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Coyuntura Laboral Nº 64.

A distribución provincial e por sexos das taxas de actividade do último sexenio figura no cadro 3.8, que as persoas interesadas deben analizar coa prevención xa sinalada no epígrafe 3.1 (relativa ó cambio na metodoloxía da EPA en 2002).


Evolución da taxa de actividade. Por provincias. Global e por sexos Galicia. 1997-2002

■ Cadro 3.8

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total				
1997	45,5	49,3	45,9	49,9
1998	46,1	47,9	47,0	51,1
1999	48,3	48,6	45,6	51,1
2000	47,7	49,7	47,0	52,5
2001	48,5	47,0	46,5	50,6
2002	52,5	49,0	48,2	54,1
Homes				
1997	57,9	58,1	55,5	61,1
1998	59,9	57,4	55,1	61,4
1999	60,0	57,4	54,3	62,1
2000	59,4	56,8	55,4	63,6
2001	59,5	55,7	55,9	60,9
2002	63,8	58,3	56,3	66,1
Mulleres				
1997	34,1	40,9	37,3	40,2
1998	34,5	38,9	39,4	41,9
1999	37,9	39,9	37,9	41,5
2000	37,2	42,7	39,4	42,7
2001	38,3	39,1	37,8	41,5
2002	42,0	40,4	40,5	43,5

Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

Evolución da taxa de actividade nas provincias galegas



3.2.2. Distribución da poboación activa por sexos, sectores económicos, provincias e grupos de idade

A distribución da poboación activa galega por sectores económicos e maila súa desagregación provincial figuran no cadro 3.9 para os catro últimos anos. Os datos relativos dos activos por sector económico e sexo do último cuatrienio figuran para Galicia e España, pola súa banda, están recollidos no cadro 3.10; a comparan-

za da distribución porcentual dos activos por sectores económicos de Galicia co total español no ano 2002 segue a poñer de manifesto como principais diferencias a menor porcentaxe da poboación activa nos servizos e o alto valor relativo dos activos agro-pesqueiros en Galicia (que case dobra ó español). A desagregación por sexos explicita que esta última diferenza entre Galicia e España é especialmente perceptible nas mulleres -nas que Galicia case triplica a porcentaxe estatal-.

■ **Cadro 3.9**

**Evolución dos activos. Por sectores económicos e provincias⁽¹⁾.
Galicia. 1999-2002**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total	1999	457,2	153,7	135,6	389,2	1.135,7
	2000	453,6	156,4	139,3	402,0	1.151,3
	2001	453,6	156,4	139,3	402,0	1.151,3
	2002	508,7	155,4	146,2	425,4	1.235,7
Agricultura e Pesca	1999	57,7	52,8	16,3	48,1	174,9
	2000	59,2	55,6	20,7	44,7	180,2
	2001	44,6	44,8	17,3	40,5	147,2
	2002	46,1	42,1	16,7	39,6	144,5
Industria	1999	78,9	13,0	21,8	74,4	188,1
	2000	78,5	16,3	21,1	81,8	197,7
	2001	81,7	16,5	26,0	84,1	208,3
	2002	90,9	19,2	26,6	100,9	237,6
Construcción	1999	50,7	15,2	15,7	43,0	124,6
	2000	53,6	11,3	17,9	47,6	130,4
	2001	64,7	14,1	17,4	41,7	137,9
	2002	66,1	15,4	16,3	44,8	142,6
Servizos	1999	237,9	63,3	67,9	188,4	557,5
	2000	235,0	65,3	70,3	202,9	573,5
	2001	241,7	65,1	69,8	200,5	577,1
	2002	279,3	73,9	81,7	218,8	653,7
Parados que buscan o seu primeiro emprego ou deixaron o último hai tres anos ou máis.	1999	32,0	9,4	13,9	35,3	90,6
	2000	27,3	7,9	9,3	25,0	69,5
	2001	29,4	6,9	6,9	21,5	64,7
	2002	26,3	4,8	4,9	21,3	57,3

Datos en miles do 4º trimestre

(1) Os parados que deixaron o seu último emprego hai menos de tres anos, clasificáronse polo sector económico correspondente a dito emprego.

Fonte: INE (EPA)



Cadro 3.10
Evolución da distribución porcentual dos activos. Por sectores económicos e sexos. Galicia/España. 1999-2002

		Activos					
		Galicia			España		
		Ambolos dous sexos	Homes	Mulleres	Ambolos dous sexos	Homes	Mulleres
Agricultura e Pesca	1999	15,4	13,7	17,7	7,4	8,5	5,6
	2000	15,6	14,1	17,8	7,0	8,1	5,3
	2001	13,0	12,1	14,1	6,7	7,9	5,0
	2002	11,7	11,0	12,6	6,0	7,0	4,6
Industria	1999	16,6	20,9	10,7	18,2	22,8	11,3
	2000	17,2	21,2	11,7	18,5	22,9	12,1
	2001	18,3	21,7	13,8	18,2	22,6	11,7
	2002	19,2	22,8	14,4	18,5	22,5	12,4
Construcción	1999	11,0	18,5	0,9	10,4	16,5	1,4
	2000	11,3	18,9	1,0	10,7	17,0	1,4
	2001	12,1	20,1	1,4	11,2	17,9	1,5
	2002	11,5	19,2	1,1	11,5	18,0	1,6
Servicios	1999	49,1	43,2	57,0	57,6	48,6	71,0
	2000	49,8	42,6	59,6	58,8	49,4	72,7
	2001	50,8	42,2	62,4	59,5	49,3	74,3
	2002	52,9	44,9	63,8	60,7	50,7	75,7
Parados que buscan o seu 1º emprego ou deixaron o último hai tres anos ou máis ⁽¹⁾	1999	8,0	3,7	13,7	6,5	3,6	10,7
	2000	6,0	3,2	9,9	5,0	2,6	8,5
	2001	5,7	3,8	8,3	4,4	2,3	7,5
	2002	4,6	2,1	8,1	3,4	1,8	5,7

Elaboración propia con datos do 4º trimestre de cada ano

(1) Os parados que deixaron o seu último emprego hai menos de tres anos, clasificáronse polo sector económico correspondente a dito emprego

Fonte: INE (EPA)



O cadro 3.11 presenta a desagregación por sectores productivos a nivel provincial no último cuadrienio. Sobrancearemos no ano 2002 na porcentaxe de activos agro-pesqueiros a gran diferenza do valor de Lugo respecto das outras provincias galegas; Lugo cuadriplica a media estatal e duplica á galega en porcentaxe de activos nese sector; no que ningunha provincia está por baixo da media estatal e só Lugo está por riba da media galega.

Tamén cómpre salientar que tan só unha provincia galega -Pontevedra- supera no 2002 as porcentaxes españolas de activos na industria, ningunha nos servios e unha na construción -A Coruña-.

No tocante á evolución da poboación activa galega por grupos de idade e sexo, os datos que presentamos no cadro 3.12 permiten ás persoas interesadas face-lo seguimento polo miúdo da última década (aunque co cuidado que require o cambio metodolóxico da EPA no ano 2002)

■ **Cadro 3.11** **Evolución da distribución porcentual dos activos. Por sectores económicos e provincias ⁽¹⁾**
Galicia. 1999-2002

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Agricultura e Pesca	1999	12,6	34,4	12,0	12,4
	2000	13,1	35,5	14,8	11,1
	2001	9,6	30,4	12,6	10,4
	2002	9,1	27,1	11,4	9,3
Industria	1999	17,3	8,4	16,1	19,1
	2000	17,3	10,4	15,2	20,4
	2001	17,7	11,2	18,9	21,7
	2002	17,9	12,4	18,2	23,7
Construcción	1999	11,1	9,9	11,6	11,1
	2000	11,8	7,3	12,9	11,8
	2001	14,0	9,5	12,7	10,7
	2002	13,0	9,9	11,2	10,5
Servicios	1999	52,0	41,2	50,1	48,4
	2000	51,8	41,8	50,4	50,5
	2001	52,3	44,2	50,8	51,6
	2002	54,9	47,6	55,8	51,4
Parados que buscan o seu primeiro emprego ou deixaron o último hai 3 anos ou máis	1999	7,0	6,1	10,2	9,1
	2000	6,0	5,0	6,7	6,2
	2001	6,4	4,7	5,0	5,5
	2002	5,2	3,1	3,4	5,0

Datos do 4º trimestre

(1) Os parados que deixaron o seu último emprego hai menos de tres anos, clasificáronse polo sector económico correspondente a dito emprego

Fonte: INE (EPA)

■ **Cadro 3.12** **Evolución da poboación activa. Por sexos e grupos de idade.**
Galicia. 1993-2002

	Poboación activa									
	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002
Ámbolos dous sexos	1.163,6	1.121,1	1.115,1	1.112,3	1.095,9	1.114,0	1.135,5	1.151,4	1.135,2	1.235,7
de 16 a 19 anos	38,3	35,6	30,9	34,2	32,1	29,1	26,0	25,1	22,7	23,2
de 20 a 24 anos	116,0	112,5	112,1	117,8	120,5	111,8	118,1	122,5	116,9	105,8
de 25 a 54 anos	799,6	786,3	786,4	784,8	783,8	818,0	846,8	830,7	821,3	951,0
de 55 e máis anos	209,7	186,7	185,7	175,5	159,6	155,1	144,6	173,0	174,3	155,7
Homes	682,5	657,9	649,7	649,3	644,1	644,9	652,3	662,7	651,0	712,4
de 16 a 19 anos	24,3	22,0	17,5	22,6	22,5	19,0	17,6	16,9	14,9	16,4
de 20 a 24 anos	67,0	58,7	63,0	65,8	68,3	64,6	64,3	68,9	70,7	60,5
de 25 a 54 anos	480,7	469,4	464,4	464,7	459,5	472,1	488,5	479,5	466,0	541,0
de 55 e máis anos	110,4	107,8	104,8	96,2	93,8	89,1	82,0	97,4	99,4	94,7
Mulleres	481,1	463,2	465,4	462,9	451,8	469,1	483,2	488,6	484,2	523,2
de 16 a 19 anos	14,0	13,7	13,4	11,6	9,6	10,0	8,5	8,2	7,7	6,8
de 20 a 24 anos	49,0	53,8	49,1	51,9	52,2	47,2	53,8	53,6	46,1	45,4
de 25 a 54 anos	319,0	316,9	322,0	320,1	324,3	345,9	358,4	351,2	355,4	410,0
de 55 e máis anos	99,2	78,9	80,9	79,3	65,8	66,0	62,6	75,6	75,0	61,1

Elaboración propia

Datos en miles do 4º trimestre

Fonte: INE (EPA)

■ Cadro 3.13

**Evolución dos activos. Por grupos de idade e provincias.
Galicia. 1998-2002**

			A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total		1998	434,8	152,1	139,7	387,3	1.113,9
		1999	457,1	153,7	135,5	389,2	1.135,5
		2000	453,6	156,4	139,3	402,1	1.151,4
		2001	462,2	147,4	137,2	388,4	1.135,2
		2002	508,7	155,4	146,3	425,3	1.235,7
Grupos de idade	De 16 a 19 anos	1998	9,8	4,0	4,0	11,2	29,0
		1999	7,1	2,6	4,2	12,1	26,0
		2000	7,5	1,2	3,6	12,8	25,1
		2001	10,1	1,9	1,7	9,0	22,7
		2002	9,3	2,3	1,9	9,7	23,2
	De 20 a 24 anos	1998	43,7	11,8	12,5	43,9	111,9
		1999	44,5	14,3	13,4	45,9	118,1
		2000	45,1	13,4	13,0	51,1	122,6
		2001	50,0	10,7	11,2	44,9	116,8
		2002	45,5	10,0	10,5	39,9	105,9
	De 25 a 54 anos	1998	319,5	107,0	101,1	290,5	818,1
		1999	345,4	111,9	98,4	291,2	846,9
		2000	335,2	111,2	100,0	284,2	830,6
		2001	328,9	108,2	102,9	281,4	821,4
		2002	387,8	118,1	115,6	329,5	951,0
	De 55 e máis anos	1998	61,9	29,3	22,2	41,8	155,2
		1999	60,1	24,9	19,6	40,1	144,7
		2000	65,7	30,6	22,8	53,9	173,0
		2001	73,1	26,7	21,4	53,1	174,3
		2002	66,2	25,0	18,3	46,2	155,7

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

3.3. A poboación ocupada

Neste apartado estudiaremos o comportamento da poboación ocupada en Galicia no ano 2002 e situarémolo nun marco temporal máis amplo. Para iso, en primeiro lugar analizaremos a súa evolución global e maila da taxa de ocupación, e posteriormente veremos cómo se distribúen os ocupados por sexos, sectores económicos, provincias, grupos de idade ou situación profesional.

3.3.1. Poboación ocupada e taxa de ocupación

O cadro 3.14 preséntanos os datos da poboación ocupada en cada unha das comunidades autónomas no último bienio (corrixidos do cambio metodolóxico da EPA en 2002), así como a variación que en termos absolutos e relativos presentou cada unha delas. O emprego subiu en tódalas comunidades no último ano, coas únicas excepcións de Cantabria e A Ríoxa -que tiveron lixeiros descenso-. A maior intensidade na xeración de emprego presentárona Murcia (4,2%), Baleares (3,2%) e

Asturias (3,1%), e nas maioría das comunidades autónomas o crecemento do emprego foi inferior ó do ano 2001.

Galicia tivo un 1,7% de suba do emprego, lixeiramente por riba do termo medio estatal (1,6%) e algo por baixo da taxa de crecemento de 2001 (2,1%).

A taxa de ocupación (ou taxa de emprego) expresa, como é ben sabido, a porcentaxe de ocupados respecto da poboación de dezaseis ou máis anos . O cadro

■ Cadro 3.14

Poboación ocupada. Por comunidades autónomas. 2001-2002 ⁽¹⁾

	Valores absolutos (en miles)		Distribución porcentual		Valoracións anuais			
	2001	2002	2001	2002	Miles		%	
					2001	2002	2001	2002
Andalucía	2.453,2	2.499,9	15,2	15,3	124,2	46,7	5,3	1,9
Aragón	471,0	480,0	2,9	2,9	-1,0	9,0	-0,2	1,9
Asturias	366,6	377,8	2,3	2,3	12,2	11,2	3,4	3,1
Baleares	361,9	373,3	2,2	2,3	10,6	11,4	3,0	3,2
Canarias	726,9	748,5	4,5	4,6	36,0	21,6	5,2	3,0
Cantabria	210,9	210,1	1,3	1,3	15,9	-0,8	8,2	-0,4
C. A Mancha	637,5	655,8	4,0	4,0	17,9	18,3	2,9	2,9
C. León	922,5	938,6	5,7	5,7	10,7	16,1	1,2	1,7
Cataluña	2.761,7	2.786,8	17,1	17,0	20,3	25,1	0,7	0,9
C. Valenciana	1.760,1	1.772,3	10,9	10,8	67,7	12,2	3,8	0,7
Extremadura	356,6	363,6	2,2	2,2	0,2	7,0	0,1	2,0
Galicia	1.070,0	1.087,8	6,6	6,6	22,0	17,8	2,1	1,7
Madrid	2.303,4	2.330,4	14,3	14,2	112,2	27,0	5,1	1,2
Murcia	440,3	458,6	2,7	2,8	0,6	18,3	0,1	4,2
Navarra	237,7	238,2	1,5	1,5	-1,2	0,5	-0,5	0,2
País Vasco	880,0	895,3	5,5	5,5	26,8	15,3	3,1	1,7
A Ríoxa	111,6	111,2	0,7	0,7	3,0	-0,4	2,8	-0,4
Ceuta e Melilla	49,0	49,0	0,3	0,3	3,4	0,0	7,5	0,0
España	16.121,0	16.377,3	100	100	478,3	699,4	3,1	1,6

(1) Os datos correspóndense coas series históricas revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2002.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Coyuntura Laboral nº 64.

3.15 reflicte que esta taxa presentou en Galicia (e máis aínda en España) unha clara tendencia ascendente no último sexenio. Cómpre subliñar que para evitar erros hai que ter en conta o cambio metodolóxico do ano 2002, posto que do contrario a suba parece moito maior da que realmente se deu no último ano (lémbrese que no epígrafe 3.1 sinalamos que a estimación do INE supón que a taxa de emprego subiu con notable intensidade por este motivo en Galicia e España (3 e 2,6 puntos respectivamente).

A análise comparativa das taxas de ocupación galega e española que figura no cadro 3.15 amosa que esta última supera nos seis anos á galega (ó contrario do que ocorrera anteriormente sempre desde que comezou a elaborarse a EPA hai

máis de tres décadas). A diferenza é de 2,3 puntos a prol da taxa de emprego estatal, despois do recorte do diferencial no último ano.


Na desagregación por sexos, conséntase que a taxa estatal de ocupación dos homes (que superou por primeira vez á galega en 1995) situouse cun diferencial no ano 2002 de 2,3 puntos (inferior en cinco décimas ó do ano anterior). A taxa de emprego feminina de Galicia queda en 2002 por vez primeira por baixo do termo medio estatal.

Cadro 3.15

Evolución das taxas de ocupación. Global e por sexos. Galicia/España. 1997-2002

	Galicia						España					
	1997	1998	1999	2000	2001	2002	1997	1998	1999	2000	2001	2002
Total	39,3	39,9	41,0	42,4	42,3	45,8	39,8	40,9	42,9	44,4	45,1	48,1
Homes	50,6	52,1	52,9	53,8	53,2	57,8	53,4	54,9	56,5	57,8	58,4	61,5
Mulleres	28,9	29,2	30,4	32,1	32,4	34,8	27,2	28,0	30,4	32,0	32,3	35,5

Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)



No cadro 3.16 recollémo-la evolución no último bienio das taxas de ocupación das distintas comunidades autónomas, xa co valor do ano 2001 corrixido segundo a nova metodoloxía da EPA; o seu valor oscila no ano 2002 entre un 54,4% (Balears) e un 40,9% (Estremadura e Asturias); o crecemento no último ano da taxa de emprego de Galicia (0,6 puntos) foi superior ó estatal (0,4 puntos).

A taxa de emprego baixou no último ano en A Ríoxa, Ceuta-Melilla, Cantabria, C. Valenciana e Navarra) e tivo as maiores subas en Murcia (1,4 puntos) e Asturias (1,2 puntos).

Xa en anteriores Informes subliñámo-lo feito de que as economías galega e española presenten unhas taxas de ocupación especialmente baixas en comparación

coas da UE e coas da OCDE, porque reflicte a incapacidade para dar unha saída productiva ós recursos humanos que axude á converxencia real cos países máis desenvolvidos economicamente. Ben lonxe nos queda aínda (pese á importante suba dos últimos anos) o obxectivo que a UE se marcou para o ano 2005: unha taxa de ocupación global do 67% (e do 57% para as mulleres).

Taxas de ocupación. Por comunidades autónomas. 2001-2002 ⁽¹⁾

■ Cadro 3.16

	Valores das taxas (En porcentaxe)		Variacións anuais (En puntos porcentuais)	
	2001	2002	2001	2002
Andalucía	41,5	41,9	1,7	0,4
Aragón	47,3	48,2	-0,1	0,9
Asturias	39,7	40,9	1,3	1,2
Baleares	53,9	54,4	0,3	0,5
Canarias	50,6	50,8	1,1	0,2
Cantabria	46,4	46,0	3,3	-0,4
C. A Mancha	44,9	45,9	0,9	1,0
C. León	43,7	44,5	0,5	0,8
Cataluña	52,4	52,6	0,0	0,2
C. Valenciana	51,1	50,8	1,2	-0,3
Extremadura	40,3	40,9	-0,2	0,6
Galicia	45,2	45,8	0,6	0,5
Madrid	52,4	52,4	1,9	0,1
Murcia	47,6	49,0	-0,6	1,4
Navarra	52,2	52,1	-0,6	-0,1
País Vasco	49,3	50,1	1,4	0,8
A Ríoxa	49,1	48,6	0,9	-0,5
Ceuta e Melilla	44,7	44,1	2,4	-0,5
España	47,7	48,1	1,0	0,4

(1) Os datos correspóndense coas series históricas do 4º trimestre revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2002 do 4º trimestre de cada ano, da EPA (INE).

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Coyuntura Laboral nº 64.

O cadro 3.17 presenta as taxas de ocupación galegas por sexos e grupos de idade no último cuatrienio. En 2002 ampliouse a diferenza entre as taxas de emprego masculina e feminina, debido ó forte aumento desa diferenza nas persoas de 25 e máis anos.


Cadro 3.17
**Evolución das taxas de ocupación⁽¹⁾.
Por sexos e grupos de idade. Galicia. 1999-2002**

	Ámbolos dous sexos				Homes				Mulleres			
	1999	2000	2001	2002	1999	2000	2001	2002	1999	2000	2001	2002
Total	41,0	42,4	42,3	45,7	52,9	53,8	53,2	57,8	30,4	32,1	32,4	34,7
Menores de 25 anos	28,3	30,3	29,0	30,0	35,5	38,7	37,2	37,9	20,9	21,6	20,3	21,9
de 25 e máis anos	43,3	44,6	44,6	48,2	56,4	56,6	56,4	61,2	32,0	33,9	34,4	36,6
de 16 a 19 anos	11,3	13,0	11,4	14,8	17,2	19,8	14,8	19,6	5,6	6,2	7,6	9,8
de 20 a 24 anos	40,6	40,8	39,8	39,3	48,3	49,9	51,3	49,2	32,5	31,2	27,8	29,1
de 25 a 54 anos	66,5	68,1	68,6	69,8	82,2	82,0	82,0	83,5	51,0	54,0	55,3	56,2
de 55 e máis anos	15,2	17,3	17,7	17,4	19,9	22,4	23,1	24,5	11,7	13,5	13,5	12,0

Datos do 4º trimestre

(1) Porcentaxe de ocupados respecto da poboación de cada grupo de idade

Fonte: INE (EPA)

Evolución das taxas de ocupación de 55 e máis anos


3.3.2. Distribución da poboación ocupada por sexos, sectores económicos, situación profesional, provincias e grupos de idade.

A distribución dos ocupados galegos por sexo, sector económico e grupos de idade no último cuatrienio podemos velos no cadro 3.18, que constata un proceso de cambio que vai achegando algo máis a nosa estrutura do emprego á estatal e en xeral ás dos países máis desenvolvidos.

O sector que concentra máis poboación ocupada (o de servizos) tivo no ano 2002 unha forte suba e supón xa máis da metade do emprego total galego (54,84%), anque está aínda 8,4 puntos por baixo da media estatal .

Na desagregación da poboación ocupada por sexos, os homes son maioritarios no ano 2002 no emprego de tódolos sectores produtivos. Para as persoas que desexen estudar máis polo miúdo esta distribución sectorial, ofrecemos nese cadro 3.18 a desagregación en catro grupos de idade para cada un dos sexos.

**Evolución da poboación ocupada. Por sexo, sectores económicos e idade.
Galicia. 2001-2002**

■ **Cadro 3.18**

Ámbolos dous sexos		de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos	Total
Agricultura						
	2001	0,3	2,9	68,0	42,5	113,6
	2002	1,4	2,3	66,2	41,9	111,8
Pesca						
	2001	0,2	2,7	27,4	2,4	32,7
	2002	0,5	1,5	22,1	3,2	27,3
Industria						
	2001	4,6	23,1	161,6	22,6	211,9
	2002	6,4	21,9	172,6	19,4	220,3
Construcción						
	2001	2,8	15,1	106,7	15,1	139,7
	2002	3,6	14,6	99,2	14,4	131,8
Servicios						
	2001	7,0	39,6	458,9	66,7	572,1
	2002	6,4	39,0	482,3	68,9	596,6
Total						
	2001	14,8	83,3	822,5	149,3	1.070,0
	2002	18,3	79,3	842,5	147,8	1.087,8

Homes		de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos	Total
Agricultura						
	2001	0,3	2,3	35,2	15,7	53,5
	2002	1,4	2,3	32,9	17,7	54,3
Pesca						
	2001	0,2	2,7	22,4	1,2	26,5
	2002	0,5	1,5	16,6	1,6	20,2
Industria						
	2001	3,5	16,0	109,3	18,2	147,1
	2002	3,9	15,6	120,3	15,8	155,6
Construcción						
	2001	2,8	14,3	101,3	14,2	132,5
	2002	3,6	14,2	94,6	14,1	126,5
Servicios						
	2001	3,2	19,2	223,8	37,2	283,4
	2002	2,9	16,6	238,7	40,7	299,0
Total						
	2001	9,9	54,5	492,0	86,5	643,0
	2002	12,3	50,2	503,1	90,0	655,6

Mulleres		de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos	Total
Agricultura	2001	—	0,6	32,7	26,8	60,1
	2002	—	—	33,3	24,2	57,5
Pesca	2001	—	—	5,0	1,2	6,2
	2002	—	—	5,5	1,6	7,1
Industria	2001	1,1	7,0	52,3	4,4	64,8
	2002	2,5	6,3	52,3	3,6	64,7
Construcción	2001					7,2
	2002					5,3
Servicios	2001	3,8	20,4	235,1	29,5	288,7
	2002	3,5	22,3	243,6	28,1	297,6
Total	2001	4,9	28,8	330,5	62,8	427,1
	2002	6,0	29,1	339,4	57,8	432,2

Elaboración propia
Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: IGE (EPA en Galicia)

A evolución dos ocupados por sectores económicos e sexos nun prazo máis longo podemos vela no cadro 3.19, no que (aparte de ter en conta o efecto de aumento do emprego no ano 2002 inducido polo cambio metodolóxico da EPA) salientaremos que despois da perda da capacidade xeradora de emprego do sector servizos na primeira metade dos anos noventa (contrapunto do sucedido na segunda metade dos oitenta), desde 1997 tivo unha notable recuperación como motor do emprego galego e quedou no ano 2002 no maior nivel da nosa historia. O sector agro-pesqueiro seguiu no ano 2002 coa ininterrompida perda de emprego (coa única excepción do ano 2000) que explicita ese cadro. O emprego agro-pesqueiro desde 1993 baixou a menos da metade (ó 48,8%).

A construción, pola súa banda, presenta unha tendencia claramente expansiva nesa década (só baixou en 1998). No tocante á industria, o ano 1995 rachou co proceso de continua perda de emprego dos anos anteriores e consolidouse desde entón unha traxectoria moi expansiva do seu emprego, que se reafirma no último ano.

■ Cadro 3.19

**Evolución da poboación ocupada. Por sectores económicos e sexos.
Galicia. 1993-2002**

	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002
Agricultura e Pesca										
Total	285,2	246,6	246,3	216,6	185,8	178,2	169,4	174,3	142,8	139,1
Homes	136,2	117,9	118,0	108,0	93,1	89,3	84,9	88,4	75,2	74,5
Mulleres	149,0	128,7	128,3	108,6	92,6	88,9	84,5	85,9	67,6	64,6
Industria										
Total	135,3	129,3	138,5	146,4	152,2	167,6	168,1	180,5	192,1	220,3
Homes	102,4	96,4	103,2	111,6	114,9	128,5	124,9	131,8	133,6	155,6
Mulleres	32,9	32,9	35,3	34,8	37,3	39,1	43,2	48,7	58,5	64,7
Construcción										
Total	87,2	94,7	95,9	97,2	101,3	98,5	110,8	116,8	126,7	131,8
Homes	85,2	93,3	93,3	94,6	99,2	96,3	107,2	111,9	120,4	126,5
Mulleres	2,0	1,4	2,6	2,6	2,1	2,2	3,6	4,9	6,3	5,3
Servicios										
Total	436,6	438,2	433,4	439,2	466,3	480,2	504,3	515,8	523,5	596,6
Homes	246,0	246,5	239,9	235,4	249,2	251,0	262,7	263,0	258,0	299,0
Mulleres	190,7	191,7	193,5	203,8	217,1	229,2	241,6	252,9	265,5	297,6

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

A distribución porcentual da poboación ocupada por sectores económicos que figura no cadro 3.20 presenta os datos galego e español do último quinquenio; deles sobrancearémolos seguintes aspectos:

■ Galicia duplica no ano 2002 a porcentaxe española de persoas ocupadas no sector agro-pesqueiro. Hai unha clara diferenza na análise por sexos, pois a taxa de emprego das mulleres de Galicia no sector agro-pesqueiro case triplica á estatal no caso das mulleres, mentres que non chega a dobrala no dos homes.

■ A porcentaxe estatal de ocupados supera amplamente á galega nos servizos, mentres que a taxa galega supera á estatal na construción e na industria.

■ Máis do 80% do emprego feminino español concéntrase no ano 2002 no sector servizos, mentres que en Galicia representa un 69% e ten unha maior diversificación da ocupación por sectores económicos debido fundamentalmente ó alto emprego feminino no sector agro-pesqueiro.

■ Nos homes hai unha maior diversificación da súa ocupación entre os diferentes sectores económicos, de xeito que o que máis emprego totaliza -o de servizos- supón en Galicia un 45,6% da ocupación (e en España un 52,2%) no último ano.

Cadro 3.20
**Evolución da distribución porcentual dos ocupados.
Por sectores económicos e sexos. Galicia/España. 1998-2002**

		Ocupados					
		Galicia			España		
		Ámbolos dous sexos	Homes	Mulleres	Ámbolos dous sexos	Homes	Mulleres
Agricultura e Pesca	1998	19,3	15,8	24,7	7,7	9,0	5,5
	1999	17,8	14,6	22,7	7,2	9,0	5,2
	2000	17,6	14,9	21,9	6,8	7,9	4,9
	2001	14,5	12,8	17,0	6,5	7,7	4,5
	2002	12,8	11,4	14,9	5,7	6,7	4,5
Industria	1998	18,1	22,7	10,9	20,6	25,0	12,8
	1999	17,6	21,5	11,6	20	24,2	12,9
	2000	18,3	22,1	12,4	20,0	24,0	13,3
	2001	19,5	22,7	14,7	19,4	23,5	12,7
	2002	20,3	23,7	15,0	19,4	23,3	12,9
Construcción	1998	10,7	17,0	0,6	10,2	15,3	1,0
	1999	11,6	18,5	1	11	16,5	1,4
	2000	11,8	18,8	1,3	11,1	16,9	1,5
	2001	12,9	20,5	1,6	11,6	17,7	1,5
	2002	12,1	19,3	1,2	11,7	17,8	1,7
Servicios	1998	52,0	44,4	63,8	61,4	50,7	80,7
	1999	52,9	45,3	64,8	61,9	51	80,5
	2000	52,2	44,2	64,4	62,1	51,2	80,3
	2001	53,1	43,9	66,7	62,6	51,1	81,3
	2002	54,8	45,6	68,9	63,2	52,2	81,2

Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

Para coñecer a situación profesional dos ocupados de Galicia, presentamos o cadro 3.21, que inclúe a desagregación por sexo e sector económico. Os asalariados supoñen no ano 2002 un 73,13% do total dos ocupados de Galicia; séguenlle en importancia cuantitativa os empresarios ou membros de cooperativas (23,6%) e os "axudas familiares" (4,04%). Aproxímase máis, deste xeito, a porcentaxe galega de asalariados ás medias do Estado e máis da Unión Europea, anque segue por baixo delas.

Por sexos, subliñaremos que no ano 2002 en Galicia dúas de cada tres persoas ocupadas como "axudas familiares" son mulleres, e están fundamentalmente empregadas no sector primario e no de servizos -nos que case triplican ós homes, anque a ocupación de mulleres é inferior á dos homes nos dous sectores productivos-. No conxunto das persoas asalariadas de Galicia, en cambio, as mulleres supoñen só un 39%.

A desagregación provincial dos ocupados de cada sector económico podemos vela no cadro 3.22 para o último quinquenio. Respecto da ocupación global por provincias, sobrancearemos que no ano 2002 o 74,53% do emprego total galego se concentra nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

■ Cadro 3.21

**Evolución dos ocupados. Por sectores económicos, sexo e situación profesional.
Galicia. 2000-2002**

	Total ocupados			Situación profesional											
				Empresario ou membro de cooperativa			Axuda familiar			Asalariado			Outra situación		
	2000	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002
Ámbolos dous sexos															
Total	987,4	985,1	1087,8	260,5	241,8	256,8	50,9	39,8	34,6	674,9	702,5	795,5	1,0	0,9	0,9
Agric. e Pesca	174,3	142,8	139,1	106,6	92,2	89,0	38,4	25,7	23,4	29,1	24,5	26,2	0,3	0,3	0,4
Industria	180,5	192,1	220,3	19,1	18,9	17,9	1,6	2,2	1,9	159,5	171,0	200,5	0,2	0,0	0,0
Construcción	116,8	126,7	131,8	22,9	25,3	28,6	1,0	0,8	1,1	93,0	100,6	102,2	0,0	0,0	0,0
Servicios	515,8	523,5	596,6	112,0	105,4	121,3	10,0	11,1	8,2	393,4	406,4	466,6	0,5	0,6	0,5
Homes															
Subtotal	595,0	587,2	655,6	150,8	145,8	159,4	16,5	13,4	10,9	427,3	427,4	484,9	0,3	0,6	0,4
Agric. e Pesca	88,4	75,2	74,5	49,3	45,8	44,2	12,4	8,0	7,4	26,6	21,1	22,7	0,0	0,3	0,2
Industria	131,8	133,6	155,6	15,0	13,6	13,4	0,9	1,5	0,9	115,9	118,5	141,3	0,0	0,0	0,0
Construcción	111,9	120,4	126,5	22,9	24,4	27,1	0,7	0,6	0,5	88,3	95,4	99,0	0,0	0,0	0,0
Servicios	263,0	258,0	299,0	63,7	62,0	74,7	2,4	3,3	2,2	196,5	192,4	221,8	0,3	0,3	0,3
Mulleres															
Subtotal	392,4	397,9	432,2	109,7	96,0	97,4	34,4	26,4	23,7	247,6	275,1	310,6	0,7	0,3	0,5
Agric. e Pesca	85,9	67,6	64,6	57,3	46,4	44,8	25,9	17,7	16,0	2,4	3,4	3,5	0,3	0,0	0,2
Industria	48,7	58,5	64,7	4,1	5,3	4,5	0,7	0,7	1,0	43,6	52,5	59,2	0,2	0,0	0,0
Construcción	4,9	6,3	5,3	0,0	0,9	1,5	0,3	0,2	0,6	4,7	5,2	3,2	0,0	0,0	0,0
Servicios	252,9	265,5	297,6	48,3	43,4	46,6	7,5	7,8	6,0	196,9	214,0	244,7	0,2	0,3	0,3

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

**Evolución dos ocupados. Por sectores económicos e provincias.
Galicia. 1998-2002**

■ Cadro 3.22

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1998	365,6	131,7	110,5	316,6
	1999	389,5	133,4	109,1	320,6
	2000	391,0	139,3	117,8	339,2
	2001	399,2	132,0	120,4	333,4
	2002	445,1	142,9	134,2	365,6
Agricultura e Pesca	1998	54,4	53,9	19,8	50,1
	1999	56,4	51,8	14,6	46,7
	2000	58,3	54,3	19,3	42,3
	2001	42,7	44,2	17,0	38,9
	2002	44,4	41,3	15,8	37,6
Industria	1998	64,2	12,0	17,9	73,5
	1999	70,4	11,6	18,5	67,5
	2000	72,6	14,7	18,8	74,3
	2001	76,8	14,8	24,3	76,2
	2002	84,6	18,5	25,5	91,7
Construcción	1998	43,3	10,0	12,5	32,6
	1999	45,3	13,3	14,3	37,9
	2000	46,8	10,8	16,7	42,5
	2001	58,7	13,7	16,3	38,0
	2002	60,5	14,4	15,6	41,2
Servicios	1998	203,8	55,8	60,2	160,5
	1999	217,4	56,8	61,7	168,5
	2000	213,3	59,4	63,0	180,0
	2001	221,0	59,3	62,8	180,3
	2002	255,6	68,6	77,3	195,1

Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

O cadro 3.23 permite ver con datos porcentuais esa distribución provincial dos ocupados por sectores económicos. A súa comparación cos datos de Galicia e España que vimos no cadro 3.20 permite sacar conclusións sobre as diferencias que cada unha das provincias presenta respecto das medias galega e española. Destaca a alta porcentaxe de persoas ocupadas no sector agro-pesqueiro en Lugo (28,9% da ocupación total), máis do dobre que a provincia seguinte nesa clasificación (Ourense).

Ningunha provincia galega acada no ano 2002 a porcentaxe media estatal de ocupados nos servizos, unha a da construción (A Coruña) e máis a industria (Pontevedra). As catro provincias superan claramente a taxa estatal de ocupación agro-pesqueira –Lugo quintuplicaa–.

**Evolución da distribución porcentual dos ocupados.
Por sectores económicos e provincias. Galicia. 1998-2002**

■ Cadro 3.23

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Agricultura e Pesca	1998	14,9	40,9	17,9	15,8
	1999	14,5	38,8	13,3	14,6
	2000	14,9	39,0	16,4	12,5
	2001	10,7	33,5	14,1	11,7
	2002	10,0	28,9	11,8	10,3
Industria	1998	17,5	9,1	16,2	23,2
	1999	18,1	8,7	17,0	21,1
	2000	18,6	10,6	16,0	21,9
	2001	19,2	11,2	20,1	22,9
	2002	19,0	12,9	19,0	25,1
Construcción	1998	11,8	7,6	11,4	10,3
	1999	11,6	10,0	13,1	11,8
	2000	12,0	7,8	14,1	12,5
	2001	14,7	10,4	13,5	11,4
	2002	13,6	10,1	11,6	11,3
Servizos	1998	55,7	42,4	54,5	50,7
	1999	55,8	42,5	56,6	52,6
	2000	54,5	42,7	53,5	53,1
	2001	55,3	44,9	52,2	54,1
	2002	57,4	48,0	57,6	53,4

Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

Así mesmo, no cadro 3.24 presentámo-lo desglose provincial para o último bienio dos ocupados por sexo e situación profesional, que achega datos que permiten afondar no tema ás persoas que precisen unha análise máis polo miúdo (e con datos revisados segundo a nova metodoloxía da EPA).

■ Cadro 3.24

**Evolución da poboación ocupada. Por sexos, situación profesional e provincias.
Galicia 2001-2002**

A) Ámbolos dous sexos		Total	Empresarios sen asalariados	Empresarios con asalariados	Axudas familiares	Asalariados	Outros ⁽¹⁾
A Coruña	2001	429,5	70,4	24,1	13,7	320,3	0,9
	2002	445,1	71,5	23,3	13,2	336,0	1,0
Lugo	2001	144,5	36,3	7,2	16,6	84,3	0,2
	2002	142,9	33,5	9,5	14,3	84,2	1,3
Ourense	2001	135,2	26,3	9,3	4,8	94,2	0,7
	2002	134,2	23,8	12,4	2,6	93,8	1,5
Pontevedra	2001	360,8	59,2	19,5	5,5	275,1	1,5
	2002	365,6	57,0	21,3	4,5	281,5	1,4
Galicia	2001	1070,0	192,1	60,1	40,6	774,0	3,3
	2002	1087,8	185,9	66,5	34,6	795,5	5,2

B) Homes		Total	Empresarios sen asalariados	Empresarios con asalariados	Axudas familiares	Asalariados	Outros ⁽¹⁾
A Coruña	2001	262,4	40,0	19,2	5,0	197,3	0,9
	2002	271,3	42,1	17,5	3,7	207,6	0,5
Lugo	2001	84,3	21,6	5,4	6,1	51,0	0,2
	2002	84,3	21,0	6,7	5,3	50,8	0,6
Ourense	2001	81,8	14,7	8,1	1,7	56,7	0,6
	2002	77,2	12,6	10,1	0,6	52,8	1,1
Pontevedra	2001	214,5	31,4	16,1	1,1	165,3	0,5
	2002	222,7	31,0	16,2	1,3	173,7	0,6
Galicia	2001	643,0	107,6	48,9	13,9	470,4	2,2
	2002	655,6	106,6	50,5	10,9	484,9	2,7

C) Mulleres		Total	Empresarios sen asalariados	Empresarios con asalariados	Axudas familiares	Asalariados	Outros ⁽¹⁾
A Coruña	2001	167,2	30,4	5,0	8,8	123,0	—
	2002	173,7	29,5	5,9	9,5	128,4	0,6
Lugo	2001	60,2	14,7	1,7	10,4	33,3	—
	2002	58,6	12,5	2,8	9,1	33,4	0,7
Ourense	2001	53,4	11,6	1,1	3,1	37,5	0,1
	2002	57,0	11,3	2,3	2,0	41,0	0,4
Pontevedra	2001	146,3	27,8	3,4	4,4	109,7	1,0
	2002	142,9	26,0	5,1	3,1	107,8	0,8
Galicia	2001	427,1	84,5	11,2	26,7	303,6	1,1
	2002	432,2	79,3	16,1	23,7	310,6	2,5

Datos en miles do 4º trimestre. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002

(1) En outros inclúense os membros de cooperativas

Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

O cadro 3.25 recolle o reparto por sectores económicos da poboación asalariada no cuarto trimestre do último bienio para o total galego e para cada unha das provincias. Pode verse que subiron os asalariados en Galicia no ano 2002 en tódolos sectores agás na pesca (sector que afonda na diminución de emprego do bienio anterior) e na construción.

Por provincias, no último ano creceron os asalariados nas dúas máis desenvolvidas (A Coruña e Pontevedra). As provincias menos desenvolvidas -Lugo e Ourense- teñen no último ano conxuntamente menos da cuarta parte (un 22,38%) da poboación asalariada de Galicia.

Evolución da poboación ocupada asalariada. Por sectores económicos e provincias. Galicia. 2001-2002

■ Cadro 3.25

		Total	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servicios
A Coruña	2001	320,3	1,7	5,7	76,8	52,8	183,3
	2002	336,0	2,8	5,4	78,0	48,2	201,7
Lugo	2001	84,3	3,9	2,3	14,5	12,2	51,5
	2002	84,2	3,2	0,8	15,9	10,9	53,4
Ourense	2001	94,2	3,1	—	23,4	14,0	53,8
	2002	93,8	2,9	—	21,8	10,5	58,6
Pontevedra	2001	275,1	2,0	8,8	75,4	31,7	157,2
	2002	281,5	3,5	7,6	84,9	32,6	152,9
Galicia	2001	774,0	10,7	16,7	190,0	110,7	445,8
	2002	795,5	12,5	13,8	200,5	102,2	466,6

Datos en miles do 4º trimestre. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Para quen necesite afondar máis alá do reparto dos ocupados por grandes sectores económicos, presentamos no cadro 3.26 o desglose en vintedúas ramas de actividade económica para o último sexenio. A primeira posición nesta clasificación é para a construción e a segunda para o comercio.

Se queremos afondar no estudo da poboación asalariada galega unha das vías para facelo é ó través da análise do tipo de contrato, para coñece-lo peso da contratación temporal e da indefinida tanto para o total dos asalariados como para cada un dos sexos. No cadro 3.27 presentámo-los datos do último bienio -con desglose por trimestres en 2002- adaptados á nova metodoloxía.

No ano 2002 subiu en Galicia a contratación indefinida (2,26%), aunque cun ritmo que foi inferior ó crecemento medio estatal (4%). Pola súa parte, a contratación temporal subiu tamén e fíxoo nunha porcentaxe maior que a indefinida (un 3,73%) nun ano en que baixou lixeiramente (un 0,5%) o conxunto estatal.

A comparanza por sexos e tipos de contrato (temporais ou indefinidos) do cuarto trimestre do 2002 có mesmo período do ano anterior, sobrancea que subiron ámbolos dous tanto nas mulleres coma nos homes. A suba relativa tivo especial intensidade nas mulleres na modalidade de contratación temporal (suba do 4,5%).

■ Cadro 3.26


**Evolución da poboación ocupada. Por ramas de actividade económica.
Galicia. 1997-2002**

		1997	1998	1999	2000	2001	2002
1	Agricultura, gandería, caza e silvicultura	155,3	149,2	132,6	138,6	114,0	111,8
2	Pesca e piscicultura	30,5	28,9	36,9	35,6	28,8	27,3
3	Industrias extractivas	8,0	6,0	7,7	7,9	9,2	9,2
4	Producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	5,5	5,7	4,1	5,5	4,8	4,5
5	Coquerías, fabricación de produtos químicos e produción de metais	15,3	15,9	16,0	19,4	15,9	16,9
6	Fabricación de produtos metálicos. Construc. de máquinas e material mecánico	13,3	15,9	16,5	17,7	17,6	23,0
7	Fabricación de material de transporte	27,9	34,5	33,7	32,8	38,3	46,3
8	Industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	27,7	29,0	28,2	30,1	34,2	39,5
9	Industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións téxtis	23,3	21,7	21,4	22,9	30,0	31,4
10	Industrias da madeira e cortiza	14,3	18,9	15,2	14,4	16,4	21,6
11	Industrias do papel, artes gráficas e edición e reproduc. de soportes gravados	4,2	4,4	5,5	9,5	8,3	5,8
12	Outras industrias manufactureiras	12,7	15,5	19,8	20,4	17,4	22,1
13	Construcción	101,3	98,5	110,8	116,8	126,7	131,8
14	Comercio por xunto e polo miúdo	112,5	114,2	122,7	127,9	121,0	134,3
15	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor. Gasolineiras	24,9	24,2	24,0	28,4	24,6	26,0
16	Hoteis, restaurantes e bares	46,5	47,0	44,1	50,0	45,5	61,6
17	Transportes e actividades anexas. Comunicacions	50,0	45,3	45,9	44,9	47,8	50,6
18	Institucións financeiras e de seguros	17,2	20,1	19,9	16,8	17,7	19,7
19	Educación	47,9	49,4	49,2	46,1	51,9	57,1
20	Sanidade	39,4	42,3	45,4	46,3	50,8	58,6
21	Administracións públicas, Defensa e Seguridade Social	42,9	50,8	52,8	55,4	53,4	69,3
22	Outros servizos	85,0	87,0	100,3	100,0	110,8	119,5
	Total	905,6	924,4	952,7	987,4	985,1	1.087,9

Datos en miles do 4º trimestre

Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Principais ramas de actividade en relación coa poboación ocupada en Galicia. 2002




Evolución da poboación ocupada asalariada. Por sexos e tipos de contrato. Galicia. 2001-2002. Por trimestres.

■ Cadro 3.27

	2001	2002			
	4º trim.	1º trim.	2º trim.	3º trim.	4º trim.
Ámbolos dous sexos					
Contrato indefinido	503,4	504,6	504,7	511,5	514,8
Contrato temporal	270,6	252,3	265,4	289,1	280,7
Non clasificables	—	—	—	—	—
Total	774,0	756,9	770,1	800,6	795,5
Homes					
Contrato indefinido	313,8	314,5	316,2	326,4	323,3
Contrato temporal	156,6	147,0	154,4	163,4	161,6
Non clasificables	—	—	—	—	—
Subtotal	470,4	461,5	470,6	489,7	484,9
Mulleres					
Contrato indefinido	189,5	190,1	188,5	185,2	191,5
Contrato temporal	114,0	105,3	110,9	125,7	119,1
Non clasificables	—	—	—	—	—
Subtotal	303,6	295,5	299,4	310,9	310,6

Datos en miles do cuarto trimestre de cada ano. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"



Os contratos temporais no cuarto trimestre do ano 2002 seguen a representar máis dun tercio da poboación asalariada galega (35,29%), no mesmo nivel do ano anterior. A taxa de temporalidade dos homes (33,33%) é inferior en cinco puntos á das mulleres (38,35%).

A comparanza da evolución no ano 2002 da taxa de temporalidade galega e a estatal amosa que a estabilización da primeira e a diminución da segunda (nun punto) fai que se abra máis o diferencial no que a proporción dos contratos temporais de Galicia superaba no pasado ano á estatal. A taxa de temporalidade de Galicia do

ano 2002 (35,29%) queda situada 3,5 puntos por riba da estatal (31,70%) e ó redor dun 150% por riba da media da Unión Europea, polo que segue a ser unha nidia diverxencia da nosa estrutura do emprego en relación coa súa. A diminución da contratación temporal a taxas máis homologables coas dos nosos socios da UE segue a ser unha "converxencia" irrenunciable pero aínda pendente.

O desglose dos ocupados por tipo de xornada (a tempo completo ou parcial) para cada un dos sectores económicos e sexos no último bienio vese no cadro 3.28. Destaca que no último ano a poboación ocupada galega a tempo completo presentou unha suba de 12.500 persoas (1,26%) e a ocupada a tempo parcial creceu en 5.300 persoas (6,9%). No conxunto estatal subiu no ano 2002 un 2,5% o emprego a tempo completo, e un 3,2% a contratación a tempo parcial. No tocante á poboación ocupada a tempo parcial, segue por baixo da porcentaxe estatal de ocupados a tempo parcial, que á súa vez é menor que a da UE.

**Evolución da poboación ocupada.
Por sexo, tipo de xornada e sector de actividade.
Galicia. 2001-2002**

■ Cadro 3.28

	2001	2002			
	4º trim.	1º trim.	2º trim.	3º trim.	4º trim.
A tempo completo					
Agricultura e Pesca	135,5	127,9	127,7	128,4	127,5
Industria	207,5	208,2	211,1	218,3	215,0
Construcción	138,5	133,7	134,6	131,1	130,1
Servicios	511,7	498,8	513,0	530,5	533,2
Total	993,2	968,6	986,5	1008,4	1005,7
A tempo parcial					
Agricultura e Pesca	10,8	11,5	9,8	8,0	11,6
Industria	4,4	4,3	5,1	4,9	5,3
Construcción	1,2	0,9	0,3	1,1	1,7
Servicios	60,4	66,4	63,5	61,6	63,4
Total	76,8	83,1	78,8	75,6	82,1

Datos en miles do 4º trimestre. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Pese á súa menor participación no mercado de traballo, hai algo máis do triple de mulleres que de homes traballando a tempo parcial en Galicia no último trimestre do ano 2002. Se calculámo-la porcentaxe por sexos desa ocupación a tempo parcial, vemos que o das mulleres case quintuplica ó dos homes: os ocupados que traballan a tempo parcial son un 2,99%, mentres que as ocupadas cun traballo a tempo parcial ascenden ó 14,46%.

3.4. O paro estimado

Unha vez rematado o estudio da poboación ocupada, comezamos o estudio do outro compoñente da poboación activa -a poboación parada- ó través dos datos que proporcionan as "Enquisas de Poboación Activa" elaboradas polo INE.

Seguindo o esquema utilizado nos epígrafes anteriores, analizaremos primeiramente as cifras de paro das distintas comunidades autónomas e a taxa de paro. Posteriormente centrarémonos na análise da distribución do paro por sexos, sectores económicos, provincias, idades e tempo de busca de emprego.

3.4.1. Poboación parada e taxa de paro

O cadro 3.29 recolle a poboación desempregada nas distintas comunidades autónomas no último bienio (con datos de 2001 da nova e máis da vella metodoloxía da EPA). O desemprego subiu no ano 2002 en tódalas comunidades agás Madrid, País Vasco e Ceuta-Melilla; o maior crecemento absoluto deuse en Andalucía, C.Valenciana e Cataluña (seguidas de Extremadura e Galicia), mentres que en termos relativos foi especialmente forte a suba en Baleares (75,9%) e Asturias (56,1%).

En tódalas comunidades autónomas nas que subiu o desemprego, foi debido ó forte crecemento da poboación activa, xa que en todas elas aumentou tamén o emprego.

■ Cadro 3.29

Evolución da poboación parada. Por comunidades autónomas. 2001-2002⁽¹⁾

	Valores absolutos (miles)			Distribución porcentual			Variacións anuais			
	2001	2001	2002	2001	2001	2002	2001	2002	%	
									2001	2002
Andalucía	691,8	585,2	632,6	29,4	30,9	29,9	2,6	47,4	0,4	8,1
Aragón	38,7	23,5	32,3	1,6	1,2	1,5	2,4	8,8	6,6	37,4
Asturias	56,7	26,9	42,0	2,4	1,4	2,0	-13,3	15,1	-19,0	56,1
Baleares	21,7	18,7	32,9	0,9	1,0	1,6	-5,7	14,2	-20,8	75,9
Canarias	105,6	88,0	95,0	4,5	4,7	4,5	12,2	7,0	13,1	8,0
Cantabria	29,5	20,6	25,1	1,3	1,1	1,2	-2,2	4,5	-6,9	21,8
C. A Mancha	86,6	62,2	70,3	3,7	3,3	3,3	-3,2	8,1	-3,6	13,0
C. León	132,3	104,6	104,7	5,6	5,5	4,9	-5,6	0,1	-4,1	0,1
Cataluña	272,7	262,7	295,9	11,6	13,9	14,0	13,6	33,2	5,2	12,6
C. Valenciana	198,9	173,6	208,0	8,4	9,2	9,8	-16,5	34,4	-7,7	19,8
Extremadura	100,8	58,2	85,2	4,3	3,1	4,0	-8,0	27,0	-7,4	46,4
Galicia	162,6	126,3	147,9	6,9	6,7	7,0	-13,8	21,6	-7,8	17,1
Madrid	252,4	174,9	173,1	10,7	9,2	8,2	-26,1	-1,8	-9,4	-1,0
Murcia	64,6	54,6	59,2	2,7	2,9	2,8	1,7	4,6	2,7	8,4
Navarra	15,4	11,1	13,2	0,7	0,6	0,6	1,1	2,1	7,7	18,9
País Vasco	103,6	92,9	91,6	4,4	4,9	4,3	-12,4	-1,3	-10,7	-1,4
A Ríoxa	9,0	5,5	7,2	0,4	0,3	0,3	0,3	1,7	3,4	30,9
Ceuta e Melilla	11,9	2,4	2,1	0,5	0,1	0,1	-0,7	-0,3	-5,6	-12,5
España	2.354,8	1.891,9	2.118,3	100	100,0	100	-73,6	226,4	-3,0	12,0

(1) Os datos correspóndense coas series históricas do 4º trimestre revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2002 (os referidos a 2001 obtivéronse sen aplicar e aplicando a nova definición de paro, datos sen negra e con negra, respectivamente).

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Coyuntura Laboral nº 64.

A taxa de paro, como é ben sabido, é a porcentaxe de parados sobre da poboación activa. No cadro 3.30 e máis no primeiro dos gráficos pódese ver a súa evolución para Galicia e España na última década. No ano 2002 quedou medio punto por riba en Galicia que en España; a taxa galega de paro estimado queda por riba da estatal por cuarto ano desde que se elabora a EPA.


■ Cadro 3.30

**Evolución das taxas de paro. Global e por sexos.
Galicia/España. 1993-2002**


	Galicia											España										
	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002		
Total	18,8	18,9	18,0	19,1	17,4	17,0	16,1	14,2	13,2	12,0	23,9	23,9	22,8	21,8	20,3	18,2	15,4	13,6	13,0	11,5		
Homes	16,5	15,8	14,7	15,4	13,6	12,4	11,1	10,2	9,8	8,0	20,0	19,2	18,1	17,2	15,4	13,1	10,8	9,5	9,1	8,3		
Mulleres	22,1	23,4	22,7	24,4	22,7	23,4	22,8	19,7	17,8	17,4	30,5	31,7	30,2	29,1	28,0	26,0	22,4	19,8	18,7	16,2		

Elaboración propia
Datos do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

Evolución da taxa de paro global



Evolución da taxa de paro por sexos en Galicia



A visión a longo prazo reflicte que desde 1993 baixou en Galicia 6,8 puntos (un 36,17%) e en España en 12,4 puntos (un 51,88%). Cómpre non esquecer que o cambio de metodoloxía da EPA supuxo un descenso da taxa de paro de 3 puntos en Galicia e 2,6 puntos no conxunto do Estado (como xa vimos no epígrafe 3.1).

Tampouco debemos perder de vista que nos últimos anos subiu a emigración galega (especialmente cara outras comunidades autónomas, como Canarias ou Baleares), válvula de escape que certamente impediu o aumento do paro en Galicia pero co importante custo humano (tan experimentado ó longo da nosa historia)

que supón abandona-la propia terra. A taxa media de paro da UE está no 7,6% no ano 2002, polo que a nosa taxa de desemprego supéraa nun 58% e supón unha "diverxencia" real da nosa estrutura económico-social que cómpre reducir no posible para achegarnos ó nivel medio de benestar medio dos nosos socios na UE.

A importancia obxectiva do desemprego en Galicia, que a EPA constata, é avaliada tamén subxectivamente como algo moi importante pola cidadanía galega. Así, na enquisa de outono de 2002 de Sondaxe, o desemprego e a precariedade laboral ocupan o primeiro posto nas preocupacións básicas da sociedade galega para a maioría das persoas entrevistadas (50,8%), por riba da suma do conxunto das outras 16 preocupacións e a moita distancia das que a seguen (a segunda foi a situación económica -introducción do euro, prezos, impostos- cun 11% e a terceira a sanidade e os servizos sociais, cun 7,1%).

O desglose por sexos da taxa de paro de Galicia permite observar (nese mesmo cadro e máis no segundo gráfico) que a taxa feminina é máis do dobre que a masculina no último ano, no que baixou menos nas mulleres que nos homes, polo que se abriu o diferencial entre a taxa de paro das mulleres e a dos homes a 9,4 puntos.

Na comparanza das taxas de desemprego de Galicia e España por sexos, compróbase que no ano 2002 a taxa masculina de Galicia queda 0,3 puntos por baixo da estatal mentres que a feminina queda situada 1,2 puntos por riba. O diferencial entre as taxas masculina e feminina é nese ano maior en Galicia (9,4 puntos) que no conxunto do Estado (7,9 puntos).

Taxas de paro. Por comunidades autónomas. 2001-2002⁽¹⁾

■ Cadro 3.31

	Taxas de paro			Variacións anuais (en puntos porcentuais)	
	2001	2001	2002	2001	2002
Andalucía	22,0	19,3	20,2	-0,8	0,9
Aragón	7,6	4,7	6,3	0,4	1,6
Asturias	13,4	6,8	10,0	-3,1	3,2
Baleares	5,7	4,9	8,1	-1,6	3,2
Canarias	12,7	10,8	11,3	0,8	0,5
Cantabria	12,3	8,9	10,7	-1,7	1,8
C. A Mancha	12,0	8,9	9,7	-0,7	0,8
C. León	12,6	10,2	10,0	-0,6	-0,2
Cataluña	9,0	8,7	9,6	0,4	0,9
C. Valenciana	10,2	9,0	10,5	-1,1	1,5
Estremadura	22,0	14,0	19,0	-1,4	5,0
Galicia	13,2	10,6	12,0	-1,2	1,4
Madrid	9,9	7,1	6,9	-1,4	-0,2
Murcia	12,8	11,0	11,4	0,3	0,4
Navarra	6,1	4,5	5,2	0,4	0,7
País Vasco	10,5	9,5	9,3	-1,4	-0,2
A Ríoxa	7,5	4,7	6,1	0,0	1,4
Ceuta e Melilla	19,6	4,7	4,2	-2,0	-0,5
España	12,8	10,5	11,5	-0,7	0,9

(1) Os datos correspóndense coas series históricas do 4º trimestre revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2002 (os referidos a 2001 obtivéronse sen aplicar e aplicando a nova definición de paro, datos sen negra e con negra, respectivamente).

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Coyuntura Laboral nº 64.

No cadro 3.31 pódense ollar as taxas de paro das distintas comunidades autónomas no último bienio (con datos do 2001 da vella e da nova metodoloxía EPA). No último ano subiron as taxas de paro en quince (no ano anterior crecían en cinco); a suba en Galicia foi maior no último ano que no conxunto estatal. Por riba da taxa media de desemprego estatal están no ano 2002 só tres comunidades: Andalucía (20,2%), Extremadura (19%) e Galicia (12%), que ocupa por vez primeira un dos tres primeiros postos na clasificación das comunidades autónomas por maiores taxas de desemprego.

As menores taxas de paro téñenas no ano 2002 as cidades autónomas de Ceuta e Melilla (4,2% conxuntamente) e as comunidades autónomas de Navarra (5,2%) e A Rioxa (6,2%).

A aplicación da taxa de paro á poboación activa de cada un dos grupos de idade para os dous sexos presentámola para Galicia no cadro 3.32, con datos do ano 2001 revisados segundo a nova metodoloxía da EPA. Destacarémo-los seguintes aspectos relativos ó ano 2002:

■ Globalmente (e tamén para cada un dos sexos) aumentou a taxa de paro. Foi especialmente forte a suba nas mulleres e a taxa de paro masculina quedou tres décimas por baixo da media estatal (mentres que a feminina quedou 1,2 puntos por riba).

■ Subiu a taxa de paro global en tódolos grupos de idade agás no de 16 a 19 anos e no de 60 a 64 anos (por sexos, nas mulleres diminuíu en dous grupos de idade mentres que nos homes baixou en cinco grupos de idade).

■ Na análise diferenciada por sexos dentro de cada grupo concreto de idade, vese nese cadro que as taxas de paro son moito maiores nas mulleres en tódolos grupos de idade agás no grupo de 16 a 19 anos, en que é maior nos homes.

O cadro 3.33 presenta as taxas de paro -global e por sexos- das catro provincias galegas no último quinquenio. Cómpre que lembren os que realicen a súa análise que o cambiou metodolóxico da EPA en 2002 introduce un "salto" nas series que esixe gran coidado á hora de sacar conclusións na comparanza de datos cos anos anteriores. No ano 2002:

■ A provincia con maior proporción de ocupados no sector agro-pesqueiro (Lugo) é a que presenta, un ano máis, a taxa de paro máis baixa (pero desta volta seguida moi de preto pola provincia de Ourense).

■ Na comparanza coa taxa de paro española, globalmente están por riba dela dúas provincias (A Coruña e Pontevedra).

■ A taxa de paro masculina é maior que a media estatal (8,3%) nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

■ A taxa de paro feminino supera á estatal (16,2%) tamén nas dúas provincias máis desenvolvidas economicamente de Galicia.

■ Na análise por provincias, compróbase que a taxa de paro feminina é maior do dobre que a masculina en tres: A Coruña, Lugo e Pontevedra.

■ Por riba da taxa de paro global galega están as provincias de A Coruña e Pontevedra.

■ No tocante ó diferencial entre a taxa de paro dos homes e a das mulleres, acada o maior valor en Pontevedra (13,2 puntos, moi por riba dos 9,4 da media galega) e o menor en Ourense (3 puntos).

**Evolución das taxas de paro⁽¹⁾. Por sexos e grupos de idade.
Galicia. 2001-2002**

■ **Cadro 3.32**

	2001	2002
Ámbolos dous sexos		
Total	10,6	12,0
de 16 a 19 anos	30,8	21,2
de 20 a 24 anos	21,3	25,1
de 25 a 29 anos	15,9	17,6
de 30 a 34 anos	10,6	13,4
de 35 a 39 anos	8,8	9,4
de 40 a 44 anos	9,0	9,7
de 45 a 49 anos	5,4	7,6
de 50 a 54 anos	7,1	7,8
de 55 a 59 anos	4,2	6,8
de 60 a 64 anos	5,0	3,5
Homes		
Subtotal	7,6	8,0
de 16 a 19 anos	28,5	24,8
de 20 a 24 anos	15,1	17,0
de 25 a 29 anos	12,2	10,3
de 30 a 34 anos	5,5	7,9
de 35 a 39 anos	4,2	7,4
de 40 a 44 anos	6,6	6,5
de 45 a 49 anos	5,5	4,5
de 50 a 54 anos	4,5	3,8
de 55 a 59 anos	4,2	6,5
de 60 a 64 anos	7,5	3,4
Mulleres		
Subtotal	14,7	17,4
de 16 a 19 anos	35,0	12,5
de 20 a 24 anos	30,9	35,9
de 25 a 29 anos	20,2	25,9
de 30 a 34 anos	17,5	20,1
de 35 a 39 anos	15,1	12,1
de 40 a 44 anos	12,1	14,2
de 45 a 49 anos	5,3	12,0
de 50 a 54 anos	11,8	14,3
de 55 a 59 anos	4,3	7,1
de 60 a 64 anos	1,4	3,7

Datos do 4º trimestre. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002

(1) Porcentaxe de parados respecto da poboación activa de cada grupo de idade

Fonte: IGE (EPA en Galicia)

**Evolución das taxas de paro. Por sexos e provincias.
Galicia. 1998-2002**

■ **Cadro 3.33**

	Total					Homes					Mulleres				
	1998	1999	2000	2001	2002	1998	1999	2000	2001	2002	1998	1999	2000	2001	2002
A Coruña	15,9	14,8	13,8	13,6	12,5	12,8	10,7	10,5	10,8	8,8	20,5	20,5	18,5	17,6	17,8
Lugo	13,4	13,2	11,0	10,4	8,1	9,8	8,7	8,0	8,4	5,1	18,4	19,6	14,9	13,1	12,0
Ourense	20,9	19,5	15,4	12,3	8,2	17,1	14,4	9,2	8,2	7,0	25,8	26,0	23,4	17,8	10,0
Pontevedra	18,3	17,6	15,6	14,2	14,0	11,2	11,5	11,1	9,7	8,4	27,4	25,6	21,6	19,8	21,6

Datos do 4º trimestre

Fonte: INE (EPA)

Para quen desexa afondar na análise da taxa de paro, presentamos os cadros 3.34, 3.35 e 3.36. O primeiro proporciona as taxas de paro -global e por sexos- por nivel de estudos terminados no último bienio; apreciase que a menor en 2002 globalmente é nos estudos primarios e a maior no da segunda etapa do ensino secundario (moi especialmente nas mulleres neste último caso, pois a súa taxa de paro é case o dobre que a dos homes dese mesmo nivel de estudos).

O cadro 3.35 reflicte a evolución das taxas de paro por sectores económicos en Galicia e en cada unha das provincias no último bienio, con datos do ano 2001 revisados segundo a nova metodoloxía - EPA. Sobrancearemos a nivel galego nos datos do último trimestre de 2002:

■ **Cadro 3.34**

**Evolución das taxas de paro. Por sexo e nivel de estudos terminados.
Galicia. 2001-2002**

		Analfabetos	Estudios primarios	Educ. secund. 1ª etapa ⁽¹⁾	Educ. secund. 2ª etapa ⁽²⁾	Educ. superior ⁽³⁾	Total
Total	2001	—	7,4	11,0	13,4	11,8	10,6
	2002	—	7,0	12,8	14,8	13,6	12,0
Homes	2001	—	6,0	8,9	7,7	7,8	7,6
	2002	—	6,1	8,5	10,3	7,5	8,0
Mulleres	2001	—	9,7	15,0	19,7	15,9	14,7
	2002	—	8,3	20,6	20,2	19,8	17,4

(1) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente

(2) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente con ou sen título de estudos secundarios de 2ª etapa.

(3) Inclúe as ensinanzas de grao superior, as ensinanzas universitarias de primeiro, segundo e terceiro ciclo e os estudos oficiais de especialización profesional

Datos do 4º trimestre. En miles. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002

Fonte: IGE. "EPA en Galicia"


**Evolución das taxas de paro. Por sectores económicos e provincias.
Galicia. 2001-2002. Por trimestres.**

■ Cadro 3.35

	2001	2002			
	4º trim.	1º trim.	2º trim.	3º trim.	4º trim.
A Coruña					
Agricultura	1,1	1,2	2,3	2,3	3,3
Pesca	9,1	6,2	2,7	5,9	5,6
Industria	4,2	7,9	5,1	9,1	7,0
Construcción	7,1	10,5	7,3	9,4	8,3
Servicios	7,1	10,7	8,9	8,0	8,5
Total	10,6	14,5	11,9	12,4	12,5
Lugo					
Agricultura	1,2	2,0	1,3	0,8	1,3
Pesca	—	13,3	21,7	9,1	15,7
Industria	9,9	7,7	6,0	5,8	3,8
Construcción	2,4	6,7	5,8	4,4	6,0
Servicios	7,2	7,5	9,2	7,5	7,1
Total	8,2	9,7	10,4	8,4	8,1
Ourense					
Agricultura	1,2	4,2	9,6	—	5,6
Pesca	—	—	—	—	—
Industria	4,4	5,6	4,0	3,9	4,2
Construcción	6,1	6,4	9,1	2,6	4,3
Servicios	5,9	6,8	4,4	4,3	5,3
Total	7,8	10,3	8,6	7,0	8,2
Pontevedra					
Agricultura	3,1	3,2	1,0	2,0	6,9
Pesca	5,7	3,1	—	1,8	2,6
Industria	8,3	10,6	8,1	7,1	9,0
Construcción	8,1	9,8	8,2	3,7	7,9
Servicios	9,3	11,6	9,8	10,7	10,8
Total	12,4	14,6	13,6	12,7	14,0
Galicia					
Agricultura	1,6	2,3	2,7	1,4	3,7
Pesca	6,6	4,9	2,7	3,8	4,4
Industria	6,4	8,7	6,3	7,4	7,3
Construcción	6,8	9,3	7,6	6,3	7,5
Servicios	7,7	10,1	8,6	8,4	8,7
Total	10,6	13,4	11,9	11,4	12,0

Datos en miles do cuarto trimestre de cada ano. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Taxas de paro por sectores. Galicia. 2002



■ A menor taxa de paro é a da agricultura (aunque subiu moito no último ano) e da pesca (que baixou de forma importante).

■ Por sectores productivos, a taxa de paro maior en 2002 é a dos servizos, de novo.

■ Na análise cruzada de sectores económicos e provincias, a maior taxa de desemprego en 2002 é a da pesca en Lugo (15,7%) e a menor taxa de desemprego é a da agricultura nesa mesma provincia (1,3%).

O cadro 3.36 recolle as taxas de paro -globais e por sexos- por grupos de idade e sectores económicos do último bienio, para facilitarlle ós lectores interesados a análise máis polo miúdo do desemprego galego con datos revisados segundo a nova metodoloxía da EPA.

Evolución das taxas de paro ⁽¹⁾. Por sexos, sectores económicos e grupos de idade. Galicia. 2001-2002

■ Cadro 3.36

Ámbolos dous sexos	de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos	Subtotal
Agricultura e Pesca					
2001	35,9	8,7	3,5	—	2,8
2002	11,8	23,2	3,4	2,3	3,8
Industria					
2001	4,8	9,3	6,5	2,3	6,4
2002	6,5	8,9	7,7	2,0	7,3
Construcción					
2001	18,0	11,4	6,0	4,5	6,8
2002	7,3	9,8	7,8	2,6	7,5
Servizos					
2001	16,9	17,7	7,2	3,1	7,7
2002	18,3	20,3	8,3	3,2	8,7
Total sectores					
2001	30,8	21,3	9,9	4,2	10,6
2002	21,2	25,1	11,4	5,1	12,0

Homes	de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos	Subtotal
Agricultura e Pesca					
2001					4,3
2002					5,1
Industria					
2001	6,3	8,1	4,7	1,7	4,8
2002	10,2	6,3	3,9	2,4	4,2
Construcción					
2001	18,0	11,9	6,2	4,8	7,0
2002	7,3	10,0	7,7	2,7	7,4
Servizos					
2001	7,3	10,7	4,4	4,1	4,9
2002	30,5	18,3	5,8	2,6	6,5
Total sectores					
2001	28,5	15,1	6,5	5,1	7,6
2002	24,8	17,0	7,0	4,9	8,0

Mulleres		de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos	Subtotal
Agricultura e Pesca	2001					0,9
	2002	—	—	—	—	2,3
Industria	2001	—	11,9	10,1	4,7	9,8
	2002	—	14,7	15,3	—	14,0
Construcción	2001					2,5
	2002	—	—	—	—	8,6
Servicios	2001	23,6	23,4	9,8	1,9	10,4
	2002	4,3	21,7	10,6	4,1	10,9
Total sectores	2001	35,0	30,9	14,5	2,8	14,7
	2002	12,5	35,9	17,2	5,4	17,4

Datos do 4º trimestre. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002
Fonte: IGE (EPA en Galicia)

3.4.2. Distribución do paro por sectores económicos, sexos, tempo de busca de emprego, idades e provincias

A análise da distribución do paro estimado galego por sexos, grupos de idade e provincias no último bienio pode facerse a partir do cadro 3.37 con datos de 2001 adaptados á nova metodoloxía da EPA. Pódese apreciar que en 2002 hai máis desempregadas que desempregados nas catro provincias galegas (con especial diferenza en Pontevedra, na que as mulleres case son o dobre que os homes), e que é especialmente alta a contía das desempregadas no grupo de idade de 25 a 54 anos nas provincias de A Coruña e máis Pontevedra (pois concentran 59.600 mulleres en paro, dúas de cada tres desempregadas do total galego calquera que sexa a súa idade).

Evolución da poboación parada ⁽¹⁾. Por sexos, grupos de idade e provincia Galicia. 2001-2002

■ Cadro 3.37

Ámbolos dous sexos		de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos	Subtotal
A Coruña	2001	2,3	9,6	34,6	4,3	50,8
	2002	1,2	11,5	45,1	5,8	63,7
Lugo	2001	0,8	1,5	9,9	7,0	12,9
	2002	0,1	1,6	10,1	0,8	12,5
Ourense	2001	0,5	1,6	9,0	0,3	11,4
	2002	0,5	2,5	8,7	0,4	12,0
Pontevedra	2001	3,0	9,9	37,1	1,2	51,2
	2002	3,1	11,0	44,6	1,0	59,7
Galicia	2001	6,6	22,6	90,6	6,5	126,3
	2002	4,9	26,6	108,5	7,9	147,9

Homes		de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos	Subtotal
A Coruña	2001	1,5	4,4	14,0	3,4	23,3
	2002	0,9	5,2	16,6	3,4	26,2
Lugo	2001	0,5	0,7	4,4	0,3	5,9
	2002	0,1	0,6	3,5	0,4	4,6
Ourense	2001	0,2	0,6	3,7	—	4,5
	2002	0,5	0,7	4,2	0,4	5,8
Pontevedra	2001	1,8	4,0	12,4	0,8	19,0
	2002	2,6	3,7	13,5	0,5	20,3
Galicia	2001	4,0	9,7	34,4	4,6	52,7
	2002	4,1	10,3	37,8	4,7	56,8

Mulleres		de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos	Subtotal
A Coruña	2001	0,8	5,2	20,7	0,9	27,5
	2002	0,3	6,3	28,5	2,4	37,5
Lugo	2001	0,3	0,8	5,5	0,3	6,9
	2002	—	1,0	6,6	0,4	8,0
Ourense	2001	0,3	1,0	5,3	0,3	6,9
	2002	—	1,8	4,5	—	6,2
Pontevedra	2001	1,2	5,9	24,7	0,3	32,2
	2002	0,5	7,3	31,1	0,5	39,4
Galicia	2001	2,6	12,9	56,2	1,8	73,5
	2002	0,8	16,3	70,6	3,3	91,1

Datos en miles do 4º trimestre. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002
Fonte: IGE (EPA en Galicia)

No cadro 3.38 presentámo-las taxas de desemprego do último bienio desagregadas por sexos e grupos de idade. Subliñaremos que:

■ As mulleres teñen taxas maiores que en homes (e tamén maiores que no ano 2001) nos dous anos analizados. Centrándonos no 2002, esas taxas son maiores que o ano anterior en tódalas provincias agás na de Ourense, son especialmente altas nas de Pontevedra (21,6%) e A Coruña (17,7%) e tanto nestas dúas provincias como na de Lugo a taxa de paro feminino é máis do dobre que a masculina.

■ O grupo de idade de maior taxa de desemprego é o dos 16 a 19 anos de Pontevedra (cun 31,9%).

■ Na análise cruzada por sexos e grupos de idade, as maiores taxas de desemprego téñena os homes de 16 a 19 anos de Pontevedra (39,8%) e as mulleres de 20 a 24 anos de Ourense (39,4%).

**Evolución das taxas de paro⁽¹⁾. Por sexo, provincias e grupos de idade.
Galicia. 2001-2002**

■ **Cadro 3.38**

Ámbolos dous sexos		De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 54 anos	De 55 e máis anos	Total
A Coruña	2001	23,0	21,3	9,6	6,5	10,6
	2002	13,5	25,3	11,6	8,8	12,5
Lugo	2001	43,9	15,5	8,1	2,8	8,2
	2002	4,9	15,8	8,5	3,0	8,1
Ourense	2001	38,8	16,7	7,7	1,6	7,8
	2002	24,3	23,5	7,5	2,1	8,2
Pontevedra	2001	35,9	23,9	11,8	2,6	12,4
	2002	31,9	27,6	13,5	2,1	14,0
Galicia	2001	30,8	21,3	9,9	4,2	10,6
	2002	21,2	25,1	11,4	5,1	12,0

Homes		De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 54 anos	De 55 e máis anos	Total
A Coruña	2001	22,6	16,1	6,6	8,5	8,1
	2002	14,7	18,3	7,5	8,3	8,8
Lugo	2001	34,7	10,6	6,3	2,8	6,6
	2002	5,3	8,7	5,3	2,6	5,1
Ourense	2001	27,9	9,1	5,5	—	5,2
	2002	28,4	11,6	6,5	3,8	7,0
Pontevedra	2001	34,6	17,1	7,0	3,2	8,1
	2002	39,8	20,0	7,1	1,6	8,4
Galicia	2001	28,5	15,1	6,5	5,1	7,6
	2002	24,8	17,0	7,0	4,9	8,0

Mulleres		De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 54 anos	De 55 e máis anos	Total
A Coruña	2001	23,7	29,1	14,0	3,3	14,1
	2002	11,0	37,3	17,1	9,6	17,7
Lugo	2001	71,7	27,0	10,5	2,8	10,3
	2002	—	34,0	12,5	3,7	12,0
Ourense	2001	56,2	34,6	10,7	4,2	11,5
	2002	—	39,4	8,9	—	9,9
Pontevedra	2001	37,9	32,7	18,0	1,7	18,0
	2002	15,8	34,2	22,2	2,9	21,6
Galicia	2001	35,0	30,9	14,5	2,8	14,7
	2002	12,5	35,9	17,2	5,4	17,4

Datos en miles do 4º trimestre. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002
Fonte: IGE (EPA en Galicia)

(1) Os desempregados que perderon o último traballo hai 3 anos ou máis

O cadro 3.39 presenta a evolución no último bienio da poboación desempregada de Galicia cun maior nivel de desglose que o dos sectores económicos: por ramas de actividade económica. Despois das persoas que buscan o seu primeiro emprego e das que perderon o seu último emprego hai polo menos tres anos, destacan por esta orde polo elevado desemprego no ano 2002: comercio, outros servizos e construción (estas tres ramas son as únicas que superan o nivel das 10.000 persoas desempregadas).

■ Cadro 3.39

**Evolución da poboación parada. Por ramas de actividade económica.
Galicia. 2001-2002**

		2001	2002
1	Agricultura, gandería, caza e silvicultura	1,9	4,3
2	Pesca e piscicultura	2,3	1,3
3	Industrias extractivas	0,6	0,8
4	Producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	0,1	—
5	Coquerías, fabricación de produtos químicos e produción de metais	0,6	0,8
6	Fabricación de produtos metálicos. Construción de máquinas e material mecánico	0,6	1,4
7	Fabricación de material de transporte	3,9	2,1
8	Industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	3,4	5,5
9	Industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións téxtis	2,8	3,1
10	Industrias da madeira e cortiza	0,5	0,9
11	Industrias do papel, artes gráficas e edición e reprodución de soportes gravados	1,1	1,4
12	Outras industrias manufactureiras	0,9	1,3
13	Construción	10,1	10,7
14	Comercio por xunto e polo miúdo	9,8	14,3
15	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor. Gasolineiras	0,7	0,9
16	Hoteis, restaurantes e bares	10,0	8,4
17	Transportes e actividades anexas. Comunicacóns	3,0	4,5
18	Institucións financeiras e de seguros	0,2	1,9
19	Educación	3,0	2,7
20	Sanidade	4,4	6,9
21	Administracións públicas, Defensa e Seguridade Social	3,0	5,0
22	Outros servizos	13,8	12,6
	Non clasificables (1)	25,2	25,8
	Buscando 1º emprego	24,4	31,5
	Total	126,3	147,9

Datos en miles do 4º trimestre. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002

(1) Parados que deixaron o seu último emprego hai 3 anos ou máis

Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

A distribución da poboación parada segundo o sexo, sector económico e grupo de idade que figura para o último bienio no cadro 3.40 permite ás persoas interesadas nunha análise máis polo miúdo do desemprego en Galicia afondar no tema con datos do ano 2001 adaptados á nova metodoloxía da EPA.

Cadro 3.40
Evolución da poboación parada⁽¹⁾. Por sexo, sector económico e grupos de idade. Galicia. 2001-2002

Ámbolos dous sexos		de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos	Subtotal
Agricultura e Pesca	2001	0,2	0,5	3,4	—	4,2
	2002	0,3	1,1	3,1	1,0	5,5
Industria	2001	0,2	2,4	11,3	0,5	14,4
	2002	0,4	2,1	14,4	0,4	17,3
Construcción	2001	0,6	1,9	6,9	0,7	10,1
	2002	0,3	1,6	8,4	0,4	10,7
Servicios	2001	1,4	8,5	35,9	2,2	48,0
	2002	1,4	9,9	43,4	2,3	57,1
Buscando 1º emprego	2001	4,1	8,9	11,3	0,1	24,4
	2002	2,5	11,0	17,4	0,6	31,5
Non clasificables (1)	2001	—	0,3	21,9	3,0	25,2
	2002	—	0,8	21,7	3,3	25,8

Homes		de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos	Subtotal
Agricultura e Pesca	2001					3,6
	2002	—	—	—	—	4,0
Industria	2001	0,2	1,4	5,4	0,3	7,4
	2002	0,4	1,0	4,9	0,4	6,8
Construcción	2001	0,6	1,9	6,7	0,7	9,9
	2002	0,3	1,6	7,9	0,4	10,2
Servicios	2001	0,3	2,3	10,4	1,6	14,5
	2002	1,3	3,7	14,7	1,1	20,8
Buscando 1º emprego	2001	2,6	3,5	2,8	—	8,9
	2002	1,8	3,2	3,9	—	8,9
Non clasificables (1)	2001	—	0,3	6,1	2,0	8,5
	2002	—	0,1	4,3	1,8	6,2

Mulleres		de 16 a 19 anos	de 20 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos	Subtotal
Agricultura e Pesca	2001	—	—	—	—	0,6
	2002	—	—	—	—	1,5
Industria	2001	—	1,0	5,9	0,2	7,0
	2002	—	1,1	9,5	—	10,6
Construcción	2001	—	—	—	—	0,2
	2002	—	—	—	—	0,5
Servicios	2001	1,2	6,2	25,5	0,6	33,5
	2002	0,2	6,2	28,7	1,2	36,3
Buscando 1º emprego	2001	1,5	5,4	8,6	0,1	15,6
	2002	0,7	7,8	13,5	0,6	22,6
Non clasificables (1)	2001	—	—	15,7	1,0	16,7
	2002	—	0,6	17,4	1,5	19,6

Datos en miles do 4º trimestre. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002

(1) Parados que deixaron o seu último emprego hai 3 anos ou máis

Fonte: IGE (EPA en Galicia)

No cadro 3.4I recollémo-la distribución da poboación desempregada galega no último bienio segundo o tempo de busca no emprego, con datos corrixidos pola nova metodoloxía da EPA. Sobrancearemos no ano 2002 que:

■ Subiu o número de persoas desempregadas que levan máis de tres anos sen emprego (e tres de cada catro -74,7%- son mulleres).

■ Aumentaron en Galicia os desempregados que levan máis de dous anos buscando emprego (40.700 persoas). Representan máis da cuarta parte (27,5%) do total de persoas desempregadas, porcentaxe que supera en seis puntos ó estatal.

■ Baixaron en Galicia as persoas desempregadas que levan dun ano a dous buscando emprego e a súa participación na poboación total desempregada (14,3%) está 2,2 puntos por baixo da estatal.

■ En conxunto, o paro de longa duración (o que abrangue ás persoas desempregadas que levan cando menos un ano buscando emprego) quedou situado en Galicia no 41,8%, 3,7 puntos por riba da media estatal (aunque 6,4 puntos por baixo do rexistro galego do ano anterior). O paro de longa duración ten moito maior incidencia nas mulleres (48,2%) que nos homes (31,9%), cunha diferenza aínda maior que no termo medio estatal (42,7% e 32,1% respectivamente).

■ A poboación que leva desempregada menos dun ano aumentou fortemente no último ano (un 37,2%) e fíxoo con especial intensidade nas mulleres (43%).

Cadro 3.41
Evolución da poboación parada. Por sexo e tempo de busca de emprego. Galicia. 2001-2002

		Menos de 6 meses	De 6 a 11 meses	De 1 ano a menos de 2 anos	De 2 anos a menos de 3 anos	Tres anos ou máis	Xa atopou traballo	Total
Ámbolos sexos	2001	42,3	14,7	22,2	9,9	28,8	8,4	126,3
	2002	55,6	22,6	21,1	10,3	30,4	7,8	147,9
Homes	2001	20,2	6,6	8,9	3,3	9,5	4,3	52,7
	2002	27,1	7,9	5,5	4,8	7,8	3,8	56,8
Mulleres	2001	22,1	8,2	13,3	6,6	19,3	4,1	73,5
	2002	28,5	14,7	15,6	5,6	22,7	3,9	91,1

Datos en miles do 4º trimestre. Revisado segundo a metodoloxía EPA 2002
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Podemos facer un desglose entre os parados que buscan primeiro emprego e os que traballaron con anterioridade, analizando en cada un deles por grupos de idade e para cada un dos sexos: o resultado para o último trimestre do último bienio é o que figura no cadro 3.42. Sobrancearemos que aumentaron no ano 2002 tanto as persoas que buscan o seu primeiro emprego (repiten dato os homes mentres que soben un 45% as mulleres) como no colectivo das persoas desempregadas que traballaron anteriormente (no que crecen nos dous sexos, pero con especial intensidade nas mulleres).

Cadro 3.42
Evolución da poboación parada segundo que traballara antes ou non. Por sexo e idade. Galicia. 2001-2002

	Ámbolos dous sexos		Homes		Mulleres	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002
Parados que buscan o 1º emprego						
De 16 a 19 anos	4,1	2,5	2,6	1,8	1,5	0,7
De 20 a 24 anos	8,9	11	3,5	3,2	5,4	7,8
De 25 a 54 anos	11,3	17,4	2,8	3,9	8,6	13,5
de 55 e máis anos	0,1	0,6	—	—	0,1	0,6
Total	24,4	31,5	8,9	8,9	15,6	22,6
Parados que xa traballaron						
De 16 a 19 anos	2,5	2,4	1,3	2,3	1,2	0,2
De 20 a 24 anos	13,7	15,5	6,2	7,1	7,5	8,5
De 25 a 54 anos	79,3	91	31,7	33,9	47,6	57,1
de 55 e máis anos	6,4	7,4	4,6	4,7	1,7	2,7
Total	101,9	116,4	43,9	47,9	58,0	68,5

Datos en miles do 4º trimestre. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002
Fonte: IGE. "EPA en Galicia"

Rematámo-lo estudio do paro estimado coa presentación do cadro 3.43, no que recolleemos datos de Galicia por sexo e nivel de estudos terminados que permiten afondar máis neste tema ás persoas interesadas. A primeira etapa do ensino secundario é a que ten máis parados globalmente e nos homes, mentres que nas mulleres hai máis desempregadas no ensino superior.

■ Cadro 3.43

**Poboación parada⁽⁴⁾. Por sexo e nivel de estudos terminados.
Galicia. 2001-2002**

	2001	2002			
	IV Trim.	I Trim.	II Trim.	III Trim.	IV Trim.
Ámbolos dous sexos					
Analfabetos					
Estudios primarios	25,6	31,4	25,2	19,7	20,8
Educación secundaria. Primeira etapa ⁽¹⁾	39,0	50,2	47,1	44,4	49,0
Educación secundaria. Segunda etapa ⁽²⁾	26,3	39,7	34,9	32,0	34,6
Educación superior ⁽³⁾	35,4	41,6	36,3	42,6	43,6
Total	126,3	163,0	143,5	138,8	147,9
Homes					
Analfabetos				0,2	
Estudios primarios	12,5	20,0	12,9	11,2	10,6
Educación secundaria. Primeira etapa ⁽¹⁾	20,4	26,3	21,8	17,5	20,8
Educación secundaria. Segunda etapa ⁽²⁾	7,8	11,5	9,0	9,1	13,4
Educación superior ⁽³⁾	12,0	12,9	9,6	12,3	12,0
Total	52,7	70,7	53,3	50,3	56,8
Mulleres					
Analfabetos					
Estudios primarios	13,1	11,4	12,4	8,5	10,1
Educación secundaria. Primeira etapa ⁽¹⁾	18,6	23,9	25,2	26,8	28,2
Educación secundaria. Segunda etapa ⁽²⁾	18,4	28,2	26,0	22,9	21,2
Educación superior ⁽³⁾	23,5	28,7	26,7	30,3	31,6
Total	73,5	92,2	90,3	88,5	91,1

(1) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente

(2) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente con ou sen título de estudos secundarios de 2ª etapa

(3) Inclúe as ensinanzas de grao superior, as ensinanzas universitarias de primeiro, segundo e terceiro ciclos e os estudos oficiais de especialización profesional

(4) En millóns de persoas. Revisado segundo a metodoloxía EPA-2002

Fonte: INE

3.5. O paro rexistrado

O paro rexistrado é unha fonte alternativa á vista no apartado anterior (o paro estimado, proporcionado polo INE nas Enquisas de Poboación Activa). Os seus valores para a nosa comunidade autónoma obtéñense do rexistro que a tal efecto existe nas Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e no Instituto Social de la Marina, onde os parados se poden inscribir para solicitar servizos de intermediación laboral, formación, prestacións, etc. Os datos son introducidos no Sistema de Información do INEM, que realiza o tratamento estatístico para o conxunto do Estado.

Para explica-la diferenca entre os datos do paro estimado e os do paro rexistrado hai que ter en conta que o primeiro resulta dunha estimación estatística e o segundo dun rexistro, e neste último caso non tódolos colectivos teñen motivos para inscribirse (por exemplo por ter unha baixa expectativa de acceder ó traballo); ademais varios colectivos de desempregados non son computados polo INEM como parados, como por exemplo os estudantes de ensino oficial menores de 25 anos (ou ben os que superando esa idade sexan demandantes de primeiro emprego), demandantes de emprego por período inferior a tres meses, demandantes con xornada semanal menor de 20 horas ou traballadores eventuais agrarios beneficiarios do subsidio especial de desemprego. Na EPA, en cambio, considéranse paradas a tódalas persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego (ou xa atoparon traballo e están á espera de se incorporar).

Tendo en conta as moitas situacións que se inclúen na lexislación que regula cales son as demandas de emprego pendentes nas Oficinas de Emprego que non se consideran incluídas no concepto de paro rexistrado, e dado que os datos de paro homologables por Eurostat son os da EPA, non afondaremos no estudo do paro rexistrado tanto coma no do paro estimado.

O cambio de metodoloxía da EPA no ano 2002 non afecta, obviamente, ó paro rexistrado, pero si que ten a súa repercusión indirecta nas taxas de paro rexistrado, posto que supón un cambio na variable que se toma como denominador (a poboación activa) na fórmula de cálculo desas taxas. Dado que o INE estima que a nova metodoloxía supón unha suba da poboación activa (que para o cuarto trimestre de 2001 calculou en 61.100 persoas en Galicia e de 923.500 persoas no total español), conlevará unhas taxas de paro rexistrado en 2002 menores das que resultarían coa vella metodoloxía.

Poboación activa e paro rexistrado. Por comunidades autónomas. 2002.

■ Cadro 3.44

	Poboación activa	Paro rexistrado	Taxa de paro rexistrado
Andalucía	3.112.200	375.259	12,06
Aragón	504.800	35.986	7,13
Asturias	414.500	54.284	13,10
Baleares	427.400	36.756	8,60
Canarias	833.000	92.350	11,09
Cantabria	232.200	22.976	9,89
C. A Mancha	724.400	76.910	10,62
C. León	1.053.200	100.015	9,50
Cataluña	3.092.800	203.532	6,58
C. Valenciana	1.953.700	134.214	6,87
Extremadura	453.800	61.906	13,64
Galicia	1.222.800	151.015	12,35
Madrid	2.513.800	196.637	7,82
Murcia	511.800	36.292	7,09
Navarra	255.000	18.800	7,37
País Vasco	985.100	75.598	7,67
A Ríoxa	121.000	8.123	6,71
Ceuta e Melilla	51.400	7.415	14,43
España	18.462.900	1.688.068	9,14

Datos en miles. Decembro 2002.

Fonte: INEM. Resumen mensual de datos básicos.

O cadro 3.44 presenta, por comunidades autónomas, os datos de decembro de 2002 da poboación activa, paro rexistrado e taxa de paro rexistrado (que se calcula a partir dos dous anteriores). Sobrancearemos que a taxa de paro rexistrado de Galicia (12,35%) é moito maior que no termo medio estatal (9,14%). Teñen unha taxa de paro rexistrado superior á galega Ceuta-Melilla, Estremadura e Asturias; as comunidades con menores taxas de desemprego rexistrado son Cataluña, A Ríoxa e C.Valenciana.

O segundo contrato por orde de importancia foi o eventual por circunstancias da produción; rexistráronse 262.835 contratos (2001: 194.263), que representan o 38,17% do total (cadros 5.9 a 5.11). Porcentaxe a menos dun punto do correspondente ó que representa o contrato de obra ou servizo determinado. Trátase dun contrato de duración determinada cando as circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos así o requiran, aínda tratándose da actividade normal da empresa, cunha duración máxima de seis meses, dentro dun período de doce meses, contados a partires do momento en que se produzan ditas causas. Duración do período que pode variarse por convenio colectivo sectorial ata un máximo de 12 meses. Esta modalidade acadou novo auxo en 2002, realizáronse 68.572 contratos máis que no ano 2001 (o que supón case un 35,29% máis). Utilízase preponderantemente no sector servizos, onde o seu uso representa o 79,25% do total destes contratos rexistrados o pasado ano. Séguelle cun 14,05% a industria; un 5,71% na construción e tan só un 0,99% acada a súa utilización na agricultura. Concertáronse estes contratos nun 54% con homes e nun 46% de veces con mulleres. Os grupos de idade preferentemente obxecto de contratación foron os comprendidos entre menos de 25 a 39 anos (82%), e o de maiores de 40 anos representa un 18% no caso dos homes. Os mesmos valores para as mulleres


representan respectivamente para tales grupos de idade un 85% e un 15%. En canto á duración media (cadro 5.10) un 39,97% non supera o mes; outro, 30,53% non acada tres meses de vixencia; un 25,31% finaliza entre os tres e os seis meses; tan só un 4,19% supera os seis meses. O primeiro dato informa da escasísima duración temporal e o profuso emprego desta fórmula contractual. En tanto que o último dato indica o escaso uso que os convenios colectivos de sector dispuxeron da habilitación legal que permite a ampliación do período de referencia ata un máximo de 18 meses, e amplia-la duración ata un máximo das tres cuartas partes do período de referencia fixado, superando así a regulación xeral limitativa do máximo temporal deste tipo de contrato.

■ **Cadro 5.9** Contratos de eventuais por circunstancias da produción. Por sexo, idade, sectores económicos e provincias. Galicia. 2002


	Homes					Mulleres					Total	Agricultura	Industria	Construción	Servicios
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45					
A Coruña	18.939	12.974	13.569	4.485	6.138	20.919	13.624	11.264	3.165	4.195	109.272	989	10.586	5.549	92.148
Lugo	4.126	2.427	2.403	740	943	3.133	2.306	2.530	711	843	20.162	421	2.311	1.162	16.268
Ourense	2.916	1.989	2.006	645	826	2.563	2.076	2.107	788	711	16.627	148	3.238	1.089	12.152
Pontevedra	24.453	14.829	15.355	4.775	7.399	16.991	12.762	12.292	3.693	4.225	116.774	1.044	20.802	7.196	87.732
Galicia	50.434	32.219	33.333	10.645	15.306	43.606	30.768	28.193	8.357	9.974	262.835	2.602	36.937	14.996	208.300

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2001

Distribución por grupos de idade en ámbolos sexos



Distribución por sectores económicos



En canto á variable de xornada (completa o parcial) cando se establece con este contrato (cadro 5.11), a porcentaxe termo medio se prescindimos da variable sexo arroxa porcentaxes do 74,17% con xornada completa e un 25,83% con xornada parcial. Tales porcentaxes no caso de mulleres pasa a ser do 61,80% e 38,20%; en tanto que nas porcentaxes correlativos con homes polas mesmas xornadas son do 84,71% e 15,29%.

De novo, a contratación a tempo parcial introduce modificacións ou altera a xeral preponderancia masculina en tódolos contratos, como comentabamos.

**Contratos de eventuais por circunstancias da produción.
Por duración e provincias. Galicia. 2002**

■ Cadro 5.10

	Duración en meses				Total
	<= 1	> 1 a <= 3	> 3 a <= 6	> 6	
A Coruña	47.283	30.607	27.458	3.924	109.272
Lugo	7.096	6.131	5.934	1.001	20.162
Ourense	3.780	5.144	6.882	821	16.627
Pontevedra	46.873	38.370	26.262	5.269	116.774
Galicia	105.032	80.252	66.536	11.015	262.835

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados

■ Cadro 5.11

**Contratos eventuais por circunstancias da produción. Por sexo, tipo de xornada e provincias.
Galicia. Decembro 2002**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	56.105	9.576	46.529	53.167	23.130	30.037	109.272	32.706	76.566
Lugo	10.639	1.576	9.063	9.523	3.155	6.368	20.162	4.731	15.431
Ourense	8.382	1.382	7.000	8.245	2.806	5.439	16.627	4.188	12.439
Pontevedra	66.811	9.173	57.638	49.963	17.095	32.868	116.774	26.268	90.506
Galicia	141.937	21.707	120.230	120.898	46.186	74.712	262.835	67.893	194.942

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002



5.2.3. Contrato de interinidade

A cuarta modalidade obxecto da análise é a de interinidade. En 2002 concertáronse 61.098 (2001: 49.691) contratos desta modalidade (cadro 5.12). Representan un 8,87% do total destes contratos realizados en Galicia. Subscribíronse 11.407 máis contratos desta modalidade que en 2001, cun incremento dun 23%. Como é coñecido neste contrato prodúcese unha maior contratación feminina, representando as mulleres un 69%, en tanto que se subscribiron con homes nun 31%. O grupo de idade preferentemente contratado é o comprendido entre os 25 a 39 anos (56,02%), en segundo lugar, o grupo de idade de menores de 25 anos, cun 22,26% e por último cun 20,83% o grupo de idade de maiores de 40 anos. O sector da actividade que o emprega asiduamente é o de servizos, nun 95,25%. en industria un 3,26%, tan só un 1,18% en agricultura, e un 0,30% en construción. O escasísimo uso desta modalidade no sector da construción é rechamante. En canto á duración (cadro 5.13), dada a natureza destes contratos (substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo ou para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva) a maior porcentaxe coherentemente nun 65% dáse cunha "indeterminación" previa na súa duración. Un 24% non duran máis dun mes e un

Cadro 5.12
Contratos de interinidade. Por sexos, idade, sectores económicos e provincias. Galicia. 2002

	Homes					Mulleres					Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45					
A Coruña	1.971	1.931	2.125	471	528	4.224	4.311	4.855	1.661	1.877	23.954	242	1.014	103	22.595
Lugo	268	248	339	111	178	393	571	1.095	522	565	4.290	42	131	7	4.110
Ourense	216	251	265	65	194	465	594	597	237	318	3.202	27	159	26	2.990
Pontevedra	2.417	2.236	2.422	1.236	1.300	3.645	6.009	6.380	2.298	1.709	29.652	409	690	50	28.503
Galicia	4.872	4.666	5.151	1.883	2.200	8.727	11.485	12.927	4.718	4.469	61.098	720	1.994	186	58.198

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Distribución por grupos de idade en ámbolos sexos

Distribución por sectores económicos

Cadro 5.13
Contratos de interinidade. Por duración e provincias. Galicia. 2002

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeterminados	
A Coruña	2.922	1.640	3.228	1.822	1.004	125	34	10	7	13.162	23.954
Lugo	438	328	735	392	146	55	7	1	0	2.188	4.290
Ourense	292	298	490	252	135	136	5	0	0	1.594	3.202
Pontevedra	1.296	1.000	2.210	1.179	868	90	19	4	3	22.983	29.652
Galicia	4.948	3.266	6.663	3.645	2.153	406	65	15	10	39.927	61.098

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

6% non superan os tres meses e non chegan a un 0,6% os contratos de interinidade subscritos que superando os seis meses a súa duración acade os doce meses.

En canto á variable de xornada (completa ou parcial) cando se establece con este contrato (cadro 5.14), a porcentaxe termo medio se prescindimos da variable sexo arroxa porcentaxes do 85,21% con xornada completa e un 14,79% con xornada parcial. Tales porcentaxes no caso de mulleres pasa a ser do 82,26% e 17,74%; en tanto que nas porcentaxes correlativas con homes polas mesmas xornadas son do 91,86% e 8,14%.

■ **Cadro 5.14****Contratos de interinidade. Por sexo e tipo de xornada.
Galicia. Decembro 2002**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	7.026	840	6.186	16.928	4.289	12.639	23.954	5.129	18.825
Lugo	1.144	72	1.072	3.146	447	2.699	4.290	519	3.771
Ourense	991	262	729	2.211	490	1.721	3.202	752	2.450
Pontevedra	9.611	354	9.257	20.041	2.281	17.760	29.652	2.635	27.017
Galicia	18.772	1.528	17.244	42.326	7.507	34.819	61.098	9.035	52.063

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

A xornada a tempo parcial asociada a este contrato vén limitada, por canto os dous posibles tipos de interinidade (substitución, vacante en proceso selectivo) requiren á súa vez, que ou a persoa substituída ou o posto vacante a cubrir sexan así mesmo a tempo parcial, o cal limita aínda máis tal posibilidade, a pesares do cal continúa arroizando diferencias a variable sexo, unindo dúas notas de preponderancia feminina na contratación, cales son, a interinidade e a xornada parcial.

Estas catro modalidades de contrato, das que examinamos os seus resultados estatísticos (obra ou servizo determinado, eventual por circunstancias da produción, a tempo parcial e interinidade) representan case o 87% do total da contratación anual rexistrada. Son ó tempo, dada a súa natureza, un claro expoñente da natureza "temporal" ou "inestable", ou como reiteradamente se dixo "precario" do actual panorama da contratación.

Consecuentemente a suma dos contratos rexistrados baixo as outras modalidades de contratación repártense tan só un 13% do total da contratación anual. Ábrese por tanto un importante salto, unha notoria atomización do resto da contratación, que se vai repartir en moi diversas fórmulas contractuais. Ás máis significativas delas dedicámonos a continuación.

Convén agora examina-los primeiros resultados, referidos tan só ós meses transcorridos dende a entrada en vigor da Reforma de 1997, naqueles contratos, máis arriba enunciados, cos que pretenden cubrirse os obxectivos marcados (loitar contra o paro, a precariedade laboral e a alta rotación dos contratos e potencia-la nosa capacidade xeradora de emprego, en especial de emprego estable, dando unha maior preeminencia á contratación indefinida, medidas específicas de apoio a determinados sectores e o favorecemento da formación e inserción laboral dos mozos e un maior protagonismo á negociación colectiva na contratación.

No capítulo formativo, son as dúas posibles modalidades utilizadas para cubrir unha de tales finalidades propostas:

5.2.4. O contrato para a formación

Contrato para a formación: Destinado ós mozos de 16 a 21 anos, ou maiores incluídos nalgún dos colectivos detallados no artigo primeiro da Lei 12/2001, para a

adquisición por parte do traballador da cualificación necesaria para o desempeño dun oficio ou posto de traballo concreto. (Art. 11 do Estatuto dos traballadores, Rd 488/98 e Lei 12/2001).

A regra xeral é que este tipo de contrato poderase realizar con traballadores maiores de dezaseis anos e menores de vinteun anos, sempre que carezan da titulación requirida para formalizar contrato en prácticas. Non se aplicará o límite máximo de idade cando o contrato se concerte cun traballador minusválido nin tampouco respecto do persoal contratado en escolas-obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego, agora (desde as reformas de 2001) todos eles sen límite de idade. Quedaron fóra a contratación en programas de Garantía Social.

A estes grupos de excepcións do límite de idade, engadíronse nas Reformas de 2001 (Lei 12/2001), tres novos colectivos de desempregados: primeiro, os traballadores estranxeiros, durante os dous primeiros anos de vixencia do seu permiso de traballo; en segundo lugar, aqueles que leven máis de tres anos sen actividade laboral (parados de longa duración); e en terceiro lugar, quen se atopen en situación de exclusión social (colectivos da disp. adic. 4ª Lei 12/2001).

Así un contrato formativo tipicamente xuvenil (quen ademais, carece de experiencia e titulación), pasa, sen perder tal condición, a estenderse a traballadores, que sen límite de idade, foron expulsados do mercado de traballo ou teñen serias dificultades para a súa reincorporación ó mesmo, adquire así unha nova función de reinserción laboral, vía formativa. Cuestión latexante vai se-lo mantemento da finalidade formativo-ocupacional (obtención dunha cualificación profesional) que caracteriza á natureza deste contrato.

O límite mínimo mantense en 16 anos. Mediante convenio colectivo sectorial de ámbito estatal, ou no seu defecto de ámbito inferior, determinarase o número máximo de contratos para a formación a realizar así coma os postos de traballo obxecto dos mesmos por parte das empresas en función do seu cadro de persoal.

En caso de que non existise regulación convencional algunha, limitativa do volume de contratación permitido, a norma remite xenericamente ó número determinado regulamentariamente. Esta determinación, prevista no Decreto lei, entendémola referida ó Rd 2317/93 que, ó regular o contrato de aprendizaxe, establecía unha escala que vai desde empresas de ata 5 traballadores, un aprendiz, ata máis de 500 traballadores, 30 aprendices ou o 4 por 100 do cadro de persoal.

c) A duración do contrato poderá ser, en principio, de seis meses a dous anos; sen embargo, mediante convenio colectivo sectorial de ámbito estatal ou inferior pódese ampliar este límite temporal, atendendo ós postos de traballo a desempeñar, e sen poder exceder en todo caso dos tres anos. Ese era o límite temporal que recollía o derogado contrato de aprendizaxe, pero facíao "ope legis", mentres que no actual de formación debeo establecer un convenio sectorial.

Se o contrato de aprendizaxe se concertara por tempo inferior a dous anos, poderase contratar a ese traballador para a formación só no período que reste para completar os dous anos, ou a máxima establecida por convenio colectivo co límite de tres.

d) Mantense a prohibición, prevista no contrato de aprendizaxe, de que expirada a duración máxima do contrato ningún traballador poderá ser contratado baixo esta modalidade pola mesma ou distinta empresa.

e) Os tempos dedicados á formación teórica deberán alternarse cos de traballo efectivo ou concentrarse nos termos que se establezan no correspondente convenio colectivo ou, no seu defecto, no contrato de traballo, sen que o tempo global correspondente a aquela poida ser inferior ó 15% da xornada máxima prevista no convenio colectivo.

Cando o traballador non finalizara a escolaridade obrigatoria a formación teórica terá coma obxecto inmediato completar dita educación.

O traballo efectivo que preste o traballador na empresa, deberá estar relacionado coas tarefas propias do nivel ocupacional ou oficio obxecto da aprendizaxe.

Aínda que non se concreta o lugar en que debe de prestarse dita formación introdúcese unha novidade importante. Os cursos de formación profesional ocupacional realizados con anterioridade polo traballador, debidamente acreditados mediante certificación administrativa, e axeitados ó posto de traballo a realizar, serán suficientes para considerar cumprido o requisito da formación. Permítese, polo tanto, unha acumulación de período formativo que deberá ser compensada mediante incremento parcial da retribución en función do tempo non dedicado á formación teórica. É obriga do empresario tutela-lo proceso de aprendizaxe, ou ben designar para isto a outra persoa que posuía a cualificación profesional requirida. Cada titor non poderá ter asignados máis de tres aprendices.

A norma ó regula-las consecuencias do incumprimento de dita obriga formativa, só parece sancionar aqueles supostos en que o empresario incumpra na súa totalidade con esta penalizándose coa presunción de carácter de indefinido do contrato. (Haberá que estar á espera da interpretación que a xurisprudencia faga destes termos).

f) A retribución do contrato afástase substancialmente do anterior contrato de aprendizaxe estándose ó fixado en convenio colectivo, ou, no seu defecto, ó salario mínimo interprofesional en proporción ó tempo efectivo de traballo.

g) A protección social amplíase en relación ó anterior da aprendizaxe, pois incluírase a continxencia de incapacidade temporal (pendente de desenvolvemento regulamentario) ademais das de accidente de traballo e enfermidades profesionais, asistencia sanitaria por continxencias comúns, pensións e fondo de garantía salarial. (Non inclúe, polo tanto, desemprego).

Non se permite subscribir a tempo parcial un contrato para a formación. Se ó remate do contrato o traballador continuase na empresa no poderá concertarse un novo período de proba e o tempo de traballo en formación computarase a efectos de antigüidade na empresa.

O número de contratos de formación (cadro 5.15) realizados en Galicia, en 2002, foi de 14.842 (en 2001: 12.658). Isto é, un 2,15% do total de contratación, 2.184 contratos máis que o pasado ano, o que supuxo un 17% máis que os subscritos no ano precedente.

Por sectores de actividade económica (cadro 5.15), o de servicios subscribiu un 59,05% deles; un 25,52 na construción, un 14,58% a industria e un 0,84% en agricultura. A pesares das comentadas reformas acometidas no ano 2001, plenamente vixentes no 2002, un 90,57% destes contratos realízase coo grupo de idade de menores de 25 anos, en tanto que un 1,98% afectan ó grupo de 25 a 29 anos, un 3,03% ó grupo de 30-39 anos e un 2,90% ó grupo de máis de 45 anos. Por sexos

o 62,42% desta contratación corresponde a homes, realizándose con mulleres no 37,58% de ocasións. O cadro 5.16, permítenos observar que en canto á duración, nun 91,37% subscríbese inicialmente polo mínimo dos seis meses. Un 7,71% acaba os 12 meses. Tan só un 1% manteñen períodos de duración superiores ó ano.


Cadro 5.15

Contratos de formación. Por sexos, idade, sectores económicos e provincias. Galicia. 2002


	Homes					Mulleres					Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45					
A Coruña	3.021	45	42	21	51	2.126	34	66	27	21	5.454	25	648	1.469	3.112
Lugo	1.090	49	47	41	110	566	36	81	27	43	2.090	13	219	381	1.477
Ourense	1.022	20	28	25	91	462	22	62	39	48	1.819	58	295	493	973
Pontevedra	3.459	35	40	12	16	1.696	53	84	34	50	5.479	27	973	1.394	3.085
Galicia	8.592	149	157	99	268	4.850	145	293	127	162	14.842	123	2.135	3.737	8.647

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Distribución por sectores económicos



Distribución por grupos de idade en ámbolos sexos




Contratos de formación. Por duración e provincias. Galicia. 2002

Cadro 5.16

	Duración en meses					Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	> 24	
A Coruña	4.835	552	13	53	1	5.454
Lugo	1.919	156	7	8	0	2.090
Ourense	1.683	120	6	5	5	1.819
Pontevedra	5.124	316	10	24	5	5.479
Galicia	13.561	1.144	36	90	11	14.842

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Tempo de duración dos contratos



5.2.5. Contrato de traballo en prácticas

A regulación deste contrato mantense integramente introducindo as penúltimas reformas, xa comentadas, a posibilidade de que a través de convenios colectivos de ámbito estatal ou no seu defecto de ámbito inferior se determinen os postos de traballo, ou categorías profesionais que poderán ser obxecto deste contrato. Poderá concertarse con quen estivera en posesión de títulos de diplomado universitario, licenciado universitario, técnico o técnico superior da correspondente profesión así coma os títulos oficialmente recoñecidos coma equivalentes que habiliten para o exercicio profesional, dentro dos catro anos inmediatamente seguintes á terminación dos correspondentes estudos. Este cómputo do período de catro anos interromperase cando durante dito período o traballador cumpra o servizo militar ou a prestación social substitutoria.

A única novidade introducida relevante aportada pola Lei 12/2001, concirne á contratación en prácticas de persoal científico e técnico polos organismos públicos, manténdose inalterado o art. 11.1 E.T.



As características do mesmo son:

- a)** O posto de traballo deberá permitirla obtención da práctica profesional adecuada ó nivel de estudos cursados.
- b)** A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de dous anos, dentro dos cales límites os convenios colectivos de ámbito sectorial estatal ou no seu defecto os convenios sectoriais de ámbito inferior poderán determinar a duración do contrato, atendendo ás características do sector e das prácticas a realizar.
- c)** Ningún traballador poderá estar contratado en prácticas, na mesma ou distinta empresa, por tempo superior a dous anos, en virtude da mesma titulación.
- d)** Salvo o disposto en convenio colectivo, o período de probas non poderá ser superior a un mes para os contratos en prácticas celebrados con traballadores que estean en posesión de título de grado medio, nin a dous meses para os contratos en prácticas celebrados con traballadores que estean en posesión de título de grado superior.
- e)** A retribución do traballador será a fixada en convenio colectivo para os traballadores en prácticas, sen que, no seu defecto, poida ser inferior ó 60% ou ó 75% durante o primeiro ou o segundo ano de vixencia do contrato, respectivamente do

Cadro 5.17
Contratos en prácticas Por sexos, idade, sectores económicos e provincias. Galicia. 2002


	Homes					Mulleres					Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45					
A Coruña	948	509	67	2	0	790	562	53	2	0	2.933	18	375	386	2.154
Lugo	247	104	12	1	0	187	98	21	2	3	675	9	110	97	459
Ourense	137	73	5	0	1	130	84	6	2	1	439	6	72	63	298
Pontevedra	773	377	64	1	3	668	369	50	2	0	2.307	26	624	233	1.424
Galicia	2.105	1.063	148	4	4	1.775	1.113	130	8	4	6.354	59	1.181	779	4.335

Fonte: INEM. Estadística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Distribución por grupos de idade en ámbolos sexos

Distribución por sectores económicos

Contratos en prácticas. Por duración e provincias. Galicia. 2002
Cadro 5.18

	Duración en meses				Total
	= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	
A Coruña	1.346	1.535	37	15	2.933
Lugo	169	479	13	14	675
Ourense	195	236	4	4	439
Pontevedra	986	1.256	35	30	2.307
Galicia	2.696	3.506	89	63	6.354

Fonte: INEM. Estadística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Tempo de duración dos contratos en prácticas


salario fixado en convenio para un traballador que desempeñe o mesmo equivalente posto de traballo.

Esta modalidade contractual acadou en 2002 o número de 6.354 contratos (2001: 5.689), o que supuxo un 0,92% do total. Este número de contratos en 2002 foi superior ó de 2001 en 665 contratos. Un 11,68% máis en relación ó ano precedente. Foi o sector servicios o que máis acude a contratar baixo esta modalidade, un 68,22%; seguido a considerable distancia da industria 18,59%, construción un 12,26% e agricultura un 0,93%. Por sexos o emprego desta modalidade está moi igualada en ambos sexos (52% homes; 48% mulleres). O grupo de idade de preferencia, imposta pola natureza sociolóxica vinculada a titulacións destes contratos, é o de menores de 25 anos (61,06%); seguido do grupo 25 a 29 anos (34%), os maiores de 30 anos tan só representan un 4,7% desta contratación. En canto á súa duración (cadro 5.18) o 42,43% dos contratos celebrados foino polo mínimo de 6 meses, en tanto que un 55,18% chegaron ó ano, non acadan o 2,5% os que acadan os dous anos máximos permitidos. Non se percibe influencia da habilitada posibilidade de melloras a introducir en convenios de sector; a duración en tan alto porcentaxe dunha duración de seis meses e prórroga por igual período, máis ben indica o pouco uso en negociación colectiva desta posibilidade legal habilitadora de adecua-la duración da práctica a profesións que requiran unha formación práctica máis prolongada.

■ Cadro 5.19

Contratos en prácticas. Por sexo e tipo de xornada.
Galicia. 2002

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	1.526	108	1.418	1.407	245	1.162	2.933	353	2.580
Lugo	364	21	343	311	42	269	675	63	612
Ourense	216	25	191	223	63	160	439	88	351
Pontevedra	1.218	106	1.112	1.089	229	860	2.307	335	1.972
Galicia	3.324	260	3.064	3.030	579	2.451	6.354	839	5.515

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Para as demais modalidades de contratos, cuantitativamente pouco significativos, remitímonos ós cadros que as representan (cadros 5.20 a 5.24).


■ Cadro 5.20

Contratos temporais minusválidos. Por sexos, idade, sectores económicos e provincias.
Galicia. 2002


	Homes					Mulleres					Total	Agricultura	Industria	Construción	Servicios
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45					
A Coruña	18	31	39	18	24	6	9	25	6	6	182	7	44	25	106
Lugo	5	2	19	8	14	3	2	5	1	1	60	2	5	10	43
Ourense	8	5	10	5	6	2	1	7	0	0	44	1	9	9	25
Pontevedra	31	22	42	14	37	8	8	7	3	7	179	3	48	28	100
Galicia	62	60	110	45	81	19	20	44	10	14	465	13	106	72	274

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Distribución por grupos de idade en ámbolos sexos



Distribución por sectores económicos




■ Cadro 5.21

Contratos de minusválidos. Por sexos, idade, sectores económicos e provincias. Galicia. 2002


	Homes					Mulleres					Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45					
A Coruña	12	20	35	15	29	4	13	15	9	16	168	3	27	8	130
Lugo	0	2	13	7	14	1	1	8	1	1	48	3	9	11	25
Ourense	3	8	5	3	7	4	3	3	0	3	39	0	17	2	20
Pontevedra	9	15	34	15	40	1	8	14	6	16	158	6	33	14	105
Galicia	24	45	87	40	90	10	25	40	16	36	413	12	86	35	280

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Distribución por grupos de idade en ámbolos sexos



Distribución por sectores económicos




■ Cadro 5.22

Contratos de relevo. Por sexos, idade, sectores económicos e provincias. Galicia. 2002


	Homes					Mulleres					Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45					
A Coruña	8	34	16	5	3	4	6	4	1	0	81	0	35	0	46
Lugo	20	49	6	1	0	0	5	0	0	0	81	0	76	0	5
Ourense	0	4	0	1	0	0	0	2	1	1	9	0	0	0	9
Pontevedra	174	57	18	0	0	15	10	3	1	0	278	0	256	0	22
Galicia	202	144	40	7	3	19	21	9	3	1	449	0	367	0	82

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Distribución por grupos de idade en ámbolos sexos



Distribución por sectores económicos



■ Cadro 5.23

Contratos de xubilación parcial. Por sexos, idade, sectores económicos e provincias. Galicia. 2002

	Homes					Mulleres					Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45					
A Coruña	0	0	0	0	64	0	0	0	0	6	70	0	33	0	37
Lugo	0	0	0	0	77	0	0	0	0	2	79	0	75	0	4
Ourense	0	0	0	0	4	0	0	0	0	3	7	0	0	0	7
Pontevedra	0	0	0	0	266	0	0	0	0	7	273	0	253	0	20
Galicia	0	0	0	0	411	0	0	0	0	18	429	0	361	0	68

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002


■ Cadro 5.24

Contratos temporais de inserción. Por sexos, idade, sectores económicos e provincias. Galicia. 2002


	Homes					Mulleres					Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45					
A Coruña	179	186	163	58	233	226	310	122	24	25	1.526	0	53	126	1.347
Lugo	100	118	77	43	91	143	215	93	32	21	933	0	0	0	933
Ourense	101	93	110	60	279	151	148	76	29	47	1.094	0	34	176	884
Pontevedra	120	106	105	47	184	273	241	79	37	39	1.231	0	0	92	1.139
Galicia	500	503	455	208	787	793	914	370	122	132	4.784	0	87	394	4.303

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002.

Distribución por grupos de idade en ámbolos sexos



Distribución por sectores económicos




Cadro 5.25

Otros contratos non contemplados anteriormente. Por sexos, idade, sectores económicos e provincias. Galicia. 2002


	Homes					Mulleres					Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45					
A Coruña	590	553	989	506	1.119	332	302	490	115	163	5.159	5	214	236	4.704
Lugo	407	772	1.223	715	1.434	1.935	5.334	4.152	1.649	825	18.446	11	13	14	18.408
Ourense	52	14	20	7	13	11	2	9	7	7	142	0	14	13	115
Pontevedra	1.783	1.467	3.398	1.342	4.104	328	408	615	135	387	13.967	86	176	75	13.630
Galicia	2.832	2.806	5.630	2.570	6.670	2.606	6.046	5.266	1.906	1.382	37.714	102	417	338	36.857

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Distribución por grupos de idade en ámbolos sexos



Distribución por sectores económicos



5.2.6. Contratos indefinidos ordinarios

Celebráronse en Galicia 16.486 (en 2001: 13.891) contratos desta modalidade en 2002, o que supón un 2,39% do total das contratacións realizadas. Isto é, producíronse 2.595 contratos máis que o ano precedente. Un aumento do 18,68%. O sector onde máis se empregou esta modalidade foi o de servicios, cun 54,99%; séguelle, derivada da política de fomento do emprego establecida para este sector económico, a agricultura cun 23,86%; seguido da industria 12,91% e construción cun 8,24%. A diferenza nesta contratación diferencia significativamente a variable sexo; así, contratouse con homes nun 74,03% de ocasións e con mulleres nun 25,96%. Por grupos de idade preferentemente contratouse o grupo de idade 30 a 39 anos en ámbolos sexos (35,97%), a partir de aí diversifícase, a moi pouca distancia e segundo a seguinte orde: grupo de idade comprendido entre 25 a 29 anos un 19,88%, a continuación o grupo de maiores de 45 anos 16,18%, seguido do grupo de idade de menores de 25 anos cun 15,54% e finalmente o grupo de idade de 40-44 anos, cun 12,43% destes contratos. Podería dicirse que se trata dun contrato singularmente destinado a traballadores cualificados en tramos xeracionais de idade en profesións competitivas do mercado de traballo, onde a relación contractual inicial ou por cambios de empresa son estables. Débese de facer nota-lo inusual número de contratos deste tipo que se realizan no sector agrario.



A variable tipo de xornada agudiza as diferenzas por sexo, as porcentaxes en función da xornada completa, parcial ou fixeza discontinua representan nos homes respectivamente o 85,87%, 10,45% e 3,67%; en tanto que na contratación de mulleres, as mesmas referencias representan o 61,62%, 32,56% e 5,81%.

Cadro 5.26

Contratos indefinidos ordinarios. Por sexos, idade, sectores económicos e provincias.
Galicia. 2002

	Homes					Mulleres					Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45					
A Coruña	692	919	1.626	551	741	362	550	658	192	291	6.582	1.053	786	613	4.130
Lugo	260	243	628	246	275	73	88	180	43	84	2.120	755	265	143	957
Ourense	133	150	298	99	117	58	97	124	41	59	1.176	56	251	146	723
Pontevedra	785	891	1.894	737	920	199	339	522	141	180	6.608	2.069	827	457	3.255
Galicia	1.870	2.203	4.446	1.633	2.053	692	1.074	1.484	417	614	16.486	3.933	2.129	1.359	9.065

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002.



Non resulta perceptible, en termos da estatística que empregamos, aprecia-la posíble influencia que as reformas lexislativas de 2001 introduciron no discreto incremento deste tipo de contratación, derivada da maior flexibilidade na ordenación do tempo de traballo reducido que incorporan as fórmulas abertas ou indeterminadas da nova regulación do contrato a tempo parcial que debe permitir formas de distribución e realización dun tempo inferior ó ordinario ou a tempo completo (fronteira hoxe cuantitativamente difuminada) adaptado ás necesidades ou esixencias productivas ou organizativas das empresas, o que se estende así mesmo ás posibilidades de ampliar tales horarios con horas complementarias.

Cadro 5.27

Contratos indefinidos ordinarios. Por sexo e tipo de xornada.
Galicia. 2002

	Homes				Mulleres				Tota			
	Tota	Parcia	Completa	Fixos descontinuos	Tota	Parcia	Completa	Fixos descontinuos	Tota	Parcia	Completa	Fixos descontinuos
A Coruña	4.529	524	3.947	58	2.053	637	1.383	33	6.582	1.161	5.330	91
Lugo	1.652	160	1.481	11	468	156	246	66	2.120	316	1.727	77
Ourense	797	109	685	3	379	136	213	30	1.176	245	898	33
Pontevedra	5.227	483	4.368	376	1.381	465	796	120	6.608	948	5.164	496
Galicia	12.205	1.276	10.481	448	4.281	1.394	2.638	249	16.486	2.670	13.119	697

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

5.2.7. Contrato para o fomento da contratación indefinida

A Disposición Adicional Primeira da Lei 12/2001, de 9 de xullo, co obxecto de facilitar a colocación estable de traballadores desempregados e de empregados suxeitos a contratos temporais regula un novo tipo de contrato por tempo indefinido: o "contrato para o fomento da contratación indefinida".

As características deste contrato son as seguintes:

1ª Trátase dun contrato necesariamente escrito de acordo co modelo oficial que se aprobe. En caso de incumprimento desta forma escrita, presumirase que se trata dun contrato por tempo indefinido ordinario, sen os beneficios das indemnizacións reducidas nin dos incentivos económicos establecidos.

2ª Este contrato tan só poderá subscribirse cos dous colectivos seguintes:

■ Traballadores desempregados, inscritos na oficina de emprego, con dificultades de acceso ó mercado de traballo: mozos de 16 a 30 anos; maiores de 45 anos; minusválidos; parados de longa duración (que leven ó menos seis meses inscritos como demandantes de emprego); mulleres desempregadas cando se contraten para prestar servizos en profesións ou ocupacións con menor índice de emprego feminino.

■ Traballadores con contratos temporais, incluído-los contratos formativos celebrados con anterioridade ó 31 de decembro de 2003.

A conversión dos contratos temporais en indefinidos deberá de facerse durante a súa vixencia (o precepto fala de "traballadores que, na data de celebración do novo contrato, estiveran empregados na mesma empresa mediante un contrato de duración determinada ou temporal"), aínda que non existirían maiores problemas para converter en indefinido un contrato temporal ó finaliza-la súa vixencia, sempre que non existise solución de continuidade.


■ Cadro 5.28

**Contratos indefinidos fomento de emprego.
Por sexos, idade, sectores económicos e provincias. Galicia. 2002**


	Homes					Mulleres					Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servizos
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45					
A Coruña	269	350	147	52	1.058	853	1.008	806	214	592	5.349	104	611	424	4.010
Lugo	129	110	40	14	373	236	255	224	65	184	1.630	53	266	141	1.170
Ourense	65	77	42	12	329	292	262	197	61	193	1.530	39	258	134	1.099
Pontevedra	334	348	159	57	1.112	835	1.015	786	170	518	5.334	105	1.119	484	3.626
Galicia	797	885	388	135	2.872	2.216	2.540	2.013	510	1.487	13.843	301	2.254	1.183	9.905

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Distribución por grupos de idade en ámbolos sexos



Distribución por sectores económicos



Cadro 5.29

Contratos indefinidos fomento do emprego. Por sexo e tipo de xornada.
Galicia. 2002

	Homes				Mulleres				Total			
	Total	Parcial	Completa	Fixos discontinuos	Total	Parcial	Completa	Fixos discontinuos	Total	Parcial	Completa	Fixos discontinuos
A Coruña	1.876	169	1.687	20	3.473	1.042	2.300	131	5.349	1.211	3.987	151
Lugo	666	83	582	1	964	228	735	1	1.630	311	1.317	2
Ourense	525	46	472	7	1.005	252	717	36	1.530	298	1.189	43
Pontevedra	2.010	215	1.772	23	3.324	992	2.198	134	5.334	1.207	3.970	157
Galicia	5.077	513	4.513	51	8.766	2.514	5.950	302	13.843	3.027	10.463	353


Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Desglose dos contratos rexistrados de duración indefinida e conversión de temporais a indefinidos,
sobre total de contratos. Por modalidade e provincias. Galicia. 2002

Cadro 5.30

	Total de contratos	Duración indefinida			
		Subtotal	Indefinido ordin.	Fomento da contrat. indefinida	
				Contratos iniciais	Conversiones de contratos temp.
A Coruña	288.778	24.037	6.582	5.349	12.106
Lugo	69.749	6.317	2.120	1.630	2.567
Ourense	47.801	5.212	1.176	1.530	2.506
Pontevedra	282.201	22.202	6.608	5.334	10.260
Galicia	688.529	57.768	16.486	13.843	27.439

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002



3ª A característica fundamental deste contrato é que a indemnización por despedido improcedente por causas obxectivas (non por causas disciplinarias ou discriminatorias) será de 33 días de salario por ano de servizo co límite de 24 mensualidades e non de 45 días de salario co tope de 42 mensualidades.

Esta distinción entre o despedido improcedente por causas obxectivas e o despedido improcedente disciplinario -que estará ó regulado no ET art. 56.I.a) -, pode levar a moitas empresas a non utiliza-lo despedido disciplinario salvo naqueles casos en que estivera moi clara a existencia de causa xustificativa, utilizando a vía do despedido obxectivo sen causa económica, técnica, organizativa ou de produción algunha.

4ª Existe unha cláusula de garantía fronte as substitucións de traballadores. Unha empresa no poderá contratar baixo esta modalidade se nos 6 meses inmediatamente anteriores tivera realizado despedimentos por causas obxectivas declarados improcedentes por sentenza xudicial e despedimentos colectivos, aínda que si poderá contratar en caso de despedimentos obxectivos declarados procedentes ou de despedimentos disciplinarios, sexan procedentes ou improcedentes, ou de extincións efectuadas por mutuo acordo das partes.

A prohibición de contratar non afecta á práctica dos despedimentos colectivos pactados cos representantes dos traballadores, coa finalidade de renovar posteriormente parte da cadro de persoal, como expresamente se encargou de clarexalo Real Decreto-Lei 8/1997 perante o silencio do Acordo Interconfederal neste punto.

En ámbolos supostos de prohibición de contratos, a limitación da contratación circunscribírase á cobertura de postos da mesma categoría e grupo profesional que os afectados pola extinción e para o mesmo centro ou centros de traballo.

5ª A vixencia desta medida terá unha duración indefinida, podendo o Goberno á vista dos resultados propo-la súa continuidade ou modificacións á mesma.

6ª Finalmente, trátase de contratos incentivados economicamente (bonificacións fiscais e nas cotas empresariais da Seguridade Social por continxencias comúns) nos termos establecidos pola Lei 12/2001, de 9 de xullo, modificado pola Lei 24/2001, de 27 de decembro e polo Real-Decreto 5/2002 de 24 de maio.

I. A contratación indefinida fomentada deu lugar en 2002, en relación co primeiro grupo mencionado de beneficiarios de tales medidas, a 13.843 novos contratos (2001: 13.873). Representan o 2,01% do total da contratación. Este ano por tanto realizáronse 30 contratos desta modalidade menos que en 2001 (cadro 5.28). As mulleres contratadas representan o 63,32% do total, en tanto que os homes representaron o 36,67%. Por sectores económicos esta contratación utilizouse no sector servicios no 72,60%, en industria o 16,52%, construción o 8,67% e agricultura o 2,21%. O tipo de xornada (completa, parcial, fixo discontinuo) de novo subministra, datos moi diferenciados, cando se introduce a variable sexo, ofrecendo as seguintes porcentaxes en relación respectivamente cos tres tipos de xornada (cadro 5.29). Homes, 88,89%, 10,10% e 1%. Mulleres 67,78%; 28,67% e 3,44%. Por grupos de idade o 31,49% realizouse con maiores de 45 anos, un 24,74% co grupo de idade de 25-29 anos, o 21,77% con menores de 25 anos, un 17,34% co grupo de idade 30-39 anos e un 4,66% co grupo de 40-44 anos.

Á maior contratación de mulleres ou maiores de 45 anos, non son alleas as medidas adoptadas pola Lei 12/2001, de 9 de xullo, (para o ano 2002), modificada pola Lei 24/2001 e Real Decreto-Lei 5/2002, establece unha bonificación nas cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns do 70% durante o primeiro ano e do 60% durante o segundo ano na contratación indefinida (a tempo completo ou parcial) de mulleres desempregadas de longa duración (por máis de seis meses) en profesións ou oficios nos que o colectivo feminino está subrepresentado, segundo establece a OM de 16 de setembro de 1998. Se non reuniran algún dos anteriores requisitos, a bonificación será do 35% durante o período de 24 meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato (art. 6.1 Lei 12/2001).

No caso de mulleres desempregadas entre 16 e 45 anos as bonificacións serán o 25% durante o período dos 24 meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato (art. 6.1 Lei 12/2001).

No caso das mulleres desempregadas inscritas durante un período de 12 o máis meses na oficina de emprego que sexan contratadas nos 24 meses á data de alumbramento, a bonificación será do 100% durante os 12 meses seguintes ó inicio de vixencia do contrato (art. 6 Lei 12/2001).

II. O segundo grupo obxecto das medidas para o fomento do emprego buscaba a conversión de previos contratos temporais e de outra índole -xa detallados- en indefinidos (cadro 5.31 a 5.34). Destes contratos, realizáronse 27.439. No ano 2001, tales conversións arroxaban a suma de 24.542. É dicir este ano realizáronse 2.897 máis (un 11,80% máis).

■ Cadro 5.31

Contratos convertidos en indefinidos segundo o tipo de contrato inicial. Por provincias. Galicia. 2002

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Obra ou servizo	2.007	514	582	2.031	5.134
Eventuais por circunstancias da produción	6.007	1.408	1.304	5.550	14.269
Interinidade	157	25	40	76	298
Temporal inserción	0	0	1	0	1
Temporal minusválidos	22	5	5	26	58
Parcial	2.427	312	350	1.538	4.627
Substitución por xubilación especial ós 64 anos	9	0	3	11	23
Prácticas	913	182	121	681	1.897
Formación	538	116	99	313	1.066
Minusválidos en centros especiais de emprego	0	0	0	0	0
Relevo	13	4	1	30	48
Outros	13	1	0	4	18
Total	12.106	2.567	2.506	10.260	27.439

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

O cadro 5.31 permítenos observar cal é o comportamento da conversión de contratos inicialmente temporais en indefinidos, o número de convertidos cuantitativamente máis importantes e dada a súa natureza, comparados co seu número no cadro 5.1 do Informe de 2001, permiten coñecer aqueles contratos que rexistran porcentualmente un maior número de conversións a indefinidos (debemos lembrar que de ordinario, a súa duración real en poucas ocasións supera o ano, caracteristicamente, ó contrato de prácticas), así: o contrato de prácticas rexistra o maior índice de conversión (un 33,34%), seguido a boa distancia, do contrato de formación, cun 8,42%, o eventual por circunstancia da produción con 7,34%, o parcial 3,65% e o de obra e servizo determinado con 2,25%. Datos en todo caso non exentos de máis complexas matizacións.

Tamén e en boa medida as modalidades contractuais suxeitas ó fomento do emprego viñeron condicionadas polos estímulos que para os distintos colectivos estiveron en vigor para este fomento do emprego para o ano 2002 (Capítulo II da Lei 12/2001 e disposc. Adicionais 4ª e 5ª da Lei 24/2001, de 31 de decembro de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

■ Cadro 5.32

Contratos de obra ou servizo convertidos en indefinidos. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2002

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>=45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	195	404	541	162	151	53	184	224	47	46	2.007
Lugo	60	90	145	46	31	17	44	57	13	11	514
Ourense	47	92	162	60	73	14	36	59	18	21	582
Pontevedra	238	393	598	166	189	56	138	169	31	53	2.031
Galicia	540	979	1.446	434	444	140	402	509	109	131	5.134

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Finalmente (cadro 5.30), sumádo-os datos de contratación procedente dos indefinidos ordinarios, máis arriba analizados, malas fórmulas do fomento do emprego, contratos iniciais e conversión de temporais en indefinidos, obteríamo-lo total anual de indefinida ou estable anualmente contratada. A conversión de contratos convertidos incorpora un dato a adoptar con reservas, por canto o contrato temporal e a súa conversión poden coincidir no mesmo ano, producindo unha disfunción estatística a ter en conta. Este total reflíctese no mencionado cadro 5.30, e totaliza 57.768 contratos rexistrados como indefinidos (iniciais e convertidos) do total de 688.529 rexistrados en 2002. Elo representa un 8,39% do total. Elo supón un man-

■ Cadro 5.33

Contratos eventuais convertidos en indefinidos. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2002

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>=45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	876	1.086	1.199	284	200	805	783	564	121	89	6.007
Lugo	260	279	321	93	62	84	135	111	40	23	1.408
Ourense	212	196	260	72	60	90	159	175	43	37	1.304
Pontevedra	842	1.046	1.302	319	186	448	662	535	134	76	5.550
Galicia	2.190	2.607	3.082	768	508	1.427	1.739	1.385	338	225	14.269

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

temento respecto ó ano precedente (8,50% de entónces), que por contraste lémbanos que no panorama de contratación, o 91,62% da contratación anual segue a ser coxuntural, sen que se chegue a unha porcentaxe que inverta tal proceso de precariedade contractual.

5.2.8. O contrato de relevo (cadro 5.22)

O contrato de relevo atópase actualmente regulado no ET art. 12.6 (segundo redacción dada pola Lei 12/2001, de 9 de xullo), art. 18 a 20 do Real Decreto 2317/1993, de 29 de decembro, e art. 7 a 9 do Real Decreto 1991/1984, de 31 de outubro no que non contradiga á Lei 12/2001.

■ Cadro 5.34

Contratos de interinidade convertidos en indefinidos.
Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2002

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>=45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	10	18	31	5	2	14	29	35	7	6	157
Lugo	1	3	3	4	2	1	5	4	2	0	25
Ourense	7	6	7	2	3	1	6	6	1	1	40
Pontevedra	6	15	12	3	1	6	15	15	1	2	76
Galicia	24	42	53	14	8	22	55	60	11	9	298

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2002

Enténdese por contrato de relevo o concertado cun traballador inscrito como desempregado na correspondente Oficina de Emprego, para substituír ó traballador da empresa que acceda a xubilación parcial, simultaneamente co contrato a tempo parcial que se pacte con este último. Todo elo vinculado ás medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible regulado por Lei 35/2002, de 12 de xullo, no marco do Acordo para a mellora e desenvolvemento do sistema de protección social de 9 de xullo de 2001.

O contrato de relevo ha de celebrarse cun traballador desempregado, inscrito na Oficina de Emprego ou que tivese concertado coa empresa un contrato de duración determinada. A finalidade do contrato de relevo é a de substituír ó traballador da empresa que acceda á xubilación parcial; antes de ter acadado a idade de xubilación ou despois.

En definitiva, o que ocorre é que para desempeñar un mesmo posto de traballo concorren dous traballadores, cada un deles cun correspondente contrato de traballo a tempo parcial: o do traballador da empresa que pasa á situación de xubilación parcial; o que na orde laboral implica que reduciu a súa xornada de traballo e o seu salario, pactando co empresario unha transformación do seu contrato de xornada completa a contrato a tempo parcial. E o contrato de traballo a tempo parcial celebrado co traballador desempregado, para ocupa-la xornada de traballo deixada libre polo que pasou á situación de xubilación parcial. Desde esta perspectiva, entón, o contrato de relevo non aumenta o emprego senón que reparte o existente.

O traballador titular do contrato de relevo vai realizar unha xornada de traballo equivalente, ó menos, á redución producida na xornada do traballador substituído. Redución que haberá de ser de entre un mínimo do 25% e un máximo do 85%.

O posto de traballo do traballador relevista poderá se-lo mesmo que o do traballador substituído ou un similar; entendendo por tal, excepto no caso do persoal directivo, o desempeño de tarefas correspondentes ó mesmo grupo profesional ou categoría equivalente [art. 12.6.c) ET].

O contrato de relevo será de duración determinada, coincidindo co tempo que falte ó traballador substituído para acada-la idade establecida con carácter xeral para causar dereito á pensión de xubilación extraordinaria. Se, ó cumprir dita idade, o traballador xubilado parcialmente continuase na empresa, o contrato de relevo

que se tivera celebrado de duración determinada poderá prorrogarse mediante acordo das partes por períodos anuais. En todo caso, extinguirase no suposto de que se produza a xubilación total do traballador relevado.

O RD 1991/1984 prevé circunstancias de dous tipos que poden ocorrer durante a vixencia do contrato de relevo:

■ "Si durante a vixencia do contrato de relevo se producira o cese do traballador, o empresario deberá de substituílo, no prazo de quince días, por outro traballador desempregado".

Sendo a finalidade do contrato de relevo repartir entre os traballadores o traballo existente, é lóxica esta esixencia de proceder a contratar a un novo traballador desempregado.

Por suposto que unha contratación será tamén un novo contrato de traballo, ó que será aplicable todo canto aquí se leva dito.

O RD 1991/1984 fala de "cese do traballador" titular do contrato de relevo, en termos xerais. Hai que entender, en consecuencia, que dentro do suposto de feito cabe a extinción do contrato de relevo que se producira por calquera causa, dependente ou non da vontade do traballador.

- "Se o traballador que comparte o traballo co titular do contrato de traballo de relevo fora despedido improcedentemente antes de cumprir a idade de xubilación e non se procedera á súa readmisión, a empresa deberá de substituílo por outro traballador desempregado ou amplia-la xornada do traballador con contrato de relevo".

A oferta formativa ocupacional instrumentarase en función das características da poboación desempregada, distinguindo, en principio, a dirixida a mozos en busca da súa inserción, a dirixida a persoas adultas que necesitan reinsertarse, incluídas as mulleres, e finalmente, a orientada a colectivos específicos con especiais dificultades para a inserción ou reinserción.

■ Cadro 6.3

FIP 2002 Programación provincial

Provincia	Área	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Coruña	A Coruña	179	2.940	5.604.744
	Bergantiños	16	272	604.923
	Betanzos	12	201	448.365
	Boiro	22	370	387.491
	Cee	19	308	319.639
	Ferrol-As Pontes	81	1.349	2.942.075
	Melide	10	159	131.593
	Ordes	9	134	236.247
	Santiago de Compostela	106	1.715	3.098.105
	Subtotal	454	7.448	13.773.182
Lugo	A Mariña	63	988	1.534.455
	Chantada-A Ulloa	12	206	329.740
	Lugo	139	2.263	4.154.772
	Sarria	12	197	260.529
	Terra de Lemos-Quiroga	24	425	745.634
	Vilalba	10	157	263.429
	Subtotal	260	4.236	7.288.559
Ourense	A Limia	8	132	236.239
	O Carballiño	12	185	311.673
	O Ribeiro	7	113	228.866
	Ourense	193	3.213	5.672.766
	Terra de Celanova	6	95	179.948
	Valdeorras	18	302	469.183
	Verín	15	253	350.835
	Subtotal	259	4.293	7.449.510
Pontevedra	Baixo Miño	16	266	404.878
	Caldas de Reis	7	126	203.794
	O Deza	34	574	980.108
	O Morrazo	20	338	574.872
	O Salnés	34	535	811.837
	Ponteareas	12	192	290.583
	Pontevedra	58	962	1.233.372
	Tabeirós-Terra de Montes	21	361	728.004
	Vigo	250	4.048	6.911.604
	Subtotal	452	7.402	12.139.052
Galicia		1.425	23.379	40.650.303

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

A característica específica da oferta formativa ocupacional debe se-la súa capacidade de resposta inmediata á oferta de emprego que require continua evolución e formación de tal oferta na economía globalizada.

A oferta e a xestión da formación ocupacional debe ter presente os obxectivos básicos do presente Programa Nacional, polo que as súas cualificacións deben axustarse ó Sistema Nacional de Cualificacións, permitindo o seu recoñecemento e validación nos restantes subsistemas.

Así mesmo, debe operar tendo en conta os datos ofrecidos polo Observatorio sobre Evolución das Cualificacións e o Emprego e ofrecer certificacións transparentes no mercado nacional e comunitario.

A oferta de formación ocupacional debe articularse co sistema de información e orientación dos diferentes servicios públicos de emprego.

Finalmente, debe operar con criterios de calidade que permitan mellora-la súa xestión e avalia-los seus resultados.

6.2. Formación Ocupacional: informe da xestión en 2002

A Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude remitiu ó Consello Galego de Relacións Laborais un informe da xestión da formación ocupacional en Galicia no ano 2002, que transcribimos:

A formación profesional, no noso país, está dividida en tres subsistemas: a inicial ou específica, pertencente ó sistema educativo, a ocupacional, dirixida ós desempregados, e a formación continua ou de ocupados.

O Decreto 250/2002, do 18 de xullo, establece a estrutura orgánica da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, atribuíndolle o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo á formación ocupacional. Estas realízanse na Dirección Xeral de Formación e Colocación, concretamente a través da Subdirección Xeral de Formación Ocupacional. Polo Decreto 117/1999, do 23 de abril, créase o Instituto Galego das Cualificacións, como instrumento específico de carácter técnico para garanti-la implantación efectiva do Sistema Nacional de Cualificacións.

A formación profesional ocupacional é unha política activa de emprego. Ofrece cursos de formación de balde para traballadores desempregados co obxecto de cualificalos e que se integran dentro do mercado laboral.

Mediante a programación de cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (plan FIP), elaborado anualmente pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, prográmanse accións formativas para desempregados inscritos no servicio público de emprego de Galicia. Fóra do plan FIP realízanse tamén outras accións formativas que completan a oferta de mellora da cualificación. Tódalas accións de formación ocupacional están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Froito das programacións levadas a cabo durante o ano 2002 a formación ocupacional en Galicia tivo como beneficiarios a 35.804 alumnos nun total de 2.212 cursos programados. O estudo desta programación débese facer analizando cinco grupos fundamentais:

- cursos do plan FIP
- cursos con compromiso de contratación
- cursos de medios propios, impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia.
- cursos do Plan Autonómico de Formación de Formadores.
- outras accións formativas

PLAN FIP

A normativa básica reguladora do Plan FIP está contida no Real decreto 631/1993, do 3 de maio, desenvolvido pola Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 13 de abril de 1994 que, á súa vez, foi modificada pola Orde do 14 de outubro de 1998. Neste marco xurídico a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude publicou a Orde do 22 de novembro de 2001 pola que se establecía a convocatoria pública para a programación de cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ó exercicio do ano 2001 (DOG nº 232, do 30.11.01 modificada posteriormente pola Orde do 2 de outubro de 2002, DOG nº 195, do 09.10.02).

Na citada orde de convocatoria establecíase que as comisións de avaliación encargadas de aproba-la programación se constituirán nos servizos centrais e en cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

O criterio en base ó que se repartiron as solicitudes entre as distintas comisións foi o de encomendar os servizos centrais a resolución das solicitudes de centros radicados na súa provincia.

Ó abeiro desta convocatoria programáronse durante o ano 2002 un total de 1.333 cursos, cun orzamento total de 38.590.941 euros, segundo se especifica nos apartados que, de seguido, se desenvolven.

Distribución da programación por áreas funcionais

A Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude distribúe a súa programación por áreas funcionais. Estas son unha agrupación das comarcas en conxuntos territoriais do mapa comarcal de Galicia. Con isto preténdese agrupar a aqueles concellos que teñan unhas características comúns no relativo ás necesidades de formación e ás características do desemprego neles.

A continuación recollémo-la programación correspondente ó exercicio do ano 2002 distribuída polas áreas funcionais das catro provincias. Nesta relación inclúen-se os cursos con compromiso de contratación ós efectos de dar unha imaxe real do reparto da programación do exercicio do ano 2002 no territorio da comunidade autónoma.

Seguimento e control dos cursos

A Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude realiza unha actividade de seguimento e control da calidade dos cursos impartidos dentro de cada programación.

■ **Cadro 6.4****Formación ocupacional. Plano FIP⁽¹⁾
Programación. Por sectores. Galicia. 2002**

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamento
Administración e oficinas	156	2.599	5.309.308
Agricultura	33	551	831.798
Artesanía	16	272	636.988
Automoción	14	254	843.279
Comercio, marketing e vendas	65	1.036	1.465.652
Comunicación	12	206	508.467
Construcción	86	1.516	3.879.711
Industria	59	985	2.032.153
Industria agroalimentaria	13	219	425.009
Madeira e moble	24	409	1.029.976
Mantemento instalacións	49	850	2.116.655
Pesca e acuicultura	2	43	44.048
Sanidade	86	1.455	2.556.187
Servicios	623	10.044	12.774.371
Téxtil	27	432	942.269
Turismo e hostalería	68	1.134	3.195.070
Total	1.333	22.005	38.590.941

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

Para estes efectos os técnicos de formación ocupacional das delegacións provinciais da consellería realizan, durante o período da súa impartición, unha media de tres visitas a cada un dos cursos aprobados dentro da programación. Nestas visitas emítese un informe que, con independencia doutros efectos, servirá para valora-la calidade dos cursos impartidos por cada entidade con vistas ó baremo que servirá para aproba-la programación do ano seguinte.

○ informe de inserción laboral dos cursos

A través do cruce dos datos do sistema informático de formación ocupacional e os do Servicio Público de Empleo de Galicia elabórase un informe sobre a inserción laboral dos alumnos participantes nos cursos de formación ocupacional, que remataron o curso con avaliación positiva.

Nestes intres, e dado que a data límite para o remate dos cursos da programación do ano 2002 era a do 30 de novembro, só contamos cos datos de inserción laboral referidos á programación de 2001.

O informe xeral da inserción laboral dos cursos da programación de 2001 reflicte, ós 12 meses desde a data límite para a finalización dos cursos, os seguintes datos:

18.325 alumnos que remataron o curso con avaliación positiva.

10.006 baixas por colocación ou outras causas.

54,60% de alumnos inseridos laboralmente.

Homologacións

Os centros colaboradores de formación ocupacional son aquelas entidades que, cumpridos os requisitos e seguido o procedemento establecido na normativa vixente (Decreto 158/2001, do 29 de xuño, (DOG nº 136, do 13.07.2001), obtiveron a homologación dalgunha especialidade formativa, outorgada por resolución do director xeral de Formación e Colocación, e a conseguinte inscrición no Censo de Centros Colaboradores de Formación Ocupacional na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Censo de Centros Colaboradores é un libro-rexistro, con soporte informático, onde se inscriben, co número de censo que corresponda, as entidades que obteñan a homologación dalgunha especialidade formativa. Na actualidade hai un total de 823 centros censados.

Segundo se especifica na normativa vixente, tódalas especialidades formativas que se impartan dentro da programación do Plan FIP deberán estar incluídas no ficheiro de especialidades homologadas polo INEM e comprenderán as especificacións técnico-docentes e o contido formativo axeitado de acordo co seu nivel formativo e o grao de dificultade establecido. Isto fai que o Censo de Centros Colaboradores sexa un instrumento fundamental de cara a aprobación das distintas programacións do Plan FIP e resalta a necesidade de contar cun amplo número de centros inscritos e de que estes contén coa maior variedade posible de especialidades formativas homologadas. A data 31 de decembro de 2002 había homologadas un total de 369 especialidades. O descenso deste número respecto do ano anterior é debido a que o INEM deu de baixa a moitas especialidades.

Sectorialización

No ano 2002 continuouse co esforzo sostido de progresiva mellora no eido da calidade da formación, baseada nalgúns elementos clave: o axuste da oferta formativa anual ós requirimentos do mundo productivo, o que implica unha metodoloxía de detección de necesidades de formación precisa e realista; a inserción laboral dos alumnos formados como referencia prioritaria, o perfeccionamento continuo dos docentes desde a vertente técnico-profesional e didáctica; a aproximación dos equipos e métodos de traballo ó que demandan as empresas, o que supón prioriza-la formación no posto de traballo e as prácticas non laborais, e, por último, a concreción de interlocutores sectoriais válidos e involucrados no proceso formativo.

O desenvolvemento da programación levada a cabo como consecuencia da Orde da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude do 22 de novembro, pola que se establecía a convocatoria pública para a programación dos cursos do Plan FIP na nosa Comunidade Autónoma para o exercicio do ano 2002, estivo centrada nos sectores que a continuación se especifican, o que supuxo un investimento de preto de 38.500.000 euros coa seguinte distribución:

CURSOS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN

No exercicio do ano 2002 mantívose o criterio de potencia-la figura dos cursos de formación ocupacional con compromiso de contratación, mantendo o requisito dos anos anteriores de contratar a un 60% dos alumnos que inicien o curso por

un período mínimo de 6 meses a xornada completa ou tempo equivalente, no caso de que a contratación non sexa a xornada completa.

Estes cursos, aínda que se financian con cargo ó orzamento do Plan FIP teñen unha partida específica e, para facilita-la entrada das entidades interesadas en participar nesta vía de acceso á formación ocupacional, non se estableceu data límite para presenta-la solicitude correspondente (fronte ó resto das solicitudes que se tiñan que presentar no prazo de 20 días hábiles desde o seguinte á publicación da orde) para facilitar que a solicitude se adaptase ás necesidades productivas da entidade.

Programación de medios propios

Con cargo ó orzamento do Plan FIP impartíronse, na programación do ano 2002, un total de 224 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe total de 5.231.049 euros. Nestes cursos participaron 3.324 alumnos.

Hai que destacar o aumento, respecto a anos anteriores, tanto o número dos cursos, un 44,51%, e polo tanto o número de alumnos, un 47,47%, coma a dotación orzamentaria, un 45,62%.

Distribución xeográfica

A distribución xeográfica destes cursos foi a seguinte:

Estes cursos impartíronse nos centros propios dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, que son: os centros de formación ocupacional de Santa María de Europa (Ourense), o de Coia (Vigo) e o de Labañou (A Coruña), e os de Ferrol, Lugo e Viveiro; nas unidades de acción formativa (UAF) de Ames, Melide, Negreira e Monforte de Lemos; e o Centro Nacional de Formación Ocupacional (CNFO) de Santiago de Compostela. Tamén se impartiron cursos noutros centros mediante convenios coas Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, a de Pesca e Asuntos Marítimos e a de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Continuando co procedemento iniciado en 2001 impartíronse cursos mediante a modalidade de concurso. A situación física dos centros de formación ocupacional da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e dos centros colaboradores, e a carencia de equipamento móbil suficiente para atender tódalas posibilidades fai que, en ocasións, se produza un desaxuste entre a oferta formativa dunha comarca e os datos máis relevantes do seu mercado de traballo (profesións máis ofrecidas polas empresas, maior número de contratos laborais, etc.) O Instituto Galego das Cualificacións fixo un estudio sobre estes desaxustes e adoptouse como solución para este problema a contratación, a través de concurso público, daqueles cursos que, tendo unha demanda empresarial evidente, se se teñen en conta os contratos e ofertas de traballos nunha comarca empresarial determinada, non se podían facer por falta de equipamento propio ou alleo homologado. No ano 2002, catro entidades impartiron mediante esta modalidade 16 cursos a 253 alumnos, cun presuposto de 540.828 euros.

PLAN AUTONÓMICO DE FORMACIÓN DE FORMADORES

Para comeza-la aplicación do Decreto 292/2000, do 21 de decembro, sobre aprobación do certificado de profesionalidade da ocupación de formador ocupacional,

durante o ano 2002 desenvolveuse a Orde do 31 de xaneiro de 2002, da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, pola que se establecía a convocatoria pública para participar na programación de cursos de carácter presencial do Plan Autonómico de Formación de Formadores de Formación Profesional Ocupacional do ano 2002 (DOG nº 31, do 12 de febreiro de 2002).

Cursos de formador de formadores

No exercicio de 2002 programáronse 43 cursos de metodoloxía didáctica, na modalidade de presencial.

Cursos monográficos

Para continua-lo traballo iniciado nos anos anteriores, convocados pola Orde do 31 de xaneiro de 2002, programáronse 23 cursos monográficos nos que se esixía como requisito previo o de ter realizado xa o curso de metodoloxía didáctica.

OUTRAS ACCIÓNS FORMATIVAS

A Dirección Xeral de Formación e Colocación programou no exercicio do ano 2002 unha serie de accións formativas complementarias dos cursos do Plan de Formación e Inserción Profesional (FIP), debido a que a regulación deste Plan, que conta cun catálogo preestablecido de especialidades homologadas, pode deixar sen atender especialidades formativas de especial interese, tanto desde o punto de vista do colectivo que atenden, como dos sectores productivos ós que se dirixe.

Estas accións reguláronse a través da Orde do 12 de abril de 2002, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do Plan FIP cofinanciadas polo Fondo Social Europeo na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ó exercicio do ano 2002.

Ó amparo desta Orde, programáronse un total de 518 accións formativas incluídas en dous programas, un dirixido a desempregados e outro dirixido a ocupados. Nelas participaron un total de 8.487 alumnos. O orzamento total foi de 3.445.686 euros.

O PLAN DE PERFECCIONAMENTO TÉCNICO

Cada ano o Instituto Nacional de Emprego convoca unha serie de cursos de perfeccionamento técnico para os docentes dos cursos de formación ocupacional, que se levan a cabo nos centros nacionais de formación ocupacional distribuídos por todo o territorio do Estado.

Neste apartado a Dirección Xeral de Formación e Colocación realiza unha función de intermediación en catro fases:

- Dar a publicidade necesaria á convocatoria do INEM entre os docentes que realizan o seu labor no ámbito da comunidade autónoma.
- Remitir, informadas favorablemente polo director xeral, as solicitudes de participación nestes cursos presentados polos docentes.
- Comunicar ós docentes a súa admisión nos cursos solicitados, así como, aqueles datos que deban coñecer para participar nestes.

- Poñer en coñecemento dos servizos centrais do INEM a relación dos seleccionados que manifesten a súa dispoñibilidade para asistir a estes.

No ano 2002, na Comunidade Autónoma de Galicia programáronse cinco cursos no CNFO de Santiago de Compostela, ó que asistiron docentes do Plan FIP ou escolas obradoiro de diversas comunidades do Estado. Por outra banda, 49 docentes desta comunidade acudiron a 35 cursos impartidos en centros nacionais da rede.

PLAN DE CALIDADE EN CENTROS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL

Desde que a Xunta asumiu as competencias de xestión da formación profesional ocupacional en 1993, fixouse como obxectivo a mellora da calidade dos cursos, axustándoos ós obxectivos de acadar a competencia profesional do alumnado para a súa inserción laboral. Para lograr este obxectivo establecéronse as seguintes actuacións:

Primeira.- dirixida ós centros e ás dotacións utilizadas na formación. Para isto aprobáronse os correspondentes decretos de homologación.

Segunda.- orientada á calidade do profesorado, con dúas accións: o Plan de Perfeccionamento Teórico de Formadores do Plan FIP, xestionado polo INEM e o Plan Autonómico de Formación de Formadores de Formación Profesional Ocupacional.

Terceira.- dirixida á mellora dos procedementos de planificación, xestión, seguimento e avaliación das accións formativas por parte da propia consellería. A Dirección Xeral de Formación e Colocación puxo en marcha diferentes medidas orientadas á garantía da calidade e obxectividade nas súas programacións anuais.

En 1999 considerouse chegado o momento de dar un paso máis na mellora da calidade da formación profesional ocupacional en Galicia, achegándonos ó concepto de calidade total e procurando artellar unha acción conxunta entre administración xestora e centros colaboradores e impartidores. Tratábase, ademais, de incorporar novos conceptos máis esixentes, referidos á calidade dos procesos internos dos centros, á satisfacción do persoal e dos usuarios, á capacidade de planificación axeitada ós obxectivos de cada acción, etc. Contratáronse os servizos dunha empresa allea á administración para redactar un modelo matriz de control de calidade na xestión, segundo o modelo europeo de calidade total, co obxecto de incorporalos máis novos conceptos da calidade, entendida como a busca da excelencia na formación ocupacional.

En 2000, á vista dos resultados obtidos, considerouse necesario continua-lo labor iniciado no ano 1999, co fin de conseguir unha mellora global da formación ocupacional en Galicia. Por isto, quíxoselle dar continuidade á implantación do modelo de excelencia iniciado a través de dúas vías: profundando na implantación do modelo nos 60 centros que participaron no proxecto piloto e difundindo o modelo e iniciando a súa implantación noutros 40 centros.

No ano 2001, co fin de seguir avanzando na implantación do modelo de excelencia nos centros de formación ocupacional de Galicia, iniciado nos dous anos anteriores, aborouse unha terceira etapa deste proxecto. O criterio de selección dos centros participantes foi dobre: por unha banda debían de ser centros que participaran no proxecto no ano anterior e, pola outra, que tivesen un mínimo de dous

■ Cadro 6.5

Formación ocupacional. Plano FIP. Datos do Censo de Centros Colaboradores. Por provincias. Galicia. 1999-2002

	Censados no ano 1999	Censados no ano 2000	Censados no ano 2001	Censados no ano 2002
A Coruña	214	239	290	243
Lugo	157	169	189	173
Ourense	135	146	158	143
Pontevedra	230	248	296	264
Total	736	802	933	823

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

curso programados no ano 2001, co que conseguimos maior representatividade e a avaliación dun maior volume de xestión.

Co proxecto do ano 2001, no que participaron 80 centros de formación ocupacional, remata o período de tres anos fixado desde o inicio para ter certa comparatividade respecto dos centros e das súas actuacións de mellora ó longo de tres anos consecutivos. Unha vez rematada a primeira fase do proxecto, e para proseguir apoiando activamente a implantación do modelo de excelencia desenvolvido e estendelo á totalidade de centros de formación profesional ocupacional, a Dirección Xeral de Formación e Colocación convocou un novo concurso, de carácter plurianual para os anos 2002 e 2003, no que se incluíron tres grupos de centros: os 80 centros colaboradores incluídos no proxecto de 2001; 117 centros colaboradores non incluídos no proxecto de 2001, e, como novidade, os seis centros propios dependentes da consellería e as unidades de acción formativa de Bertamiráns e Monforte de Lemos.

O PLAN GALEGO DE FORMACIÓN PROFESIONAL

O ano 2001 supón un fito pola aprobación do Plan Galego de Formación Profesional (PGFP) polo Consello da Xunta de Galicia, o día 27 de xuño. O plan aparece contextualizado no marco do desenvolvemento do II Programa Nacional de Formación Profesional e dos Acordos polo crecemento e o emprego en Galicia 1998/2001. Supón un impulso ás políticas de orientación, formación e cualificación profesional da Comunidade Autónoma Galega ata o ano 2006, cunha previsión de máis de 1.100.000 beneficiarios e un investimento superior ós 1.208 millóns de euros.

O PGFP destaca a necesidade de obter un sistema integrado de cualificación, formación e orientación profesional que permita:

Asegurar niveis de calidade de formación homologables no contexto europeo

Posuír unha alta valoración no seo das organizacións productivas e que sexa percibido pola sociedade como unha vía de acceso ó emprego e de progreso profesional e social.

Mellora-la calidade da formación profesional.

Para conseguir estes obxectivos, os principais programas de actuación que recolle o PGFP son os seguintes:

1. Reforza-las institucións da FP.
2. Mellora-la ordenación do sistema.

3. Participación dos axentes sociais no sistema da FP.
4. Observa-lo mercado de traballo.
5. Elabora-las cualificacións profesionais vinculadas á estrutura productiva de Galicia.
6. Implantar un sistema de recoñecemento, avaliación e certificación da competencia da poboación activa.
7. Colaboraren as empresas e os centros formativos.
8. Crear unha rede integrada de información e orientación profesional.
9. Crear unha rede de centros integrados de FP.
10. Crear unha estrutura integrada de formación do profesorado.
11. Reforza-la implantación da FP de base.
12. Implantar ciclos e especialidades formativas relacionados especialmente co desenvolvemento rexional e local.
13. Promover profesións non vocacionais con demanda no mercado de traballo.
14. Formación profesional inicial para mozos que buscan o primeiro emprego.
15. Incrementa-la FP a distancia.
16. Apoiar ós traballadores con contratos formativos.
17. Implantar un plan de calidade e avaliación dos subsistemas de FP.

6.3. Formación ocupacional

6.3.1. Programación da formación ocupacional

O resumo ou avance de memoria subministrado pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais que transcribimos no epígrafe anterior (6.2), debe necesariamente, acompañarse dos comentarios que a súa lectura suxire e tomando como ferramentas de traballo imprescindible o Plan Galego de Formación Profesional (PGFP) de xuño de 2001.

O balance de resultados en canto ó subsistema de formación ocupacional comparada coa memoria de resultados do ano 2002 (comparación dos cadros 6.1 de ámbolos informes), permítenos establecer os seguintes comentarios:

As dúas vías coas que conta a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, para a elaboración da programación anual de formación profesional ocupacional, son as seguintes:

Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, Plan FIP.

O Fondo Social Europeo, FSE.

Do cadro 6.1, que resume a programación anual de Galicia podemos extrae-las notas que caracterizaron, a grandes trazos, a formación ocupacional en 2002.

A evolución nos últimos cinco anos amosa cambios nas cifras de actividade. Así, contemplando os informes dos últimos anos variaron as cifras globais de orzamentos –comprendendo a totalidade, é dicir, FIP e FSE- asignada á materia formativa; asemade, o número de alumnos formados anualmente, e mesmo o número de cursos. Outro cambio produciuse polo transvase de recursos, antes canalizados a programas do Fondo Social Europeo e hoxe reorientados a programas FIP, o que non deixa de te-la súa lóxica xa que ámbolos programas tenden a buscar complementariedade e especialización.

6.3.1.1. Plan FIP

É patente a absoluta preponderancia que o Plan FIP ten no global da programación como a continuación examinaremos.

As áreas funcionais son unha agrupación de comarcas en conxuntos territoriais axeitados ás necesidades do servizo, tomando sempre como base a división territorial do Mapa Comarcal de Galicia. Con tal figura se pretende agrupar a aqueles concellos que teñen unhas características comúns no relativo ás necesidades de formación e ás características do desemprego neles.

A continuación recollémo-la programación correspondente ó exercicio de 2002 distribuída polas áreas funcionais das catro provincias (cadro 6.3). O desenvolvemento da programación dos cursos do Plan FIP para o exercicio de 2002 estivo centrada nos sectores que se especifican no cadro 6.4.

Tendo en conta o tipo de entidades que colaboran na impartición dos cursos de programación da formación profesional ocupacional do Plan FIP dirixido ós desempregados, estes se distribúen en tres categorías:

A) Cursos Centros Colaboradores

Os datos do informe 2002, ofrecen un aumento global tanto do número de cursos 2.212 (2001:1.851), como do número de alumnos 35.804 (2001: 30.429), como do presuposto 49.469.093 (2001: 47.966.239) euros. Aumentan así, coa única excepción do Plan Autonómico de Formación de Formadores, (o número de cursos (19,50%), alumnos (17,66%) e presupostos asinados (3,13%)), os demais programas formativos.

O 78,01% (ano 2001: 78,81%) do presuposto do Plan FIP se destina á formación a través de centros colaboradores de formación.

Estes cursos aprobáronse, como xa queda dito, segundo o establecido na Orde do 22 de novembro de 2001 pola que se establecía a convocatoria pública para a programación do Plan FIP correspondentes ó exercicio de 2002, a través das Comisións de Avaliación constituídas nos servizos centrais e en cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Como xa comentamos en anteriores informes e desde a perspectiva de obxectivos deseñada no Programa Nacional, bótase en falta unha maior concreción, cando menos explicitada publicamente no contido da programación de cada ano para Galicia, as proxeccións e decisións económico-financeiras, que deben, nos termos do capítulo VI do referido Programa Nacional, expresarse anualmente nas correspondentes memorias de xestión ou como observa o obxectivo quinto do capítu-

lo IV, se concreten plans de actuación formativa a partir da información obtida polos observatorios e priorízalo de acordo cos plans anuais de emprego. Xa referimos a importancia dos traballos que está a realiza-lo recentemente creado Instituto Galego das Cualificacións, dos que cabe subliñar o “Estudio do mercado laboral” en cada unha das catro provincias galegas no que se están a detectar as ocupacións nas que as ofertas de emprego exceden á demanda segundo as áreas funcionais, o que permite orientar ou induci-la homologación destas especialidades territorialmente nos centros colaboradores de formación ocupacional. A necesidade de tales axustes aparece acertadamente exposta na análise xa comentada contida no Plan Galego de Formación Profesional.

En 2002 o número de cursos impartidos polos centros colaboradores, previamente homologados, é de 1.333 (2001:1.305) ós que asistiron un total de 22.005 (2001: 21.1849) alumnos, cun orzamento de 38.590.941 euros (2001: 37.739.130 euros).

O cadro 6.4 informa da distribución sectorial por cursos, alumnos e orzamento asignada a centros colaboradores.

B) Cursos con compromiso de contratación (cadro 6.6).

■ Cadro 6.6 **Formación ocupacional. Plano FIP. Programación de cursos con compromiso de contratación. Por provincias. Galicia 2002**

	Empresas	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Coruña	14	23	372	442.997
Lugo	8	13	183	436.297
Ourense	7	17	263	326.271
Pontevedra	12	39	556	853.794
Galicia	41	92	1.374	2.059.359

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

Cursos con compromiso de contratación. Sectorización. Ano 2002

■ Cadro 6.7

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamento
Agricultura	1	13	26.704
Automoción	7	93	23.604
Comercio, marketing e vendas	15	240	209.238
Construcción	1	10	56.030
Industria	24	345	620.131
Industria agroalimentaria	7	106	233.589
Madeira e moble	1	18	18.369
Sanidade	7	108	99.628
Servicios	11	172	284.407
Téxtil	16	239	421.029
Turismo e hostalería	2	30	66.631
Total	92	1.374	2.059.360

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

Os cursos con compromiso de contratación FIP pasaron de 163 (2001) a 263, elevando o número de alumnos de 2.428 en 2001, ó de 3.812 alumnos en 2002. Non obstante sendo esta unha fórmula formativa de sumo interese as súas cifras no total da formación, tan só representan un 6% (8,79% en 2001) do presuposto de formación, e os alumnos formados mediante esta modalidade representan o 10,64% (2001: 11,13%) do total de alumnos formados neste ano. Outro cambio importante respecto do ano precedente é a maior contribución neste programa do FSE

No cadro 6.6 e 6.7 reflíctese a distribución provincial de cursos FIP, alumnos e orzamento por sectores de actividade.

C) Cursos Centros Propios (cadro 6.8).

**Formación ocupacional. Plano FIP. Programación de medios propios.
Por provincias. Galicia. 2002**

■ Cadro 6.8

	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Coruña	110	1.631	2.565.045
Lugo	49	754	1.320.739
Ourense	45	623	602.320
Pontevedra	20	316	742.945
Totais	224	3.324	5.231.049

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

Por último, os cursos impartidos polos Centros Propios da Xunta, representan un 7,48% dos seus recursos económicos, un 7,40% do total de alumnos formados e un 8,37% do total de cursos.

Con cargo ó orzamento do Plan FIP impartíronse na programación de 2002 un total de 155 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe total de 597.670.851 pesetas. Nestes cursos participaron 2.254 alumnos

A programación impartida a través destes centros de formación propios da Xunta, trata de incorporar aquelas especialidades que os centros colaboradores non poden impartir ó non estar homologados, ben nalgúns dos concellos galegos ou nalgúns especialidades, coa finalidade de cubri-las lagoas territoriais e formativas da Programación do Plan FIP.

O cadro 6.9 expresa a distribución da mesma modalidade de cursos segundo os sectores.

6.3.1.2.- Outras accións formativas.

Como xa se sinalou e fóra da programación de cursos do Plan FIP, a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, por Orde do 28 de marzo de 2001, procedeu a convocar axudas e subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

**Formación ocupacional. Plano FIP. Programación de medios propios.
Por sectores. Galicia. 2002**

■ Cadro 6.9

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamento
Administración e oficinas	5	77	117.828
Agricultura	19	290	361.470
Artesanía	3	35	61.369
Automoción	6	97	144.753
Comercio, marketing e vendas	6	80	110.781
Comunicación	3	48	57.412
Construcción	21	321	704.115
Industria	40	597	1.019.702
Industria agroalimentaria	3	36	48.993
Madeira e moble	19	284	570.695
Mantemento instalacións	24	353	673.064
Pesca e acuicultura	1	15	23.058
Sanidade	4	58	114.896
Servicios	58	851	818.845
Téxtil	6	92	129.369
Turismo e hostalería	6	90	274.700
Total	224	3.324	5.231.050

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

As accións formativas comprendían dous programas independentes entre si. O primeiro dirixido a desempregados inscritos no Servicio Público de Emprego, agrupados en tres subprogramas. Un primeiro subprograma presentado por empresas ou grupos de empresas con compromiso de contratación, e que, polas súas especiais características non se axusten ó Plan FIP. Un segundo subprograma, destinado a cursos de posgrao e cursos organizados por escolas de especialización profesional das universidades galegas, ou entidades universidade/empresa, dirixidos á mellora da empregabilidade dos titulados universitarios, que teñan carácter ocupacional e sexan útiles para a mellora da inserción laboral dos posgraduados. Un terceiro subprograma destinado a accións de carácter experimental (novos filóns de emprego, medio ambiente, novas tecnoloxías de comunicación). Un segundo programa diríxese a ocupados. Agrúpanse en dous subprogramas: o primeiro subprograma, plans formulados polos conglomerados industriais ou clúster constituídos no ámbito da comunidade autónoma, organismos sectoriais ou paritarios e outras organizacións empresariais e sindicais representativas no ámbito sectorial ou territorial. E segundo subprograma, plans de empresas, individualmente consideradas, que presenten proxectos formativos que poidan considerarse de carácter estratéxico.

Así, como reflicte o cadro 6.10, isto supuxo a realización de 206 cursos, nos que participaron 4.259 alumnos, cun orzamento total de 530.147.955 pesetas.

6.3.2. Os centros de formación profesional ocupacional

6.3.2.1. Centros colaboradores

O Censo de Centros Colaboradores é un libro-rexistro, con soporte informático, onde se inscriben, co número de censo que corresponda, as entidades que obte-

Cadro 6.10
Formación ocupacional. Accións formativas cofinanciadas polo FSE

Programas	Cursos	Alumnos	Orzamento
1 Desempregados			
1a Compromisos de contratación			
Fundación de Estudos e Análises (FESAN)	3	43	60.501
Peugeot Citroën Automóviles España, SA	164	2.337	78.226
Prevent Vigo, SA	1	14	31.196
Semiproducciones Trabes, SL	1	17	23.841
Serviguide, SL	1	15	28.835
Talleres Trébore, SL	1	12	32.907
1b Cursos de posgrao e cursos organizados por escolas de especialización			
Escola de práctica xurídica	7	149	47.768
Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA)	1	21	69.462
Universidade de Santiago de Compostela	3	47	84.832
1c Accións de carácter experimental e complementarias das reguladas no Plan			
Asociación Plataforma polo Emprego	1	10	7.980
Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo	1	12	13.166
Centro de artesanía e deseño Galici-Inludes	1	15	15.366
COGAMI - Santiago	3	65	60.000
Creación, Asesoría y Desarrollo, SL	1	122	147.419
Cruz Vermella Española. Comité provincial de Lugo	2	30	29.460
Excma. Deputación Provincial (INLUDES)	2	32	61.165
F. Fomento Cal. Indus. e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia	1	15	16.299
FADEMGAL FEAPS Galicia	3	24	60.042
Fundación Costa de Galicia	1	18	34.848
Fundación Laboral da Pizarra	1	23	40.933
Fundación Monte do Gozo (Proxecto Home Galicia)	9	114	171.167
Fundación Paideia Galicia	3	42	60.000
2 Ocupados			
2a Plans de formación formulados polos conglomerados industriais ou clúster constituídos no ámbito da C.A., organismos sector. e paritar			
Empresar. e sindicais repres. no ámbito sect. ou territ.			
Asociación de Empresarios da Comarca Val Miñor	1	15	3.192
Asociación Téxtil de Galicia	5	43	19.008
Asociación de Empresarios de Ferrolterra	1	16	2.640
Asociación Industriais Electricistas da provincia da Coruña	2	30	8.640
Asociación Profesional de Xóvenes Agricultores (ASAJA)	4	64	48.600
Asociación Autónomos de Galicia	4	60	5.940
Asociación Empresarios Terra de Melide	1	17	9.260
Asociación Provincial de Restauración de Santiago	3	42	16.177
CEAGA	24	306	84.444
CEO-SEFE-Centro Praza do Trigo-Ourense	7	107	25.380
CISE Montero Ríos	13	190	63.720
Confederación de Empresarios da Coruña	1	25	66.960
Federación Galega de Comercio	35	395	117.875
Federación Minerometalúrxica de CCOO de Galicia	4	62	47.520
Fundación Prom. Innova. Investig. Automoción Galicia	33	268	116.429
Fundación Laboral da Construción	2	43	10.164
Parque Tecnolóxico de Galicia	4	71	77.421
Sindicato Labrego Galego	4	60	48.600
UGT-IFES	5	73	51.300
Unión Coop. "Asoc. Galega de Coop. Agrarias" - AGACA	4	55	48.600
Unión de Empresarios de Ferrol e Comarca - CEF	1	15	5.670
Unións Agrarias de Galicia	4	62	48.600

2b Plans de empresas, individualmente consideradas, que presente formativos que poidan considerarse de carácter estratéxico			
Adolfo Domínguez, SA	1	10	2.592
Asientos de Galicia, SL	18	271	229.878
AGAPI	9	89	52.782
Academia Postal 3	2	30	73.440
Asociación C. de Empresarios do Carballiño	1	16	4.990
Asociación Cluster Naval Gallego "ACLUNAGA"	2	50	88.478
Asociación Comarcal Empresarios do Deza	4	60	13.000
Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo	1	13	16.390
Asociación Provincial de Instaladores - FONCALOR	1	25	34.615
Asociación Provincial de Restauración - Santiago	5	66	28.482
Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago	9	1.316	147.237
Centro Artesanía e Deseño Galicia - INLUDES	4	56	62.595
CEP - Vigo	21	308	72.814
COPRACA S Coop. Galega	1	19	16.200
Esgarr Víctor, SL	1	15	6.048
Federación Galega de Academias	5	75	140.400
Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA)	2	33	24.048
Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia	5	68	27.960
Fundación Laboral da Pizarra	5	61	26.784
Fundación Ronsel	6	91	9.720
Instituto Enerxético de Galicia - INEGA	2	30	27.933
Peugeot Citroën Automóviles España, SA	3	55	3.377
Televisión de Galicia, SA	10	130	16.567
Total	491	8.083	3.227.883

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

ñan a homologación dalgunha especialidade formativa. Por Decreto 158/2001, regulouse o procedemento para homologación de especialidades formativas e para inscrición no Censo de Centros Colaboradores de Formación Ocupacional da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (DOG. nº 136 do 13.07.2001). Na actualidade hai (cadro 6.5) un total de 823 centros censados.

6.3.2.2. Centros propios

Os cursos con medios propios tamén experimentaron en termos absolutos e relativos un crecemento, tanto en número de cursos 224 (2001: 155), como en número de alumnos 3.324 (2001: 2.254) e así mesmo en orzamento 5.231.049 (2001: 3.592.072). O que representa porcentualmente o 10,57% (2001: 7,48%) do total de recursos económicos asignados a formación e un 9,28% (2001: 7,40%) do alumnado.

6.3.3. Formación dos docentes de formación profesional ocupacional

6.3.3.1. Plan Autonómico de Formación de Formadores

Continuando coa aplicación do Decreto 424/1996, do 21 de novembro, a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude procedeu para 2001 a publica-la Orde do 18 de xuño de 2001 (DOG do 27.06.2001). Non obstante establecérase con anterioridade a obrigatoriedade, a partir da programación de cursos correspondente ó ano 2000, de que tódolos docentes estivesen en

posesión dun diploma que acreditase a realización do curso de metodoloxía didáctica, ou ben de calquera outro validado. Obriga que non entrou en vigor nas convocatorias dos anos 2000 e 2001, sendo establecida por Decreto 292/2000, do 21 de decembro (DOG 29.12.2000). Dita norma derogou a citada en primeiro lugar, limitou os cursos exclusivamente á formación dos docentes que imparten accións de formación ocupacional da correspondente programación anual e adaptou o programa formativo ás esixencias do aprobado certificado de profesionalidade da ocupación de formador ocupacional.

No exercicio de 2002, as accións formativas a programar son as seguintes:

I Cursos de carácter monográfico, especialmente dirixidos á especialización e actualización docente.

Continuando co traballo iniciado nos anos anteriores, a Orde do 31 de xaneiro de 2002 que estableceu a convocatoria pública para a participación na programación de cursos do Plan Autonómico de Formación de Formadores de Formación Ocupacional de 2001 convocou para a súa realización 23 cursos monográficos nos que se esixía como requisito previo o de ter realizado xa o curso de metodoloxía didáctica.

II Cursos de perfeccionamento técnico profesional, que teñen como obxectivo capacitar ós alumnos para o desenvolvemento de tarefas profesionais relacionadas cos contidos dos diferentes cursos de formación ocupacional.

Cada ano o Instituto Nacional de Emprego convoca unha serie de cursos de perfeccionamento técnico para os docentes dos cursos de formación ocupacional, que se celebran nos centros nacionais de formación ocupacional distribuídos por todo o territorio do Estado. Neste apartado a Dirección Xeral de Formación e Colocación realiza unha función de intermediación.

6.3.4. Inserción Laboral

Por último con referencia ó ano 2001, a Consellería de Asuntos Sociais e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude ofrece os seguintes datos da inserción laboral.

A situación dos alumnos de formación ocupacional da programación de 2001 que aprobaron é a seguinte:

Sexo	Alumnos aprobados	Atoparon traballo	%
Homes	6.973	4.340	62,24
Mulleres	11.352	5.666	49,91
Total	18.325	10.006	54,60

Continúase sen definir qué debemos entender por inserción laboral derivada da formación e establecer unha metodoloxía que permita analizar e avalia-lo obxectivo esencial da formación. Non se pode entender por inserción laboral a situación dos alumnos do Plan FIP 2001 con avaliación positiva que, a data do estudio, estiveran de baixa como demandantes de emprego por colocación, outras causas, ou demanda suspendida, posto que os tres casos supoñen que deixan de considerarse como parados rexistrados. É necesario buscar un indicador máis axeitado. As ordes polas que se aprobaban o programa de fomento da contratación por conta allea para os últimos anos, establecía, como axuda á contratación indefinida inicial, a xornada completa ou parcial e a contratación inicial dos colectivos de desempregados obxecto de protección, a isto se complementaba ou sumaba con outra axuda, dun maior importe, cando se trataba da contratación de desempregados que realizaran cursos do Plan FIP nas programacións correspondentes a tales anos. Os datos que ofrece tal formulación son facilmente accesibles, unidos ós que se determinaran as demais modalidades contractuais, e unidos ó seguimento doutras alternativas de emprego, que relacionasen a formación impartida coa posterior colocación, de maneira directa ou indirecta, nun período temporal prudencial tralas accións formativas, permitiría aproximarse a un razoable estudio da inserción conseguida por esta concreta acción, permitindo afinar, coas demais medidas xa comentadas, os sucesivos programas anuais. A tal fin resultan de sumo interese os estudos de mercado laboral por provincia publicados nos últimos anos. Tales estudos delimitan por áreas funcionais o paro rexistrado, as ofertas de emprego recibidas no Servicio Galego de Colocación, as demandas de emprego e os centros homologados para a formación. Tales instrumentos permiten axotar ou delimitar a acción formativa eficaz, a tendente a realizar axilmente unha formación demandada e vincular a un obxectivo apreciable de inserción profesional, claramente verificable por tales indicadores.

O cadro de inserción laboral por especialidades (cadro 6.11) permítenos, aínda con tales reservas, observar que a porcentaxe media de inserción laboral FIP foi do 54,60%, e que dita media é superada en sectores como industrias manufactureiras (94,44%), de automoción (87,50%), seguido da industria pesada e construcións metálicas (81,67%), industrias téxtiles (61,80%) e mantemento e reparación (62,51%), comercio, márketing e vendas (59,98%). Outros sectores agraria, administración e oficinas, artesanía, servizos ás empresas, industrias alimentarias,, industrias da madeira e a cortiza, sanidade mostran índices de inserción por baixo da media, aínda que oscilan segundo as cualificacións.

Alumnos formados contratados e porcentaxe de inserción. Por familia profesional. Galicia 2002

■ Cadro 6.11

	Formados	Contratados	Inserción %
Agraria	553	233	42,13
Administración e oficinas	2.812	1.335	47,48
Artesanía	280	91	32,50
Automoción	488	427	87,50
Comercio	947	568	59,98
Docencia e investigación	405	240	59,26
Servicios ás empresas	4.506	2.239	49,69
Edificación e obras públicas	795	487	61,26
Fabricación de equipos electromecánicos	124	84	67,74
Industrias agroalimentarias	203	100	49,26
Industrias gráficas	70	39	55,71
Información e manifestacións artísticas	195	93	47,69
Industria pesada e construcións metálicas	802	655	81,67
Industrias químicas	78	44	56,41
Industrias téxtis, da pel e o coiro	623	385	61,80
Industrias da madeira e a cortiza	364	162	44,51
Montaxes e instalacións	602	344	57,14
Mantemento e reparación	232	145	62,50
Industrias manufactureiras diversas	108	102	94,44
Pesca e acuicultura	13	7	53,85
Producción, transformación e distribución de enerxía e auga	40	28	70,00
Sanidade	1.150	569	49,48
Seguros e finanzas	396	201	50,76
Servicios á comunidade e persoais	1.157	598	51,69
Transportes e comunicacións	660	437	66,21
Turismo e hostalería	722	393	54,43
Total	18.325	10.006	54,60

Fonte: Base de datos do FORCEM

■ Cadro 6.12

Número de plans de formación e financiación segundo tipo de plan e fases de tramitación. Galicia. 2002

	Plans solicitados	Financiación solicitada	Plans aprobados	Financiación aprobada
Plan de Empresa e Grupo de Empresas	147	26.694,94	139	4.116,37
Plan Agrupado (Agrupado e Economía Social)	78	70.159,02	65	10.198,70
Plan de oferta	166	259.184,64	141	18.276,65
Total	391	356.038,61	345	32.591,71

En miles de euros

Fonte: Base de datos da Fundación para a Formación Continua (FORCEM)

■ **Cadro 6.13****Número de plans de formación e financiación segundo tipo de plan e fases de tramitación. A Coruña. 2002**

	Plans solicitados	Financiación solicitada	Plans aprobados	Financiación aprobada
Plan de Empresa e Grupo de Empresas	64	9.648,65	62	2.181,71
Plan Agrupado (Agrupado e Economía Social)	39	16.024,37	33	1.923,43
Plan de oferta	63	92.576,73	53	8.474,82
Total	166	118.249,75	148	12.579,96

En miles de euros

Fonte: Base de datos da Fundación para a Formación Continua (FORCEM)

■ **Cadro 6.14****Número de plans de formación e financiación segundo tipo de plan e fases de tramitación. Lugo. 2002**

	Plans solicitados	Financiación solicitada	Plans aprobados	Financiación aprobada
Plan de Empresa e Grupo de Empresas	8	965,64	8	65,42
Plan Agrupado (Agrupado e Economía Social)	7	10.876,76	6	1.816,21
Plan de oferta	13	31.484,81	11	2.140,82
Total	28	43.327,21	25	4.022,46

En miles de euros

Fonte: Base de datos da Fundación para a Formación Continua (FORCEM)

■ **Cadro 6.15****Número de plans de formación e financiación segundo tipo de plan e fases de tramitación. Ourense. 2002**

	Plans solicitados	Financiación solicitada	Plans aprobados	Financiación aprobada
Plan de Empresa e Grupo de Empresas	11	1.479,27	11	298,07
Plan Agrupado (Agrupado e Economía Social)	10	15.069,47	8	2.830,51
Plan de oferta	15	20.166,82	12	723,87
Total	36	36.715,56	31	3.852,44

En miles de euros

Fonte: Base de datos da Fundación para a Formación Continua (FORCEM)

■ **Cadro 6.16****Número de plans de formación e financiación segundo tipo de plan e fases de tramitación. Pontevedra. 2002**

	Plans solicitados	Financiación solicitada	Plans aprobados	Financiación aprobada
Plan de Empresa e Grupo de Empresas	64	14.601,39	58	1.571,17
Plan Agrupado (Agrupado e Economía Social)	22	28.188,42	18	3.628,55
Plan de oferta	75	114.956,29	65	6.937,14
Total	161	157.746,09	141	12.136,86

En miles de euros

Fonte: Base de datos da Fundación para a Formación Continua (FORCEM)

6.4. Formación continua

Finalizada a vixencia dos II Acordos de Formación Continua, firmados en decembro de 1996 por un período de catro anos, e no marco do diálogo social e en desenvolvemento do Acordo de Bases sobre a Política de Formación Profesional e do II Programa Nacional de Formación Profesional, o Goberno e as organizacións empresariais e sindicais conviñeron a súa renovación, unha vixencia temporal, que comezará a partir do ano 2001 e rematará o 31 de decembro de 2004, mantendo os elementos positivos do sistema e recollendo, nos dous Acordos que configuran o marco da formación continua, III Acordo Bipartito da Formación Continua e Acordo Tripartito, os principios e liñas esenciais da formación continua necesarios para cumprirlos retos que a formación ó longo de toda a vida debe afrontar.

Así, o III Acordo consolida o protagonismo das organizacións empresariais e sindicais no desenvolvemento do sistema e a articulación do mesmo en base, principalmente, **á negociación colectiva sectorial**, reforzando, por tanto, o diálogo social, como instrumento esencial para a regulación e funcionamento de ámbitos moi importantes das relacións laborais. O modelo xa vixente se adecúa á Estratexia Europea de Emprego, nacida a raíz da Cume Europea sobre o Emprego de Luxemburgo, que outorga ós interlocutores sociais un papel fundamental e crecente na configuración e posta en práctica da formación ó longo da vida, elemento fundamental da adaptabilidade das empresas ó novo entorno económico.

O novo acordo tripartito introduce modificacións que permitirán un mellor acceso das empresas e traballadores que se podan beneficiar do Sistema de Formación Continua e súa adaptación ás necesidades de formación dos traballadores:

Consideración específica de Plans de Formación Profesional para a Economía Social, tendo en conta o seu maior desenvolvemento e as súas particularidades, aínda cando o devandito sector tivo acceso ás Axudas de Formación Continua.

Compromisos orzamentarios específicos para dotar de formación a traballadores que, nin eles nin as empresas nas que traballan, teñen a obriga legal de cotizar pola continxencia de formación profesional, consolidándose así un dos principios que configuran o noso modelo social: o principio de solidariedade entre os que aportan recursos e os que se benefician do sistema.

Asignación da parte de cota de formación profesional que se destinará anualmente **a formación de desempregados e a formación de ocupados, de acordo coa evolución do mercado de traballo e as necesidades de formación de cada grupo. Adecuación das Axudas de Formación Continua ás prioridades de formación de traballadores marcadas na Estratexia Europea de Emprego e Fondo Social Europeo.**

O Subsistema Nacional de Formación Continua, no marco do Programa Nacional de Formación Profesional, artículase en base ó III Acordo Nacional de Formación Continua, de carácter bipartito, que configura a estrutura participativa do devandito subsistema e ó presente acordo de carácter tripartito, que dispón a xestión e financiamento do mesmo.

A consideración da formación continua como instrumento esencial para garanti-la formación ó longo da vida; a necesaria adaptación dos traballadores e das empresas á nova sociedade baseada no coñecemento e o mantemento da capacidade profesional dos traballadores nos supostos de cambios e mutacións dos procesos productivos, todo elo no marco da estratexia europea de emprego.

As Iniciativas de formación continua, financiadas ó abeiro do presente acordo e de conformidade co establecido no III Acordo Nacional, son:

■ Plans de formación de empresas, presentados por empresas de 100 ou máis traballadores.

■ Plans de formación agrupados de ámbito sectorial, dirixidos a dous ou máis empresas do mesmo sector, que agrupen, no seu conxunto, ó número mínimo e máximo de participantes que, no seu caso, se estableza na correspondente convocatoria.

Poderán ser solicitantes destes plans:

a) Calquera das empresas agrupadas no plan de formación, que solicite a subvención no seu nome y en representación doutras do mesmo sector, acreditando dita representación mediante a presentación dos correspondentes documentos de apoderamento.

b) As organizacións sindicais e empresariais máis representativas, así como as representativas no ámbito sectorial e territorial igual ou superior ó que pertencen as empresas ou colectivos que conformen o plan. A estes efectos se acreditará a representatividade das referidas organizacións en virtude da súa participación na negociación colectiva directamente a través de las organizacións que as integran.

Poderán así mesmo solicitar plans agrupados para os seus respectivos ámbitos as fundacións bipartitas nadas ou amparadas na negociación colectiva sectorial estatal e que estatutariamente teñan encomendada a formación dos traballadores.

c) Cando as empresas agrupadas pertencentes ó mesmo sector sexan cooperativas e/ou sociedades laborais, poderán solicitar estes plans as súas organizacións sempre que teñan notable implantación no ámbito sectorial igual ou superior ó que pertencen as empresas e colectivos que conformen o plan.

O solicitante dun plan agrupado ostentará a representación do conxunto das empresas agrupadas e asumirá os dereitos e obrigas derivados da concesión das axudas públicas.

■ Plans intersectoriais, que terán por obxecto a formación dos traballadores en competencias transversais e horizontais a varios sectores da actividade económica. Poderán presentar plans intersectoriais as organizacións empresariais e/ou sindicais máis representativas no ámbito territorial correspondente.

■ Plans de formación específicos da economía social. Dadas as especiais características da economía social e sen prexuízo do establecido para os plans de formación de empresa e plans de formación agrupados, poderanse presentar plans de formación, de ámbito estatal ou autonómico dirixidos a dous ou máis cooperativas e/ou sociedades laborais que, sen pertencer a un mesmo sector productivo, atendan demandas formativas derivadas da natureza xurídica de aquelas ou de necesidades de carácter transversal.

Poderán solicitar estes plans as federacións e confederacións de cooperativas e/ou sociedades laborais con notable implantación no ámbito estatal ou autonómico a que se dirixa o plan.

■ Medidas complementarias e de acompañamento á formación que pretendan a realización de estudos de detección de necesidades formativas, a elaboración de ferramentas e/ou metodoloxías aplicables á formación continua. Anualmente farase unha convocatoria pública na que se especificarán os estudos, ferramentas e metodoloxía a realización da cal se considere necesaria para o mellor funcionamento e eficacia da formación continua. Teranse en consideración as propostas que neste sentido podan realizar as comisións paritarias sectoriais correspondentes.

Sen prexuízo do anterior, excepcionalmente poderanse solicitar axudas para realizar outros estudos ou proxectos que, non habendo sido previstos en dita convocatoria, se consideren de interese para a formación continua.

■ En ambos casos poderán ser solicitantes das axudas para financiar as medidas complementarias e de acompañamento calquera empresa, entidade ou organización que, observando as bases e criterios para a súa concesión, se axuste ós obxectivos esixidos para este tipo de iniciativas.

Estableceranse as medidas oportunas para que o resultado das accións complementarias e de acompañamento á formación continua repercuta na mellora do sistema, debendo garantirse para elo a súa máxima difusión.

■ Permisos individuais de formación, dirixidos a traballadores asalariados que pretendan o desenvolvemento ou adaptación das súas cualificacións técnico-profesionais ou da súa formación persoal, cando ditas formacións estean recoñecidas nunha titulación oficial.

Poderán tamén acceder ás axudas de formación continua reguladas neste acordo, **os traballadores encadrados no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social, os autónomos e os que aínda non estando ocupados se atopen nalgunha das seguintes situacións:**

■ Traballadores a tempo parcial (fixos discontinuos) nos períodos de non ocupación.

■ Traballadores que pasen a situación de desemprego cando se atopen en período formativo.

■ Traballadores acollidos a regulación de emprego nos períodos de suspensión de emprego, cos requisitos e características que en cada caso se determinen polo Inem.

As iniciativas de formación financiaranse coa parte de cota de formación profesional destinada a tal fin, así como coas achegas realizadas polo Fondo Social Europeo no marco dos programas operativos. A tal efecto, a Fundación Tripartita para a Formación no Emprego establecerá os mecanismos e procedementos de xestión oportunos a fin de observalo cumprimento da normativa comunitaria, tanto na regulación xeral establecida nos regulamentos xerais e do Fondo Social Europeo, como no específico sobre Axudas á Formación nas Empresas.

Anualmente estableceranse as convocatorias de Axudas para a Formación Continua nas que se determinarán as prioridades en relación cos beneficiarios destinatarios das axudas, as accións formativas a desenvolver, dentro das modalidades

previstas neste acordo, tendo en conta o establecido no Plan Nacional de Acción para o Emprego, na Estratexia Europea de Emprego, os obxectivos marcados polo Fondo Social Europeo (FSE) e os criterios e prioridades establecidos polas comisións paritarias correspondentes.

O procedemento de concesión de Axudas de Formación Continua axustarase ó previsto na Lei de procedemento administrativo e normas de desenvolvemento, aplicándose así mesmo, os principios, requisitos e obrigas que para os beneficiarios e solicitantes de subvencións públicas establece a Lei xeral presupuestaria. O procedemento aplicarase directamente pola Fundación Tripartita para a Formación no Emprego. Non obstante, o pago das axudas realizarase polo Inem, previa resolución administrativa da dirección xeral de dito organismo autónomo. A determinación do importe das Axudas de Formación Continua realizarase mediante módulos obxectivos que se aplicarán en función do número de participantes e das horas de formación impartidas, nos supostos de Planes de Formación, ou de calquera outro parámetro obxectivable no suposto de medidas complementarias e de acompañamento á formación.

Da análise dos datos subministrados pola Fundación para a Formación Continua, convocatoria de plans de formación continua en Galicia para 2002, podemos observar canto sigue:

No marco dos mencionados acordos publicáronse dúas resolucións da Dirección Xeral do Inem, ambas, de data de 13 de xuño de 2002 (BOE 29.06.2002), contendo respectivamente as convocatorias de axudas para plans de formación continua tanto de "oferta", como de "demanda" correspondentes ó exercicio 2002.

Os **plans de formación de oferta** teñen por obxecto o desenvolvemento de accións formativas que supoñan a mellora de competencias profesionais e que ofrezan cualificacións transferibles entre empresas de sectores ou ramas de actividade e entre distintos ámbitos laborais. Dentro de este tipo de plans se atopan tamén os plans intersectoriais.

O orzamento de gastos estimado, cofinanciado co Fondo Social Europeo, destinado á execución das accións de formación continua derivada deste plan, ascende para España, neste exercicio, a 249.297.791 €.

A convocatoria deste exercicio regula as axudas ós plans con accións formativas de oferta que haxan de financiarse no exercicio orzamentario do ano 2002 e que poderán executarse entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 30 de abril de 2003. Prazo posteriormente modificado, ampliándose o de terminación a 31 de maio de 2003. O prazo inicial para a presentación de solicitudes de financiamento de plans formativos finalizaba o 31.07.2002, establecéndose a súa vez como prazo para a resolución o de seis meses desde o peche do prazo de presentación de solicitudes. Uns e outros prazos víronse modificados en decembro de 2002, para as comunidades autónomas afectadas polo accidente do buque Prestige, entre elas Galicia, permitindo a execución de accións de formación en sectores e territorios afectados hasta o 30 de setembro de 2003, así como a reconversión de plans agrupados de demanda en de oferta, coa conseguinte reconfiguración de plans.

A web da fundación tripartita publica unha serie de ferramentas sobre:

■ Metodoloxía xeral de valoración técnica en relación coas accións formativas que integran o plan.

- Criterios de prioridade sectorial e territorial.
- Metodoloxía de financiamento.

A súa detallada lectura ofrece un catalogo de normas que pautan, orientan e vinculan obxectivamente a priorización na concesión de axudas ás accións formativas en función do marco normalizado das finalidades que enmarcan a formación continua. Son no seu conxunto instrumentos que permiten o control, a transparencia e garantía na xestión da formación.

Todo o anterior xa apunta a extraordinaria dificultade de ofrecer datos estatísticos do exercicio 2002, cando o espazo temporal en que a execución de accións formativas pode exercitarse está aínda aberto á data de elaboración deste informe e elo polo que as distintas vicisitudes narradas supuxeron para a Comunidade Autónoma de Galicia.

O avance de datos remitido pola Fundación Tripartita é de data 13 de xuño de 2003, sendo estes datos, sen perfiles (grupos de idade; sexo, tipo de plan; categoría profesional e áreas funcionais) sobre participantes certificados, nin horas os que serven para a confección dos seguintes cadros.

Os **plans de formación de demanda** teñen a súa vez por obxecto o desenvolvemento de accións formativas que contribúan á mellora de competencias e cualificacións profesionais xerais e específicas para os traballadores e empresas. A través das convocatorias fináncianse diferentes tipos de plans de formación: plan de empresa; plan agrupado sectorial y plan específico de economía social.

As mesmas notas apuntadas para os plans de formación de oferta concorren e son de aplicación a este tipo de plans.

Así mesmo, outra das iniciativas de formación previstas nos III Acordos Nacionais para a Formación Continua son **as axudas para accións complementarias e de acompañamento á formación**, a convocatoria das cales foi obxecto de Resolución de 26.07.2002(BOE 17.08.2002); trátase de medidas concibidas para a elaboración de ferramentas e metodoloxía aplicables á formación, a execución das cales se considere de interese para o mellor funcionamento e eficacia do subsistema de formación continua. A título de exemplo, sinálanse accións de diversa índole: de investigación e prospección de carácter sectorial ou de carácter transversal ou multisectorial; elaboración de produtos formativos e desenvolvemento de sistemas telemáticos; edición e difusión de estudos, guías e outras accións que contribúan á ordenación e adecuación do subsistema de formación continua.

Remitíronse así mesmo datos referidos ó perfil dos participantes correspondentes á convocatoria de axudas de formación continua do ano 2001.

O cadro 6.17, con datos provisionais a 09.05.2003, refírese ó número de participantes certificados na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo idade, tipo de plan, categoría profesional e área funcional.

Dun total de 109.477 participantes –cadro 6.17-, o maior número, 57.358 (52,39%) formáronse en plans de oferta, 27.306 (24,94%) en planes de empresa e grupo de empresas; e 24.813 (22,67%) en plans agrupados e de economía social.

No mesmo cadro 6.17 podemos observa-lo perfil dos participantes, segundo sexo e idade, por plans de formación. Así, por sexos, 63.367 son homes (57,88%) e

■ Cadro 6.17

Perfil I dos participantes segundo xénero. Galicia. Convocatoria 2001

	Homes	Mulleres	Total	%
Idade do participante				
De 16 a 25	7.667	7.944	15.611	14,26
De 26 a 35	23.584	20.622	44.206	40,38
De 36 a 45	17.762	10.341	28.103	25,67
De 46 a 55	11.066	5.372	16.438	15,02
Maires de 55	3.288	1.831	5.119	4,68
Tipo de plano				
Plan de Empresa e Grupo de Empresas	17.886	9.420	27.306	24,94
Plan Agrupado (Agrupado e Economía Social)	15.053	9.760	24.813	22,67
Plan de Oferta	30.428	26.930	57.358	52,39
Categoría				
Directivos	3.574	1.876	5.450	4,98
Mandos	5.636	1.838	7.474	6,83
Técnicos	7.205	4.361	11.566	10,56
Traballadores	17.433	15.802	33.235	30,36
Traballadores non cualificados	29.519	22.233	51.752	47,27
Área funcional				
Administración	5.909	8.810	14.719	13,44
Comercial	8.757	12.444	21.201	19,37
Dirección	3.400	2.710	6.110	5,58
Mantemento	6.081	2.981	9.062	8,28
Producción	39.220	19.165	58.385	53,33
Total	63.367	46.110	109.477	100

Fonte: Base de datos da Fundación para a Formación Continua (FORCEM)

46.110 (42,11%) dos formados son mulleres, media que varía lixeiramente, segundo tipo de programa, sen chegar a alterar tales proporcións significativamente. Por grupos de idade, o volume dos participantes está moi repartido entre os distintos grupos: menores de 25 anos, o 14,26%; de 26 a 35 anos, o 40,38%; entre 36 e 45 anos, o 25,67%, de 46 a 55 anos, o 15,02%; e maiores de 55 anos, o 4,68%.

Segundo a categoría profesional –cadro 6.17– dos participantes pódese observar que son os traballadores non cualificados, cun 47,27%, os que maior porcentaxe de participación teñen, seguidos dos traballadores cualificados cun 30,36%; os técnicos representan o 10,56%; os mandos intermedios, o 6,83%; seguidos dos directivos, cun 4,98%.

Segundo a área funcional na que traballan (cadro 6.17), os departamentos de empresa ós que preferentemente se orientan as programacións formativas son, por orde de importancia: produción (53,33%), comercial (19,37%), administración (13,44%), mantemento (8,28%) e dirección (5,58%).

Segundo o número de participantes a súa representación porcentual polas catro provincias galegas é a seguinte: A Coruña, 42.121 (38,47%); Lugo, 14.384 (13,13%); Ourense, 12.483 (11,40%); e Pontevedra, 40.489 (36,98%).

O cadro 6.18 subministra en primeiro lugar información adicional sobre modalidades da impartición formativa (presencial, a distancia e mixta). O 81,44% dos participantes reciben formación na modalidade presencial, o 10,41% de forma mixta e

un 8,15% a distancia. Segundo o tamaño de empresa non se ofrecen datos nun 52,39% do total de participantes, no 10,45% son empresas entre 6 a 49 traballadores, de máis de 4.999 traballadores nun 9,49%; un 9,11% de empresas de 1.000 a 4999 traballadores, un 8,49% de 200 a 999 traballadores, un 6,66% de 50 a 199 traballadores e un 3,40% de empresas de 1 a 5 traballadores. Finalmente polo tipo de afiliación á Seguridade Social, o 86,51% pertencen ó Réxime Xeral, un 6,85 ó Réxime Especial Agrario, un 5,84% ó Réxime Especial de Autónomos, un 0,68% á Administración Pública, sendo insignificante a partición doutros colectivos.

Cadro 6.18

Perfil II dos participantes segundo xénero. Galicia. Convocatoria 2001

	Homes	Mulleres	Total	%
Modalidade de impartición				
Presencial	54.531	34.628	89.159	81,44
A distancia	3.442	5.480	8.922	8,15
Mixta	5.394	6.002	11.396	10,41
Tamaño da empresa				
De 1 a 5	1.803	1.920	3.723	3,40
De 6 a 49	8.178	3.265	11.443	10,45
De 50 a 199	5.105	2.186	7.291	6,66
De 200 a 999	4.988	4.308	9.296	8,49
De 1.000 a 4.999	5.573	4.402	9.975	9,11
Máis de 4.999	7.292	3.099	10.391	9,49
Sen datos	30.428	26.930	57.358	52,39
Tipo de afiliación á Seguridade				
Réxime xeral	55.633	39.073	94.706	86,51
Réxime especial autónomos	3.570	2.818	6.388	5,84
Réxime especial agrario	3.778	3.719	7.497	6,85
Administración pública	328	414	742	0,68
Fixos discontinuos en periodos de non ocupación	20	56	76	0,07
Traballadores que acceden ó paro durante a formación	4	3	7	0,01
Regulación de emprego en periodos de non ocupación	14	5	19	0,02
Traballadores con relacións do art. 2º ET	18	14	32	0,03
Traballadores con convenio especial coa S. Social	2	2	4	0,00
Empregado do fogar		6	6	0,01
Total	63.367	46.110	109.477	100

Fonte: Base de datos da Fundación para a Formación Continua (FORCEM)

6.5 Outras políticas activas de emprego

Balance de resultados 2002

Os datos contidos neste epígrafe proceden do documento "Medidas activas de emprego. Balance de resultados 2002", en execución dos Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia.

Os orzamentos e o número de beneficiarios do conxunto de medidas, foron os que se reflicten no seguinte cadro-resumo.

	Nº beneficiarios	Nº Expedientes/entidades
Fomento do emprego e a estabilidade	13.591	4.340
Economía social e autoemprego	8.032	4.340
Programas de cooperación con Entidades Locais e outras Administracións	6.734	728
Total	28.357	27.877

6.5.1. Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral

No marco das Medidas Activas de Emprego as accións dirixidas á contratación por conta allea ten como finalidade favorece-la estabilidade e a creación de emprego e facilita-la inserción laboral de desempregados con maiores dificultades no mercado de traballo, complementando a comunidade autónoma os incentivos e subvencións establecidas polas medidas estais de fomento do emprego.

O conxunto de actuacións neste ámbito, concrétnanse en primeiro lugar, no cadro 6.19

■ Cadro 6.19

Galicia. 2002 Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral.

Procedemento	Nº expedientes	Nº traballadores
Contratación indefinida discapitados	249	302
Fomento da contratación indefinida	5.348	10.934
Fomento dos contratos en prácticas	1.546	1.917
Conciliación da vida laboral e familiar	383	383
Contratación traballadores en risco de exclusión social	32	55
Total	7.558	13.591

Fonte: Medidas Activas de Emprego. Balance de Resultados 2002. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

Para a valoración de tales medidas remitímonos ó xa dito no capítulo de contratación.

Xa observamos no cadro 5.30 que o total de contratos realizados para o fomento da contratación indefinida, sumando os de contratación inicial dos colectivos de difícil inserción, máis a transformación de contratos temporais, arroxaba un total de 41.282. A Consellería, na actualidade de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais subvencionou deles, 11.240 contratos.

Outra liña de subvención diríxese a potencia-los contratos en prácticas, xa examinados no capítulo 5, apartado 5.2.6. Os seus obxectivos son mellora-la duración desta contratación como mínimo a un tempo non inferior a doce meses e ó tempo

incentiva-la contratación en prácticas vinculada a proxectos de I+D. O número de traballadores receptores deste programa foi de 1.917 (2001: 2.169).

As accións vinculadas a I+D supuxeron a realización de contratos de prácticas para 18 xoves titulados.

Outra liña diríxese a subvencionar-la substitución de traballadores por causa de maternidade, adopción e acollemento e por excedencia para o coidado de fillos, favorecendo a conciliación da vida laboral e familiar. Complementáanse mediante tales axudas as bonificacións establecidas en materia de seguridade co obxectivo de trasladar-lo custo de tal continxencia ó público na pretensión de minorar-los seus efectos sobre o empresario, no contexto das medidas estatais implantadas en 1998 e reforma do 2001, e facilita-la substitución de traballadores por causa de maternidade-paternidade. Con tal finalidade, concedéronse axudas a empresas para 383 traballadores acollidos a tales medidas.

Por último, concedéronse 55 axudas para outros tantos traballadores de difícil reinserción ou en perigo de exclusión social. O traballador tipo é predominantemente home, menor de 30 anos, que é contratado por unha empresa do sector servizos.

6.5.2. Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego

A) Promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais

As medidas de fomento do emprego complétanse con medidas de apoio a novas iniciativas e fórmulas empresariais que se engloban baixo o concepto de economía social (cooperativas, sociedades anónimas laborais, autónomos, ILE, iniciativas de emprego rural, etc.).

En 2002 (cadro 2.20) beneficiáronse 8.032 (2001: 8.929) traballadores das axudas ó autoemprego e á economía social.

Destas medidas, se beneficiaron 1.643 traballadores, deles 957 traballadores do programa de promoción do emprego en cooperativas e sociedades anónimas laborais e 686, para adquisición de socio traballador, percibindo axudas pola capitalización da súa prestación de desemprego co obxecto de incorporarse a unha cooperativa ou sociedade laboral, e 3.730 traballadores desempregados crearon o seu propio posto de traballo como autónomos.

As rendas para o inicio da actividade configuráronse como unha axuda ós desempregados para adquisición da condición de socio traballador dunha cooperativa de traballo ou sociedade laboral. O 69% desta renda incorporouse a unha sociedade limitada laboral. Un 12% a unha cooperativa e un 19% a unha sociedade anónima laboral, predominantemente dos sectores de servizos e industrial. O 67% dos beneficiarios son homes. Por idades, obsérvase que o 27% son menores de 30 anos; o 46% do grupo entre 30 a 45 anos e un 27% son maiores de 45 anos. O grupo máis numeroso (68%) leva menos de seis meses en desemprego.

■ Cadro 6.20

Actuacións para o desenvolvemento da economía social e autoemprego.
Galicia. 2002

Procedemento	Nº expedientes	Nº traballadores
Iniciativas de Emprego: ILES/ER/lebs	123(*)	307
Aboamento cotas á Seguridade Social	2.636	1.000
Axudas a cooperativas e sociedades laborais	268(*)	957
Adquisición da condición de socio traballador	686	686
Promoción do emprego autónomo	4.450	3.730
Creación ou ampliación de Centros Especiais de Emprego	24(*)	135
Mantemento de Centros Especiais de Emprego	72(*)	1.155
Emprego autónomo de traballadores con discapacidade	112	62
Total	8.371	8.032

Fonte: Medidas Activas de Emprego. Balance de Resultados 2002. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

B) Abono de cotas ós perceptores da prestación por desemprego na súa modalidade de pago único

Dos 1000 beneficiarios de aboamento de cotas á Seguridade Social, 823 son homes e 177 mulleres, dos que a maior parte son maiores de 30 e menores de 45 anos.

6.5.3. Programa Labora: Xuventude con Experiencia

A Xunta de Galicia, no ámbito de actuación das políticas activas de emprego puxo en marcha, coa entrada en vigor, o día 1 de maio de 2002, do Decreto 148/2002, do 18 de abril (modificado polo Decreto 26/2003, do 16 de xaneiro), o Programa Labora: Xuventude con Experiencia, iniciativa innovadora e ambiciosa coa que se persegue garantir un contrato de traballo de 12 meses de duración mínima a todos os nosos mozos e mozas desempregados que carezan de experiencia laboral, de xeito que poidan adquirirla práctica que lles falta, mediante unha prestación efectiva, e poidan posteriormente integrarse de forma definitiva ó mercado laboral.

En execución do devandito programa, poñéronse en marcha, en 2002, diferentes tipos de medidas activas de emprego entre as que destacan os programas de cooperación en colaboración coas entidades locais, en virtude dos que se concederon subvencións para a contratación a través de contratos de inserción de 12 meses de duración **de 2.459 mozos incorporados ó Programa Labora, a través de**

■ Cadro 6.21

Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego.
Galicia. 2002

	Nº de EE.OO, CC.OO. e OO.EE	Nº alumnos
En funcionamento a 01/01/2002	58	2.405
Rematadas a 31/12/2002	47	1.873
Iniciadas en 2002	52	1.084
En vigor a 31/12/2002	63	2.616

Fonte: Medidas Activas de Emprego. Balance de Resultados 2002. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

254 entidades locais beneficiarias. Así mesmo, financiouse a contratación de 577 mozos beneficiarios deste programa polas catro deputacións provinciais maila Mancomunidad de Concellos do Salnés, no ámbito dos chamados Programas Experimentais de Emprego.

6.6 Escolas Obradoiro, Casas de Oficio, Obradoiros de Emprego e Unidades de Promoción e Desenvolvemento (Cadros 6.21 e 6.22)

Baixo a programación de Escolas Obradoiro e Casas de Oficio beneficiáronse das accións formativas das 33 entidades desta natureza, 1.519 xoves desempregados menores de 25 anos. A distribución do alumnado segundo sexo foi do 68% homes e 32% nas mulleres.

O programa de obradoiros de emprego, creado en 1999 e dirixido a mellora-las posibilidades de ocupación dos desempregados de vintecinco ou máis anos de idade, especialmente daqueles colectivos con especiais dificultades de inserción laboral (parados de longa duración, maiores de corenta e cinco anos, mulleres e persoas con discapacidade) supuxo o funcionamento de 77 ó longo de 2002 e unha participación de 2.970 desempregados. Tamén puxéronse en marcha 45 novos proxectos desta índole, participando ó remate do ano 1.749 beneficiarios. Por sexos o 51% eran homes o 49% mulleres.

Os mesmos programas extendéronse asemade ós programas Labora, permitindo a contratación de 1.008 mozos.

No ano 2001 puxéronse en marcha tres Unidades de Promoción e Desenvolvemento, complementario e para avaliar os proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, coa participación de 26 técnicos, o ano 2002 en continuidade co do ano precedente, se puxo en marcha un novo proxecto e a contratación de 4 técnicos para intervenir no ámbito supramunicipal ca finalidade de coordinar e observar os diferentes recursos existentes (axentes de emprego, técnicos locais de emprego, estruturas comarcais, etc.etc.).

■ Cadro 6.22

Unidades de Promoción e Desenvolvemento. Galicia. 2002

	Nº de UPD	Nº Traballadores
En funcionamento a 01/01/2002	3	26
Rematadas a 31/12/2002	0	0
Iniciadas en 2002	1	4
En vigor a 31/12/2002	4	30

Fonte: Medidas Activas de Emprego. Balance de Resultados 2002. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

6.7 Programas de Cooperación con Entidades Locais

En continuidade co desenvolvemento dos acordos para o crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001, no ano 2002, no intento de xeración de novas actividades económicas e, polo tanto, de novos empregos no ámbito local e rural, se pretendía vincular os programas de cooperación coa estrutura do paro de cada ámbito territorial, introducindo tamén aquí o programa Labora. A esta finalidade asignouse un orzamento aproximado de 36,5 millóns de euros.

Dentro deste programa se comprenden os xa comentados contratos para realizar obras ou servizos de interese xeral ou social, a contratación de técnicos locais de emprego e a contratación polas entidades locais de servizos públicos con empresas cualificadas como iniciativas de emprego, con centros especiais de emprego ou con empresas de economía social constituídas por mozos ou por desempregados que participen nalgún obradoiro de emprego ou cursos de formación ocupacional ou por parados de longa duración ou por mulleres.

O resumo de entidades e traballadores axeitado amósase no cadro 6.23.

■ Cadro 6.23

Resumo-programas de cooperación con entidades locais. Galicia. 2002

Denominación do programa	Entidades	Traballadores
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	326	5.420
Axudas para a contratación de técnicos locais de emprego	239	268
Axudas para a contratación de servizos públicos con determinadas empresas creadas nos últimos 3 anos	59	274
Total	624	5.962

Fonte: Medidas Activas de Emprego. Balance de Resultados 2002. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

■ Cadro 6.24

Resumo-programas de cooperación con outras administracións. Galicia. 2002

Denominación do programa	Entidades	Traballadores
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	80	640
Axudas para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio	24	132
Total	104	772

Fonte: Medidas Activas de Emprego. Balance de Resultados 2002. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

7.1. Metodoloxía

Na realización deste capítulo dedicado á negociación colectiva en Galicia, emprégase como criterio de inclusión dos convenios colectivos o de vixencia económica, téndose en conta só aqueles convenios e revisións salariais con vixencia e efectos económicos en 2002. Polo tanto foron deixados á marxe aqueles convenios e revisións salariais que, aínda que foron asinados e rexistrados en 2002, non tiveron efectos económicos para ese ano e, pola contra, son incluídos aqueles que aínda que foron asinados e/ou rexistrados nos primeiros meses de 2003, teñen vixencia e inicio de efectos en 2002.

Inclúese neste capítulo a negociación colectiva estatutaria de eficacia xeral, comprendendo tanto os convenios colectivos como as revisións salariais, adhesións a outros convenios, extensións, arbitrxes e outros acordos rexistrados con eficacia xeral de convenio.

Na medida que se ten coñecemento, inclúense tamén algúns pactos de eficacia limitada, acordos colectivos, acordos reguladores para persoal funcionario e pactos de

tipo mixto que regulan de xeito unitario a todo tipo de persoal que presta servizos nas distintas administracións públicas, se ben todos eles seguen outras canles na súa tramitación, distintas ás do convenio estatutario.

Para a elaboración deste capítulo foron utilizados os textos dos convenios e as follas estatísticas que, de xeito preceptivo, os acompañan, facilitados pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, así como as publicacións oficiais deles.

7.2. Consideracións xerais

A negociación colectiva constitúe unha das principais características do Dereito do traballo desempeñando un papel transcendental no eido das relacións laborais. O recoñecemento dun poder regulador das relacións laborais ós representantes dos traballadores e empresarios intensificado tralas últimas reformas laborais, posibilita, en maior ou menor medida, a intervención dos axentes sociais na regulación das súas condicións de traballo.

Desde 1996 nótase un claro fortalecemento da autonomía das partes e unha maior liberdade para negociar e ampliar os contidos do convenio, apreciándose un incremento constante das "cláusulas especiais", tales como as referentes a melloras sociais, saúde laboral, formación profesional, mobilidade xeográfica e funcional, cláusulas sobre compromisos de contratación e de creación de emprego estable, non discriminación, ...

O ritmo da negociación colectiva foi semellante ó dos anos anteriores coa excepción de 1999 que foi algo máis lento. Neste ano asináronse 224 convenios (55 de sector e 169 de empresa) e revisáronse 55 (24 de sector e 31 de empresa).

7.3. Estructura da negociación colectiva

En Galicia existen un total de 676 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente (cadro 7.1). Inclúense neste total tamén aqueles pactos de eficacia limitada e acordos reguladores dos que se ten coñecemento.

Como viña acontecendo en anos anteriores, incrementouse o número total de convenios existentes, asinándose por primeira vez 39 novos convenios (cadro 7.2) dos cales 3 son de sector e 36 de empresa, continuando deste xeito a tendencia á fragmentación da negociación colectiva.


**Evolución da estrutura global da negociación colectiva. Por provincias.
Galicia. 1997-2002**

■ Cadro 7.1


	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galici
Sector	8	37	22	15	37	119
Empresa	24	129	43	46	171	413
Total 1997	32	166	65	61	208	532
Sector	8	36	22	17	37	120
Empresa	29	140	46	51	187	453
Total 1998	37	176	68	68	224	573
Sector	9	36	23	17	37	122
Empresa	29	147	46	53	200	475
Total 1999	38	183	69	70	237	597
Sector	11	36	23	19	37	126
Empresa	31	167	48	58	211	515
Total 2000	42	203	71	77	248	641
Sector	11	37	23	19	37	127
Empresa	36	173	50	59	210	528
Total 2001	47	210	73	78	247	655
Sector	12	34	23	20	35	124
Empresa	42	171	53	59	227	552
Total 2002	54	205	76	79	262	676

Neste cómputo total contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Ano 2002. Distribución territorial



Ano 2002. Representación porcentual da distribución territorial



■ Cadro 7.2


**Convenios colectivos de sector e empresa asinados por vez primeira.
Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2002**

Sector	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	-	-	-	-	-	0
Industria	-	-	-	-	-	0
Construcción	-	-	-	-	-	0
Servicios	1	1	-	1	-	3
Total	1	1	0	1	0	3

Empresa	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	-	-	1	-	-	1
Industria	1	-	1	-	5	7
Construcción	-	-	-	-	-	0
Servicios	5	7	2	3	11	28
Total	6	7	4	3	16	36

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Convenios colectivos de empresa negociados por primeira vez. Porcentaxe provincial



En 2002 foron asinados e/ou revisados 279 convenios colectivos dos que 79 son de sector e 200 de empresa (Cadros 7.3 e 7.4).


Ós convenios asinados este ano hai que engadirllle 210 convenios asinados en anos anteriores que teñen vixencia para o ano 2002 ou posterior, dando así un total de 434 convenios colectivos con vixencia para o 2002, o que supón un 64,20% do total existente, e que afectan a 322.970 traballadores e 49.051 empresas.

■ Cadro 7.3

**Evolución dos convenios colectivos asinados. Por provincias.
Galicia. 1997-2002**

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	2	13	8	12	21	56
Empresa	8	40	19	19	67	153
Total 1997	10	53	27	31	88	209
Sector	2	17	15	15	19	68
Empresa	9	34	19	21	68	151
Total 1998	11	51	34	36	87	219
Sector	4	15	10	13	14	56
Empresa	12	32	10	17	60	131
Total 1999	16	47	20	30	74	187
Sector	5	10	8	17	15	55
Empresa	8	54	18	26	71	177
Total 2000	13	64	26	43	86	232
Sector	2	17	13	16	18	66
Empresa	8	48	18	22	82	178
Total 2001	10	65	31	38	100	244
Sector	5	12	8	15	15	55
Empresa	20	39	17	16	77	169
Total 2002	25	51	25	31	92	224

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais




Evolución dos convenios colectivos revisados. Por provincias. Galicia. 1997-2002

Cadro 7.4

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	1	14	7	1	6	29
Empresa	3	5	2	2	8	20
Total 1997	4	19	9	3	14	49
Sector	1	9	2	1	3	16
Empresa	1	10	1	2	7	21
Total 1998	2	19	3	3	10	37
Sector	0	11	3	2	7	23
Empresa	1	5	4	3	16	29
Total 1999	1	16	7	5	23	52
Sector	1	13	5	1	5	25
Empresa	2	3	2	5	7	19
Total 2000	3	16	7	6	12	44
Sector	1	9	5	3	6	24
Empresa	2	9	4	3	11	29
Total 2001	3	18	9	6	17	53
Sector	2	7	6	3	6	24
Empresa	0	12	1	6	12	31
Total 2002	2	19	7	9	18	55

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



7.3.1. Ámbitos de aplicación

7.3.1.1. Funcional

O 71,68% dos convenios asinados e revisados este ano son de empresa e o 28,32% son de sector. Non obstante o anterior, tal e como veremos na análise do ámbito persoal, a maioría dos traballadores e das empresas están afectados por convenios de sector.

Continuando coa mesma liña que en anos anteriores, seguen sendo o sector servizos e o da industria os que agrupan o maior número de convenios (cadro 7.5).

■ Cadro 7.5

Convenios colectivos asinados e revisados. Por sector e grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2002

	Agric. e Pesca	Industria	Construcción	Servicios	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Convenios de sector asinados	-	1	-	4	5
Convenios de sector revisados	-	1	-	1	2
Convenios de empresa asinados	-	10	-	10	20
Convenios de empresa revisados	-	-	-	-	0
A Coruña					
Convenios de sector asinados	-	4	2	6	12
Convenios de sector revisados	-	3	-	4	7
Convenios de empresa asinados	1	8	-	30	39
Convenios de empresa revisados	2	6	-	4	12
Lugo					
Convenios de sector asinados	-	4	1	3	8
Convenios de sector revisados	-	1	-	5	6
Convenios de empresa asinados	1	8	-	8	17
Convenios de empresa revisados	-	-	-	1	1
Ourense					
Convenios de sector asinados	-	5	1	9	15
Convenios de sector revisados	-	1	-	2	3
Convenios de empresa asinados	-	9	-	7	16
Convenios de empresa revisados	-	2	1	3	6
Pontevedra					
Convenios de sector asinados	-	6	1	8	15
Convenios de sector revisados	-	4	-	2	6
Convenios de empresa asinados	-	38	-	39	77
Convenios de empresa revisados	-	4	-	8	12
Galicia					
Convenios de sector asinados	0	20	5	30	55
Convenios de sector revisados	0	10	0	14	24
Convenios de empresa asinados	2	73	0	94	169
Convenios de empresa revisados	2	12	1	16	31

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

7.3.1.2. Territorial

O ámbito territorial de negociación máis empregado foi, un ano máis, o provincial, tan só o 9,68% dos convenios asinados e/ou revisados en 2002 foron de ámbito superior á provincia.

Por provincias, tal e como ven sendo habitual, Pontevedra é a que tivo máis actividade negocial, o 39,43% do total, seguida da Coruña cun 25,09%. As porcentaxes de Ourense e Lugo son 14,34% e 14,47% respectivamente.

7.3.1.3. Temporal


Os cadros 7.6 e 7.7 reflicten as vixencias medias dos convenios colectivos de sector e de empresa respectivamente.

A vixencia anual (38,18%) e bianual (36,36%) foi a máis utilizada nos convenios de sector.

Cadro 7.6
Vixencias medias dos convenios colectivos de sector. Porcentaxe sobre o total de convenios asinados. Por provincias. Galicia. 2002


	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
1 ano	1	20,00	3	25,00	4	50,00	10	66,67	3	20,00	21	38,18
De 1 a 2 anos	-	0,00	-	0,00	1	12,50	2	13,33	1	6,67	4	7,27
2 anos	1	20,00	6	50,00	2	25,00	2	13,33	9	60,00	20	36,36
De 2 a 3 anos	1	20,00	1	8,33	-	0,00	-	0,00	-	0,00	2	3,64
3 anos	1	20,00	1	8,33	-	0,00	1	6,67	1	6,67	4	7,27
Máis de 3 anos	1	20,00	1	8,33	1	12,50	-	0,00	1	6,67	4	7,27
Total	5	100	12	100	8	100	15	100	15	100	55	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais


Cadro 7.7
Vixencias medias dos convenios colectivos de empresa. Porcentaxe sobre o total de convenios asinados. Por provincias. Galicia. 2002

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	-	0,00	1	5,88	-	0,00	1	1,30	2	1,18
1 ano	3	15,00	11	28,21	3	17,65	8	50,00	27	35,06	52	30,77
De 1 a 2 anos	1	5,00	1	2,56	-	0,00	1	6,25	1	1,30	4	2,37
2 anos	6	30,00	6	15,38	3	17,65	5	31,25	23	29,87	43	25,44
De 2 a 3 anos	-	0,00	2	5,13	1	5,88	-	0,00	2	2,60	5	2,96
3 anos	5	25,00	13	33,33	8	47,06	2	12,50	15	19,48	43	25,44
Máis de 3 anos	5	25,00	6	15,38	1	5,88	-	0,00	8	10,39	20	11,83
Total	20	100	39	100	17	100	16	100	77	100	169	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



Nos de empresa a vixencia máis utilizada foi a anual (o 30,77% dos asinados).

Segue a tendencia a pactar vixencias maiores a un ano, concretamente o 54,54% dos convenios de sector e o 65,68% dos convenios de empresa pactaron unha vixencia maior ou igual a 2 anos.

7.3.1.4. Persoal

A negociación colectiva en Galicia no ano 2002 afectou a 272.476 traballadores (cadros 7.8 e 7.9). O 89,08% deles teñen reguladas as súas condicións de traballo por convenios de sector, sendo o da construción o que agrupa o maior número de traballadores (36,98%), seguido do sector servizos (32,22%).


■ Cadro 7.8

Traballadores e empresas afectados por convenios colectivos asinados e revisados. Sector. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2002


	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas
Agric. e Pesca	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	0
Industria	3.025	109	23.912	2.660	5.869	1.883	6.310	611	33.225	4.705	72.341	9.968
Construcción	-	-	43.500	3.600	8.432	890	7.820	655	30.000	4.000	89.752	9.145
Servicios	9.630	3.402	30.218	5.783	10.246	4.627	9.173	3.214	21.350	7.902	80.617	24.928
Total	12.655	3.511	97.630	12.043	24.547	7.400	23.303	4.480	84.575	16.607	242.710	44.041

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Traballadores afectados por sectores económicos





Empresas afectadas por sectores económicos



Cadro 7.9
**Traballadores e empresas afectados por convenios colectivos asinados e revisados.
Grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos.
Galicia. 2002**

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas
Agric. e Pesca	-	-	140	3	27	1	-	-	-	-	167	4
Industria	1.980	12	1.027	14	627	8	1.870	11	5.892	42	11.396	87
Construcción	-	-	-	-	-	-	58	1	-	-	58	1
Servicios	11.320	10	1.897	37	205	9	368	10	4.355	48	18.145	114
Total	13.300	22	3.064	54	859	18	2.296	22	10.247	90	29.766	206

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Traballadores afectados por sectores económicos

Empresas afectadas por provincias


Nos convenios de sector, foi A Coruña a que acapara o maior número de traballadores seguida de Pontevedra.

Nos convenios de empresa o 44,68% dos traballadores pertencen a convenios de ámbito de Comunidade Autónoma e o 34,43% a Pontevedra.

No que a empresas se refire, a negociación colectiva de 2002 afectou a 44.247 empresas.

É significativo sinalar que o 56,6% das empresas pertencen ó sector servicios, sector que, de acordo coa Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE), agrupa a gran cantidade de actividades (comercio, transporte, hostalería, ...) estando incluídas na negociación deste ano un total de 25.042 empresas pertencentes a este sector.

Os cadros 7.10 e 7.11 agrupan os convenios en función do número de traballadores afectados por cada convenio, e deles extráese que o maior número de convenios de sector concéntrase nos sectores cunha dimensión entre 1.001 e 3.000 traballadores, e entre 101 e 500 empresas afectadas por convenio.

■ Cadro 7.10

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de traballadores afectados.
Sector. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2002

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	5,56	-	0,00	1	1,27
51-250 trab.	2	28,57	1	5,26	1	7,14	2	11,11	1	4,76	7	8,86
251-500 trab.	-	0,00	3	15,79	2	14,29	5	27,78	4	19,05	14	17,72
501-1.000 trab.	2	28,57	-	0,00	4	28,57	4	22,22	2	9,52	12	15,19
1.001-3.000 trab.	2	28,57	9	47,37	5	35,71	4	22,22	10	47,62	30	37,97
3.001-5.000 trab.	-	0,00	1	5,26	1	7,14	1	5,56	1	4,76	4	5,06
+5.000 trab.	1	14,29	5	26,32	1	7,14	1	5,56	3	14,29	11	13,92
Total convenios	7	100	19	100	14	100	18	100	21	100	79	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ Cadro 7.11

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de empresas afectadas. Sector.
Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2002

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 empresas	4	57,14	2	10,53	-	0,00	4	22,22	4	19,05	14	17,72
51-100 empresas	1	14,29	5	26,32	1	7,14	4	22,22	2	9,52	13	16,46
101-500 empresas	1	14,29	5	26,32	9	64,29	5	27,78	9	42,86	29	36,71
501-1.000 empresas	-	0,00	4	21,05	2	14,29	5	27,78	3	14,29	14	17,72
1.001-2.000 empresas	-	0,00	1	5,26	1	7,14	-	0,00	-	0,00	2	2,53
+ de 2.000 empresas	1	14,29	2	10,53	1	7,14	-	0,00	3	14,29	7	8,86
Total convenios	7	100	19	100	14	100	18	100	21	100	79	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Nos convenios de empresa, o 51% afectan a empresas de menos de 51 traballadores (cadro 7.12) e tan só o 2,50% se negociou en empresas de máis de 500 traballadores.

O cadro de persoal medio das empresas afectadas por esta negociación (cadro 7.13) é de 6,16% traballadores por empresa. Algo máis de 5 traballadores por empresa nos convenios colectivos de sector, e 144,5 nos de empresa.

■ Cadro 7.12

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de traballadores afectados. Empresa. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2002

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 trab.	4	20,00	31	60,78	12	66,67	14	63,64	41	46,07	102	51,00
51-100 trab.	3	15,00	11	21,57	3	16,67	4	18,18	19	21,35	40	20,00
101-500 trab.	11	55,00	9	17,65	3	16,67	3	13,64	27	30,34	53	26,50
+ 500 trab.	2	10,00	-	0,00	-	0,00	1	4,55	2	2,25	5	2,50
Total convenios	20	100	51	100	18	100	22	100	89	100	200	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Cadros de persoal medio das empresas afectadas pola negociación colectiva. Por provincias. Galicia. 2002

■ Cadro 7.13

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	3,60	8,11	3,32	5,20	5,09	5,51
Empresa	604,55	56,74	47,72	104,36	113,86	144,50
Total	7,35	8,32	3,42	5,69	5,68	6,16

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

7.4. Réxime económico

7.4.1. Incremento salarial medio ponderado

A media ponderada do incremento salarial pactado en 2002 en Galicia foi do 3,74%. (cadro 7.14).

Na elaboración desta media ponderada tiveronse en conta as cláusulas de revisión salarial recollidas nos convenios asinados e revisados este ano.

Esta media é inferior en 0,56 puntos ó IPC Galego que foi do 4,3 e inferior en 0,26 puntos ó IPC estatal que foi do 4.

Se temos en conta o incremento indicado nos convenios rexistrados en anos anteriores que teñen vixencia económica para o 2002, a media do incremento salarial é do 3,76%.

Analizando os incrementos salariais dos convenios asinados no 2002 por provincias, foi nos da Coruña onde se acadou un incremento máis alto, o 3,99%, seguido dos convenios de Pontevedra co 3,89%. O incremento en Ourense foi do 3,68%, en Lugo do 3,34% e nos convenios de ámbito de Comunidade Autónoma do 2,98%.

Cadro 7.14

Evolución da media ponderada do incremento salarial pactado. Por provincias.
Galicia. 1998-2002

	Convenios sector					Revisións sector					Convenios empresa					Revisións empresa					Media total				
	1998	1999	2000	2001	2002	1998	1999	2000	2001	2002	1998	1999	2000	2001	2002	1998	1999	2000	2001	2002	1998	1999	2000	2001	2002
A Coruña	2,79	2,36	4,13	3,58	3,72	2,63	2,73	3,11	2,95	4,79	2,68	2,42	3,14	3,22	3,63	2,04	2,34	3,73	3,39	4,00	2,75	2,49	3,27	3,24	3,99
Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

9.3 Xestión do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA)

É preciso destacar, unha vez máis, a eficacia do AGA na resolución dos conflitos efectivamente tramitados.

O ano 2002 iniciáronse 27 expedientes, dous mais que o ano anterior, e deles 22 foron tramitados realmente, finalizando con acordo 20.

O cadro 9.14 resume, sinteticamente, os expedientes iniciados e xestionados ó abeiro do Acordo.

■ Cadro 9.14

AGA. Total expedientes. 2002

Expedientes iniciados	27			
Expedientes en tramitación	0			
Expedientes rexeitados	5	Conflictos resoltos	Empresas afectadas	Traballadores afectados
Expedientes archivados por solución previa	0			
Expedientes tramitados	22			
Conciliacións/Mediacións	14	12	5.879	12.769
Arbitrxes	8	8	9	386
		20	5.888	13.155

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

O cadro 9.15 recolle a distribución territorial da conflictividade colectiva, diferenciando entre conflitos de sector e de empresa e concretando o número de traballadores e traballadoras que por el se viron afectados.

Neste cadro pódese apreciar que tamén este ano foi na provincia da Coruña onde máis expedientes se tramitaron (un 72,72% do total dos tramitados).


Seguindo coa tendencia xeneralizada en anos anteriores, a maioría dos conflitos presentados son de ámbito de empresa (o 88,88%).

AGA. Distribución territorial dos conflitos presentados. 2002

■ Cadro 9.15

	Comunidade Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	2	19	3	0	3	27
Traballadores afectados	1.014	5.957	408	0	7.176	14.555
Expedientes de conflitos de sector	1	1	0	0	1	3
Traballadores afectados conf. sector	1.000	4.500	0	0	7.000	12.500
Expedientes de conflitos empresa	1	18	3	0	2	24
Traballadores afectados conf. empresa	14	1.457	408	0	176	2.055

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais




No cadro 9.16 desagreganse os procedementos achegados ó AGA segundo os resultados obtidos, especificando as súas vicisitudes: se foron rexeitados; se acadaron acordo previo á constitución da comisión negociadora ou á sinatura da acta de compromiso arbitral ou ben, se se tramitaron efectivamente.

■ Cadro 9.16

AGA. Resultado dos expedientes. Distribución territorial. 2002

	Comunidade Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	2	19	3	0	3	27
Expedientes rexeitados pola contraparte afectada	2	3	0	0	0	5
Conflictos resoltos por acordo previo	0	0	0	0	0	0
Expedientes tramitados	0	16	3	0	3	22
Expedientes resoltos	0	16	1	0	3	20
Expedientes con resultado negativo	0	0	2	0	0	2
Expedientes en tramitación	0	0	0	0	0	0

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais




O cadro 9.17 informa sobre a pertenza dos expedientes instados ós distintos sectores económicos de actividade segundo o encadramento nos mesmos da empresa ou sector de procedencia do conflito. Neste ano o 51,85% dos conflitos presentados proceden do sector servizos, e o 48,15% restante, ó sector da industria. É a este sector da industria ó que pertence o maior número traballadores afectados, o 53,78%.

AGA. Expedientes por sectores económicos e traballadores afectados. 2002

■ Cadro 9.17

	Nº expedientes	Traballadores
Agricultura	0	0
Pesca	0	0
Industria	13	7.828
Construcción	0	0
Servicios	14	6.727
Total	27	14.555

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



A maioría dos traballadores e empresas correspondentes a expedientes resoltos con acordo, pertencen ós procedementos de conciliación – mediación (12.769 traballadores e 5.879 empresas).

Os procedementos de arbitraje tramitados afectaron a 386 traballadores e 9 empresas.

Por ultimo indicar que os procedementos de ámbito de sector iniciados foron os seguintes: Comercio de Alimentación de Pontevedra e Limpeza de Edifícios e Locais da Coruña que remataron con resultado positivo e o sector galego de ambulancias no que non foi acadada a maioría suficiente para constituí-la comisión negociadora.

9.4 Xulgados do social

O volume de litixiosidade en Galicia pódese apreciar, en boa medida, a través das estatísticas sobre asuntos resoltos por estes xulgados que publica anualmente o Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais, no seu Anuario de Estadísticas Laborais.

Estes xulgados substituíron ás maxistraturas de Trabajo, por Lei 38/1988, do 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial. O procedemento rexíase polo Real Decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral.



Galicia, no último ano, foi por volume de asuntos resoltos (ou número absoluto de asuntos resoltos) a quinta comunidade autónoma de España. En 2002, precedenlle Andalucía, Cataluña, Madrid e a Comunidade Valenciana. Está por diante, neste peculiar ranking de asuntos resoltos polos xulgados do Social, de comunidades autónomas como as de Castela-León, Asturias e País Vasco. (cadro 9.18)

■ Cadro 9.18

**Evolución dos asuntos resoltos en materia de despedimentos.
Por comunidades autónomas. 1996-2002**

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002
Andalucía	7.477	7.010	6.793	6.615	6.586	7.544	8.652
Aragón	1.377	1.352	1.241	1.258	1.221	1.020	1.198
Asturias	809	920	841	894	856	1.002	1.338
Baleares	1.040	950	886	825	933	950	1.076
Canarias	2.545	2.770	2.896	2.659	2.717	3.133	3.859
Cantabria	703	581	657	620	595	669	740
C. A Mancha	1.627	1.527	1.382	1.422	1.399	1.627	1.800
C. León	2.363	2.094	1.965	1.843	1.961	2.051	2.689
Cataluña	9.709	9.549	9.445	8.848	9.834	11.323	13.647
C. Valenciana	4.597	4.253	4.075	4.089	4.697	5.860	6.274
Extremadura	1.063	733	700	610	728	917	940
Galicia	2.268	2.124	2.313	2.248	2.139	2.428	2.840
Madrid	9.313	8.415	7.871	7.696	7.760	10.559	11.525
Murcia	1.770	1.140	1.408	1.027	1.244	1.258	1.262
Navarra	441	395	346	299	333	277	379
País Vasco	2.238	2.169	1.953	2.108	1.847	2.016	2.364
A Rioxa	221	168	212	160	184	220	225
Ceuta e Melilla	211	179	198	151	199	183	263
España	49.772	46.329	45.182	43.372	45.233	53.037	61.071

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais.
Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais



Ó comparar tales datos cos relativos a efectivos laborais da Enquisa de Conxuntura Laboral -persoas que manteñen vínculo laboral, á data da enquisa- (cadro 9.19), obsérvase a falta de directa ou proporcional correspondencia ou correlación entre a porcentaxe de efectivos laborais por comunidade (suxeitos da relación que subxace ó procedemento laboral) e volume de litixiosidade proveniente daquelas estatísticas (9.18). A comparación de ámbolos dous indicadores pon en evidencia que non un maior número de efectivos laborais soporta un maior volume de litixios e viceversa. Galicia, cun total de 588.500 efectivos laborais, no ano 2002, que equivale ó 5,31% de efectivos laborais do total de España (11.072.800), ten número de asuntos tramitados polos xulgados do Social (19.929), superior a relación entre o número de asuntos resoltos en España (282.475), e os mentados efectivos laborais no mesmo ano.

Efectivos laborais. Por comunidades autónomas. 2002

Cadro 9.19

	Valores absolutos ⁽¹⁾	Variacións sobre o ano anterior	
		Absolutas ⁽¹⁾	Relativas ⁽²⁾
Andalucía	1.461,7	86,6	5,9
Aragón	329,9	12,8	3,9
Asturias	245,6	6,7	2,7
Baleares	308,3	29,7	9,6
Canarias	509,6	18,3	3,6
Cantabria	132,7	4,6	3,5
C. A Mancha	360,2	22,3	6,2
C. León	528,3	19,7	3,7
Cataluña	2.205,7	49,2	2,2
C. Valenciana	1.146,5	31,9	2,8
Extremadura	159,7	4,5	2,8
Galicia	588,5	26,0	4,4
Madrid	1.934,5	55,3	2,9
Murcia	290,4	14,7	5,1
Navarra	178,6	7,8	4,4
País Vasco	617,1	14,6	2,4
A Ríoxa	75,5	3,0	4,0
España	11.072,8	407,7	3,7

(1) Datos en miles

(2) Datos en porcentaxes

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais. Enquisa de Conxuntura Laboral

9.4.1 Por materias


En 2002 (cadro 9.20) aumentou en 655 o número de asuntos resoltos no total de Galicia. Mantense, con pequenas variacións, constante a distribución porcentual por materias dos anos precedentes.

Cadro 9.20

Asuntos resoltos polos xulgados do Social. Polas materias obxecto da demanda e provincias. Galicia. 2001-2002

	Total		Conflictos colectivos		Conflictos individuais						A filiación e cotización		Prestacións		Accid. trab. enferm. prof.	
	2001	2002	2001	2002	Despedimentos		Reclam. deriv. contr. trab.		De cantidades	Doutra índole	2001	2002	2001	2002	2001	2002
					2001	2002	2001	2002								
A Coruña	6.718	7.180	19	27	931	1.143	1.340	1.671	903	1.029	151	208	2.941	2.800	433	302
Lugo	2.807	2.920	8	8	241	283	832	1.173	259	213	22	21	1.404	1.186	41	36
Ourense	2.964	2.964	6	5	267	286	450	526	350	372	23	51	1.833	1.665	35	59
Pontevedra	6.785	6.865	36	54	989	1.128	1.688	1.663	1.045	1.098	62	62	2.550	2.430	415	430
Galicia	19.274	19.929	69	94	2.428	2.840	4.310	5.033	2.557	2.712	258	342	8.728	8.081	924	827

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais. Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais



Continúa a se-lo maior número de asuntos que ocupan ós xulgados do Social de Galicia, por materias, os concernentes á Seguridade Social (cadro 9.20), dun total de 19.929 asuntos resoltos, 9.250 refírense a esta materia (un 46,41% do total resolto). A continuación, están as reclamacións de cantidade derivadas do contrato de traballo, 5.033 asuntos (25,25%), seguen os despedimentos 2840 asuntos (14,25%), seguen a continuación asuntos xenericamente " doutra índole", 2.712 asuntos (un 13,60%) no ano 2002 do mesmo total. Seguen a continuación, os conflitos colectivos 94 asuntos (0,47 %) do referido total. A conxunción provincias e materia non evidencia datos diferenciadores significativos, mantendo as mesmas proporcións que as comentadas a continuación para o total de asuntos resoltos de Galicia.

■ **Cadro 9.21** **Cantidades recoñecidas a traballadores. Pola materia obxecto da demanda e provincias. Galicia. 2001-2002**

	Total		Conflictos individuais						Seguridade Social					
			Despedimentos		Reclam. deriv. contr. trab.				Afiliación e cotización		Prestacións		Accid. trab. e enferm. prof.	
					De cantidade		Doutra índole							
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
A Coruña	10.871,4	13.590,2	5.388,7	7.637,4	3.991,0	4.450,0	608,2	998,6	30,6	3,5	496,2	374,8	356,7	125,9
Lugo	4.813,5	5.407,6	1.333,1	2.414,5	1.895,3	2.197,4	719,6	294,2	—	—	865,5	501,5	—	—
Ourense	3.242,7	2.754,8	1.547,8	1.346,4	1.275,6	1.342,9	187,9	29,6	—	—	25,0	231,4	10,9	—
Pontevedra	1.327,7	71.707,5	3.490,5	5.076,1	3.725,2	64.552,2	1.012,6	1.385,4	—	—	624,0	192,1	635,9	501,7
Galicia	28.415,8	93.460,1	11.760,1	16.474,4	10.887,1	72.542,5	2.528,3	2.707,8	30,6	3,5	1.985,7	1.093,4	1.224,0	638,5


Datos en millóns de pesetas

Agencia de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais.

Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Cantidades recoñecidas en 2002




No cadro 9.22 vémo-los asuntos resoltos en materia de despedimentos, segundo a clase de resolución. A estatística publicada polo Ministerio de Traballo resulta certamente insuficiente cando nos formulamos desagregar diversas variables, máxime cando as reformas laborais máis recentes incorporaron á competencia da orde social materias das que a súa decisión viña atribuída á Administración, variables que, ó non tratarse desde o punto de vista estatístico, diferenciadamente, nos vedan calquera posibilidade de coñece-lo seu comportamento neste ámbito. Do cadro relativo a despedimentos por clase de resolución, os datos para 2002, permítenos observar unicamente que de 2.840 asuntos resoltos en Galicia, 1083 obtiveron sentenza favorable ó traballador (un 38,13% de asuntos); 135 foron estimadas en parte a favor do traballador (4,75%); foron desfavorables o traballador 355 sentencias, isto é, un 12,5%; chegando a acordo por conciliación en 808 asuntos (28,45%); desistíndose en 301 casos (10,59%) e finalizando por outras causas en 158 ocasións (5,56%).

■ Cadro 9.22

Asuntos resoltos en materia de despedimentos polos Xulgados do Social. Pola clase de resolución e provincias. Galicia. 2001-2002

	Total		Con senten. favor. ó traballador		Con senten. favor. en parte ó traball.		Con senten. desfav. ó traballador		Por conciliación		Por desistimento		Por outras causas	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
A Coruña	931	1.143	353	518	32	42	136	126	289	298	87	107	34	52
Lugo	241	283	94	122	6	5	41	46	73	75	22	33	5	2
Ourense	267	286	102	108	20	30	50	36	68	55	20	26	7	31
Pontevedra	989	1.128	323	335	49	58	140	147	301	380	125	135	51	73
Galicia	2.428	2.840	872	1.083	107	135	367	355	731	808	254	301	97	158

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais. Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais



9.4.2 Por provincias

Internamente, a nivel autonómico (cadro 9.20), o maior volume de asuntos resoltos do total galego corresponde, no ano 2002, en primeiro lugar á provincia de A Coruña, cun 36,02%; séguenlle Pontevedra, cun 34,44%; Ourense, cun 14,87% e Lugo cun 14,65 %.

9.5 O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social

Este tribunal ten atribuída, en primeira instancia, competencia territorial de ámbito intracomunitario e tamén a función de actuar como segundo e último grao xurisdiccional, na inmensa maioría dos preitos laborais, exercendo o control de legalidade sobre as resolucións dictadas polos xulgados do Social. A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia iniciou a súa andadura o 23 de maio de 1989, compoñéndose, no seu inicio e ata xullo de 1990, dun presidente e doce maxistrados. Na actualidade compónse de catro seccións.

Todo isto foi notoriamente insuficiente para atende-lo alto volume de actividade que se foi acumulando á actividade deste órgano, ó longo dos anos en funcionamento, xerando unha situación de colapso, xa evidenciada en anteriores informes,

sendo elocuente o número de asuntos pendentes que se reflicte no cadro 9.23 relativo á evolución de asuntos pendentes dos últimos anos. A 1 de xaneiro de 2003 penden de resolución 9.595 asuntos, que aínda que se están a reduci-los pendentes dos anos anteriores, segue sendo un considerable volume de asuntos sen resolver no tempo, o que segue a cuestionar un dos aspectos (pronta resolución) do principio constitucional de tutela xudicial efectiva.

■ Cadro 9.23

**Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social.
Evolución dos asuntos pendentes ó inicio do ano.1995-2003**

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2002
Pendientes o 1 de xaneiro	9.605	11.397	12.920	13.392	12.872	12.167	11.296	10.771	9.595 (CGPJ)

Fonte: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Maior importancia amosa a actividade revisora a través dos recursos de suplicación, cuantitativamente moito maior. No cadro 9.26, obsérvase que o número de asuntos que entran por ano na Sala é un promedio, nos últimos cinco anos, de 6106 por ano, en tanto que se dictan -no mesmo período- un promedio anual de 6865,2 resolucións (número que foi mellorando nos derradeiros anos como amosa o cadro indicado).

■ Cadro 9.24

**Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social.
Evolución dos asuntos pendentes, rexistrados e resoltos. 1998-2002**

	1998	1999	2000	2001	2002
Pendientes o 1 de xaneiro	13.392	12.872	12.167	11.306	10.762
Rexistrados/ano	5.580	5.891	6.032	6.681	6.346
Resoltos/ano	6.100	6.596	6.901	7.216	7.513

Fonte: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia




Dentro deste papel, en orde á importancia cuantitativa que por materias ocupan á Sala, e con referencia ós datos que amosa o cadro 9.25, é claro que o maior número de asuntos resoltos, e que ocupan á Sala, son os concernentes ós recursos sobre prestacións da Seguridade Social, un 61,94% do total de asuntos tramitados. Así, e en tales cadros, obsérvase que sobre un total de 6.792 resoltos, 4.207 concernen a aquela materia. A considerable distancia séguenlle, a xenérica doutros extremos, 605 sentencias dictadas (17,20%), 648 EN MATERIA DE ACCIDENTES (9,54%), 417 sentencias en despedimentos (6,14%) e 212 sentencias en materia de salarios (3,12%).

Cadro 9.25
**Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social. Asuntos resoltos por sentenza.
Por materias. 2000-2002**

	Revogando			Confirmando			Total			% do total		
	2000	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002
Conflictos colectivos	11	10	7	32	27	24	43	37	31	0,67	0,57	0,46
Cuestión Competencia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,00	0,00	0,00
Despedimentos	92	107	133	302	353	284	394	460	417	6,18	7,06	6,14
Salario	26	39	58	87	90	154	113	129	212	1,77	1,98	3,12
Prestacións S. Social	1.494	1.316	1.175	3.138	3.368	3.032	4.632	4.684	4.207	72,61	71,91	61,94
Accidente	72	121	129	230	393	519	302	514	648	4,73	7,89	9,54
A.B.C.S.S.(1)	23	26	20	40	59	89	63	85	109	0,99	1,30	1,60
Outros extremos	274	160	370	558	445	798	832	605	1.168	13,04	9,29	17,20
Total	1.992	1.779	1.892	4.387	4.735	4.900	6.379	6.514	6.792	100	100	100

(1) Afiliacións, altas e baixas

Fonte: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Asuntos resoltos en 2002

Sentencias revogadas en 2002

Sentencias confirmadas en 2002


Outro punto de interese constitúe o coñece-lo número e porcentaxes de sentencias da Sala, que confirman as dos xulgados de instancia e aque loutras que revogan estas. Isto amósanolo o mesmo cadro 9.25. Tomando en consideración os mesmos datos referidos a 2002, confirmáronse, sobre un total de 6.792 sentencias dictadas (noutros casos o recurso interposto foi resolto por auto), en 4.900 ocasións, a sentenza de instancia recorrida foi confirmada, o que equivale a un 72,14 %. Pola contra, revogáronse tales sentencias de instancia en 1.892 ocasións, é dicir, nun 27,856 % dos recursos formulados.

Os procesos en única instancia (cadro 9.26) son cuantitativamente escasos, tan só 10 asuntos desta índole rexistráronse en 2002.

■ Cadro 9.26

**Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social.
Evolución do movemento de asuntos. 2000-2002**

	Procesos en única instancia											
	I trim.			II trim.			III trim.			IV trim.		
	2000	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002
Pendientes												
trim. anterior	5	3	0	1	3	2	3	2	2	5	1	4
Rexistrados	1	3	5	3	2	2	6	1	2	2	5	1
Resoltos	5	3	3	1	3	2	4	2	0	4	3	4
Pendientes ó finalizar o trim.	1	3	2	3	2	2	5		4	3	3	1

	Recursos presentados relativos á unificación de doutrina				Total
	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	
Presentados	—	—	—	—	—
Elevados	—	—	—	—	—
Devoltos					
Confirmando	46	49	29	2	126
Revogando	4	5	4	0	13
Anulando	1	1	0	2	4

	Recursos de casación ordinaria				Total
	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	
Confirmando	2	1	1	52	56
Revogando	—	—	—	2	2
Anulando	—	—	—	2	2

As estatísticas que se elaboran para o Consello Xeral do Poder Xudicial permiten coñecer, ademais, un último dato a este informe. Referímonos ó número de recursos presentados contra sentencias do Tribunal, dictadas en última instancia, relativos ó recurso extraordinario de unificación de doutrina. O número de recursos de casación para unificación de doutrina en 2002, presentados por tan excepcional canle, infórmanos dun número anual inferior a 144 recursos fronte un volumen de 6.681 sentencias dictadas no ano anterior. O cadro 9.26 amosa os recursos presentados cando o TSX actúa en única instancia e as súas sentencias son recurribles en casación ordinario. Os números e resultados falan por si mesmos e que amosa que este tribunal constitúe, en boa medida, o último anel de solución xudicial de conflitos na orde social no ámbito galego, como o evidencian tanto o baixísimo número de veces en que son recorridas as súas sentencias, dictadas en segunda e última instancia, como o escaso número comparativo de veces en que se ve obrigado a intervir en primeira e única instancia. Tamén subliñar que dos 143 devoltos polo Tribunal Supremo, tan só foron revocadas 13 das sentencias dictadas polo TSX de Galicia, confirmandose maioritariamente 126 delas e sendo anuladas en 4 ocasións.

■ Cadro 9.27

Inspección de Traballo e Seguridade Social. Actuacións. Galicia. 2000-2002

1. Actuacións	2000	2001	2002
Traballo	5.032	3.794	6.103
Seguridade e hixiene	18.635	19.177	19.310
Emprego e migracións	10.652	10.358	8.473
Seguridade Social	54.306	54.324	49.794
Varios(1)	2.792	2.428	4.612
ORVE(2)	1.487	1.197	643
Total	92.904	91.278	88.935

2. Actas de infracción	Nº de actas			Nº Infr.	Importe			Trab. afectados		
	2000	2001	2002	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002
Traballo	264	374	480	530	505.957,59	392.239,57	646.092,01	2.531	2.248	2.423
Seguridade e hixiene	1.736	1.592	1.615	1.972	3.711.792,56	12.428.468,36	3.340.245,84	10.133	8.727	8.041
Emprego e migracións	96	86	576	676	251.166,57	441.972,31	1.944.927,79	132	122	339
Seguridade Social	2.145	2.288	2.405	3.371	1.285.769,82	1.918.625,42	1.575.272,18	4.794	5.431	23.387
Varios	218	260	311	349	238.922,84	231.536,82	534.772,25	506	642	302.691
ORVE	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Total	4.459	4.600	5.387	6.898	5.993.609,38	15.412.842,48	8.041.310,07	18.096	17.170	336.881

3. Expedientes	Nº de actas			Importe			Trab. afectados		
	2000	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002
Actas de liquidatorios	2.229	2.102	1.987	14.598.978,64	22.590.881,24	14.533.150,23	13.709	15.110	12.342
Propostas de liquidación	280	205	622	2.108.260,29	979.290,15	2.041.509,77	1.931	1.931	3.235
Subtotal	2.509	2.307	2.609	16.707.238,93	23.570.171,39	16.574.660,00	15.640	17.041	15.577
ORVE	1.187	1.183	733	3.436.732,01	6.570.386,42	4.057.295,26	14.771	14.771	11.296
Total	3.696	3.490	3.342	20.143.970,94	30.140.557,81	20.631.955,26	30.411	31.812	26.873

Elaboración propia

(1) Mediación, arbitraje, reunión representantes traballadores ou empresas, advertencia ou recomendación, paralización ou suspensión de traballos, requerimentos, proposta recargo prestacións, outras reclamacións de oficio, consultas e asesoramento, verificación actas controladores laborais, descargos e recursos actas, imputación responsabilidade solidaria seguridade social, imputación responsabilidade concorrencia seguridade e hixiene, sinalamento de bens e obstrucións

(2) Recolle os apartados de recadación inducida, minoración, morosidade e reclamación subv.

Fonte: Inspección de Traballo e Seguridade Social

■ **Cadro 9.28** **Inspección de Traballo e Seguridade Social. Actuacións. Provincia da Coruña. 2000-2002**

1. Actuacións	2000	2001	2002
Traballo	2.133	2.521	2.626
Seguridade e hixiene	6.379	6.729	7.791
Emprego e migracións	2.916	3.009	1.865
Seguridade Social	19.940	20.464	18.237
Varios (1)	1.539	1.213	1.782
ORVE (2)	705	553	
Total	33.612	34.489	32.301

2. Actas de infracción	Nº de actas			Nº infr.	Importe			Trab. afectados		
	2000	2001	2002		2000	2001	2002	2000	2001	2002
Traballo	144	181	222	247	344.458	228.988,30	377.209,30	1.049	1.073	889
Seguridade e hixiene	771	689	725	887	1.656.492	1.460.811,84	1.392.351,63	2.799	3.818	3.524
Emprego e migracións	22	18	31	456	85.302	68.002,75	778.973,41	35	19	115
Seguridade Social	742	867	958	1.244	470.926	548.072,40	585.504,95	2.048	2.517	20.222
Varios	105	120	170	178	91.645	91.208,68	364.525,00	185	281	389
ORVE	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Total	1.784	1.875	2.106	3.012	2.648.823	2.397.083,97	3.498.564,29	6.116	7.708	25.139

3. Expedientes liquidatorios	Nº de actas				Importe			Trab. afectados		
	2000	2001	2002		2000	2001	2002	2000	2001	2002
Actas de liquidación	863	942	769		5.394.031	6.304.516,74	3.569.504,31	8.099	6.138	5.049
Propostas de liquidación	86	124	548		610.008	479.561,12	1.162.277,77	649	850	2.829
Subtotal	949	1.066	1.317		6.004.040	6.784.077,86	4.731.782,08	8.748	6.988	7.878
ORVE	705	541	658		1.594.282	2.104.262,83	1.612.204,96	5.136	4.604	4.216
Der./V. Responsabilidade		42	105			8.622.805,66	13.512.491,18		300	280
Total	1.654	1.649	2.080		7.598.321	17.511.146,35	19.856.478,22	13.884	11.892	12.374

Elaboración propia

(1) Mediación, arbitraje, reunión representantes traballadores ou empresas, advertencia ou recomendación, paralización ou suspensión de traballo, requirimentos, proposta recargo prestacións, outras reclamacións de oficio, consultas e asesoramento, verificación actas controladores laborais, descargos e recursos actas, imputación responsabilidade solidaria seguridade social, imputación responsabilidade concorrencia seguridade e hixiene, sinalamento de bens e obstrucións.

(2) Recolle os apartados de recadación inducida, minoración, morosidade e reclamación subv.

Fonte: Inspección de Traballo e Seguridade Social

■ Cadro 9.29
Inspección de Traballo e Seguridade Social. Actuacións. Provincia de Lugo. 2000-2002

1. Actuacións	2000	2001	2002
Traballo	302	312	510
Seguridade e hixiene	1.752	1.758	1.560
Emprego e migracións	607	622	671
Seguridade Social	2.569	2.809	3.589
Varios ⁽¹⁾	218	243	318
ORVE ⁽²⁾	123	87	78
Total	5.571	5.831	6.726

2. Actas de infracción	Nº de actas			Nº infr. 2002	Importe			Trab. afectados		
	2000	2001	2002		2000	2001	2002	2000	2001	2002
Traballo	27	22	61	64	28.836,60	16.263,59	59.363,88	67	104	181
Seguridade e hixiene	124	155	176	184	305.446,55	401.524,74	357.188,83	404	561	570
Emprego e migracións	22	23	30	35	41.249,26	77.609,42	130.472,40	31	35	36
Seguridade Social	211	203	253	331	112.047,91	102.939,49	126.451,41	319	300	436
Varios	13	17	36	36	5.433,78	25.684,00	32.599,28	18	90	123
ORVE	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Total	397	420	556	650	493.014,10	624.021,24	706.075,80	839	1.090	1.346

3. Expedientes liquidatorios	Nº de actas			2002	Importe			Trab. afectados		
	2000	2001	2002		2000	2001	2002	2000	2001	2002
Actas de liquidación	338	311	340		111.331,73	3.529.437,48	1.366.677,15	1.953	1.564	2.315
Propostas de liquidación	39	25	31		197.485,65	118.839,78	626.741,69	253	118	108
Subtotal	377	336	371		308.817,38	3.648.277,20	1.993.418,84	2.206	1.682	2.423
	123	87	78		573.688,21	121.154,11	369.395,43	1.608	237	2.040
Total	500	423	449		882.505,59	3.769.431,31	2.362.814,27	3.814	1.919	4.463

Elaboración propia

(1) Mediación, arbitraje, reunión representantes traballadores ou empresas, advertencia ou recomendación, paralización ou suspensión de traballo, requirimentos, proposta recargo prestacións, outras reclamacións de oficio, consultas e asesoramento, verificación actas controladores laborais, descargos e recursos actas, imputación responsabilidade solidaria seguridade social, imputación responsabilidade concorrencia seguridade e hixiene, sinalamento de bens e obstrucións.

(2) Recolle os apartados de recadación inducida, minoración, morosidade e reclamación subv.

Fonte: Inspección de Traballo e Seguridade Social

■ Cadro 9.30

Inspección de Traballo e Seguridade Social. Actuacións. Provincia de Lugo. 2000-2002

1. Actuacións	2000	2001	2002
Traballo	791	740	715
Seguridade e hixiene	2.019	2.263	1.702
Emprego e migracións	651	640	534
Seguridade Social	3.559	3.651	3.426
Varios ⁽¹⁾	251	294	1.776
ORVE ⁽²⁾	150	100	198
Total	7.421	7.688	8.351

2. Actas de infracción	Nº de actas			Nº infr. 2002	Importe			Trab. afectados		
	2000	2001	2002		2000	2001	2002	2000	2001	2002
Traballo	50	65	89	98	74.617,13	52.537,84	108.612,3	869	795	903
Seguridade e hixiene	196	207	198	243	334.315,9	511.065,4	450.654,0	1.323	1.502	1.366
Emprego	37	14	34	38	66.472,67	65.510,50	145.231,2	39	22	37
Seguridade Social	252	259	166	501	158.183,3	170.485,1	188.634,7	568	543	601
Varios	17	29	23	23	22.238,69	11.479,44	7.843,97	28	147	37
ORVE	—	—	—	—	3.005,07	—	—	—	—	—
Total	552	574	510	903	658.832,8	811.078,3	900.976,3	2.827	3.009	2.944

3. Expedientes liquidatorios	Nº de actas				Importe			Trab. afectados		
	2000	2001	2002		2000	2001	2002	2000	2001	2002
Actas de liquidación	303	305	287		544.968,99	1.736.478,80	1.911.034,57	1.024	1.640	1.736
Propostas de liquidación	99	32	28		609.869,98	296.478,41	157.856,25	566	246	188
Subtotal	402	337	315		1.154.838,97	2.032.957,21	2.068.890,82	1.590	1.886	1.924
ORVE	150	98	183		244.156,67	680.818,27	570.229,07	3.539	1.336	2.260
Total	552	435	498		1.398.995,64	2.713.775,48	2.639.119,89	5.129	3.222	4.184

Elaboración propia

(1) Mediación, arbitraje, reunión representantes traballadores ou empresas, advertencia ou recomendación, paralización ou suspensión de traballo, requirimentos, proposta recargo prestacións, outras reclamacións de oficio, consultas e asesoramento, verificación actas controladores laborais, descargos e recursos actas, imputación responsabilidade solidaria seguridade social, imputación responsabilidade concorrencia seguridade e hixiene, sinalamento de bens e obstrucións.

(2) Recolle os apartados de recadación inducida, minoración, morosidade e reclamación subv.

Fonte: Inspección de Traballo e Seguridade Social

■ Cadro 9.31
Inspeccións de Traballo e Seguridade Social. Provincia de Pontevedra. 2000-2002

1. Actuacións	2000	2001	2002
Traballo	1.806	221	2.252
Seguridade e hixiene	8.485	8.427	8.257
Emprego e migracións	6.478	6.087	5.403
Seguridade Social	28.238	27.400	24.542
Varios ⁽¹⁾	784	678	736
ORVE ⁽²⁾	509	457	367
Total	46.300	43.270	41.557

2. Actas de infracción	Nº de actas			Nº infr.	Importe			Trab. afectados		
	2000	2001	2002	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002
Traballo	43	106	108	121	58.045,86	94.449,84	100.906,49	546	276	450
Seguridade e hixiene	645	541	516	658	1.415.538,11	10.055.066,35	1.140.051,34	5.607	2.846	2.581
Emprego e migracións	15	31	56	147	58.142,64	230.849,64	890.250,78	27	46	151
Seguridade Social	940	959	1.028	1.295	544.612,52	625.408,25	674.681,05	1.859	2.071	2.128
Varios	83	94	110	112	119.605,37	103.164,70	129.804,00	275	124	142
ORVE	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Total	1.726	1.731	1.818	2.333	2.195.944,50	10.483.530,53	2.935.693,66	8.314	5.363	5.452

3. Expedientes liquidatorios	Nº de actas			Importe			Trab. afectados		
	2000	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002
Actas de liquidación	725	524	591	8.548.646,92	11.020.448,22	7.685.934,20	2.633	5.768	3.242
Propostas de liquidación	56	24	15	690.896,66	84.410,84	94.634,06	463	92	110
Subtotal	781	548	606	9.239.543,58	11.104.859,06	7.780.568,26	3.096	5.860	3.352
ORVE	509	457	367	1.024.605,13	1.631.194,00	1.505.465,80	4.488	6.483	2.780
Total	1.290	1.005	973	10.264.148,71	12.736.053,06	9.286.034,06	7.584	12.343	6.132

Elaboración propia

(1) Mediación, arbitraje, reunión representantes traballadores ou empresas, advertencia ou recomendación, paralización ou suspensión de traballo, requirimentos, proposta recargo prestacións, outras reclamacións de oficio, consultas e asesoramento, verificación actas controladores laborais, descargos e recursos actas, imputación responsabilidade solidaria seguridade social, imputación responsabilidade concorrencia seguridade e hixiene, sinalamento de bens e obstrucións.

(2) Recolle os apartados de recadación inducida, minoración, morosidade e reclamación subv.

Fonte: Inspección de Traballo e Seguridade Social

10.1. Introducción

Neste apartado, no que se examinan os expedientes de regulación de emprego tramitados e os traballadores afectados polos mesmos, téñense en conta, fundamentalmente, no referido a Galicia, os datos facilitados pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, competente nesta materia; completados con aqueles nos que, a súa competencia, resérvase á Administración Central, segundo os datos publicados polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Así mesmo, hai que facer constar que a existencia de pacto refírese a aqueles casos en que se chegou a acordo cos representantes legais dos traballadores, non incluíndose, polo tanto, aqueles nos que, aínda existindo algún tipo de acordo, este non vincula á autoridade laboral.

As variacións fan que se canalicen á vía xudicial posterior extincións de contratos que antes requirían a autorización administrativa previa; non obstante, é interesante o exame dos datos, xa que tódalas suspensións de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ou as derivadas de forza maior canalízanse por esta vía, así como as extincións nos, agora indeterminados, despedimentos colectivos.

Inclúese tamén neste capítulo o Fondo de Garantía Salarial (FOGASA) por estar intimamente relacionado coa regulación de emprego.

10.2. Regulación de emprego

No primeiro cadro ofrécese, con datos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, unha visión xeral dos traballadores afectados en Galicia polos efectos dos expedientes de regulación de emprego en base á información subministrada pola Dirección Xeral de Traballo, a Comunidade Autónoma ou as Áreas de Traballo e Asuntos Sociais dependendo da autoridade laboral á que compete a súa resolución. Examinando as cifras pode verse que o maior número de traballadores afectados o é coa suspensión de contratos e que a provincia de Pontevedra é a máis afectada por extincións contractuais.

**Traballadores afectados por efecto do expediente.
Galicia.2002**

■ Cadro 10.1

	Extinción	Total ⁽¹⁾
A Coruña	433	1.362
Lugo	82	183
Ourense	109	148
Pontevedra	707	1.840
Galicia	1.331	3.533

Do resto dos traballadores, 2.196 foron afectados por suspensión e 6 por redución de xornada

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais

No que se refire concretamente ós tramitados pola Comunidade Autónoma, no cadro de expedientes resoltos (cadro 10.2), a provincia de Pontevedra, en xeral, é a que maior número de traballadores afectados reflicte. Obsérvase un maior número de expedientes que teñen acordo que os non pactados, aínda que concretamente na provincia da Coruña superan os de sen acordo.

Regulación de emprego. Total de expedientes resoltos. Galicia. 2002

■ Cadro 10.2

	Total cadro de persoal	Total expedientes	Autorizados pactados	Autorizados non pactados	Non autorizados	Desistidos	Total trab. afectados
A Coruña	2.417	162	66	76	6	14	1.193
Lugo	276	28	18	2	3	5	155
Ourense	202	13	9	0	3	1	119
Pontevedra	20.053	142	79	56	4	3	1.754
Galicia	22.948	345	172	134	16	23	3.221

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

Na desagregación dos expedientes pola medida autorizada (cadro 10.3), pode verse a afectación maioritaria de traballadores nos expedientes pactados e o maior volume de expedientes e traballadores afectados coa consecuencia de suspensión das relacións laborais.

Cadro 10.3

Regulación de emprego. Expedientes resoltos segundo a medida autorizada. Galicia. 2002

1. Medida autorizada: suspensión das relacións laborais

	Total expedientes	Exptes. autoriz. pactados	Pactados traballadores	Exptes. autoriz. non pactados	Non pactados traballadores	Total traballadores	Total días afectados
A Coruña	122	51	505	71	396	901	11.817
Lugo	13	13	88	0	0	88	839
Ourense	4	4	39	0	0	39	905
Pontevedra	96	59	715	37	404	1.119	8.559
Galicia	235	127	1.347	108	800	2.147	22.120

2. Medida autorizada: redución de xornada


	Total exptes.	Exptes. autoriz. pactados	Pactados traballadores	Exptes. autoriz. non pactados	Non pactados traballadores	Total traballadores	Total días redución	Total horas redución
A Coruña	2	0	0	2	6	6	232	35
Lugo	0	0	0	0	0	0	0	0
Ourense	0	0	0	0	0	0	0	0
Pontevedra	0	0	0	0	0	0	0	0
Galicia	2	0	0	2	6	6	232	35

3. Medida autorizada: rescisión de contratos


	Total exptes.	Exptes. autoriz. pactados	Pactados traballadores	Exptes. autoriz. non pactados	Non pactados traballadores	Total trab. rescisión
A Coruña	21	15	202	6	84	286
Lugo	7	5	55	2	12	67
Ourense	5	5	80	0	0	80
Pontevedra	39	20	520	19	115	635
Galicia	72	45	857	27	211	1.068

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

Exptes. resoltos por suspensión das relacións laborais



Exptes. resoltos por rescisión contratos



10.3. Causas dos expedientes

No capítulo das causas dos expedientes (cadro 10.4), resalta a forza maior como a que dá lugar ó maior número de expedientes e traballadores afectados, maioritariamente na medida de suspensión de contratos. No que se refire á extinción, os problemas de tesourería ou financiamento son a causa que a maior número de traballadores afecta.

■ Cadro 10.4

Expedientes resoltos segundo a causa e os traballadores afectados. Por provincias. Galicia. 2002⁽¹⁾

		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	Total
A Coruña	Nº exptes. autorizados	0	0	0	18	1	0	0	0	75	2	0	12	1	33	0	142
	Trab. afectados	0	0	0	309	2	0	0	0	455	45	0	112	11	259	0	1.193
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	0	0	0	0	0	6	0	0	0	0	0	0	6
	Trab. rescisión	0	0	0	152	0	0	0	0	46	0	0	26	0	62	0	286
	Trab. suspensión	0	0	0	157	2	0	0	0	403	45	0	86	11	197	0	901
Lugo	Nº exptes. autorizados	0	0	1	2	1	2	0	1	6	0	0	6	0	0	1	20
	Trab. afectados	0	0	5	21	1	14	0	19	21	0	0	57	0	0	17	155
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Trab. rescisión	0	0	0	21	1	11	0	0	1	0	0	16	0	0	17	67
	Trab. suspensión	0	0	5	0	0	3	0	19	20	0	0	41	0	0	0	88
Ourense	Nº exptes. autorizados	3	0	0	4	0	0	1	0	1	0	0	0	0	0	0	9
	Trab. afectados	28	0	0	33	0	0	47	0	11	0	0	0	0	0	0	119
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Trab. rescisión	0	0	0	33	0	0	47	0	0	0	0	0	0	0	0	80
	Trab. suspensión	28	0	0	0	0	0	0	0	11	0	0	0	0	0	0	39
Pontevedra	Nº exptes. autorizados	0	2	2	10	0	6	0	0	55	0	1	27	16	15	1	135
	Trab. afectados	0	178	70	243	0	39	0	0	505	0	1	213	188	313	4	1.754
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Trab. rescisión	0	178	70	49	0	21	0	0	104	0	0	13	170	26	4	635
	Trab. suspensión	0	0	0	194	0	18	0	0	401	0	1	200	18	287	0	1.119
C. Autónoma	Nº exptes. autorizados	3	2	3	34	2	8	1	1	137	2	1	45	17	48	2	306
	Trab. afectados	28	178	75	606	3	53	47	19	992	45	1	382	199	572	21	3.221
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	0	0	0	0	0	6	0	0	0	0	0	0	6
	Trab. rescisión	0	178	70	255	1	32	47	0	151	0	0	55	170	88	21	1.068
	Trab. suspensión	28	0	5	351	2	21	0	19	835	45	1	327	29	484	0	2.147

(1) Explicación das causas:

1. Falta de produtividade
2. Empresas acollidas a Decretos de Reconversión
3. Quebra, suspensión de pagos, débeda
4. Problemas de tesourería ou financiamento
5. Ruínas ou obras de inmobles
6. Restricción da demanda ou consumo
7. Rescisión de contratos (subcontratistas)
8. Falta de materia prima
9. Forza maior
10. Aplicación medidas económicas
11. Reestructuración de empresas de sectores non afectados por Decretos de Reconversión
12. Técnicas e/ou tecnolóxicas
13. Organizativas
14. De produción
15. Outras

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

10.4. Actividades económicas afectadas

En xeral, a pesca é a actividade que segue provocando, con moita diferenza, o maior número de expedientes e, en relación directa, afecta a máis traballadores (cadro 10.5), o que dá idea da súa conexión coa forza maior examinada nas causas e en relación cos problemas que atravesara este sector.

Cadro 10.5

Actividades económicas: expedientes e traballadores.
Por provincias. Galicia. 2002

Cód.	Actividade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
		Expt.	Trab.	Expt.	Trab.	Expt.	Trab.	Expt.	Trab.	Expt.	Trab.
1	Agricultura, gandería, caza e servs. relacionados	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
2	Silvicultura, explot. forestais e servs. relacionados	1	2	0	0	0	0	1	3	2	5
5	Pesca, acuicultura e servs. relacionados	97	595	9	73	0	0	96	645	202	1.313
10	Extr. e aglom. antracita, hulla, lignito e turba	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
11	Extr. petróleo e gas natural e servs. relacionados	1	6	0	0	0	0	0	0	1	6
12	Extraccións minerais de uranio e torio	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
13	Extraccións minerais metálicos	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
14	Extr. minerais non metálicos nin enerxéticos	2	38	0	0	0	0	0	0	2	38
15	Industria de produtos alimenticios e bebidas	5	24	2	30	0	0	2	10	9	64
16	Industria do tabaco	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
17	Industria téxtil	1	12	0	0	0	0	1	10	2	22
18	Industria da confección e peletería	4	49	2	21	2	11	2	17	10	98
19	Industria do coiro e do calzado	0	0	1	3	0	0	0	0	1	3
20	Industria da madeira e cortiza (agás mobles)	1	11	0	0	0	0	1	76	2	87
21	Industria do papel	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
22	Edic. artes gráfs. e reprod. soportes gravados	0	0	0	0	0	0	2	54	2	54
23	Coquerías, refino petró., e trat. comb. nucleares	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
24	Industria química	1	47	0	0	0	0	0	0	1	47
25	Fabr. produtos caucho e materias plásticas	0	0	0	0	0	0	1	128	1	128
26	Fabr. doutros produtos minerais non metálicos	1	7	2	15	0	0	3	28	6	50
27	Metalurxia	3	80	0	0	0	0	0	0	3	80
28	Fabr. prods. metáls., agás maquir. e equipo	3	115	0	0	0	0	3	44	6	159
29	Inds. construc. maquinaria e equipo mecánico	0	0	0	0	0	0	1	94	1	94
30	Fabr. máquinas oficina e equipos informáticos	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico	0	0	0	0	1	47	0	0	1	47
32	Fabr. mater. electrón., radio, TV e comunicacións	1	37	0	0	0	0	0	0	1	37
33	Fabr. eq. e instr. cirúrx. prec., ópt. e relojería	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
34	Fabr. vehícs. motor, remolques e semiremolques	0	0	0	0	0	0	1	60	1	60
35	Fabricación doutro material de transporte	0	0	0	0	0	0	8	276	8	276
36	Fabr. mobles; outras indus. manufactureiras	1	11	0	0	0	0	0	0	1	11
37	Reciclaxe	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
40	Prod. e distr. en. electr., gas, vapor e auga quente	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
41	Captación, depuración e distribución de auga	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
45	Construcción	0	0	0	0	1	19	1	4	2	23
50	Venda, rep. vehíc. motor, venda miúdo comb.	2	10	1	10	0	0	3	107	6	127
51	Com. por xunto e interm., agás vehíc. motor	9	71	0	0	0	0	2	23	11	94
52	Com. miúdo, agás vehíc. motor, repar. domés.	1	9	3	3	3	16	2	127	9	155
55	Hostalería	7	60	0	0	1	10	2	6	10	76
60	Transporte terrestre: transporte por tubos	0	0	0	0	1	16	0	0	1	16
61	Transporte marítimo, de cabotaxe e interior	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
62	Transporte aéreo e espacial	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
63	Activs. anexas ós transportes: axencias de viaxes	0	0	0	0	0	0	1	38	1	38
64	Correos e telecomunicacións	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
65	Interm. financ., agás seguros e plans pensións	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
66	Seguros e plans pensións, agás S.S. obrigatoria	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
67	Activs. auxiliares e intermediación financeira	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
70	Actividades inmobiliarias	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
71	Alugueiro de maquin. e equipo sen operario	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
72	Actividades informáticas	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
73	Investigación e desenvolvemento	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
74	Outras actividades empresariais	0	0	0	0	0	0	1	3	1	3
75	Admón. Pública, Defensa e S.S. obrigatoria	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
80	Educación	0	0	0	0	0	0	1	1	1	1
85	Activs. sanitarias e veterinarias, servs. sociais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
90	Actividades de saneamento público	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
91	Actividades asociativas	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
92	Activs. recreativas, culturais e deportivas	1	9	0	0	0	0	0	0	1	9
93	Actividades diversas de servs. persoais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
95	Fogares que empregan persoal doméstico	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
99	Organismos extraterritoriais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total		142	1.193	20	155	9	119	135	1.754	306	3.221

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

Expedientes Tramitados na DXRL. 2002

■ Cadro 10.6

	Nº expedientes
Recursos de alzada	9
Informes Exp. Administración Central	23
Total	32

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

10.5. Evolución experimentada



As consideracións apuntadas ó comezo deste capítulo impiden extraer conclusións na evolución dos expedientes de regulación de emprego dada a variación normativa, aínda que unha observación simple dos últimos anos (cadro 10.7), sen entrar na súa análise, reflicte unha clara diminución en relación cos inmediatamente anteriores, tanto no número de expedientes como nos traballadores afectados por eles, sendo no ano 2002 máis acusado este descenso.

Evolución dos expedientes de regulación de emprego autorizados e traballadores afectados. Galicia. 1990-2002

■ Cadro 10.7

	Nº expedientes	Traballadores afectados
1990	852	31.992
1991	978	28.370
1992	1.007	26.019
1993	1.312	43.968
1994	1.006	20.995
1995	943	27.260
1996	588	10.030
1997	543	8.005
1998	508	7.900
1999	642	8.247
2000	453	7.505
2001	608	6.599
2002	407	3.533

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais



10.6. O Fondo de Garantía Salarial

A información que aquí se ofrece refírese ás prestación económicas satisfeitas polo Fondo de Garantía Salarial. Ditas prestacións teñen fundamentalmente dúas finalidades:

■ Garantir ós traballadores por conta allea o percibo dos salarios e as indemnizacións pendentes de pago como consecuencia dos desequilibrios patrimoniais das empresas, nos casos de insolvencia declarada e recoñecida xudicialmente, suspensión de pagos, quebra, forza maior ou concurso de acredores. Estas circunstancias deben ser recoñecidas pola sentenza ou resolución da autoridade laboral, nos supostos de indemnización, ou por acta de conciliación ou sentenza de recoñecemento, nos supostos de salarios.

■ Aboar o 40 por cento das indemnizacións legais que correspondan ós traballadores derivadas do despedimento colectivo ou despedimento por causas obxectivas nas empresas de menos de vintecinco traballadores, segundo se establece no art. 33.8 do Estatuto dos Traballadores.

As principais disposicións legais vixentes durante o período de referencia dos datos son as seguintes: Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, polo que se establece a natureza, organización e funcionamento do Fondo de Garantía Salarial; Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Os datos proceden da estatística que elabora o Fondo de Garantía Salarial en base a os expedientes tramitados por dito organismo e que publica, mensualmente, na súa publicación .

As prestacións “por insolvencia” inclúen o importe das indemnizacións e dos salarios pendentes de pagamento motivados por declaración de insolvencia das empresas, suspensión de pagamentos, quebra, concurso de acredores e forza maior así como os salarios de tramitación acordados pola xurisdicción competente.

As prestacións “por regulación” inclúen, unicamente, os supostos derivados do artigo 33.8 do Estatuto dos Traballadores, é dicir, as indemnizacións correspondentes ó 40 por cento da indemnización legal que corresponda ós traballadores de empresas de menos de vinte e cinco traballadores nos casos de despedimento colectivo e despedimento por causas obxectivas derivadas da necesidade de amortizar postos de traballo fundada en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción; en ámbolos supostos, o Fondo faise cargo de ditas prestacións sen necesidade de declaración de insolvencia das empresas.

Nos casos de despedimento colectivo e despedimento por causas obxectivas en empresas de máis de vinte e cinco traballadores, o Fondo unicamente intervéñ cando posteriormente se declara a insolvencia das empresas; en consecuencia, as cantidades satisfeitas en ditos supostos inclúense no apartado “por insolvencia”.

Os datos dos cadros 10.8 e 10.10 permítenos observar que o importe total das prestacións económicas, aboadas en 2002 en Galicia de 17.361,3 (2001: 9.536,1) miles de euros, o que representa un 7,89% do total de España (220.005). De tales importes o 92,16% ten a súa causa na insolvencia empresarial, en tanto que un 7,84% teñen a súa orixe na regulación de emprego. Do total das prestacións acordadas en Galicia derivadas da insolvencia (10.096,5 euros) un 18,20% serviron para aboar salarios debidos e garantidos, en tanto que o 81,8 do aboado, o foi por indemnizacións.

O cadro 10.9 infórmanos, así mesmo, do número de empresas afectadas e de traballadores beneficiarios do Fogasa. En 2002, o número de empresas foron 1.301 (2001: 1.187) e o número de traballadores 4.581 (en 2001: 3.793).

■ Cadro 10.8

Importe das prestacións acordadas polo FOGASA. Por provincias. Galicia/España. 2001-2002


	Valores absolutos ⁽¹⁾		Variacións sobre ano anterior					
			Absolutas ⁽¹⁾			Relativas ⁽²⁾		
	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002
A Coruña	3.492,8	5.189,4	958,2	-2.338,1	1.696,6	19,7	-40,1	48,6
Lugo	1.154,3	1.082,2	-708,9	360,2	-72,1	-47,2	45,4	-6,2
Ourense	666,7	698,9	-563,9	-378,8	32,1	-35,0	-36,2	4,8
Pontevedra	4.222,3	10.390,9	-8.050,5	-1.034,8	6.168,6	-60,5	-19,7	146,1
Galicia	9.536,1	17.361,4	-8.365,1	-3.391,5	7.825,2	-39,3	-26,2	82,1
España	214.843,5	220.005,7	-102.416,7	-13.978,7	5.162,1	-30,9	-6,1	2,4

(1) Datos en miles de euros

(2) Datos en porcentaxes

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais. Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Evolución dos valores absolutos dos importes das prestacións




■ Cadro 10.9


**Empresas afectadas e traballadores beneficiarios do FOGASA.
Pola causa da prestación e provincias. Galicia/España. 2001-2002**

	Total				Por insolvencia				Por regulación			
	Empresas		Traballadores		Empresas		Traballadores		Empresas		Traballadores	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
A Coruña	464	563	1.128	1.690	357	389	936	1.291	107	174	192	399
Lugo	162	206	341	450	136	172	300	325	26	34	41	125
Ourense	164	136	302	253	118	113	233	208	46	23	69	45
Pontevedra	397	396	2.022	2.188	354	350	1.920	2.018	43	46	102	170
Galicia	1.187	1.301	3.793	4.581	965	1.024	3.389	3.842	222	277	404	739
España	25.021	27.195	70.237	73.538	18.085	18.889	55.916	56.438	6.936	8.306	14.321	17.100

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais. Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Evolución dos traballadores beneficiarios




Cadro 10.10
**Evolución do importe das prestacións acordadas polo FOGASA.
Pola causa e provincias. Galicia / España 2002**

	Total	Prestacións por insolvencia			Prestacións por regulación
		Subtotal	Salarios	Indemnizacións	
A Coruña	5.189,4	4.410,7	1.993,7	2.417,0	778,7
Lugo	1.082,2	875,5	561,6	313,9	206,7
Ourense	698,8	617,5	354,4	263,1	81,3
Pontevedra	10.390,9	10.096,5	1.837,8	8.258,7	294,4
Galicia	17.361,3	16.000,2	4.747,5	11.252,7	1.361,1
España	220.005,7	191.166,7	94.047,3	97.119,4	28.839,0

Datos en miles de euros

 Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais.
Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Os cadros que seguen, informan con maior detalle doutros indicadores desagregados (cadros 10.11 e 10.12).

Cadro 10.11
**Evolución do importe das prestacións acordadas polo FOGASA.
Por insolvencia e provincias. Galicia/España. 2001-2002**


	Valores absolutos ⁽¹⁾		Variacións sobre ano anterior					
			Absolutas ⁽¹⁾			Relativas ⁽²⁾		
	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002
A Coruña	3.095,6	4.410,6	818,4	-2.196,5	1.315,0	18,3	-41,5	42,5
Lugo	1.078,9	875,5	-755,4	391,5	-203,4	-52,4	57,0	-18,9
Ourense	555,4	617,5	-509,1	-378,8	62,1	-35,3	-40,5	11,2
Pontevedra	3.979,0	10.096,5	-8.014,2	-1.043,7	6.117,5	-61,5	-20,8	153,7
Galicia	8.708,9	16.000,1	-8.460,3	-3.227,5	7.291,2	-41,5	-27,0	83,7
España	189.662,5	191.166,7	-98.640,4	-11.788,1	1.504,2	-32,9	-5,9	0,8

(1) Datos en miles de euros

(2) Datos en porcentaxes

 Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais.
Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Evolución dos valores absolutos. 2001-2002



■ Cadro 10.12

Evolución do importe das prestacións acordadas polo FOGASA.
Por regulación e provincias. Galicia/España. 2001-2002

	Valores absolutos ⁽¹⁾		Variacións sobre o ano anterior					
			Absolutas ⁽¹⁾			Relativas ⁽²⁾		
	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002
A Coruña	397,2	778,7	139,8	-141,6	381,5	35,0	-26,3	96,0
Lugo	75,4	206,7	46,5	-31,3	131,3	77,2	-29,3	174,1
Ourense	111,3	81,3	-54,7	0,0	-30,0	-32,9	0,0	-27,0
Pontevedra	243,3	294,4	-36,3	8,9	51,1	-13,4	3,8	21,0
Galicia	827,2	1.361,1	95,3	-164,0	533,9	10,6	-16,5	64,5
España	25.181,6	28.839,0	-3.776,3	-2.190,6	3.658,0	-12,1	-8,0	14,5

(1) Datos en miles de euros

(2) Datos en porcentaxes

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais.
Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

11.1. Introducción

A previsión social ante situacións individuais e familiares de necesidade artículase mediante sistemas de protección social que amparan ós cidadáns e as súas familias ante continxencias como a estabilidade no emprego, a enfermidade, a incapacidade e a morte.

Os sistemas de protección social dos modernos estados constitúen tamén un enorme mecanismo económico-social que promove a evolución das sociedades e o equilibrio territorial, e orixina un importante efecto de redistribución das rendas que comporta un valor de solidariedade que é, sen dúbida, o aspecto máis característico desta, xa que coas súas realizacións vén a atender necesidades de contido individual e social impoñendo sacrificios ós mozos respecto dos vellos; ós sans respecto dos enfermos; ós ocupados respecto dos que se atopan en situación de desemprego; ós vivos respecto dos falecidos; ós que non teñen cargas familiares respecto dos que as teñen e ós de actividades económicas en auxe respecto dos sectores deprimidos.

No noso país podemos contempla-la protección social distinguindo dous grandes apartados: dunha parte, as pensións e prestacións do sistema de Seguridade Social vinculadas ó contrato de traballo ou ó desempeño dunha actividade por conta propia que constitúen a rama contributiva do sistema, e doutra, a cobertura asistencial que abrangue xunto coas pensións non contributivas da Seguridade Social e a Renda de Integración Social (RISGA), as derivadas da Lei de Integración Social do Minusválido (LISMI) e as prestacións a extinguir do Fondo de Asistencia Social (FAS).

Xunto a estas dúas vertentes haberá que engadir unha terceira conformada pola previsión complementaria, que como sinala a Constitución (artigo 41, último inciso) é libre e, polo tanto, non é obxecto de tratamento neste informe.

O modelo actual da Seguridade Social en España, que arrancando dos anos sesenta, perfecciónase e consolídase nos setenta, e que ten como expresión máis significativa a Constitución Española, en concreto o seu artigo 41 impón "ós poderes públicos o mantemento dun réxime público de Seguridade Social para tódolos cidadáns que garanta a asistencia e prestacións sociais ante situacións de necesidade, especialmente no caso de desemprego...", complementado coas imposicións a ditos poderes públicos das obrigas específicas de protección social á familia (artigo 39.1), así como ós fillos e ás nais (artigo 39.2), realizar unha política de previsión e tratamento dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos (artigo 49), ademais de garantir, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas a suficiencia económica para os cidadáns da terceira idade.

A Seguridade Social vén de experimentar nestes últimos anos importantes modificacións nas prestacións. En efecto, a partir de 1991 introdúcese no sistema as pensións non contributivas e, en 1995, créase a figura da Incapacidade Temporal como unha síntese das de Incapacidade Laboral Transitoria (ILT) e a Invalidez Provisional, que desaparecen integrándose na nova figura. Así mesmo, desvincúlase da incapacidade temporal a continxencia de maternidade, que adquire categoría autónoma, cunha cobertura do 100 por 100 da base reguladora.

O Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, o 6 de abril de 1995, coa práctica unanimidade da Cámara, o "Informe de la Ponencia para el análisis de los problemas estructurales del Sistema de la Seguridad Social y de las principales reformas que deberán acometerse", máis coñecido como "Pacto de Toledo" que representa o consenso político en torno ás liñas de futuro do sistema de pensións no noso país. O pacto, aínda que de contido xenérico, representa o compromiso sólido no mantemento e consolidación do actual sistema de protección social garantindo a súa viabilidade futura a través da adopción de medidas -o pacto contempla 15 recomendacións- que permitan a súa adaptación constante ás novas realidades e retos que se poidan presentar.

O 9 de outubro de 1996 subscríbese polo presidente do Goberno e os secretarios xerais de Comisións Obreiras e da Unión Xeral de Traballadores o "Acuerdo sobre consolidación y racionalización del sistema de la Seguridad Social" que, con vixencia ata 2000, senta as bases sobre as que se deberán desenvolver as recomendacións do Pacto de Toledo, acordo que tivo a súa plasmación na Lei 24/1997, do 15 de xullo, que contempla as seguintes medidas: 1) A separación financeira da Seguridade Social; 2) A constitución de reservas; 3) O establecemento gradual dun único tope de cotización para tódalas categorías profesionais; 4) A introducción de

maiores elementos de contribución e proporcionalidade no acceso e determinación da contía das pensións de xubilación e, coa finalidade de establecer unha maior seguridade xurídica na determinación das pensións de invalidez, prevese a elaboración dunha lista de enfermidades; 5) A mellora do tempo de duración das pensións de orfandade; 6) As melloras das contías das prestacións mínimas na súa contía inferior de viuvez; 7) O establecemento da revalorización automática das pensións, en función da variación dos prezos, a través da fórmula estable contida, de forma permanente, na propia LXSS; e 8) Previsión do desenvolvemento legal do tope de cobertura das pensións como forma de introduci-los elementos da seguridade xurídica e financeira.

A lei 39/1999, de 5 de novembro, para promove-la conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras establece entre outras medidas unha nova prestación dentro da acción protectora da Seguridade Social, a de risco durante o embarazo co obxecto de protexer a saúde da muller traballadora.

Por último o 9 de abril de 2001 asinouse polo goberno do Estado coa central sindical Comisiones Obreiras, a CEOE e a CEPYME un novo acordo sobre a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social que no referente ás pensións contempla como principais acordos:

1) En materia de xubilación:

- A eliminación do requisito do comezo a cotizar antes de 1967 para ter dereito á xubilación anticipada: o dereito ó retiro anticipado estendese ós maiores de 61 anos de idade que contén como mínimo con 30 anos de cotización e que leven 6 meses no paro. Xunto a isto establécese un novo coeficiente reductor anual en función dos anos cotizados que vai desde o 6% para os que acrediten 40 ou máis anos ata o 8% de 30 a 31 anos.
- Establecemento de medidas de xubilación parcial que posibiliten a compatibilidade entre o percibo dunha pensión e o desenvolvemento de actividades laborais.

Ditos acordos implementáronse normativamente no Real decreto-lei 16/2001, de 27 de decembro de 2001, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.

2) En materia de prestacións de morte e supervivencia:

- A base reguladora das pensións de viuvez subirá do 45% actual ó 52%. No ano 2002 estableceuse no 46%. Para persoas con cargas familiares elevarase ata o 70%, sempre que a pensión constitúa a principal ou única fonte de ingresos e que a contía total dos seus ingresos non superen previsto en cada exercicio económico para o recoñecemento dos complementos por mínimos.
- Elevación a 22 anos a idade máxima para percibi-la pensión de orfandade con carácter xeral e ata os 24 anos cando faleceran os dous proxenitores.

Ámbalas dúas medidas plasmáronse normativamente no Real decreto 1465/2001, do 27 do decembro, de modificación parcial do réxime xurídico das prestacións de morte e supervivencia.

3) Compromiso de aumento das pensións mínimas de xubilación e viuvez de menores de 65 anos e as non concorrentes do extinguido SOVI.

4) Inclusión na acción protectora dos autónomos, dos autónomos do especial agrario e dos de traballadores do mar, da prestación de incapacidade total cualificada –maiores de 55 anos-.

Ademais establécense acordos sobre:

Dotación anual do fondo de reserva: -unha mensualidade do importe total das pensións máis a parte proporcional das pagas extraordinarias-, chegando a dita contía a finais do ano 2004.

Establecemento dun prazo non superior a doce anos para levar a cabo a separación de fontes con respecto ó financiamento do complemento de mínimos.

E por último mantense o período de cálculo da pensión de xubilación que de acordo co previsto actualmente irá aumentando ata 15 anos no 2003 e nese ano as partes asinantes comprométese a toma-las medidas oportunas para a adopción da "forma máis idónea para o cálculo das prestacións".

11.2. Pensións contributivas da Seguridade Social: aspectos xerais

As pensións contributivas da Seguridade Social, é dicir, as que dan dereito a unha prestación en virtude dunha cotización previa, outorgan rendas, xeralmente vitalicias e proporcionais ós ingresos na vida activa, a aqueles que cesan nesta, sempre que reúnan os requisitos esixidos para o seu recoñecemento, entre eles, e con carácter xeral, a alta ou situación asimilada á alta, e ter cubertos uns determinados períodos mínimos de cotización, agás no caso de accidentes.

As pensións móvense en canto a súa contía entre uns topes máximos e mínimos nos que os seus montantes teñen periodicidade anual. Son revalorizadas tamén anualmente en función do correspondente IPC previsto para ese ano, e nas derivadas de accidente de traballo ou enfermidade profesional incrementáanse nun 30 ou 50%, segundo a súa gravidade, cando a lesión se producira como consecuencia de infracción de medidas de seguridade e hixiene no traballo, recaendo a responsabilidade de dito recargo directamente sobre o empresario infractor.

Galicia constitúe unha das comunidades autónomas con máis alta porcentaxe de pensionistas, que representan, en 2002, o 25,19% da poboación total do censo. Durante os últimos anos acrecentouse a tendencia ó aumento da devandita porcentaxe, pasando en números absolutos dos 481.247, en 1985; ós 679.000, en 2002, (cadro 11.1), incrementándose nestes dezaseis anos en 197.753 o número de pensións, fronte ós 221.900 novos cotizantes á Seguridade Social entre ámbalas dúas datas.

Relación activos/pasivos

A relación activos/pasivos do sistema da Seguridade Social constitúe un bo indicador do fluxo traballo-prestacións públicas nun espazo xeográfico determinado e ben a medir con bastante exactitude o grao de subsidiación deste. No cadro 11.2 inclúense os datos a nivel provincial, galego e do conxunto do Estado. Na provincia de Ourense (ver informes anteriores) o número de pensionistas supera xa, desde 1989, ó de traballadores cotizantes en activo, e na de Lugo desde 1992. O importante aumento que se produce no número de afiliados á Seguridade Social

en 1998, 1999 e, aínda que en menor medida en 2000, 2001 e 2002, provoca un cambio na tendencia dos datos globais de Galicia dos anos precedentes, nos que se viña producindo un incremento maior de pasivos ou perceptores de pensións que de activos ou cotizantes.

■ Cadro 11.1

**Evolución das pensións do Sistema da Seguridade Social. Por provincias.
Galicia/España. 1985/1990/1995-2002**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1985	Nº	161,3	100,7	88,4	130,8	481,2	5.396,6
	Promedio	159,34	148,20	149,78	156,74	154,54	171,52
1990	Nº	189,1	111,8	98,5	125,9	525,3	6.102,1
	Promedio	246,69	220,36	221,41	236,60	234,09	267,23
1995	Nº	217,8	120,9	106,5	175,4	620,5	6.966,1
	Promedio	343,18	298,06	296,20	333,96	323,80	382,57
1996	Nº	223,8	121,7	107,6	178,6	631,7	7.110,2
	Promedio	361,33	313,33	310,76	351,15	340,68	403,70
1997	Nº	229,9	122,7	108,6	182,0	643,7	7.279,3
	Promedio	375,08	324,11	320,68	364,73	353,30	420,19
1998	Nº	234,6	123,5	109,1	184,8	652,0	7.410,7
	Promedio	384,65	333,32	329,29	376,95	364,52	435,01
1999	Nº	239,0	124,0	109,5	187,5	660,0	7.509,3
	Promedio	394,59	339,66	335,39	383,89	371,33	443,27
2000	Nº	243,3	124,2	109,8	190,1	667,4	7.598,9
	Promedio	418,63	358,57	353,99	408,65	394,06	471,30
2001	Nº	247,0	124,2	110,2	192,5	673,9	7.677,9
	Promedio	454,20	388,53	382,97	445,14	427,95	512,97
2002	Nº	250,0	123,8	110,3	194,9	679,0	7.745,8
	Promedio	478,1	409,1	402,7	471,6	451,5	541,9

Elaboración propia

Números en miles. Medias anuais

Promedio en euros, a decembro de cada ano

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais e INSS

A porcentaxe en Galicia da relación de activos/pasivos do sistema da Seguridade Social é, en 2002, de 1,36 activos por cada pasivo –923.900 traballadores en alta fronte ós 679.000 pensionistas–, sendo dita porcentaxe no total de España do 2,08, producíndose, o mesmo que nos catro anos precedentes e a diferenza da tendencia dos anos anteriores, un incremento en 2002 maior na proporción en favor dos activos, tanto en España como na comunidade galega. Mesmo na provincia de Ourense en 2002 aumentan os traballadores afiliados con respecto ós pensionistas e en Lugo a porcentaxe é tamén favorable ós activos, producíndose unha diminución dos pasivos, situándose a proporción en 1,03 pensionistas por cada activo en Lugo, e 1,09 pasivos por cada afiliado en Ourense.


**Relación de activos/pasivos na Seguridade Social.
Galicia/España. 1985/1990/1995-2002**

■ Cadro 11.2

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1985							
	Activos	265,4	120,8	93,6	222,2	702,0	10.561,8
	Pasivos	161,3	100,7	88,4	130,8	481,2	5.396,6
1990							
	Activos	301,2	116,4	95,7	255,6	768,9	12.513,9
	Pasivos	189,1	118,0	98,5	125,9	525,3	6.102,1
1995							
	Activos	306,1	108,8	90,0	253,2	758,2	12.307,6
	Pasivos	217,8	120,9	106,5	175,4	620,5	6.966,1
1996							
	Activos	309,9	107,8	90,1	257,3	765,2	12.506,0
	Pasivos	223,8	121,7	107,6	178,6	631,7	7.110,2
1997							
	Activos	316,7	108,7	91,0	265,9	782,4	12.932,1
	Pasivos	229,9	122,7	108,6	182,0	643,2	7.279,3
1998							
	Activos	330,5	111,1	93,2	279,5	814,3	13.591,0
	Pasivos	234,6	123,5	109,1	184,8	652,0	7.410,7
1999							
	Activos	346,7	114,8	96,1	293,6	851,2	14.344,9
	Pasivos	239,0	124,0	109,5	187,5	660,0	7.509,3
2000							
	Activos	357,3	117,3	98,2	307,4	880,1	15.062,9
	Pasivos	243,3	124,2	109,8	190,1	667,4	7.598,9
2001							
	Activos	369,0	118,6	99,6	317,1	904,3	15.649,9
	Pasivos	247,0	124,2	110,2	192,5	673,9	7.677,9
2002							
	Activos	377,5	119,3	100,7	326,3	923,9	16.126,3
	Pasivos	250,0	123,8	110,3	194,9	679,0	7.745,8

Elaboración propia
Número de persoas en miles. Medias anuais
Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais

Evolución dos activos e pasivos en Galicia



Nas catro provincias galegas prodúcese en 2002 un aumento significativo do número de cotizantes, moi por riba do incremento de pensionistas, se ben inferior ó ano precedente, sendo especialmente salientable en Pontevedra e na Coruña. En efecto, os afiliados sitúanse, en 2002 na cifra de 377.500 na provincia da Coruña e 326.300 en Pontevedra, cun aumento de 8.500 cotizantes na primeira e preto de case 9.200 na segunda, con respecto a 2001, e os pasivos sitúanse en 250.000 na Coruña e 194.900 en Pontevedra, cun aumento sobre 2001 de 3.000 na primeira e só 2.400 na segunda.

Altas iniciais e baixas

As altas iniciais de pensións contributivas (cadro 11.3) recollen o número de ditas prestacións ás que se lle recoñece o dereito por primeira vez, sen incluí-las altas por traslado de provincias; doutra banda, as baixas (cadro 11.4) representan o número de baixas de pensións contributivas (por falecemento, por perda do dereito ou incomparecencia ó cobro durante catro meses consecutivos). Comparando ámbolos dous cadros, ata 1997, como pode apreciarse consultando informes de anos anteriores, nas pensións de xubilación prodúcense en Galicia máis altas iniciais que baixas, o que implica polo peso numérico das mesmas un incremento considerable do total das pensións nese tempo. En 1998 por primeiro ano na serie que se contempla nos cadros, as baixas das pensións de xubilación en Galicia superan as altas, reproducíndose con maior amplitude en 1999 2000 e 2001. No ano 2002 orixínanse 19.036 baixas fronte a 15.531 altas iniciais no conxunto de Galicia. As altas de viuvez, 9.880, en 2002 continúan superando con bastante diferenza ás baixas –7.407 en dito ano-. –Na serie dos datos anuais (ver informes anteriores), as cifras de altas e baixas de orfandade, tenden a unha paridade en 1996; en 1997 aumentan moi considerablemente a proporción a favor das altas e en 1998 e 1999 chegan a representar máis do dobre, se ben no ano 2000 o incremento substancial das baixas volve a aproximar ámbolos parámetros, no 2001 as baixas en número de 2.740 superan amplamente o número das altas iniciais (2.328) e no 2002 as altas (2.831) volven a representar practicamente o dobre das baixas (1.461). Referente ás prestacións de invalidez, despois de se produciren máis baixas que altas en 1997, 1998 e 1999, como consecuencia da drástica redución motivada pola inclusión dos pensionistas de máis de 65 anos como titulares de pensións de xubilación, as baixas de ditas pensións, tanto en Galicia como no resto do Estado, experimentan unha substancial diminución de máis das dúas terceiras partes, no caso galego, redución que se mantén no ano 2000, 2001 e 2002, con só 1.968 baixas fronte ás 6.912 altas iniciais no último de ditos anos.

As altas iniciais de pensións en 2002 diminúen en Galicia pasando de 35.605 no ano anterior ás 35.154 do 2002, tamén en España diminúen lixeiramente o número das altas iniciais. A diminución no número das pensións iniciais prodúcese nas provincias de A Coruña e Ourense, aumentando nas outras dúas, por prestacións só diminúen nas de xubilación pero o incremento no resto é tan pequeno que como xa dixemos as altas no seu conxunto diminúen lixeiramente en 2002.

■ Cadro 11.3

**Altas iniciais de pensións contributivas. Por provincias.
Galicia/España. 1992/1998-2002**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Xubilación	1992	7.138	3.472	3.153	4.564	18.237	224.138
	1998	7.473	2.879	2.646	5.105	18.103	211.462
	1999	7.381	2.839	2.618	4.980	17.818	196.338
	2000	7.181	2.815	2.631	5.244	17.871	207.478
	2001	6.629	2.649	2.451	5.191	16.920	197.892
	2002	6.331	2.478	1.899	4.823	15.531	187.753
Invalidez	1992	2.113	2.099	1.133	2.592	7.937	92.172
	1998	2.561	1.134	875	2.237	6.807	86.406
	1999	2.940	1.030	1.204	1.914	7.088	82.510
	2000	2.933	980	1.224	1.923	7.060	78.257
	2001	2.795	838	1.219	2.015	6.867	80.929
	2002	2.821	852	1.056	2.183	6.912	79.853
Viuvez	1992	3.257	1.743	1.460	2.338	8.798	116.692
	1998	3.711	1.788	1.619	2.735	9.853	123.064
	1999	3.883	1.803	1.586	2.882	10.154	127.629
	2000	3.986	1.807	1.601	2.930	10.324	126.546
	2001	3.673	1.620	1.464	2.733	9.490	119.188
	2002	3.670	1.876	1.481	2.853	9.880	117.110
Orfandade e en favor de familiares	1992	693	262	254	733	1.942	22.864
	1998	1.010	300	359	838	2.507	34.524
	1999	1.132	337	381	903	2.753	37.029
	2000	1.181	349	338	946	2.814	34.979
	2001	990	241	258	839	2.328	30.015
	2002	1.205	296	328	1.002	2.831	36.296
Total	1992	13.201	7.576	6.000	10.227	37.004	455.866
	1998	14.755	6.101	5.499	10.915	37.270	455.456
	1999	15.336	6.009	5.789	10.679	37.813	443.506
	2000	15.281	5.951	5.794	11.043	38.069	447.260
	2001	14.087	5.348	5.392	10.778	35.605	428.024
	2002	14.027	5.502	4.764	10.861	35.154	421.012

Elaboración propia

(1) Non incluídos os datos relativos ó Réxime de Traballadores do Mar

A partir de novembro de 1997 as pensións de invalidez permanente de beneficiarios de 65 anos e máis, agás do SOVI figuran incluídas nas de xubilación

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais

**Baixas de pensións contributivas. Por provincias.
Galicia/España. 1997-2002 (1)**

■ Cadro 11.4

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Xubilación	1992	5.032	2.779	2.643	2.706	13.160	142.039
	1998	6.829	3.727	3.535	5.159	19.250	209.859
	1999	7.158	3.931	3.643	5.253	19.985	219.514
	2000	6.884	3.852	3.513	5.263	19.512	211.881
	2001	6.703	3.759	3.345	4.866	18.673	205.607
	2002	6.580	3.942	3.476	5.038	19.036	211.886
Invalidez	1992	1.426	1.909	1.005	1.828	6.168	65.547
	1998	720	387	345	745	2.197	28.109
	1999	813	402	283	736	2.234	27.672
	2000	738	345	328	722	2.133	26.462
	2001	740	238	293	673	1.944	25.365
	2002	716	250	335	667	1.968	24.426
Viuvez	1992	1.728	1.060	885	1.103	4.776	64.972
	1998	2.448	1.241	1.039	1.832	6.560	85.211
	1999	2.630	1.355	1.166	1.876	7.027	91.078
	2000	2.527	1.435	1.215	1.955	7.132	89.271
	2001	2.610	1.342	1.247	1.850	7.049	88.250
	2002	2.661	1.457	1.258	2.031	7.407	93.781
Orfandade e en favor de familiares	1992	603	182	186	540	1.511	21.228
	1998	427	97	142	397	1.063	16.008
	1999	454	128	169	449	1.200	16.545
	2000	905	274	297	669	2.145	28.323
	2001	1.107	317	321	995	2.740	34.336
	2002	625	167	186	483	1.461	18.795
Total	1992	8.789	5.930	4.719	6.177	25.615	293.786
	1998	10.424	5.452	5.061	8.133	29.070	339.187
	1999	11.055	5.816	5.261	8.314	30.446	354.809
	2000	11.054	5.906	5.353	8.609	30.922	355.937
	2001	11.160	5.656	5.206	8.384	30.406	353.558
	2002	10.582	5.816	5.255	8.219	29.872	348.888

Elaboración propia

(1) Non incluídos os datos relativos ó Réxime de Traballadores do Mar

A partir de novembro de 1997 as pensións de invalidez permanente de beneficiarios de 65 anos e máis, agás do SOVI, figuran incluídas nas de xubilación

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais

A Coruña é a demarcación onde é máis acusada a diferenza entre altas e baixas –14.027 fronte a 10.582– e a continuación Pontevedra, nas provincias de Lugo e Ourense a relación é dun certo equilibrio entre ámbolos dous parámetros –con maior número de baixas que altas iniciais en ámbalas dúas provincias–. Prodúcese, en 2002, a nivel galego e en cómputo interanual, unha lixeira diminución tanto das altas iniciais como das baixas, polo que continúa manténdose un número maior de altas iniciais.

Promedio das pensións

No cadro 11.5, contéplase o número de pensións e o termo medio do importe destas por comunidades autónomas. Do total dos 7.745.800 pensionistas españois, Galicia, con 679.000, representa o 8,77%, unha porcentaxe superior –máis de dous puntos– en relación coa que existe referente ó total da poboación. O cadro 11.6 contempla a evolución do importe mensual medio das pensións na comunidade autónoma desde 1985 e pode observarse que desde o citado ano, no que a diferenza do importe das pensións promedio de Galicia respecto á media española era de 2.500 pesetas (15,02 euros), ata as 13.711 pesetas (86,51 euros) de 2002, prodúcese ano tras ano unha maior diferenza na contía, permanecendo invariable en todo este tempo como a comunidade autónoma con menor importe medio de pensións. O feito explícase fundamentalmente polo importante volume das pensións do réxime especial agrario, en xeral moito máis baixas que as do réxime xeral ou de autónomos.

■ Cadro 11.5

Pensións do Sistema de Seguridade Social. Por comunidades autónomas. 1990/ 1998-2002

	1990		1998		1999		2000		2001		2002	
	Nº	Promedio ⁽¹⁾	Nº	Promedio ⁽¹⁾	Nº	Promedio ⁽¹⁾	Nº	Promedio ⁽¹⁾	Nº	Promedio ⁽¹⁾	Nº	Promedio ⁽¹⁾
Andalucía	938,0	252,8	1.162,4	403,9	1.182,6	416,5	1.199,3	437,4	1.213,3	461,6	1.227,1	480,5
Aragón	223,2	272,3	257,7	444,7	258,8	459,2	260,0	482,0	260,9	509,3	261,5	532,2
Asturias	240,5	319,6	280,0	532,5	281,9	549,9	283,2	575,1	284,5	606,3	283,9	628,2
Baleares	121,2	244,4	144,0	392,5	145,3	405,1	146,8	426,6	148,5	450,0	149,8	469,2
Canarias	151,4	258,7	192,5	412,3	197,0	424,3	201,3	444,5	205,3	468,9	209,5	487,9
Cantabria	101,3	274,9	118,5	447,8	119,3	464,0	120,0	486,9	120,5	515,4	121,1	537,1
C. A Mancha	257,4	256,3	306,6	400,3	309,6	412,3	312,4	433,4	314,6	457,0	316,1	475,4
C. León	479,3	263,4	555,1	420,7	558,6	433,9	561,9	455,4	563,6	480,9	565,1	501,1
Cataluña	1.071,4	270,1	1.294,5	446,6	1.319,7	461,6	1.335,1	484,4	1.349,8	511,8	1.362,1	535,3
C. Valenciana	597,5	245,2	718,4	399,1	728,8	411,7	739,4	432,3	748,9	456,7	757,2	476,2
Extremadura	158,8	245,0	190,3	375,6	191,6	385,8	192,9	405,3	194,2	462,2	195,2	442,3
Galicia	552,2	234,1	652,0	364,8	660,0	375,6	667,4	394,1	673,9	415,5	679,0	432,4
Madrid	581,5	306,9	762,0	515,7	776,5	533,1	790,4	558,6	801,6	591,4	812,9	616,8
Murcia	159,1	245,9	189,9	389,5	192,6	401,5	194,7	420,6	196,8	443,8	198,8	461,8
Navarra	79,0	286,4	96,8	470,0	98,4	487,4	99,8	514,2	101,2	545,9	102,4	570,9
Pais Vasco	331,4	320,8	413,0	546,9	418,7	566,2	423,8	594,5	429,3	529,3	432,9	655,5
A Rioja	48,0	256,8	56,0	417,1	56,3	430,9	56,6	452,1	57,1	478,6	57,3	499,1
Ceuta e Melilla	11,0	288,6	13,6	468,8	13,7	481,4	13,8	504,0	13,9	532,9	14,0	555,2
España	6.102,1	267,2	7.410,7	435,1	7.509,3	449,0	7.598,9	468,2	7.677,9	497,9	7.745,8	518,9

Elaboración propia

Números en miles. Medias anuais

Promedio, en euros, a decembro de cada ano

(1) Redondeado en centos

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais e INSS

Análise por réximes

O acordo sobre consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social, e o acordo para "a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social do 9 de abril de 2001 que desenvolven o Pacto de Toledo, prevén unha simplificación da estrutura do sistema, recondúcíndoo cara a existencia de só dous réximes: un de conta allea, no que se incluírán os activos da Minería do Carbón, Empregados do Fogar e conta allea do Mar e Agrario, e outro o Réxime de Autónomos. Iso sen dúbida provocará cambios importantes, tanto na cotización deses colectivos especiais -aínda que se manteñan algunhas peculiaridades-, como con respecto a unha equiparación efectiva das prestacións da Seguridade Social. Para a realización dos estudos e preparación das correspondentes medidas legislativas tomouse como horizonte a pasada lexislatura, prevíndose a súa implantación na presente, plasmándose o compromiso de incluír para os traballadores por conta propia a incapacidade total cualificada no Real decreto 463/2003, do 25 de abril.

■ Cadro 11.6

Evolución do importe medio das pensións do Sistema da Seguridade Social. Por comunidades autónomas. 1985/1989/1995-2002

	1985	1989	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002
Andalucía	159,87	222,37	359,41	376,83	391,26	403,88	416,50	437,54	461,60	480,45
Aragón	171,29	239,20	390,06	412,90	429,12	444,75	459,17	482,01	509,31	532,17
Asturias	200,74	284,28	463,98	492,23	513,87	532,50	549,93	575,17	606,27	628,19
Baleares	158,67	217,57	344,98	364,81	379,24	392,46	405,08	426,72	450,01	469,24
Canarias	164,68	229,59	367,22	384,65	399,07	412,29	424,31	444,75	468,90	487,94
Cantabria	174,29	243,41	391,26	414,10	431,53	447,75	463,98	486,82	515,40	537,14
C. A Mancha	161,67	225,38	357,00	374,43	388,25	400,27	412,29	433,33	456,97	475,43
C. León	164,68	230,19	370,82	391,26	406,89	420,71	433,93	455,57	480,94	501,05
Cataluña	171,89	239,20	390,06	413,50	430,93	446,55	461,58	484,42	511,83	535,33
C. Valenciana	155,66	216,36	350,99	370,22	385,25	399,07	411,69	432,13	456,73	476,17
Extremadura	153,86	215,76	337,77	353,40	364,81	375,63	385,85	405,08	426,20	442,30
Galicia	153,26	207,95	323,95	340,77	353,40	364,81	375,63	394,26	415,45	432,38
Madrid	189,92	280,07	449,56	476,00	497,04	515,67	533,10	558,34	591,44	616,75
Murcia	159,87	217,57	345,58	363,01	376,83	389,46	401,48	420,71	443,84	461,75
Navarra	176,70	251,22	409,29	433,33	452,56	469,99	487,42	513,87	545,89	570,90
País Vasco	195,93	280,67	473,60	502,45	526,49	546,92	566,15	540,31	629,29	655,51
A Rioxa	159,87	226,58	366,62	387,65	402,68	417,10	430,93	451,96	478,55	499,06
Ceuta e Melilla ⁽¹⁾	177,90	254,23	418,30	436,33	455,57	468,79	481,41	504,25	532,85	555,21
España	168,28	236,80	382,84	403,88	420,11	435,13	448,96	468,19	497,89	518,89

Elaboración propia

Datos en euros. Medias anuais de 1985 e 1989; a decembro de 1995 a 2002

(1) Media de ámbalas dúas cidades autónomas

Fonte: INSS

Segundo nos mostra o cadro 11.7, os 255.400 pensionistas do Réxime Agrario representan o maior número de pensionistas de Galicia con 1.400 máis que o Réxime Xeral e, así mesmo, constitúen o 16,52% do total de pensionistas agrarios de España (cadro 11.8).

**Evolución do número de pensións polos principais réximes.
Por provincias. Galicia 1991/1998-2002**


■ Cadro 11.7

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Xeral	1996	83,6	25,4	31,7	66,6	207,4
	1997	87,9	26,8	33,5	69,6	217,8
	1998	91,3	27,8	35,0	72,3	226,4
	1999	94,5	28,7	36,3	74,5	234,1
	2000	97,6	29,5	37,4	76,8	241,4
	2001	100,3	30,1	38,4	79,0	247,7
	2002	102,7	30,8	39,4	81,2	254,0
Autónomos	1996	19,5	9,0	8,6	14,1	51,1
	1997	20,4	9,2	8,8	14,8	53,3
	1998	21,3	9,5	9,1	15,4	55,3
	1999	22,2	9,8	9,4	16,1	57,5
	2000	23,4	10,0	9,7	16,8	59,9
	2001	24,5	10,3	10,1	17,5	62,4
	2002	25,6	10,5	10,6	18,2	64,8
Agrario	1996	78,5	78,0	59,2	57,8	273,5
	1997	78,5	77,5	58,2	57,2	271,4
	1998	78,4	76,9	57,0	56,6	268,8
	1999	78,0	76,1	55,9	55,9	265,9
	2000	77,6	75,2	54,8	55,1	262,7
	2001	77,1	74,3	53,8	54,5	259,6
	2002	76,1	73,1	52,5	53,7	255,4
Mar	1996	21,2	2,1	0,1	18,7	42,1
	1997	22,0	2,2	0,1	19,1	43,3
	1998	22,4	2,2	0,1	19,5	44,2
	1999	22,8	2,2	0,1	19,9	45,0
	2000	23,3	2,3	0,1	20,3	45,9
	2001	23,6	2,3	0,1	20,6	46,7
	2002	24,0	2,4	0,1	21,1	47,5
Outros	1996	21,0	7,2	8,0	21,4	57,6
	1997	21,1	7,0	8,0	21,3	57,5
	1998	21,2	7,1	7,9	21,0	57,3
	1999	21,5	7,2	7,8	21,1	57,5
	2000	21,4	7,2	7,8	21,1	57,5
	2001	17,8	7,2	7,5	18,5	51,0
	2002	21,5	7,1	7,8	20,8	57,3
Total	1996	223,8	121,7	107,6	178,6	631,7
	1997	229,9	122,7	108,6	182,0	643,2
	1998	234,6	123,5	109,1	184,8	652,0
	1999	239,0	124,0	109,5	187,5	660,0
	2000	243,3	124,2	109,8	190,1	667,4
	2001	247,0	124,1	110,2	192,5	673,9
	2002	250,0	123,8	110,3	194,9	679,0


Elaboración propia

Medias anuais en miles

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais



Pensións por réximes en Galicia en 2002



Cadro 11.8

Evolución do número de pensións polos principais réximes. Por comunidades autónomas. 1990/1995/2000-2002

	Réxime Xeral					Autónomos				
	1990	1995	2000	2001	2002	1990	1995	2000	2001	2002
Andalucía	367,2	481,6	574,4	585,1	596,0	77,0	96,2	116,0	119,5	123,1
Aragón	96,6	124,0	140,4	142,2	143,9	26,9	30,7	33,7	34,3	34,9
Asturias	82,7	103,6	118,5	120,6	121,3	18,6	23,0	26,8	27,6	28,4
Baleares	54,5	68,6	78,4	82,2	83,7	14,2	19,0	21,7	22,4	23,1
Canarias	66,9	89,6	109,0	116,3	120,1	11,9	16,0	20,5	21,4	22,4
Cantabria	47,5	58,1	64,1	65,9	66,7	10,2	11,9	13,2	13,4	13,7
C. A Mancha	84,5	114,7	134,6	140,8	143,5	31,8	36,2	40,2	41,0	41,8
C. León	159,7	207,5	235,3	243,5	247,3	55,3	64,0	71,6	73,0	74,5
Cataluña	626,5	758,9	867,8	881,2	893,2	126,5	152,4	171,8	175,7	179,3
C. Valenciana	273,6	349,1	417,1	426,7	435,7	59,5	70,8	83,1	85,8	88,3
Extremadura	47,6	68,0	80,9	82,3	83,6	17,2	19,8	22,2	22,7	23,1
Galicia	146,9	197,2	241,4	247,7	254,0	40,1	49,2	59,9	62,4	64,8
Madrid	402,1	511,8	589,8	599,0	608,2	57,6	70,4	82,0	84,4	87,0
Murcia	56,5	71,8	86,7	88,6	90,5	16,9	20,5	24,0	24,6	25,3
Navarra	36,6	47,3	56,6	58,0	59,3	10,0	11,4	12,7	13,0	13,3
País Vasco	197,5	250,3	285,9	291,0	294,3	35,2	41,8	48,0	49,4	50,8
A Rioxa	20,1	26,4	30,1	30,7	31,1	6,2	7,2	7,9	8,0	8,1
Ceuta	3,4	4,3	4,7	4,7	4,7	0,7	0,9	1,0	1,0	1,0
Melilla	2,6	3,4	3,7	3,7	3,8	1,0	1,3	1,5	1,5	1,6
España	2.773,1	3.536,1	4.134,0	4.210,2	4.281,0	617,1	742,4	857,5	881,1	904,5

	Agrario					Mar				
	1990	1995	2000	2001	2002	1990	1995	2000	2001	2002
Andalucía	326,1	344,3	359,7	361,3	362,7	18,5	21,0	22,4	22,4	22,4
Aragón	61,9	60,2	53,4	54,3	53,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1
Asturias	58,7	59,9	56,8	55,9	54,7	5,0	5,3	5,2	5,2	5,1
Baleares	30,2	29,4	26,1	25,5	24,8	2,9	3,1	3,2	3,2	3,2
Canarias	37,9	38,1	37,7	37,6	37,4	9,3	10,4	10,9	11,0	11,0
Cantabria	26,3	26,9	25,4	25,0	24,6	3,6	3,9	4,0	4,0	4,1
C. A Mancha	112,0	113,3	108,8	107,5	105,8	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1
C. León	185,5	186,7	177,7	175,1	172,0	0,1	0,2	0,3	0,3	0,3
Cataluña	123,5	123,2	116,0	114,5	112,1	8,7	9,0	9,1	9,1	9,1
C. Valenciana	142,7	143,4	139,8	138,6	136,8	8,6	9,1	9,2	9,1	9,1
Extremadura	77,0	77,4	74,9	74,5	73,9	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1
Galicia	271,5	275,1	262,7	259,6	255,4	33,9	40,9	45,9	46,7	47,5
Madrid	29,0	26,3	23,1	22,4	21,7	1,2	1,4	1,4	1,4	1,4
Murcia	51,7	54,5	56,5	56,4	56,3	1,8	1,9	2,0	2,0	2,1
Navarra	20,5	20,5	19,6	19,3	19,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,1
País Vasco	29,0	28,1	25,6	25,0	24,3	11,7	13,1	13,4	13,5	13,5
A Ríoxa	12,7	12,6	11,6	11,4	11,4	0,0	0,1	0,1	0,1	0,1
Ceuta	—	0,0	0,1	0,1	0,1	0,6	0,6	0,6	0,5	0,5
Melilla	—	0,0	0,1	0,1	0,1	0,3	0,3	0,3	0,3	0,3
España	1.596,3	1.620,3	1.577,6	1.563,8	1.545,9	106,4	120,5	128,3	129,1	129,7

Elaboración propia

Medias anuais en miles

A suma de cada un dos epígrafes non coincide necesariamente con exactitude co total de España ó empregar cantidades reducidas

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais

En 2002 prodúcese, ó igual que os sete anos anteriores, un descenso no número de pensións do Réxime Especial Agrario en Galicia, neste caso, en 4.200 persoas. Como apuntabamos en informes anteriores, en 1994 prodúcese unha inflexión no crecemento continuo de pensionistas agrarios de moitos anos anteriores, e comeza a ser maior, se ben moi paulatinamente, o número das pensións que causan baixa que o número de novos pensionistas.

Desde o punto de vista dos datos que proporciona a Seguridade Social, Galicia é a comunidade autónoma española que sufriu un proceso de transformación máis importante con respecto á configuración da súa poboación activa nestes últimos anos, pasando de representa-los activos do Réxime Especial Agrario ó 29,29% da poboación en alta en 1985, ó 7,26% en 2002, moi por debaixo de poboacións como Andalucía ou Extremadura e cerca xa da media española do 6,79%. A impresionante diminución do colectivo agrario cotizante nestes últimos anos desembocou, en gran medida, na xubilación ou a invalidez, se ben, as pequenas diminucións dos últimos anos parecen indicar que o proceso vai remitindo na súa intensidade.

Como consecuencia do proceso que apuntabamos, o número de pensionistas do Réxime Agrario constitúe o continxente máis numeroso das provincias de Lugo e Ourense, mentres que na Coruña e Pontevedra as pensións do Réxime Xeral a partir de 1994 e, xa nos sucesivos, superan ás do Réxime Agrario, se ben, como xa apuntabamos, en cómputo global seguen sendo as maioritarias en Galicia.

A provincia de Lugo, con 73.100 pensionistas agrarios, supera a Pontevedra e Ourense, con 53.700 e 52.500 respectivamente, e ten só 3.000 pensionistas menos que A Coruña, dobrando amplamente a cifra das pensións do Réxime Xeral.

As pensións do Réxime Xeral da Seguridade Social, en número de 254.000, experimentan unha subida de 6.300 con respecto ó ano anterior, se ben seguen a representar tan só un 5,93% do total español correspondente ó citado réxime. As provincias de Lugo e Ourense, con 30.800 e 39.400 pensións, respectivamente, representan conxuntamente tan só o 27,24% dos perceptores de pensións do Réxime Xeral en Galicia.

As 64.800 pensións galegas do Réxime Especial de Traballadores Autónomos, en 2002, constitúen un 7,16% do total español correspondente a dito réxime, 56 céntimas máis que a porcentaxe do total da poboación galega, con respecto á de España. O peso porcentual do Réxime de Autónomos, con respecto ó total das pensións galegas é do 8,97%, por debaixo da media española, do 11,28%.

A provincia da Coruña, con 25.600 pensións do Réxime Especial de Autónomos en 2002, ten algo máis do dobre que as de Lugo e Ourense -10.500 e 10.600, respectivamente-. A provincia de Pontevedra, con 18.200 perceptores en 2002, representa o 28,1% dos pensionistas do Réxime de Autónomos en Galicia.

Galicia é a comunidade autónoma con maior número absoluto de pensionistas do Réxime Especial do Mar, dobrando a Andalucía que ocupa o segundo lugar. Os 47.500 pensionistas deste réxime, en Galicia, representan o 36,62% do total español, radicados fundamentalmente na provincia da Coruña, 24.000, e a de Pontevedra, 21.100.

Ingresos e gastos

O sistema de protección social nútrese basicamente dos ingresos da Seguridade Social e das contribucións do Estado.

O acordo sobre consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social e o máis recente de mellora e desenvolvemento do sistema de protección social seguindo as pautas do Pacto de Toledo, contemplan a separación e clasificación das fontes de financiamento do sistema de protección social, de tal xeito que de forma gradual se tenda a que, a partir de 2000, a acción protectora, na súa modalidade universal: asistencia sanitaria, servizos sociais (agás os de accidentes de traballo e enfermidades profesionais), pensións non contributivas, complementos de mínimos de pensións contributivas e prestacións familiares por fillo a cargo, se financien mediante contribucións do Estado, mentres que as prestacións contributivas -basicamente as prestacións derivadas do contrato de traballo máis o gasto de xestión e de funcionamento dos servizos-, pasen a ser financiadas con cargo ás cotizacións das pensións obrigatorias, ademais do importe das cantidades recadadas en concepto de recargos, sancións, así como rendas e intereses patrimoniais. Neste sentido, xa desde o orzamento da Seguridade Social do 2000 contemplase que a totalidade dos Servizos Sociais do IMSERSO e Protección Familiar se financien con aportación do Estado, e para os complementos de mínimos determináanse as sucesivas aportacións do Estado ata o financiamento total de ditos complementos, cun compromiso temporal de non superar 11 anos desde o 2002.

No cadro 11.9 contéplanse as contías da recadación de cotas da Seguridade Social por réximes, que ascenden en Galicia a 3.691,41 millóns de euros, en 2002; unha cifra lixeiramente superior ó ano anterior e que reflicte un pequeno aumento na recadación nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra e unha lixeira diminución en Lugo.

■ Cadro 11.9

Recadación de cotas da Seguridade Social. Por réximes e provincias. Galicia. 1995-2002

		R. Xeral	Agrario	Autónomos	Mar	Emp. Hogar	Outros	Total
1995	A Coruña	652,10	39,02	115,10	19,17	6,62	140,52	972,53
	Lugo	217,11	38,72	35,68	8,20	1,72	0,37	301,80
	Ourense	138,44	13,55	36,37	0,19	1,65	31,57	221,76
	Pontevedra	448,60	20,77	84,43	38,75	4,07	0,04	596,65
	Galicia	1.456,26	112,06	271,58	66,30	14,06	172,48	2.092,74
1996	A Coruña	680,29	35,26	119,76	18,05	6,51	139,67	999,54
	Lugo	238,58	33,78	37,50	5,85	1,73	3,80	321,25
	Ourense	152,13	12,65	38,38	0,01	1,72	33,44	238,33
	Pontevedra	524,34	20,58	100,15	39,97	4,49	112,57	802,10
	Galicia	1.070,99	81,69	195,64	23,91	9,96	176,91	1.559,11
1997	A Coruña	727,95	33,27	131,35	20,72	6,87	147,52	1.067,68
	Lugo	247,97	36,25	44,95	6,43	1,83	3,66	341,08
	Ourense	229,02	13,01	41,18	0,01	1,89	0,34	285,44
	Pontevedra	559,22	18,81	104,20	40,52	4,51	120,11	847,38
	Galicia	1.764,15	101,34	321,69	67,67	15,10	271,64	2.541,58
1998	A Coruña	776,75	35,34	143,44	22,31	7,15	159,74	1.144,73
	Lugo(1)	174,19	35,93	43,51	6,22	1,93	3,51	265,29
	Ourense	261,37	14,47	48,22	0,02	2,21	0,34	326,63
	Pontevedra	600,24	18,73	112,84	43,28	4,76	0,05	779,91
	Galicia	1.812,55	104,47	348,02	71,83	16,04	163,65	2.516,56
1999	A Coruña	844,56	34,55	155,67	23,52	7,26	182,31	1.247,88
	Lugo	289,40	38,52	47,82	10,65	2,01	0,94	389,35
	Ourense	303,93	13,95	51,68	0,02	2,39	0,38	372,34
	Pontevedra	718,19	19,23	125,64	44,35	5,11	0,07	912,58
	Galicia	2.156,08	106,25	380,80	78,55	16,77	183,71	2.922,14
2000	A Coruña	844,56	34,55	155,67	23,52	7,26	182,31	1.247,88
	Lugo	289,40	38,52	47,82	10,65	2,01	0,94	389,35
	Ourense	303,93	13,95	51,68	0,02	2,39	0,38	372,34
	Pontevedra	718,19	19,23	125,64	44,35	5,11	0,07	912,58
	Galicia	2.156,08	106,25	380,80	78,55	16,77	183,71	2.922,14
2001	A Coruña	983,24	32,07	165,51	23,76	7,71	244,01	1.456,29
	Lugo	247,24	34,07	54,30	7,87	2,37	54,45	400,31
	Ourense	324,14	12,18	55,25	0,01	2,74	0,73	395,06
	Pontevedra	790,01	17,45	137,20	49,84	5,58	218,29	1.218,37
	Galicia	2.344,64	95,77	412,26	81,48	18,40	517,48	3.470,03
2002	A Coruña	1.056,37	30,29	171,06	23,00	8,17	265,74	1.554,63
	Lugo	299,71	31,64	53,79	7,28	2,58	0,00	395,00
	Ourense	345,41	11,36	56,70	0,02	2,99	0,68	417,16
	Pontevedra	852,83	16,02	143,27	49,00	5,97	257,53	1.324,62
	Galicia	2.554,32	89,31	424,82	79,30	19,71	523,95	3.691,41


Elaboración propia

Datos en millóns de euros

(1) Os datos relativos ó Réxime Xeral e ó Total nesta provincia non inclúen desemprego

Fonte: Delegación do Goberno en Galicia

Distribución de recadación por réximes. Galicia. 2002



O Réxime Xeral representa o 69,20% da recadación de cotas e nun sistema de reparto como o da Seguridade Social española -os activos actuais financian ós pensionistas-, debe supli-las carencias da escasa recadación dos outros réximes, que ademais como o caso do Agrario cunha maior porcentaxe de pensionistas na Comunidade Autónoma Galega -o 37,61%- representa só o 2,42% do total da recadación de cotas da Seguridade Social.

Os gastos das pensións en Galicia reflíctense no cadro 11.10 xunto cos pagos por subsidios, e no cadro 11.11 especifícase o abono das prestacións por réximes. En 2002 pagáronse por prestacións da Seguridade Social en Galicia 4.640,23 millóns de euros, das que 4.350,80 millóns de euros- corresponderon a pagos de pensións, a contía do total de ámbalas dúas é notablemente superior á de 2001, producíndose un aumento nas catro provincias galegas. Na provincia da Coruña, con 1.774,31 millóns de euros é onde se produce o maior volume de pagos en pensións e representa o 38,40% do total do mesmo en Galicia. En subsidios, no ano 2002 a diferenza dos catro anteriores, a provincia da Coruña supera a de Pontevedra en máis de dez millóns de euros.

■ Cadro 11.10


**Pagos por prestacións da Seguridade Social. Por provincias.
Galicia. 1999-2002**

	Pensións				Subsidios				Total			
	1999	2000	2001	2002	1999	2000	2001	2002	1999	2000	2001	2002
A Coruña	1.360,81	1.490,67	1.560,43	1.657,60	87,10	92,65	95,04	116,71	1.447,91	1.583,32	1.655,47	1.774,31
Lugo	608,04	654,90	674,79	710,92	28,97	30,73	29,97	31,62	637,01	685,63	704,76	742,54
Ourense	539,51	583,75	601,72	632,26	24,06	25,75	26,37	26,82	563,58	609,50	628,08	659,08
Pontevedra	1.107,96	1.213,05	1.267,64	1.358,00	87,21	96,01	100,96	106,28	1.195,17	1.309,05	1.368,59	1.464,28
Galicia	3.616,32	3.942,37	4.104,57	4.358,80	227,34	245,13	252,33	281,43	3.843,66	4.187,50	4.356,91	4.640,23

Elaboración propia

Datos económicos en millóns de euros

Fonte: Subdirección General de Seguimiento Presupuestario de la Seguridad Social.



Cadro 11.11

**Pagos por prestacións da Seguridade Social. Por réximes.
Galicia. 2001 -2002**

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
Réxime Xeral	851,74	911,94	231,31	250,38	266,71	286,70	653,60	709,78	2.003,35	2.158,80
Réxime Especial Autónomos	129,28	142,31	51,26	55,28	51,40	55,82	93,74	102,14	325,68	355,55
Réxime Especial Agrario	362,57	372,22	343,67	352,86	248,51	251,90	253,43	259,38	1.208,18	1.236,36
Réxime Especial do Mar	124,58	132,47	16,74	18,31	0,00	0,00	211,35	226,96	352,67	377,74
Réxime Especial Minería do Carbón	6,16	6,60	4,92	5,26	2,82	2,98	2,71	2,86	16,62	17,70
Réxime Especial Empregados do Fogar	28,69	30,21	11,44	12,06	10,61	11,25	25,86	27,03	76,60	80,55
Accidentes de traballo e enfermidades profesionais	45,81	50,22	15,76	17,07	14,92	16,05	42,09	46,03	118,58	129,37
Non contributivas	106,64	128,32	29,65	31,31	33,12	34,38	85,81	90,13	255,23	284,14
Total	1.655,47	1.774,30	704,76	745,53	628,08	659,08	1.368,59	1.464,31	4.356,91	4.643,22

Elaboración propia

En millóns de euros

Fonte: Subdirección General de Seguimiento Presupuestario de la Seguridad Social

Ó Réxime Xeral van destinadas prestacións por importe de 2.158,80 millóns de euros-, case o 50% do importe total dos pagos. O abono de prestacións derivadas do Réxime Agrario representan a parte máis importante dos pagos da Seguridade Social na provincia de Lugo e está case á par co Réxime Xeral en Ourense. No cómputo galego os gastos do Réxime Agrario constitúe o 26,63% do total dos pagos.

11.3. Análise dos datos sobre as pensións do sistema

11.3.1. Pensións de xubilación

O risco de vellez que dá orixe á pensión de xubilación pode concibirse de dous modos diferentes. Por un lado, a pensión pode presentarse como unha contra-prestación ós servizos prestados por unha persoa ó longo da súa vida -pensión de vellez-. Desde un segundo punto de vista, o traballador ó chegar a certa idade é considerado como un inválido, as enfermidades da idade e a súa repercusión no rendemento profesional determina unha pensión de "retiro". Configuraríase, en ámbolos dous casos, como un dereito de crédito a través do que paliar, mediante unha renda substitutiva, a perda da renda profesional.

Estas dúas concepcións non conducen sempre ás mesmas consecuencias. A idade da percepción da pensión dependerá, no primeiro caso, sobre todo, de consideracións económicas, mentres que no segundo, virá dada pola situación de invalidez que se presume. Sen embargo, na práctica, ámbalas dúas aproxímanse, xa que as esixencias económicas obrigan a miúdo a atrasa-lo dereito á pensión que se fai coincidir coa época que a invalidez poida presumirse de feito para a maior parte dos traballadores.

Esta pensión presenta desde o punto de vista da Seguridade Social importantes problemas nos seus aspectos técnicos: a idade previsible, a determinación da contía da prestación –cálculo da base reguladora–, a compatibilidade pensión-traballo e a imprescritibilidade do dereito ó recoñecemento da pensión.

Actualmente en España os requisitos para o acceso á pensión de xubilación son: ter cumprida a idade regulamentaria e ter cuberto un período mínimo de carencia.

A idade prevista legalmente é a de 65 anos, se ben existe transitoriamente, a posibilidade de xubilarse anticipadamente a partir dos 60 anos con coeficientes reductores, para os traballadores que tiveran a condición de mutualistas nalgunha mutualidade laboral de traballo por conta allea antes do 1 de xaneiro de 1967, sempre que se atopen en alta ou asimilada á alta. O Real decreto lei 16/2001 de 27 de decembro, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible, que normativiza neste eido o previsto no acordo para a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social do 9 de abril de 2001 engade un novo suposto de xubilación anticipada, a partir dos 61 anos, de traballadores afiliados con posterioridade a 01.01.1967, que acrediten máis de 30 anos de cotización, figuren inscritos como demandantes de emprego, polo menos seis meses, e a causa do seu cese non lles fose imputable.

Excepcionalmente, en determinados supostos (reconversión industrial, xubilación parcial con contratos de relevo, xubilación especial ós 64 anos, traballos penosos, tóxicos, etc.), poderanse xubilar con antelación á idade ordinaria sen coeficientes reductores.

O Real Decreto Lei 16/2001 prevé a implantación de medidas desincentivadoras das xubilacións de carácter voluntario e a posta en marcha de medidas que flexibilicen a idade de xubilación, prolongando a vida activa a aqueles que voluntariamente o desexen e unha modificación da regulación da xubilación parcial, de maneira que dunha banda se posibilita a compatibilidade entre o percibo dunha pensión de xubilación e o desenvolvemento de actividades laborais e por outra permita a exoneración do pago de cotizacións sociais por continxencias comúns, excepto incapacidade temporal, dos traballadores de 65 e máis anos que prolonguen a actividade laboral sempre que acrediten 35 anos efectivos de cotización e constitúa unha decisión voluntaria e libre do traballador.

O período mínimo de carencia é de quince anos de cotización, dos cales polo menos dous deberán estar abranguidos dentro dos quince inmediatamente anteriores ó momento de causa-lo dereito, calculándose a contía en función da porcentaxe aplicable á base reguladora (a base reguladora calcúlase de acordo co cociente que resulte de dividir por 210 as bases de cotización do interesado dos 180 meses inmediatamente anteriores ó que se produza o feito causante), a porcentaxe obtense aplicando unha escala que comeza có 50% con quince anos, aumentando un 3% por cada ano adicional comprendido entre o décimo sexto e

o vixésimo quinto e un 2% a partir do vixésimo sexto ata acadar o 100% ós 35 anos, tal como especifícase no seguinte cadro:

Anos de cotización	Porcentaxe sobre a base reguladora	Anos de cotización	Porcentaxe sobre a base reguladora
Ós 15 anos	50%	Ós 26 anos	82%
Ós 16 anos	53%	Ós 27 anos	84%
Ós 17 anos	56%	Ós 28 anos	86%
Ós 18 anos	59%	Ós 29 anos	88%
Ós 19 anos	62%	Ós 30 anos	90%
Ós 20 anos	65%	Ós 31 anos	92%
Ós 21 anos	68%	Ós 32 anos	94%
Ós 22 anos	71%	Ós 33 anos	96%
Ós 23 anos	74%	Ós 34 anos	98%
Ós 24 anos	77%	Ós 35 anos	100%
Ós 25 anos	80%		

O citado Real decreto lei 16/2001 establece que cando se acceda á pensión de xubilación a unha idade superior ós 65 anos a porcentaxe aplicable á respectiva base reguladora será a resultante de sumar ó 100 por 100, un 2 por 100 adicional por cada ano completo cotizado a partir dos 65 anos, sempre que en dito momento o interesado tivera acreditados 35 anos de cotización. Noutro caso, a porcentaxe adicional indicado aplicárase, cumpridos os 65 anos, desde a data na que acreditase dito período de cotización.

As pensións de xubilación da Seguridade Social constitúen as máis importantes desde o punto de vista numérico e tamén en contía económica.

Na Comunidade Autónoma Galega (cadro 11.12) hai, en 2002, 430.100 pensións de xubilación, que representan o 9,40% das 4.575.300 existentes en España. Do exame dos datos do cadro 11.12 pódese observa-lo incremento importantísimo do número das devanditas prestacións entre os anos 1997 e 1998, tanto na comunidade autónoma, como no total español, que é debido na súa maioría á conversión das pensións de incapacidade permanente dos beneficiarios de 65 ou máis anos en pensións de xubilación (ver nota ó pé do cadro), mentres que os aumentos interanuais de 1999, 2000, 2001 e 2002 son máis cativos e consecuencia do aumento natural do número das pensións. Incluso nos catro últimos anos baixan lixeiramente o número de pensións de xubilación na provincia de Ourense e no 2002 tamén na provincia de Lugo.

Como sinalabamos en informes anteriores, a estrutura da poboación das provincias de Lugo e Ourense, onde cun 25,82% da poboación da comunidade autónoma se concentra en 2002 preto dun 36,57% dos pensionistas de xubilación, constitúe un trazo fundamental e xoga un importante papel na elevada porcentaxe de Galicia sobre o total nacional. Destacan, doutra banda, en sentido contrario, o

número relativamente escaso, 118.200, de pensións de xubilación da Seguridade Social en Pontevedra, se ben e como se pode observar, debido ó transvase de pensionistas de invalidez permanente de máis de 65 anos, en 1998, aumentan en 34.000 –case un 50% dos 77.000 existentes en 1997–.

■ Cadro 11.12

**Pensións de xubilación. Por provincias.
Galicia/España. 1990/1995-2002⁽¹⁾**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1990	Nº	101,6	55,6	54,9	57,8	269,9	2.803,8
	Promedio	282,09	251,62	248,92	279,69	268,61	308,07
1995	Nº	116,6	59,6	58,6	69,5	304,4	3.265,2
	Promedio	390,97	341,97	332,23	402,76	372,90	443,96
1996	Nº	119,9	60,1	59,1	72,0	311,1	3.350,3
	Promedio	413,81	361,14	349,38	426,16	400,38	471,85
1997	Nº	124,8	62,6	60,7	77,0	325,1	3.502,5
	Promedio	419,60	364,01	355,15	414,34	395,42	478,28
1998	Nº	147,8	83,0	74,8	111,0	416,6	4.400,9
	Promedio	433,53	374,40	365,07	427,70	407,99	496,15
1999	Nº	149,9	83,4	74,6	112,9	420,8	4.450,2
	Promedio	441,64	381,43	371,72	435,51	415,55	505,51
2000	Nº	151,7	83,5	74,3	114,6	424,1	4.493,4
	Promedio	469,47	402,42	391,97	463,46	441,17	538,68
2001	Nº	153,6	83,6	74,3	116,6	428,2	4.545,6
	Promedio	507,4	434,0	421,9	503,2	477,2	584,5
2002	Nº	154,7	83,4	73,9	118,2	430,1	4.575,3
	Promedio	531,2	455,0	441,2	531,0	501,8	615,1

Elaboración propia


Números en miles redondeados. Medias anuais

Promedio, en euros, a decembro de cada ano

(1) A partir de novembro de 1997, as pensións de invalidez permanente de beneficiarios de 65 anos e máis, agás do SOVI figuran incluídas nas de xubilación

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais e INSS

Pensións de xubilación en 2002



A media en 2002 das pensións galegas de xubilación situouse en 501,77 euros ó mes, subindo máis de 24,5 euros con respecto ó pasado ano, mentres que a media estatal sube, en 2002, máis de 30,5 euros, situándose en 615,10 euros-113,33 por riba da media galega-.

As provincias de Lugo e Ourense, polo importante número de pensións de xubilación do Réxime Agrario, aparecen ámbalas dúas con máis de 160 euros de diferenza con respecto á media estatal.

11.3.2. Pensións de invalidez permanente

Nas orixes da institucionalización do seguro de invalidez, a finais do pasado século, este foi concibido como unha vellez prematura, dando orixe a unha renda vitalicia que supoñía en realidade unha liquidación anticipada da pensión de vellez. A evolución posterior permitiu defini-la invalidez cunha noción distinta á de xubilación na que cada vez con maior énfase vaise poñendo o acento nas medidas encamiñadas á rehabilitación e recuperación do traballador.

A invalidez, desde o punto de vista de prestación contributiva, defínese pola súa relación co exercicio dunha actividade profesional, ben como unha incapacidade para exercer unha profesión determinada -incapacidade permanente total para a profesión habitual- podendo neste caso dedicarse a outra distinta, ou ben como unha incapacidade xeral para a obtención de calquera tipo de ingresos -incapacidade permanente absoluta-, que lle inhabilita por completo para toda profesión ou oficio.

A invalidez tamén pode orixinar unha incapacidade parcial para a profesión habitual, que no sistema español de Seguridade Social é aquela que sen acadalo grado de total, ocasiona ó traballador unha diminución do 33% no seu rendemento normal para dita profesión, sen impedirlle a realización das tarefas fundamentais desta.

A Seguridade Social española prevé tamén unha incapacidade absoluta agravada, que constitúe a gran invalidez, para aqueles traballadores incapacitados absolutos que, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesitan a asistencia doutra persoa para realiza-los actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, xantar ou análogos.

O acordo sobre consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social e a Lei 24/1997 establecen a regulación da invalidez absoluta e gran invalidez nos termos actuais, se ben introducen determinadas medidas que confiren unha maior transparencia e seguridade xurídica no recoñecemento e graduación das incapacidades permanentes (total e parcial) efectuadas de acordo a un listado que se aproba regulamentariamente e a un réxime de incompatibilidades co traballo, pasando a denominarse e equipararse, a partir dos 65 anos, a pensión por incapacidade permanente á pensión de xubilación. Non obstante, o acordo para a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social prevé a eliminación do tope de 65 anos para acceder á declaración de incapacidade permanente cando esta se derive de accidente de traballo ou enfermidade profesional.

As pensións de incapacidade experimentan pequenas subidas no seu número ata 1997-ver informes anteriores e o cadro 11-13-, en que baixan en moi escasa medida en relación ó ano precedente. As pensións de incapacidade permanente sofren en 1998 unha drástica diminución polo feito de que a partir de novembro de 1997

os beneficiarios das pensións de incapacidade permanente de 65 anos ou máis pasen a ter a condición de xubilados. A baixada é de tal xeito que das 146.500 existentes en 1997 en toda Galicia quedan só 59.200; en 1998 dita diminución é maior porcentualmente en Galicia –o 59,59%– que no total estatal o –50,54%–. En 2002 o número das pensións de invalidez aumentan en 100 na comunidade autónoma. As 57.800 pensións de incapacidade permanente existentes en Galicia pasan a representar un 8,51% respecto do total de pensións.

Cadro 11.13

**Pensións de invalidez. Por provincias. Galicia/España.
1990/1995-2002 ⁽¹⁾**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1990	Nº	36,3	32,8	23,2	54,7	147,0	1.567,9
	Promedio	251,10	226,82	229,24	240,22	238,21	284,33
1995	Nº	40,0	33,8	23,6	57,5	154,8	1.672,3
	Promedio	354,54	307,39	310,70	329,38	328,33	403,64
1996	Nº	40,8	33,4	23,6	57,1	154,9	1.684,0
	Promedio	378,42	324,62	327,79	348,26	347,94	428,34
1997	Nº	39,6	31,2	22,1	53,6	146,5	1.626,6
	Promedio	432,98	337,76	353,46	378,47	385,22	471,29
1998	Nº	19,5	10,9	7,7	21,1	59,2	804,5
	Promedio	456,19	355,08	372,07	396,08	407,74	492,94
1999	Nº	19,9	10,3	7,7	20,5	58,4	798,0
	Promedio	465,36	362,06	379,48	409,84	415,85	502,46
2000	Nº	20,5	9,8	7,9	19,9	58,0	792,6
	Promedio	498,95	397,78	415,22	452,67	455,04	542,59
2001	Nº	21,0	9,4	8,0	19,4	57,7	788,6
	Promedio	543,67	441,95	459,02	497,41	500,37	593,18
2002	Nº	21,5	8,9	8,1	19,2	57,8	787,4
	Promedio	574,92	473,36	491,83	530,84	533,22	628,66

Elaboración propia


Números en miles redondeados. Medias anuais

Promedio, en euros, a decembro de cada ano

(1) A partir de novembro de 1997, as pensións de invalidez permanente de beneficiarios de 65 anos e máis, agás do SOVI figuran incluídas nas de xubilación

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais e INSS

Pensións de invalidez en 2002



O mesmo que ocorre coas pensións de xubilación, a proporción de pensións de invalidez en Galicia, en relación co total destas en España, era tradicionalmente moito maior que a da poboación. Sen embargo, despois de 1998 queda establecida nun 7,36%, fronte ó 9% do ano anterior, o que sen dúbida pon de manifesto o elevado número de incapacitados permanentes de 65 anos ou máis existentes en Galicia, que engrosan xa a partir de 1998 o número de pensionistas de xubilación. En 2002 aumentan moi lixeiramente nas provincias de A Coruña e Ourense, diminuindo tamén en moi pequena medida en Pontevedra e algo máis acusado en Lugo. No cómputo da comunidade autónoma sube só en 100 pensións, descendendo en moi pequena contía no conxunto de España o número de pensionistas de incapacidade. A contía media da prestación de invalidez permanente en Galicia, é de 533,22 euros mes- subindo con respecto a 2001 en 33,43 euros, pero inferior en máis de 95 euros á media estatal, sendo significativamente baixas ás correspondentes ás provincias de Lugo e Ourense.

O cadro 11.14 proporciónanos información sobre a distribución do número de pensións de invalidez segundo os grados de incapacidade. De acordo con estes datos o volume maior de pensionistas de invalidez en Galicia son os incapacitados totais: 34.223, que representan o 59,21% do total de inválidos galegos, e o 8,28% dos incapacitados totais españois, unha cifra maior que a que correspondería a proporción da poboación, máis que en virtude do importantísimo transvase de incapacitados permanentes con 65 ou máis anos a xubilados operada en 1998, correxe en parte a enorme desproporción de anos anteriores. Convén resaltar tamén o elevado número de inválidos absolutos de Pontevedra, aínda que moito menor tanto en número como proporcionalmente ós anos precedentes pola diminución dos citados pensionistas maiores de 65 anos.

11.3.3. Pensións de viuvez

Integrada dentro do que tradicionalmente se considera como seguro por falecemento ou prestacións por morte e supervivencia, a pensión de viuvez ten como finalidade repara-lo dano causado pola desaparición dun dos cónxuxes, e a ela ten dereito o supervivente, nos seguintes termos: se o falecido se atopase no momento do óbito en alta ou situación asimilada á alta, en caso de morte por enfermidade común deberá completar un período mínimo de cotización de cincocentos días, dentro dos cinco anos anteriores ó falecemento, non esixíndose ningún período en caso de accidente, sexa ou non laboral, ou enfermidade profesional. Se o falecido non estivera de alta ou situación asimilada á alta poderán causar dereito a pensión sempre que se acredite un período mínimo de cotización de quince anos (reforma da Lei 24/1997).

No suposto de separación ou divorcio, o dereito á pensión de viuvez corresponderá a quen sexa ou fora cónxuxe lexítimo, e ós separados ou divorciados que non contraeran novas nupcias, en contía proporcional ó tempo vivido co cónxuxe falecido, con independencia das causas que determinaran a separación ou o divorcio. É compatible con calquera renda de traballo do beneficiario e coa pensión de xubilación ou incapacidade permanente a que o mesmo tivera dereito.

A Lei 24/1997, do 15 de xullo, sobre consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social estableceu modificacións normativas nas prestacións de viuvez, co incremento da súa contía atendendo ó nivel de renda e cargas familiares, cen-

trándose prioritariamente, nas pensións mínimas daqueles que teñan menos de 60 anos, para equipara-la súa contía coas pensións mínimas que o sistema outorga ós viúvos (as) maiores de 60 anos, o que se realizou gradualmente tendo plena aplicación no ano 2000. O acordo para a mellora e desenvolvemento do sistema de protección social do 9 de abril de 2001 contempla a previsión do incremento da porcentaxe a aplicar sobre a base reguladora do 45% actual ata o 52% e o 70% no caso de viúvos/as con cargas familiares e un novo marco de compatibilidades permitindo nalgúns casos mante-la pensión aínda que o pensionista contraia novas nupcias.

**Pensións de invalidez en vigor segundo grao de incapacidade.
Por provincias. Galicia/España. 1995/2000-2002**

■ Cadro 11.14

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Gran invalidez						
1997	993	675	487	984	3.138	34.478
1998	707	332	249	574	1.861	22.667
1999	734	340	256	579	1.909	23.147
2000	747	346	277	590	1.960	23.925
2001	760	341	283	589	1.973	24.724
2002	790	341	294	630	2.055	25.399
Invalidez absoluta						
1997	13.160	9.014	6.768	22.834	51.777	836.473
1998	7.453	3.440	2.809	8.523	22.225	368.411
1999	7.573	3.266	2.785	8.270	21.894	360.188
2000	7.655	3.077	2.852	7.963	21.547	353.756
2001	7.788	2.991	2.928	7.701	21.408	349.322
2002	7.908	2.900	3.059	7.407	21.274	345.974
Invalidez total						
1997	24.963	21.330	14.707	29.377	90.377	740.379
1998	11.139	7.058	4.637	11.869	34.703	408.612
1999	11.421	6.700	4.617	11.510	34.248	410.376
2000	11.961	6.369	4.680	11.215	34.226	411.131
2001	12.370	6.012	4.727	10.984	34.091	411.249
2002	12.752	5.674	4.757	11.041	34.224	413.126
Invalidez parcial						
1997	446	167	174	415	1.202	15.252
1998	156	49	54	137	396	4.860
1999	135	44	48	122	349	4.307
2000	117	38	42	109	306	3.806
2001	102	30	33	101	266	3.323
2002	87	23	24	85	219	2.888


Elaboración propia

Medias anuais en miles

A partir de novembro de 1997, as pensións de invalidez permanente de beneficiarios de 65 anos e máis, agás do SOVI figuran incluídas nas de xubilación

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais e INSS

Pensións de invalidez en Galicia en 2002



Continúa en 2002 a tendencia no aumento de pensións de viuvez en Galicia (cadro 11.15), aumento que se cifra en 2.200 novos pensionistas viúvos ou viúvas máis que o ano anterior:


As 165.200 pensións de viuvez en Galicia representan un 7,97% do total español, destacando con respecto ó total da poboación, as cifras de Lugo e Ourense cunha maior porcentaxe que as da Coruña e Pontevedra.

Pensións de viuvez. Por provincias. Galicia/España. 1990/1995-2002

■ Cadro 11.15

		Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia		
1990	Nº	44,8	21,6	18,4	34,6	119,5	1.541,0
	Promedio	175,80	137,43	138,96	171,94	162,07	188,76
1995	Nº	54,0	25,3	22,0	42,0	143,3	1.817,5
	Promedio	250,33	192,80	196,94	245,56	230,59	273,07
1996	Nº	55,6	25,9	22,5	42,9	146,9	1.856,9
	Promedio	263,61	202,70	207,71	258,68	243,16	288,32
1997	Nº	57,1	26,3	23,0	44,0	150,4	1.897,5
	Promedio	271,07	209,26	214,72	266,10	250,20	297,63
1998	Nº	58,4	26,8	23,6	45,0	153,8	1.936,7
	Promedio	278,54	215,35	221,12	273,88	257,36	307,09
1999	Nº	59,7	27,3	24,0	45,9	156,9	1.973,3
	Promedio	283,85	219,45	225,26	278,92	262,22	312,91
2000	Nº	61,1	27,7	24,3	47,0	160,1	2.009,6
	Promedio	300,94	232,86	239,08	295,64	277,84	332,91
2001	Nº	62,3	28,0	24,6	47,9	162,8	2.042,4
	Promedio	329,6	255,7	262,4	323,4	305,0	364,9
2002	Nº	63,4	28,3	24,8	48,7	165,2	2.073,3
	Promedio	355,4	277,7	283,2	349,2	329,4	393,8

Elaboración propia
 Números en miles. Medias anuais
 Promedio, en euros, a decembro de cada ano
 Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais e INSS



Como sinalabamos en informes anteriores, a media da contía económica das pensións de viuvez nas provincias galegas –329,41 euros– é inferior á do conxunto de España, nun proceso, ademais, no que a diferenza a favor da media nacional vaise acrecentando ano tras ano, pasando, como pode observarse no citado cadro 11.15, dos 26,69 euros menos en 1990 a 64,36 en 2002.

Tendo en conta a baixa dotación destas pensións –o 45% da base reguladora ata o ano 2001 ou o mínimo legal– e mesmo a posibilidade de reparto en caso de haber ex cónxuxes superviventes, a diferenza da contía en máis dun 16% reviste, se cabe, maior importancia. Como no resto das pensións, as diferenzas das medias de Lugo e Ourense, con respecto ó total español, son aínda maiores.

11.3.4. Pensións de orfandade

A pensión de orfandade que deriva do falecemento do causante, ten por finalidade a obtención dunha prestación por cada un dos fillos, calquera que sexa a natureza legal da súa filiación, que sexan menores de certa idade ou estean incapacitados para todo traballo, sempre que no seu caso teña cuberto o período mínimo de cotización esixido para ter dereito á pensión de viuvez.

A incapacidade para o traballo debe ser permanente e absoluta, que inhabilite para toda profesión ou oficio.

Tamén terán dereito á pensión de orfandade, nas mesmas condicións, os fillos adoptivos do causante, sempre que a adopción tivera lugar con dous anos de antelación.

Así mesmo, terán dereito os fillos que o cónxuxe supervivente levara ó matrimonio sempre que se celebre con dous anos de antelación, se comprobe que convivían co causante e ás súas expensas e que non teñan dereito a outra pensión da Seguridade Social, nin queden familiares con obriga e posibilidades de prestarlles alimentos, segundo a lexislación civil.

A Lei 24/1997, do 15 de xullo, sobre consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social que desenvolve o Pacto de Toledo ampliou o límite de idade para o percibo das pensións de orfandade, calquera que sexa a natureza legal da filiación, desde os 18 ós 21 anos, e no suposto de que non sobrevivira ningún dos pais, o límite será ós 23 anos, tendo aplicación dende 1999. O acordo para a mellora e desenvolvemento sistema de protección social contempla a elevación de novo do límite, fixándoo en 22 anos con carácter xeral e en 24 para a orfandade absoluta a partir de 2002.

Durante 2002 produciuse en Galicia (cadro 11.16) un aumento de 1.297 pensións de orfandade, incremento que ten lugar nas catro provincias. Os 21.280 orfos acoillidos ó sistema da Seguridade Social no país galego representan o 7,80% do total estatal, dos cales o 41% son da Coruña, o 34,53% de Pontevedra, o 12,85% de Lugo e o 11,62% de Ourense.

O importe medio da contía da pensión experimenta un moderado aumento, tanto en Galicia como no total español, sendo a da Comunidade Autónoma Galega lixeiramente inferior á media estatal, cunha diferenza, a favor do total do Estado, no ano 2002 de 10,95 euros mensuais.


**Pensións de orfandade. Por provincias.
Galicia/España. 1990/1995-2002**

■ Cadro 11.16

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1990						
Nº	5.448	1.564	1.561	4.707	13.280	163.653
Promedio	154,31	138,21	137,60	155,83	150,99	157,84
1995						
Nº	5.738	1.716	1.641	4.738	13.833	168.659
Promedio	197,75	179,22	181,21	197,22	193,31	205,11
1996						
Nº	6.900	2.092	1.849	5.767	16.608	207.816
Promedio	170,16	156,70	165,95	167,15	166,96	174,41
1997						
Nº	6.986	2.163	1.942	5.829	16.920	212.146
Promedio	177,23	164,13	171,66	173,75	173,72	181,37
1998						
Nº	7.559	2.363	2.127	6.369	18.418	231.733
Promedio	181,52	167,37	174,46	176,58	177,18	186,05
1999						
Nº	7.593	2.373	2.134	6.389	18.489	232.625
Promedio	184,76	170,30	177,76	179,61	180,32	189,45
2000						
Nº	8.391	2.627	2.341	7.118	20.477	260.684
Promedio	196,18	180,54	187,83	189,29	190,83	200,26
2001						
Nº	8.188	2.539	2.318	6.938	19.983	254.962
Promedio	216,05	197,53	205,52	205,65	208,86	219,17
2002						
Nº	8.723	2.734	2.474	7.349	21.280	272.885
Promedio	227,60	207,54	214,70	217,31	219,97	230,92

Elaboración propia
Datos do nº de pensións en euros, a decembro de cada ano
Fonte: INSS

Pensións de orfandade en 2002



11.3.5. Pensións en favor de familiares

O aseguramento derivado da morte pode chegar ademais de ó cónxuxe e ós fillos a outros parentes consanguíneos do causante -avós, pais, irmáns e netos- que reúnan certos requisitos, entre eles, ineludiblemente, a convivencia co causante dous anos antes do falecemento, non ter dereito a outra pensión e carecer de medios de subsistencia e de familiares obrigados a dar alimentos.

En 2002, segundo o cadro 11.17, aumentan en 125 o número de pensións en relación co ano anterior, para chegar ós 5.070 pensionistas galegos que representan o 12,04% do total do conxunto nacional.

■ Cadro 11.17

**Pensións en favor de familiares. Por provincias.
Galicia/España. 1990/1995-2002**


	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1990						
Nº	977	193	462	1.110	2.742	26.484
Promedio	188,74	189,47	171,65	175,81	180,68	190,59
1995						
Nº	1.526	411	768	1.628	4.333	42.797
Promedio	213,35	188,16	205,58	207,84	207,51	203,74
1996						
Nº	1.572	480	811	1.655	4.518	44.274
Promedio	216,92	188,23	212,20	211,50	211,04	209,10
1997						
Nº	1.658	502	869	1.706	4.735	45.988
Promedio	222,21	198,29	218,83	217,33	217,30	217,62
1998						
Nº	1.659	502	898	1.646	4.705	45.460
Promedio	230,87	205,90	221,74	224,36	224,18	225,49
1999						
Nº	1.669	503	905	1.643	4.720	45.270
Promedio	234,38	210,31	226,06	228,39	228,13	229,75
2000						
Nº	1.779	550	959	1.654	4.942	44.156
Promedio	249,33	227,68	242,95	242,53	243,40	248,61
2001						
Nº	1.816	556	966	1.607	4.945	42.977
Promedio	270,75	255,53	264,16	262,53	265,08	274,29
2002						
Nº	1.842	587	1.003	1.638	5.070	42.112
Promedio	291,11	268,13	278,12	281,72	282,84	296,57

Elaboración propia

Datos do nº de pensións en euros, a decembro de cada ano

Fonte: INSS

Pensións en favor de familiares en 2002



O dato máis salientable da análise provincial é o elevado número de pensionistas da provincia de Ourense, sobre todo, se a comparamos con Lugo, á que case duplica. Sobre o número de pensións nas catro provincias galegas e na provincia de Ourense é onde en 2002 aumenta máis porcentualmente o número destas pensións.

No que se refire á contía media de pensión cabe destacar polo que atinxe ó global galego en 2002 (282,64 euros), que é lixeiramente inferior á media estatal –296,57 mensuais–, e a media na provincia de Lugo está máis de 14,5 euros abaixo da media galega.

11.4. Outras prestacións

A Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social crea unha nova figura entre as prestacións da Seguridade Social: a incapacidade temporal, que vén a substituír á incapacidade laboral transitoria (ILT) e á invalidez provisional. A incapacidade temporal ten unha duración de doce meses, prorrogables por outros seis. Así mesmo, a citada lei desvincula da incapacidade temporal a continxencia de maternidade, que adquire categoría de prestación autónoma con dereito a unha cobertura do 100% da base reguladora.

Ante a inexistencia de estatísticas destas dúas novas prestacións proporcionadas polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, examinaremos dentro deste apartado os datos de incapacidade temporal e maternidade obtidos da información das memorias da Delegación do Goberno en Galicia.

11.4.1. Prestacións de incapacidade temporal

Existían, en 1996, 18.282 beneficiarios de incapacidade temporal en Galicia, dos que o 38,17% correspondían á provincia de Pontevedra. En 1997 –ver informes de anos anteriores– prodúcese un forte descenso no total de Galicia, quedando en 14.944, descenso que vén dado pola diminución do número de beneficiarios en tódalas provincias –especialmente importante en Pontevedra– agás Ourense, onde medra lixeiramente. O número de beneficiarios no cómputo xeral galego en 1998 –cadro 11.18– 14.007, baixa tamén con respecto ó ano anterior aínda que en moito menor medida. En 1999 prodúcese unha enorme diminución de preto do 30% dos incapacitados, quedando a 31 de decembro, 9.962 no total da comunidade galega. No ano 2.000 prodúcese, en termos globais, unha pequena diminución do número de beneficiarios e en 2001 outra moi similar á do ano anterior e que se cifra en algo máis de trescentos cincuenta, no ano 2002 a diminución é de 317 beneficiarios establecéndose a 31 de decembro no número de 8.869 para o total de Galicia. A pesar da diminución de incapacitados, que se produce nas catro provincias, aumenta lixeiramente o aboado en Galicia por esta prestación, constituíndo o máis salientable o aumento na provincia de Pontevedra.

11.4.2. Prestacións de maternidade

Considéranse situacións protexidas a maternidade, a adopción e o acollemento preadoptivo ou permanente, durante os períodos de descanso que se aproveiten por ditas situacións. A prestación consiste nun subsidio en función da base reguladora que, no caso da maternidade, é de 16 semanas de duración, ampliábles por parto múltiple en dúas semanas máis por cada fillo. Nos supostos de adopción e acollemento, tanto preadoptivo como permanente, de menores de ata seis anos, a suspensión terá unha duración de 16 semanas, ampliábles no suposto de adopción ou acollemento múltiple en dúas semanas por fillo; esténdese o suposto a maiores discapacitados ou minusválidos con especiais dificultades de inserción.

■ Cadro 11.18

**Beneficiarios e importe anual de prestacións por incapacidade temporal.
Galicia. 1997 -2001**

	Número de beneficiarios (1)					Importe anual (millóns de euros)				
	1998	1999	2000	2001	2002	1998	1999	2000	2001	2002
A Coruña	4.371	3.536	3.191	3.190	2.939	52,86	52,48	47,11	49,02	51,38
Lugo	3.590	1.786	1.659	1.466	1.449	20,26	17,90	16,85	16,80	17,27
Ourense	1.898	1.385	1.131	1.067	1.054	17,08	15,55	13,54	14,98	14,45
Pontevedra	4.148	3.255	3.558	3.463	3.427	48,17	56,78	56,01	61,24	63,10
Galicia	14.007	9.962	9.539	9.186	8.869	138,37	142,71	133,51	142,05	146,20


Elaboración propia

Datos a 31 de decembro de cada ano

(1) Agás ISM. Contempla en 1998 e 1999 os beneficios de invalidez provisional que residualmente manteñen a prestación ata a súa finalización

Fonte: Delegación do Goberno en Galicia

**Evolución de beneficiarios de prestacións por
incapacidade temporal**



O acordo para a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social prevé a aprobación dunha bonificación do 100% da contribución empresarial á seguridade social por continxencias comúns por período máximo dun ano cando se produza a reincorporación ó posto de traballo da muller nos supostos de suspensión do contrato de traballo por maternidade.

No cadro 11.19 ofrécese os datos correspondentes ó importe anual en concepto de maternidade en Galicia, que representa en 2002, 35,18 millóns de euros dos que o 42,92% abóanse na provincia da Coruña.

■ Cadro 11.19

**Importe anual de prestacións por maternidade.
Galicia. 1999 -2002**

	1999	2000	2001	2002
A Coruña	10,79	12,74	15,73	15,10
Lugo	2,25	2,98	3,08	3,66
Ourense	2,08	2,73	3,09	3,33
Pontevedra	9,23	10,67	12,58	13,09
Galicia	24,36	29,12	34,48	35,18

Elaboración propia

Datos a 31 de decembro

Datos en millóns de euros, total reximes

Fonte: Delegación do Goberno en Galicia

11.4.3. Prestacións familiares por fillo a cargo

A prestación familiar por fillo a cargo experimenta, a partir de 1991, unha importante transformación, perdendo o seu carácter de prestación exclusiva da Seguridade Social e pasando a ter carácter universal. Recentemente, o Real decreto-lei 1/2000 do 14 de xaneiro, actualizou a contía das prestacións por fillos menores de 18 anos non minusválidos e por fillos tamén menores minusválidos nun grao igual ou superior ó 33%, establecendo a súa vez dúas novas prestacións de pago único: a primeira é dirixida ós casos de nacemento do terceiro ou posterior fillo e a segunda para supostos de parto múltiple, segundo coa seguinte táboa:

Nº de fillos nados	Nº de veces importe mensual salario mínimo
2	Catro
3	Oito
4 e máis	Doce

As prestacións periódicas consisten no ano 2003:

1. Fillos menores de 18 anos non minusválidos: unha asignación económica de 291 euros anuais (24,25 mensuais) debendo neste caso acreditar ingresos inferiores ó límite establecido: 8.264,28 euros anuais máis un 15% por cada fillo a cargo a partir do segundo.
2. Asignación por fillo menor de 18 anos, que ademais está afectado por unha minusvalía en grao igual ou superior ó 33%: 581,64 euros anuais (48,47 mensuais).
3. Asignación por fillo con 18 ou máis anos afectado por unha minusvalía en grao igual ou superior ó 65%: 3.129,48 euros anuais (260,79 mensuais).
4. Asignación por fillo con 18 ou máis anos afectado por unha minusvalía en grao igual ou superior ó 75% e que precise o concurso doutra persoa para realiza-los actos vitais máis elementais como vestir, desprazar, comer ou semellantes: 4.694,28 euros anuais (391,19 mensuais).

Nos cadros 11.20 e 11.21 recóllense a media anual do número de beneficiarios e causantes da prestación en 1993 e de 2000 a 2002, distinguindo a modalidade contributiva, ou de beneficiario que ten dereito con cargo á súa relación coa Seguridade Social, e non contributiva ou universal, xerada a favor do que non ten dereito pola súa vinculación á Seguridade Social.

En 2002, hai en Galicia (cadro 11.21) 55.068 fillos na modalidade contributiva con dereito a dita prestación, que corresponden (cadro 11.20) a 39.123 familias, 1,41 fillos por familia. Na non contributiva, o número de fillos con dereito a subsidio é de 16.251, que corresponden a 12.238 familiares beneficiarios. Como pode apreciarse en 2002, continúa a tendencia decrecente, tanto dos causantes como de familias beneficiarias das prestacións contributiva anque non na non contributiva que tanto en causantes como en beneficiarios experimenta unha lixeira subida con respecto ó ano anterior. Da análise provincial, infírese que é a provincia de Pontevedra onde existe maior número de causantes e beneficiarios na modalidade contributiva, 20.710 e 14.312, respectivamente, en 2002, e ocupa o último lugar Ourense, tanto no número de causantes como de beneficiarios.

■ Cadro 11.20


**Beneficiarios de prestacións familiares por fillo a cargo. Por provincias.
Galicia/España. 1993 e 2000-2002**

	Modalidade contributiva				Modalidade non contributiva				Total			
	1993	2000	2001	2002	1993	2000	2001	2002	1993	2000	2001	2002
A Coruña	24.864	16.066	14.863	13.974	6.675	5.224	5.112	5.205	31.539	21.290	19.974	19.179
Lugo	13.306	6.742	6.423	6.094	1.282	959	945	1.025	14.588	7.701	7.368	7.119
Ourense	11.235	5.523	5.025	4.743	1.363	1.311	1.268	1.349	12.597	6.834	6.292	6.092
Pontevedra	28.404	16.658	15.116	14.312	4.294	4.719	4.626	4.659	32.697	21.377	19.742	18.970
Galicia	77.807	44.988	41.426	39.123	13.614	12.213	11.950	12.238	91.421	57.202	53.377	51.360
España	862.819	656.652	612.693	598.599	148.692	137.443	135.152	146.646	1.011.512	794.095	747.845	745.245


Elaboración propia
Medias anuais

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais


Modalidade non contributiva



Modalidade contributiva



Evolución do total de prestacións familiares por fillo a cargo




Cadro 11.21

Causantes de prestacións familiares por fillo a cargo. Galicia/España. 1993 e 2000-2002

	Modalidade contributiva				Modalidade non contributiva				Total			
	1993	2000	2001	2002	1993	2000	2001	2002	1993	2000	2001	2002
A Coruña	46.926	22.865	20.619	19.158	11.573	6.839	6.663	6.814	58.499	29.704	27.282	25.972
Lugo	24.062	9.832	9.142	8.584	2.157	1.324	1.299	1.397	26.219	11.156	10.440	9.981
Ourense	20.177	7.997	7.129	6.616	2.520	1.874	1.790	1.876	22.697	9.871	8.919	8.491
Pontevedra	56.633	25.069	22.101	20.710	7.842	6.258	6.123	6.164	64.474	31.327	28.224	26.874
Galicia	147.798	65.764	58.991	55.068	24.091	16.295	15.875	16.251	171.889	82.059	74.866	71.319
España	1.795.215	1.067.158	977.545	946.994	287.682	203.661	197.783	214.119	2.082.897	1.270.819	1.175.328	1.161.113

Medias anuais

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais



O cadro 11.22 reflicte que en 2002 aumenta, ó igual que na media estatal, o importe das prestacións, tanto contributivas como non contributivas, e faino nas catro provincias, supoñendo para o total da comunidade autónoma 61,24 millóns de euros que representa o 7,80% do total do Estado.

11.4.4. Prestacións por desemprego

A normativa española de Seguridade Social sinala que a prestación de desemprego ten por obxecto garanti-la continxencia na que se atopan aqueles que, podendo e querendo traballar, perden o seu emprego ou ven reducida a súa xornada ordinaria de traballo.

O desemprego é total cando o traballador cesa con carácter temporal ou definitivo na actividade que viña desenvolvendo e vese privado conseguintemente do seu salario. O desemprego é parcial cando o traballador ve reducida temporalmente a súa xornada ordinaria de traballo, alomenos nunha terceira parte, sempre que o salario sexa obxecto de análoga redución.


■ Cadro 11.22

**Importe das prestacións familiares por fillo a cargo.
Galicia/España. 1999-2002**

	Modalidade contributiva				Modalidade non contributiva				Total			
	1999	2000	2001	2002	1999	2000	2001	2002	1999	2000	2001	2002
A Coruña	16,70	18,09	18,55	18,89	4,48	5,15	5,34	5,69	21,18	23,24	23,89	24,58
Lugo	7,01	7,39	7,48	7,53	0,85	0,92	0,99	1,10	7,86	8,31	8,47	8,63
Ourense	4,67	5,13	5,15	5,24	0,97	1,17	1,26	1,38	5,63	6,29	6,40	6,62
Pontevedra	15,03	16,37	16,29	16,65	3,43	4,08	4,39	4,76	18,46	20,45	20,67	21,42
Galicia	43,41	46,97	47,47	48,31	9,72	11,32	11,97	12,93	53,13	58,29	59,44	61,25
España	579,09	641,11	648,13	667,24	83,83	101,36	106,15	117,45	665,51	742,46	754,28	784,69

Medias anuais
 Datos en millóns de euros/ano
 Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais

Evolución do importe das prestacións familiares por fillo a cargo



A protección por desemprego estrutúrase nun nivel contributivo e noutro nivel asistencial. O nivel contributivo ten por obxecto proporcionar prestacións substitutivas das rendas salariais deixadas de percibir como consecuencia da perda dun emprego anterior ou da redución da xornada. A duración da prestación por desemprego está en función dos períodos de ocupación cotizados nos 6 anos anteriores á situación legal de desemprego de acordo a unha escala que na actualidade vai desde un mínimo de 120 días de prestación ós que cotizaron un período abranguido entre 360 días, ata 539, a un máximo de 720 días ós que cotizaran máis de 2.160 días.

O nivel asistencial, complementario do contributivo, garante a protección a traballadores desempregados en condicións determinadas que enumera o artigo 215 da Lei Xeral da Seguridade Social (ter esgotado a prestación por desemprego e ter responsabilidades familiares, ou ben, ser un maior de 45 anos, traballador emigrante retornado, liberado de prisión, etc.).

Doutra banda o Real-decreto 236/2000 de 18 de febreiro estableceu, seguindo as directrices sobre o emprego da Unión Europea, a renda activa de inserción, que

combinando medidas activas con pasivas vai dirixido a mellora-la capacidade de inserción profesional dos desempregados de longa duración. Configúrase como un itinerario de inserción laboral a partir dun compromiso de actividade, cunha titoría individualizada, incorporando ó beneficiario a programas de emprego e/ou formación e co apoio complementario dunha renda como axuda económica.

Poderán ser beneficiarios do programa os traballadores desempregados que reúnan os requisitos de : a) Ter cumprida a idade de 45 anos; b) Ser desempregados inscritos ininterrompidamente na oficina de emprego durante doce ou máis meses; c) Ter extinguida a prestación de desemprego de nivel contributivo e/ou o subsidio asistencial; d) Ter responsabilidades familiares.

A renda, que comeza a percibirse ós tres meses, a contar desde a data de solicitude de incorporación ó programa con subscripción do compromiso de actividade e cunha duración máxima de dez meses será igual ó 75% do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional das dúas pagas extraordinarias.

Por último o Decreto-lei 5/2002 de 24 de maio de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade introduce importantes modificacións que afectan a conceptos de:

- oferta adecuada de emprego.
- supresión de salarios de tramitación en caso de despido improcedente.
- exclusión da prestación dos traballadores fixos discontinuos de chamada certa (aqueles que saben de antemán en que meses do ano traballan e en cales están en paro).
- modificacións no subsidio agrario para os traballadores eventuais do campo de Andalucía e Estremadura.
- medidas para os maiores de 52 anos que supoñen que a indemnización por despido e a rentabilidade que se obteña dela é incompatible coa percepción do subsidio de desemprego.

En Galicia, cadro 11.23, no ano 2000 subscribíronse 702 programas acollidos ó beneficio da renda activa de integración que constituían unha porcentaxe do 17,70% dos 3.966 subscritos en España. No ano 2001 elévanse a 1.427 que supoñen o 18,41 % dos 7.752, o que sen dúbida vén sinalar a boa acollida do programa na comunidade galega nestes dous primeiros anos de a súa implantación. O número maior de beneficiarios corresponde á provincia da Coruña, destacando o número proporcionalmente importante dos beneficiarios da provincia de Ourense.

No citado cadro 11.23 preséntanse os datos máis salientables referentes ós distintos aspectos correspondentes á protección do desemprego só ata finais de 2001, debido que a data de redacción do informe o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais non proporcionou o dato da media anual pormenorizado por niveis e o correspondente a Renda de Inserción. No cadro 11.24 ofrécese os datos do total de beneficiarios da prestación de desemprego ata 2002, incluíndo no caso do total español o subsidio dos traballadores eventuais agrarios .A tendencia incrementista do número de perceptores que se experimenta de 1990 a 1993 (ver informes de anos anteriores), cun aumento achegado ó 40%, québrase en 1995, cun descenso de 10.825 perceptores, e continúa en 1996, 1997, 1998 e 1999 dun xeito decrecente con 17.293, 10.612, 7.768 e 4.883 beneficiarios menos anualmente, respecti-

vamente. Esta tendencia volve a trocarse no ano 2000 e continúa en 2001 e 2002 no que como se pode apreciar aumenta o número total dos perceptores de prestacións económicas de desempleo establecéndose en media anual en 73.200.

■ Cadro 11.23

**Beneficiarios de prestacións por desempleo por nivel de prestación Galicia/España.
1993/ 1997-2001**

	Total Beneficiarios prest. econ.	Nivel contributivo		Nivel asistencial Subsidio	Renta de inserción
		Desemp. total	Desemp. parcial		
1993					
A Coruña	44.022	17.950	75	25.997	
Lugo	12.887	4.750	30	8.108	
Ourense	15.978	5.198	3	10.777	
Pontevedra	39.744	16.303	7	23.435	
Galicia	112.631	44.200	116	68.316	
España	1.932.969	834.413	3.434	871.198	
1997					
A Coruña	30.361	14.098	12	16.252	
Lugo	8.505	3.709	0	4.796	
Ourense	10.420	3.812	1	6.607	
Pontevedra	24.615	11.012	9	13.594	
Galicia	73.901	32.630	22	41.249	
España (1)	1.240.821 (1)	530.494	186	517.403	
1998					
A Coruña	26.724	11.983	4	14.737	
Lugo	7.578	3.175	0	4.403	
Ourense	9.483	3.371	0	6.111	
Pontevedra	22.348	10.106	4	12.238	
Galicia	66.133	28.635	8	37.490	
España	1.130.057 (1)	462.180	114	466.168	
1999					
A Coruña	24.899	12.352	0	12.547	
Lugo	6.750	2.908	0	3.841	
Ourense	8.752	3.320	1	5.431	
Pontevedra	20.849	10.297	2	10.550	
Galicia	61.250	28.878	3	32.370	
España	1.051.757 (1)	440.704	94	400.308	
2000					
A Coruña	26.670	14.379	11	12.038	241
Lugo	6.727	3.012	0	3.620	95
Ourense	8.496	3.176	1	5.154	165
Pontevedra	20.713	10.545	0	9.968	201
Galicia	62.606	31.112	12	30.780	702
España	1.042.665 (1)	446.413	265	367.851	3.966
2001					
A Coruña	26.290	13.592	12	12.152	535
Lugo	6.950	3.397	-	3.372	180
Ourense	8.590	3.347	-	4.952	291
Pontevedra	22.264	11.975	5	9.864	421
Galicia	64.090	32.310	17	30.339	1.427
España	1099576	500.963	294	357.072	7.752

Medias anuais

(1) Incluído subsidio traballadores eventuais agrarios (implantado só en Andalucía e Estremadura)

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais

No ano 2001 o incremento prodúcese pese á diminución dos perceptores de A Coruña o aumentarse o número de beneficiarios, se ben moi lixeiramente nas outras tres provincias galegas, continuando doutra banda o decrecemento dos beneficiarios do subsidio asistencial, pese a suba na provincia de Ourense. No ano 2002 sobe o número de beneficiarios nas catro provincias galegas, sendo especialmente importante o incremento na da Coruña.

Os 73.200 beneficiarios das prestacións de desemprego (cadro 11.24) supoñen só o 6,12% do total español. Tendo en conta que os niveis de paro rexistrado sitúanse en Galicia en proporcións máis altas cós da media española, significa que efectivamente a cobertura que ofrece a prestación de desemprego, se ben aumenta lixeiramente nos dous últimos anos en canto ó número total de beneficiarios, é claramente inferior á estatal.

**Total beneficiarios de prestación por desemprego.
Galicia-España 1990/1995/ 2000-2002**

■ Cadro 11.24

	Anos				
	1990	1995	2000	2001	2002 (*)
A Coruña	28.725	33.685	26.670	26.290	30.500
Lugo	8.423	9.830	6.727	6.950	7.800
Ourense	10.493	11.428	8.496	8.590	9.500
Pontevedra	22.670	29.570	20.713	22.264	25.300
Galicia	70.311	84.513	62.606	64.090	73.200
España	1.306.854	1.458.780	1.042.665	1.099.576	1.195.400

(*) cifras redondeadas a centos

Elaboración propia

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais

Desde o punto de vista da natureza da prestación sempre foron en Galicia máis importante en número as prestacións asistenciais que as contributivas. En troques no ano 2001 e despois de igualarse practicamente o número de ámbalas dúas no ano anterior, os beneficiarios das contributivas superan en 1.971 ás dos asistenciais, pero comparando os datos cos do total español existe unha maior porcentaxe das de carácter asistencial, polo que, á menor cobertura en termos absolutos, e tamén en relación ó paro rexistrado, debemos engadir que a contía das prestacións, cun peso importante das prestacións asistenciais, son máis baixas que a media nacional.

11.5. Pensións de carácter non contributivo e asistencial

A Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas, tratou de realizar unha regulación unitaria das distintas accións dos poderes públicos para integra-las nun nivel non contributivo de pensións en favor daqueles cidadáns que se atopen en situación de necesidade protexible e carezan de recursos económicos propios suficientes para a súa subsistencia.

As pensións non contributivas son prestacións periódicas vitalicias ou de duración indeterminada en función da idade ou a incapacidade e a favor daquelas persoas que non cotizaron nunca ou o tempo suficiente para acadar prestacións de nivel contributivo pola realización de actividades profesionais.

Sen embargo, as pensións non contributivas da Lei 26/1990 veñen, en realidade, a substituír, se ben con distinto alcance e maior contía, ás de vellez e enfermidade do Fondo de Asistencia Social (FAS) -que, aínda así e transcorridos doce anos da implantación das non contributivas, seguen subsistentes para quen as cobraba, se non opta polas novas- e ós subsidios de garantía de ingresos mínimos e o de axuda de terceiras persoas da Lei de Integración Social do Minusválido (LISMI), nas mesmas condicións que as do FAS.

Por outra banda, a Xunta de Galicia, mediante a Lei 9/1991, do 2 de outubro, de Medidas Básicas para a Reinserción Social, estableceu unha prestación, a Renda de Integración Social (RISGA), co obxecto de garantir un mínimo de subsistencia persoal a cidadáns abranguidos entre os 25 (nalgúns casos de 18), e os 65 anos que, polo tanto, completaría a acción protectora de grupos específicos, terceira idade e incapacitados, coas daquelas persoas que, aínda que tendo idade laboral e sen causa legal de incapacidade física ou psíquica, non teñen recursos mínimos para poder afrontar-las necesidades máis urxentes.

Como sinala a propia Lei 9/1991, trátase de establecer unha prestación social destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como logra-la súa autonomía e integración normalizada mediante un proxecto personalizado de inserción. O subsidio básico da renda en 2003 é de 268,77 euros, cun complemento familiar de 44,85 euros; 36,12 euros- e 27,30 euros polo primeiro, segundo e terceiro e máis membros adicionais, respectivamente, ata o tope do salario mínimo interprofesional 451,20 euros.

A Xunta de Galicia, ante as críticas de carácter xeneralizado sobre a ineficacia desta prestación de cara á loita contra a pobreza e a exclusión social plasmadas nun informe que o Valedor do Pobo publicou en novembro de 1998, modificou, mediante a Lei 1/1999, do 5 de febreiro, algúns artigos co obxecto de configurala, segundo especifica a exposición de motivos, como unha verdadeira renda familiar; flexibiliza-las requisitos esixidos, e axiliza-lo procedemento.

As pensións do Fondo de Asistencia Social (FAS) son axudas económicas de carácter periódico a favor de anciáns e de enfermos ou inválidos para o traballo. A contía mensual destas pensións foi en 2002 ó igual que no ano anterior de 149,86 euros.

Segundo os datos do cadro 11.25, que contempla o número de pensións do FAS polos dous conceptos de vellez e enfermidade existentes en 1990 e entre 1999-2002, existe xa un descenso moi acusado destas prestacións, como consecuencia da implantación das novas pensións non contributivas (mellor dotadas economicamente), ás que deben accede-los novos peticionarios, e que ademais teñen dereito de opción os beneficiarios das do FAS sempre que reúnan os requisitos.

■ Cadro 11.25

**Pensións do fondo de asistencia social. Por provincias.
Galicia/España. 1990/1999-2002**

	Vellez					Enfermidade					Total				
	1990	1999	2000	2001	2002	1990	1999	2000	2001	2002	1990	1999	2000	2001	2002
A Coruña	7.900	1.008	637	367	268	7.100	1.158	743	399	288	15.000	2.166	1.380	766	556
Lugo	2.300	237	138	90	50	2.100	243	140	83	51	4.400	480	278	173	101
Ourense	2.500	190	126	88	62	2.100	241	154	115	90	4.600	431	280	203	152
Pontevedra	5.100	337	156	96	48	3.600	375	196	119	67	8.700	712	352	215	115
Galicia	17.700	1.772	1.058	641	428	14.900	2.017	1.232	716	496	32.600	3.789	2.290	1.357	924
España (1)	161.200	27.942	21.460	17.045	13.541	166.600	54.211	46.599	40.750	35.892	327.800	82.153	68.059	57.795	49.433

Elaboración propia

Medias anuais en miles de persoas. Ano 1990 redondeados en centos

(1) Sen datos do País Vasco

